



365

365 DÍAS, 365 MULLERES

Volume 2

365 días 365 mulleres

Volume 2

ÍNDICE

Annette Kellermann	14	Oliva Pérez Arauna	48
Ruth Bader Ginsburg	15	Cecilia Barriga	49
Rosi Braidotti	16	Karen Uhlenbeck	50
Silvia Federici	17	Luz Martínez Ten	51
Ana Requena Aguilar	18	Carme Freixa Zurita	52
María Luisa Posada Kubissa	19	Antía Jácome Couto	53
Altamira Gonzalo Valgañón	20	Margarita Aizpuru Domínguez	54
Ana Tijoux	21	Susana Pérez Iglesias	55
Waris Dirie	22	María Espinosa de los Monteros	56
Rozalén	23	María de Maeztu y Whitney	57
Manuela Camino López	24	Mar Esquembre Cerdá	58
Sandra Rodríguez Perales	25	Angiola Bonanni	59
Xohana Torres	26	María E. Beasley	60
Sonia Rubio Hernando	27	Rachel Carson	61
Whitney Houston	28	Arantza Portabales Santomé	62
Brie Larson	29	Carmen Castro García	63
Lucy Stone	30	Mercedes Peón	64
Mar Asunción Higuera	31	Penélope Cruz	65
Margarita Ramón Borja-Berenguer	32	Susan Kare	66
Dolors Monserdà i Vidal	33	Doreen Bogdan-Martin	67
Nuria Varela Menéndez	34	Rosie Kay	68
Selma James	35	Ella Jane Fitzgerald	69
Julia Peguero	36	Mary Macarthur	72
María Dolores Díaz Baliño	40	María Xosé Silvar	73
Astrid Lindgren	41	Gabriela Cañas	74
Márcia Cristina Bernardes Barbosa	42	Rosa Cobo Bedía	75
Blanca Fernández Viguera	43	Aleksandra Shevchenko	76
Marisa Kohan	44	Yolanda Domínguez	77
Susan Sarandon	45	Karen DeCrow	78
María Dolores Varela Costa	46	África González	79
Élida Alfaro Gandarillas	47	Nilde Iotti	80

ÍNDICE

Sofía Toro	81	Mariví Villaverde	115
Blanca Berlín Miravete	82	Mar Capeáns	116
Teresa Fernández-Valdés	83	Coco Chanel	117
Almudena Bernabéu	84	Marilar Aleixandre	118
Placeres Castellanos	85	María Jesús Monterde	119
Judith Rodríguez	86	Frances Benjamin Johnston	120
Emily Greene Balch	87	Benilde Vázquez	121
Bea Johnson	88	Cindy Sherman	122
Gloria Moure	89	Kate Warne	123
Violeta Mosquera	90	Marcela Lagarde	124
Letitia Mumford Geer	91	Virginia Woolf	125
Carlota Álvarez Basso	92	Rosa Cedrón	126
Elena Pita	93	Juana de Vega	127
Semíramis González Fernández	94	Clara Cid Bengoa	128
Alva Myrdal	95	Vivian Suter	129
Kizzmekia “Kizzy” Shanta Corbett	96	Pepita Abelleira, Carmen Domínguez Prieto	
Jameela Alia Jamil	97	e Rita Vázquez Vázquez	130
Carrie Frances Fisher	98	Carmen Avendaño	131
Princess Nothemba (Nono) Simelela	99	Sophie Calle	132
Caroline Criado	100	Rosario Pino Bolaños	133
Selma Blair	101	Barbara Hepworth	134
Mary Wigman	102	María Durán Febrer	135
Meryl Streep	106	Sue Moreno	138
Linda Nochlin	107	Filomena Dato Muruais	139
Annie Londonderry	108	Sunita Narain	140
Eva Charlotte Petri Gornitzka	109	Nanina Santos Castroviejo	141
Sheila Watt-Cloutier	110	Josefa Emilia Sabor	142
Joséphine Baker	111	Agnès Varda	143
Anna Maria Martínez Sagi	112	Alexandra Rodríguez Pereiras	144
Claire Nouvian	113	Roma Música	145
María Elena Cartea González	114	Ana Gaitero Alonso	146

ÍNDICE

Rosalind Franklin	147	Geneviève Meurgues	181
Natalia Kanem	148	Geena Davis	182
Reese Witherspoon	149	Carol Shaw	183
Ellen Ochoa	150	Lucy Maud Montgomery	184
Cristina Peri Rossi	151	Elisa Patiño Meléndez	185
Priscila Retamozo	152	Donna Theo Strickland	186
Berthe Morisot	153	Isabel Blanco	187
Elena Ferro	154	Fermina Orduña	188
Sarah Marquis	155	Magdalena León Trujillo	189
Marilyn Monroe	156	Clara Barton	190
Pilar Alonso	157	Dorothea Lange	191
Julia Morgan	158	Lois Gibbs	192
Elizabeth Cady Stanton	159	Ángela Nieto	193
Anna Pavlova	160	Carolina Rubirosa	194
María Murnau	161	Julia Child	195
Rosario Álvarez Blanco	162	Nathalie Moellhausen	196
Melitta Bentz	163	Elena Garro	197
Laurence des Cars	164	Lula Goce	198
Pilar Luna	165	Sophia Bennett	199
Margarita Salas	166	Marta Barrachina	200
Racha Haffar	167	Vera Rubin	201
Margaret Mahy	168	Lizt Herrera Alfonso	202
Sara Giráldez	172	María do Carme Kruckenberg	206
Sister Rosetta Tharpe	173	Rosa Luxemburgo	207
Mabel Ribera	174	Verónica Ruth Frías	208
Junko Tabei	175	Agrippina Vaganova	209
Mercedes Corbillón	176	Sandra Sánchez	210
Paula Ortiz	177	Billie Holiday	211
Rosa María Calaf	178	Maria Kolesnikova	212
María Martinón-Torres	179	Chis Oliveira	213
Kavita Ramdas	180	Maika Mougán	214

ÍNDICE

Sigourney Weaver	215	Francesca Cavallo e Elena Favilli	248
Beatrix Potter	216	Elisa e Jimena Fernández de la Vega	249
Mia Hansen-Løve	217	Jennifer Anne Doudna	250
Ruth Lodeiro	218	Annie Leibovitz	251
Berta Ojea	219	María José Tallón	252
Estelle Sylvia Pankhurst	220	Olive Wetzel Dennis	253
Artemisia Gentileschi	221	Inma López Silva	254
Griselda Pollock	222	Mercedes Maroto-Valer	255
Carmen Calvo	223	Delphine Djiraibe	256
Lucy Burns	224	Olivia Newton-John	257
Mari Trini	225	Helena Villar Janeiro	258
Leymah Gbowee	226	Rita Segato	259
Gabriela González	227	Graça Machel	260
Zua Méndez e Teresa Lozano	228	Anuna de Wever	261
Michelle Alonso	229	Berta Álvarez Cáccamo	262
Adela Cortina	230	Mary Beard	263
Paloma Llaneza	231	Beli Martínez	264
Maribel Rodríguez	232	Bethany Aram	265
Carmen Sarmiento	233	Xoana de Castela	266
Concepción Fernández Villanueva	234	Ana Falú	267
Monika Zgustová	235	Sacheen Littlefeather	268
Belém Tajés	238	Urraca I de León	272
Betty Williams	239	Melania Cruz	273
Mia Mottley	240	Raymonde de Laroche	274
Lizzy Lind af Hageby	241	Olga Tokarczuk	275
Carmen Quinteiro Moreno	242	Elizabeth Wathuti	276
Melania Rodríguez	243	Ana de Matos (Ana DMatos)	277
As cigarreiras	244	Luz Sánchez-Mellado	278
Beatriz Domínguez-Gil	245	Carmen Salinero	279
María Bernaldo de Quirós	246	Matilde Ucelay	280
Nise da Silveira	247	Carmen Magallón Portolés	281

ÍNDICE

Carmen Juares	282	Gema Filgueira Garrido	315
Alicia Tojeiro Ríos	283	Cayetana Guillén Cuervo	316
Joan Báez	284	Mónica Alonso	317
Rosa San Segundo	285	Nieves Concostrina	318
María Guerrero	286	Catherine D'Ignazio	319
Ruby Payne-Scott	287	Azucena Arias Correa	320
Mary Astell	288	María Cadaval	321
Elena García Armada	289	Fátima Anllo	322
Cristina García Rodero	290	Louisa May Alcott	323
Catherine Russell	291	Catalina Fernández de Ana Portela	324
María Vales Martínez	292	Margarita Ledo	325
María Casares	293	Barbra Streisand	326
Temple Grandin	294	Frances Wright (Fanny Wright)	327
Ann Preston	295	Marie Lavoisier	328
Soledad Cazorla Prieto	296	Édith Piaf	329
Audrey Hepburn	297	Gertrude Ederle	330
Ida Vitale	298	Margaret Bourke-White	331
Paloma del Río	299	Dominique Crenn	332
Babe Didrikson Zaharias	300	Hannah Arendt	333
Esperanza Mara	301	María Soliña	334
Prudence Nobantu Mabele	304	Luz Darriba	338
Elizabeth Stern	305	Nadine Gasman Zylbermann	339
Judith Heumann	306	Sophia Loren	340
Ouka Leele	307	Laura Lamontagne	341
Samantha Cristoforetti	308	Laura Seara	342
Julia Sevilla	309	Jerrie Mock	343
High Paw	310	Hellen Keller	344
Esther F. Carrodegua	311	Anna Thynne	345
Luz del Carmen Ibáñez Carranza	312	Soledad Penalta	346
Inmaculada Montalbán Huertas	313	Laia Sanz	347
Patricia Billings	314	Zaha Hadid	348

ÍNDICE

Ana Belén	349	Julia Alcayde y Montoya	383
Federica Montseny	350	Desiré Vila	384
Mary Leakey	351	Marta Larralde	385
Isabel Steva Hernández, Colita	352	Helia Bravo	386
Alexia Putellas	353	Concepción Arenal	387
Yolanda Besteiro de la Fuente	354	Nélida Piñón	388
Amparo Alonso Betanzos	355	Lidia Cao	389
Lou Andreas-Salomé	356	María Lejárraga	390
Mireia Belmonte	357	Graciela Iturbide	391
Natalia Rodríguez Estévez	358	Silvia Cernadas	392
Sheila Blanco	359	Lopa Banerjee	393
Anaïs Nin	360	Luísa Villalta Gómez	394
Ebbaba Hameida Hafed	361	Ana Ulla Miguel	395
Paula Cons	362	Gro Harlem Brundtland	396
Berta Cáceres	363	Soledad Bravo	397
María Pujalte	364	Margaret Hutchinson Rousseau	398
Severn Cullis-Suzuki	365	María Xosé Díaz	399
Nuria Novelle Zabaleta	366	Anne Githuku-Shongwe	402
Tawakkul Karman	367	Rexina Vega	403
Sara García	368	Karen Spärck Jones	404
Jane Cooke Wright	372	Marcia Vázquez	405
Vanessa Redondo	373	Elizabeth Blackwell	406
Rosa Montero	374	María Jesús Cantos	407
Rebeca Rods	375	Maruja Torres	408
Alda Facio	376	María Luisa Balaguer	409
Antonina Sanjurjo	377		
Manane Rodríguez	378		
Enriqueta Otero	379		
Helen Mirren	380		
Rósa Politzer	381		
Ann Druyan	382		

Marzo

Annette Kellermann

Annette Kellermann foi unha muller polifacética que destacou en moitas das súas actividades: nadadora profesional, estrela de cine, escritora e empresaria. Foi unha das primeiras mulleres en usar o traxe de baño dunha soa peza, en lugar das enaguas que ata entón lles estaban permitidas.

Este desafío aos costumes sociais de comezos do século xx valeulle unha detención e inspirouna para deseñar a súa propia liña de roupa. As entón denominadas *Annette Kellermans* foron un primeiro paso para a fabricación de roupa de baño feminina moderna. Está acreditada como a inventora da natación sincronizada no ano 1907.

Nada en Sidney en 1887, Kellermann comezou a nadar moi nova para superar un problema físico nas pernas. En 1902 gañou os campionatos femininos de natación de 100 lardas e 1 Milla, en Nova Gales do Sur, nos que bateu todos os récords. En 1905, con 19 anos, foi unha das primeiras mulleres en intentar cruzar a canle da Mancha.

En 1916 Kellermann converteuse na primeira actriz importante en facer unha escena espida na película *Daughter of the Gods*. A gran colección de traxes e de recordos teatrais de Kellermann legáronlla á Ópera de Sidney.

Foi unha defensora da saúde, do exercicio e da beleza natural ao longo de toda a súa vida, e publicou numerosos artigos en revistas e varios libros, entre eles *Como nadar* (1918) e un libro de contos infantís titulado *Contos de fadas dos mares do sur* (1926).



Foi a inventora da natación sincronizada e do traxe de baño feminino dunha soa peza

Ruth Bader Ginsburg

Ruth Bader Ginsburg foi xuíza do Tribunal Supremo dos EE. UU. ata o seu falecemento en 2020. En 1972 fundou a sección de dereitos da muller na Unión Estadounidense polas Liberdades Cívicas. É unha auténtica lenda polo seu traballo na defensa da xustiza social e na loita pola igualdade legal de xénero, o que a converteu en toda unha icona do feminismo.

Nada en Brooklyn en 1933, Bader estudou Dereito na Universidade de Columbia e exerceu como profesora na Universidade Rutgers, coa que litigou para obter o mesmo salario que os seus compañeiros varóns. Despois de trece anos como xuíza do Tribunal de Apelacións do Distrito de Columbia, Bill Clinton propúxoa para o Tribunal Supremo, onde votou en contra da pena capital e a favor dos dereitos das persoas homosexuais.

A segunda muller en ser nomeada á Corte Suprema dos EE. UU. converteuse nunha celebridade e consolidouse, co paso dos anos, como unha das voces máis progresistas da xudicatura do país. A súa actitude foi sempre a favor dos dereitos das mulleres, pero tamén a favor da regulación da inmigración, do aborto seguro ou do matrimonio igualitario.

As súas opinións disidentes convertérona nunha referente para as xeracións máis novas, que a apodaron “Notorious R. B. G.” e a transformaron en toda unha icona da cultura popular. Está considerada como un símbolo da resistencia pública e da xustiza social.

O seu falecemento ocasionou un enorme impacto emocional na sociedade estadounidense. Recibiu o premio World Peace & Liberty Award en recoñecemento á súa independencia xudicial e ao seu legado a favor das liberdades cívicas.



Foi xuíza do Tribunal Supremo dos EE. UU. e unha referente global na defensa da igualdade legal

Rosi Braidotti

Nada en Italia en 1954, a traxectoria vital da filósofa e teórica feminista Rosi Braidotti pasa por Australia e Francia, onde se doutorou en Filosofía na Sorbona, antes de instalarse en Holanda, onde exerce como catedrática do Departamento de Estudos da Muller da Universidade de Utrecht. Algunhas das súas publicacións máis recoñecidas son *Sujetos nómades* ou *Metamorphoses*. Hacia una teoría materialista del devenir (2005), están consideradas fundamentais na filosofía contemporánea.

A súa é unha vida dedicada á filosofía como disciplina crítica baseada na teoría e na práctica feministas. Foi directora da Escola de Investigación de Estudos da Muller dos Países Baixos (1995-2005) e ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos premios e distincións, coma a mención Real Knighthood dos Países Baixos, a medalla da Universidade de Lodz (Polonia), o doutoramento *honoris causa* da Universidade de Linköping (Suecia) e o da Universidade de Helsinqui. Ademais, é socia honorífica da Academia Australiana das Humanidades e recibiu o Premio Erasmus da Comisión Europea (2010).

Braidotti pertence á chamada “segunda xeración” de teóricas da diferenza sexual e ten unha conciencia máis aguda das complexidades relativas á construción da categoría de muller. As súas publicacións sitúanse dentro da filosofía continental, na intersección coa teoría social e a política, a política cultural, o xénero, os estudos étnicos e a teoría feminista.

Braidotti é pioneira nos estudos europeos das mulleres: funda a rede interuniversitaria Sócrates Noise e a Rede Temática de Estudos da Muller Athena. Na súa obra *O posthumano*, a filósofa suxire que cómpre derrubar a concepción da subxectividade antropocéntrica eurocentrista, branca e masculina, co fin de romper coas tendencias máis antidemocráticas, que se manifestan no mundo occidental en forma de exclusións sociais.



Ivar pel , CC BY-SA 4.0 , a través de Wikimedia Commons

Filósofa e teórica feminista contemporánea

Silvia Federici

Silvia Federici converteuse nunha das teóricas máis recoñecidas do feminismo anticapitalista. Nada en Parma (Italia) en 1942, esta escritora, profesora e activista feminista chega á conclusión de que o traballo reprodutivo e de coidados que fan gratis as mulleres é a base sobre a que se sostén o capitalismo. Analiza o traballo asalariado e reprodutivo desde unha perspectiva de xénero e denuncia que o corpo das mulleres é a última fronteira do capitalismo.

Federici criouse en Italia e nos anos sesenta mudouse aos EUA para estudar Filosofía na Universidade de Buffalo. Na década dos setenta foi unha das impulsoras das campañas que comezaron a reivindicar un salario para o traballo doméstico realizado polas mulleres sen ningunha retribución nin recoñecemento como demanda da economía feminista.

Leva máis de trinta anos estudando os acontecementos históricos que deron lugar á explotación social e económica das mulleres. No seu libro *Calibán y la bruja* (2010) pon o foco na transición do feudalismo ao capitalismo, onde se forxou de forma máis evidente a división sexual do traballo.

Cunha longa traxectoria de activismo e reflexión, a vida de Federici percorre os axitados anos da revolta en Italia, as campañas polo salario doméstico en Nova York, a loita contra os plans de axuste estrutural en África, a crítica ao proceso de globalización capitalista e o ciclo de loitas que desembocou na última onda feminista.

Entre as súas obras destacan, ademais de *Calibán e a bruxa*, *Revolución en punto cero* (2013), *O patriarcado do salario* (2018) e *Reencantar o mundo. O feminismo e a política dos comúns* (2020).



De Marta Jara - eldiario.es CC BY-SA 3.0., a través de Wikipedia

Escritora e activista de referencia do feminismo anticapitalista

Ana Requena Aguilar

Ana Requena Aguilar é unha xornalista nada en Madrid en 1984 que actualmente exerce como redactora xefa de Xénero en *eldiario.es*. Pasou a formar parte do equipo fundador do xornal en 2012 e especializouse en dereitos laborais, coidados e mercado de traballo, feminismo, conciliación e violencia machista.

No ano 2014 realizou unha contribución fundamental para reactivar o debate sobre a necesidade de erradicar costumes patriarcais herdadas ao fundar a sección “Micromachismos”, un espazo de denuncia e divulgación polo que recibiu importantes recoñecementos, coma o Premio de Comunicación non Sexista 2015 da Asociación de Mulleres Xornalistas de Cataluña, o galardón Imparables de Castela-A Mancha pola súa contribución á igualdade nos medios e o Premio Pilar Blanco á Comunicación Sociolaboral.

Escribiu crónicas e reportaxes sobre explotación sexual, a violencia contra as mulleres en Bangladesh, os feminicidios en México, a violencia de xénero en Gaza e o terrorismo machista en España. Tamén participou en campañas de concienciación e grupos de traballo, coma o organizado por Oxfam Intermón no Congreso de Xornalistas Dixital de Huesca en 2017 sobre o tratamento das violencias contra as mulleres nos medios.

Requena foi parte importante do movemento Las Periodistas Paramos, que en 2018 impulsou a primeira folga feminista. É coautora do libro *Las voces del 15M* (2011) e autora de *Cómo identificar los micromachismos* (2018) e de *Feminismo vibrante. Si no hay placer no es nuestra revolución* (2020), o seu último traballo e no que reivindica o pracer como eixe dun feminismo de todas.



É unha xornalista de referencia na loita pola igualdade e contra a violencia machista

eldiario.es, CC BY-SA 3.0

María Luisa Posada Kubissa

María Luisa Posada Kubissa é doutora en Filosofía e profesora titular do Departamento de Filosofía e Sociedade da Universidade Complutense de Madrid. Forma parte do Consello do Instituto Universitario de Investigacións Feministas desde 1991, do Grupo de Investigación en Estudos Feministas e dirixiu o Máster en Estudos das Mulleres desta universidade.

Nada en Madrid en 1957, a catedrática de Teoría do Coñecemento, Estética e Historia do Pensamento e Teórica Feminista é autora dalgúns libros de referencia para o feminismo contemporáneo coma *Sexo y Esencia*. De esencialismos encubiertos y esencialismos heredados, *Sexo, vindicación y pensamiento*. Estudios de teoría feminista, *Filosofía, crítica y (re)flexiones feministas* ou *¿Quién hay en el espejo? Lo femenino en la filosofía contemporánea*.

Participou como experta no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller desde 2004 ata 2009. No marco da teoría crítico-feminista e da filosofía publicou numerosos artigos, colaborou en edicións colectivas e participou en múltiples cursos, seminarios e proxectos de investigación.



Doutora en Filosofía e teórica feminista de referencia

(CC BY-NC-ND 2.0), a través de flickr

DP. LUISA

Altamira Gonzalo Valgañón

Altamira Gonzalo Valgañón é unha xurista feminista especializada en dereito de familia e dereito comunitario. Preside o Consello Asesor de Igualdade para as políticas de igualdade do PSOE desde a súa creación en 2017 e tivo un papel moi relevante nos avances en materia de dereitos para as mulleres en España ao conseguir a primeira sentenza que levou a un home ao cárcere polo delito de falta de pagamento de pensións.

Nada en Zaragoza en 1949, comezou a exercer en 1974 e a súa militancia feminista cristalizou nos anos oitenta ao fundar a Unión de Mulleres Feministas, pola que se creou a publicación *La mujer feminista*. Sempre se amosou crítica coa falta de perspectiva de xénero na lexislación histórica que afectaba as mulleres desde o Dereito Romano ata as normas máis recentes.

Ao longo da súa traxectoria desempeñou diversos cargos, sempre en prol da igualdade e contra o terrorismo machista a nivel nacional e rexional. Foi asesora xurídica da directora do Instituto da Muller entre 1987 e 1990 e durante catro anos presidiu a Asociación de Mulleres Xuristas Themis. Tamén exerceu como secretaria de Igualdade do PSOE de Aragón e foi vogal no Observatorio Aragonés contra a Violencia de Xénero como experta e do consello de redacción da publicación *Aequalitas. Revista xurídica de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes*.

En 2020 foi elixida entre as 25 mulleres máis influentes do país e un ano despois recibiu o Premio Mulleres Progresistas na categoría Nuestras Mujeres, outorgado pola Federación de Mulleres Progresistas.



Referente na loita por unha xustiza con perspectiva de xénero

Ana Tijoux

Ana Tijoux é unha cantante, música, rapeira e compositora de orixe chilena asentada en Francia, a onde chegou a súa familia fuxindo da ditadura de Pinochet. Nas súas letras denuncia as carencias sociais e culturais e toma postura a favor dos dereitos das mulleres e contra a violencia de xénero. Co seu tema *Antipatriarca*, lanzado ao mercado en 2014, contribuíu a levar a igualdade de xénero e a violencia machista a un estilo musical, o rap, eminentemente masculinizado.

Tras ser nomeada aos MTV Vídeo Music Awards Latinoamérica como Mellor Artista Novel e Mellor Artista Urbana, converteuse na segunda artista chilena en ser nomeada aos Premios Grammy e a primeira en conseguilo en máis categorías, ao facelo en catro de forma simultánea.

O ano 2014 supuxo un punto de inflexión na súa carreira. A revista *Rolling Stone* nomeouna Mellor Rapeira en Español e gañou o seu primeiro Grammy Latino coa canción *Universos paralelos*, unha colaboración co músico uruguaio Jorge Drexler.

En 2020 a súa canción de temática feminista *No estamos solas* foi elixida como tema principal de *Jauría*, a primeira serie orixinal de Amazon Prime Video de Chile e, uns meses despois, foi incluída na lista das cen mulleres máis importantes do ano pola BBC, que destacou a súa participación “nas campañas contra a desigualdade e a opresión no mundo”.

Un dos seus referentes é Violeta Parra, pioneira do folclore chileno e muller comprometida coa xustiza social. A música de Tijoux é a banda sonora dunha xeración chilena con gañas de mudar as cousas. É case imposible imaxinar unha marcha feminista sen escoitar de fondo as súas cancións e o sector recoñece a súa capacidade para combinar a rabia, o baile, o compromiso político e a investigación artística.



Doutora en Filosofía e teórica feminista de referencia

Waris Dirie

Waris Dirie é unha activista somalí contra a mutilación xenital feminina. De 1997 a 2003 foi embaixadora especial da ONU contra a mutilación xenital e hoxe dirixe a súa propia organización, Flor do Deserto, coa que loita para acabar con esta forma de violencia contra as mulleres que se segue a aplicar en dúcias de países.

Nada en Somalia en 1965, aos trece anos tivo que fuxir ao deserto para librarse dun matrimonio concertado cun home moito maior ca ela. En 1981 trasladouse a vivir a Londres, á casa do seu tío, e con dezaioito anos foi contratada por un fotógrafo de moda mentres traballaba nun establecemento de comida rápida.

Protagonizou cunha entón descoñecida Naomi Campbell a portada do *Calendario Pirelli* de 1987 e acabou converténdose na primeira muller de cor que apareceu na portada de *Vogue* en Europa. Traballou para grandes firmas coma Chanel, L'Oréal, Revlon, Versace ou Cartier e a finais dos noventa, no cumio da súa carreira, decidiu aproveitar a súa popularidade para falar da súa experiencia persoal e iniciar unha loita pública contra a mutilación xenital feminina.

En 1998 recibiu o premio África do goberno alemán polo seu traballo a favor dos dereitos das mulleres africanas e tamén obtivo as máximas condecoracións que outorgan o goberno francés e o parlamento suízo. O seu segundo libro, *Amencer no deserto*, foi o máis vendido do ano 2002 e, en 2005, publicou *Nenas do deserto*, que supuxo o comezo dunha campaña a nivel europeo contra a mutilación xenital feminina.



Activista somalí contra a mutilación xenital feminina

Rozalén

María de los Ángeles Rozalén Ortuño, máis coñecida como Rozalén, é unha cantante e compositora manchega capaz de converter a súa música e as súas letras en himnos de toda unha xeración de mozas feministas. A fusión do seu talento artístico co seu compromiso social permitiulle empregar o seu traballo como unha extraordinaria ferramenta para reivindicar a igualdade entre mulleres e homes.

Nada en Albacete en 1986, Rozalén ten catro traballos editados cos que cativou o público e a crítica a partes iguais ata situarse como unha das principais voces da nova canción de autor no noso país. É unha das artistas de maior éxito en directo e unha importante activista social, que defende coa súa música a igualdade e tamén os dereitos das minorías e das comunidades máis desfavorecidas. Sobre o escenario sempre está acompañada por Beatriz Romero, intérprete de lingua de signos.

A compositora ten catro discos de ouro, dous de platino, un Premio Goya á mellor canción orixinal (2021), tres nomeamentos aos Latin Grammy e a Placa ao Mérito Profesional de Castela-A Mancha.

O seu éxito disparouse en 2017 coa publicación do seu álbum *Cuando el río suena...*, precedido do sinxelo *Girasoles*, que a levou ao número un da lista de vendas española. Deste traballo tamén se extrae *La puerta violeta*, un himno contra a violencia machista que ela mesma sufriu por parte dunha exparella.

En outubro de 2020 lanzou *El árbol y el bosque*, o seu cuarto álbum de estudio. Rozalén entrou directa ao número un da lista oficial de vendas española e segue implicada en causas sociais e benéficas.



É unha cantante e compositora manchega que lle pon voz ao feminismo en España

Manuela Camino López

Manuela Camino López está considerada unha das mellores cardiólogas de España. Xefa da Unidade de Transplante de Corazón Infantil do hospital Gregorio Marañón de Madrid, liderou en 2018 o equipo que realizou o primeiro transplante cardíaco infantil con incompatibilidade sanguínea nun bebé de dous meses que naceu cunha malformación conxénita.

Nada en Santiago de Compostela en 1967, sentiu desde a infancia interese pola docencia, pero finalmente decantouse polas ciencias e licenciouse en Medicina en 1990, na cidade na que naceu, e especializouse en Pediatría no hospital Gregorio Marañón, no que exerce na actualidade. O seu primeiro destino foi o centro de saúde de Galapagar, onde coñeceu outra realidade sanitaria distinta á hospitalaria, pero un ano despois decidiu retomar a súa formación en pediatría e entrou a traballar na Fundación Jiménez Díaz.

Camino López obtivo o doutoramento en Pediatría na Universidade Complutense de Madrid en 1995 e tres anos despois incorporouse á sección de Cardiología Pediátrica do hospital San Joan de Deus de Barcelona, onde permaneceu tres intensos anos, ata que en 2001 saíu unha praza no Gregorio Marañón e decidiu regresar a Madrid. Ingresou na Unidade de Cardiología Pediátrica e unha vez que entrou en contacto con nenos e nenos que precisaban un transplante quixo quedarse e enfocar a súa carreira na procura de procedementos cada día máis eficaces.

A cardióloga galega pertence á Sociedade Internacional de Transplantes Cardíacos e Pulmonares e é secretaria do Grupo de Traballo en Insuficiencia Cardíaca e Transplante Cardíaco Infantil da Sociedade Española de Cardiología Pediátrica e Cardiopatías Conxénitas. É toda unha referente no seu campo.



É unha das mellores cardiólogas de España, especializada en pediatría

Sandra Rodríguez Perales

Sandra Rodríguez Perales dirixe desde 2017 a Unidade de Citoxenética Molecular no Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas (CNIO). Estudou Bioloxía e é doutora en Xenética desde o 2004. A científica emprega a edición xenética na busca de terapias oncolóxicas máis eficientes que eliminen os tumores sen afectar as células sas.

Traballou no laboratorio de Bioloxía Molecular LMB-MRC de Cambridge co profesor T. H. Rabbitts antes de incorporarse ao CNIO, que ten por obxectivo mellorar as opcións terapéuticas das persoas enfermas. Rodríguez Perales comezou a súa carreira investigando o ADN do trigo co fin de mellorar as variedades e a produción e en pouco máis dunha década o grupo que dirixe deu pasos fundamentais no tratamento con eficacia dos tumores.

O persoal investigador do CNIO conseguiu no outono de 2020 un fito histórico ao destruír por primeira vez as células tumorais do sarcoma de Ewing e da leucemia mieloide crónica cortando mediante CRISPR os xenes de fusión causantes destes tumores de forma selectiva. A unidade está a implementar e a desenvolver continuamente novas tecnoloxías no campo da citoxenética molecular e da edición de xenoma.

Ela mesma explica que o seu traballo está enfocado a dar con modelos e ferramentas baseados en células nai para estudar o papel das translocacións cromosómicas no cancro. Ten en marcha investigacións en España e colaboracións a nivel internacional.



Investiga novas terapias máis eficientes contra os tumores

Xohana Torres

Xohana Torres foi unha escritora pioneira na defensa da lingua e da literatura galegas, incorporándoas a espazos pouco habituais coma a radio, as revistas ou o teatro durante a segunda metade do século xx. Faleceu en 2017 e foi considerada, con todo merecemento, unha das voces máis destacadas das letras galegas contemporáneas ao cultivar tanto a poesía coma a narrativa, o ensaio e a literatura infantil cun talento soberbio.

Nada en Santiago de Compostela en 1931, criouse en Ferrol, onde pasou a súa mocidade e chegou a ser alumna de Carvalho Calero. Publicou os seus primeiros versos cando era adolescente na revista do seu instituto e moi cedo deu o salto a revistas coma *Aturuxo*, *Vida Galega* ou *Vieiros*. En 1955 recibiu o primeiro Premio de Poesía da Asociación da Prensa de Vigo, compartido con Celso Emilio Ferreiro, e apenas un ano despois publicou o seu primeiro libro, *Do sulco* (1957).

O seu poemario *Estación ao mar* (1980) foi Premio da Crítica Española en 1981, tamén é autora da premiada novela *Adiós, María*, e realizou unha importante contribución ao teatro da posguerra con *A outra banda do Ibero* (1965), gañadora do Premio Castelao do Teatro Galego da Agrupación Cultural O Galo, e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968).

Torres foi fundamental para que a editorial Galaxia apostara pola literatura infantil desde finais dos anos sesenta, e destacou pola construción de personaxes que subvertían os roles asignados socialmente ás mulleres e aos homes. Tras unha brillante carreira literaria ingresou na Real Academia Galega en 2001.



Foi unha insigne escritora e académica, pioneira na defensa da lingua e da literatura galegas

Sonia Rubio Hernando

Sonia Rubio Hernando é enxeñeira en telecomunicacións e ecofeminista. Muller cun forte compromiso social e medioambiental desde hai décadas, estivo á fronte de Greanpeace España durante dous mandatos. Ela mesma defínese como “pacifista, colapsista, nai, agricultora” e unha persoa na procura dun mundo máis xusto e sostible.

Comezou a súa traxectoria profesional como analista de conmutación para telefonía fixa e pasou outros dezaseis anos traballando como enxeñeira de telecomunicacións. Actualmente é directora técnica en MeteoGRID, unha firma especializada no campo da climatoloxía e da meteoroloxía aplicadas á predición do tempo e á alerta rápida da xestión de riscos.

As persoas que a coñecen destacan dela a súa enorme capacidade técnica e o seu forte compromiso social e medioambiental. Rubio implicouse en proxectos de cooperación en Etiopía da man da Fundación Madre África e fíxose socia de Greenpeace-España en 1986. Dez anos despois entrou a traballar na organización como voluntaria e conselleira. Pertenceu á xunta directiva entre 2001 e 2005, na que desempeñou o cargo de vicepresidenta, e ocupou a presidencia en dúas etapas distintas.

Foi moi crítica co consumismo imperante na sociedade contemporánea e de forma reiterada defendeu unha vida máis sinxela que aposte polos produtos ecolóxicos e de proximidade, así como pola reutilización de materiais como ferramenta de concienciación para as novas xeracións e como paso imprescindible para loitar contra o cambio climático.



É enxeñeira, ecofeminista e expresidenta de Greanpeace España

Whitney Houston

Whitney Houston foi unha cantante, compositora, actriz, produtora e empresaria estadounidense coñecida como *The Voice* pola súa extraordinaria voz. Pasou á historia como a artista feminina máis premiada de todos os tempos e unha das que máis discos vendeu, ao rozar os 200 millóns de copias. Ao longo da súa traxectoria conseguiu seis premios Grammy, dous Emmy, trinta Billboard Music Awards e vinte e dous American Music Awards. Así ata superar os seiscientos galardóns.

Whitney Houston naceu en 1963 en Newark e viviu os disturbios raciais que azoutaron o barrio de Nova Yersey a finais da década dos sesenta. Comezou a cantar nun grupo de *gospel* aos once anos e acadou un éxito impresionante co seu álbum debut, *Whitney Houston*, do que vendeu 22 millóns de copias. Dous anos despois, en 1987, sacou ao mercado o seu segundo traballo, que se converteu no primeiro dunha artista feminina en debutar directamente no número un da lista de vendas Billboard 200.

A cantante foi un fenómeno sen precedentes, capaz de superar en vendas aos The Beatles ou aos Bee Gees nos EUA. Os 90 foron a década da súa consagración e o comezo da súa carreira cinematográfica como protagonista da cinta *The Bodyguard*. Houston tamén firma a banda sonora desta película, que se situou como a máis vendida da historia con 45 millóns de copias ata 2012. No ano 1999 gañou un Óscar á mellor canción orixinal por *When you Believe*, tema pertencente a *The Prince of Egypt*.

En 2020, oito anos despois de falecer, converteuse na primeira artista afrodescendente na historia en acadar os tres discos de diamante. De acordo con *The New York Times*, o estilo vocal de Houston tivo un impacto significativo na industria da música e revitalizou a tradición do *gospel-soul-pop*.



Dominio público

Foi unha voz excepcional e a artista feminina máis premiada de todos os tempos

Brie Larson

Brie Larson é unha actriz, directora, produtora, guionista e firme defensora dos dereitos das mulleres na industria audiovisual. Nada en California en 1989, a intérprete gañadora do Óscar, o Globo de Ouro, o SAG Awards e o BAFTA á mellor actriz no ano 2016, considera o cinema unha forma de activismo e defende a capacidade das películas de contribuír a unha sociedade máis igualitaria coa proxección de novos roles femininos en pantalla e coa creación de novos referentes de empoderamento para as nenas e as mozas.

Larson debutou en televisión con nove anos no programa nocturno de Jay Leno e cando era adolescente converteuse en personaxe habitual na comedia *Raising Dad*. Destacou como actriz adolescente en media ducia de traballos e no ano 2009 fíxose popular na industria grazas á serie *United States of Tara*. A súa grande oportunidade chegaría con *Room*, cinta pola que foi recoñecida como a mellor actriz do ano e na que interpreta a unha vítima de secuestro e abuso continuo.

Foi das primeiras actrices en alentar importantes debates sobre a igualdade na profesión, denunciou a brecha de xénero e de raza que existe na industria do cinema e reclamou o mesmo salario que os seus compañeiros homes antes de asinar un contrato. En 2019 fixo historia ao interpretar a *Capitana Marvel*, a primeira cinta da compañía baseada por completo nunha protagonista feminina que ademais se mostraba combativa, progresista e feminista, o que lle carrexou duras críticas dunha parte da audiencia.

Larson tamén escribiu e dirixiu dúas curtametraxes, participou nunha produción teatral no Festival de Teatro de Williamstown e debutou como directora de cinema en 2019 coa comedia *Unicorn Store*.



2.ª teniente Jessica Circhetto, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Actriz, directora, produtora e referente na loita pola igualdade na industria do cinema

Lucy Stone

Lucy Stone foi unha oradora, activista, abolicionista e firme defensora dos dereitos das mulleres, unha das figuras máis destacadas do feminismo estadounidense. Foi a primeira muller en obter un título universitario en Massachusetts e a primeira en todo o país en conservar o seu apelido despois do matrimonio. Traballou como mestra na Sociedade Americana contra a Escravitude e no ano 1869 creou en Boston a Asociación Americana para o Sufraxio das Mulleres.

Nada en Massachusetts no ano 1818, Stone tivo que traballar como docente para poder seguir estudando e, nada máis graduarse no Oberlin College, en 1847, converteuse en conferenciante da Sociedade Contra a Escravitude de Massachusetts e axudou a organizar a primeira convención nacional sobre os dereitos da muller, a National Women's Rights Convention.

En 1855 casou con Henry B. Blackwell, un abolicionista de Ohio, pero conservou o seu apelido de solteira en protesta contra as leis patriarcais impostas ás mulleres casadas. Uniuse á loita sufraxista en 1867, e colaborou na creación da Asociación polo Sufraxio Feminino de Nova Jersey.

Stone tamén participou en dúzias de encontros antiescravistas por todo o país e foi cofundadora da Liga Nacional de Mulleres que promoveu a Décimo Terceira Enmenda á Constitución dos Estados Unidos, que aboliu a escravitude, aprobada en 1865.



Antiescravista, sufraxista e unha das figuras máis destacadas do feminismo estadounidense

Mar Asunción Higuera

Mar Asunción Higuera é unha veterana e recoñecida ecoloxista que desde a organización WWF traballa para impulsar a implicación de distintos actores na protección do medio e na loita contra o cambio climático. Licenciada en Ciencias Biolóxicas e cun mestrado en Ordenación do Territorio, iniciou a súa traxectoria profesional traballando como educadora ambiental para a Comunidade de Madrid e para organizacións do sector privado.

No ano 2002 pasou a ser a responsable de Clima e Enerxía de WWF, e tratou de implicar no cambio á clase política e á empresarial. Ata entón dedicou gran parte da súa enerxía a avanzar en materia de sensibilización, participación social e negociación, como directora de Educación Ambiental en WWF/Adena.

Nos últimos anos tamén entrou en contacto co sector financeiro coa intención de que na toma de decisións sobre investimentos se valoren os importantes riscos que supón o cambio climático e se prioricen os seus fluxos financeiros cara a actividades que fomenten unha economía libre de CO₂ e un modelo enerxético renovable, eficiente e xusto.

A responsable do Programa Clima e Enerxía WWF España impulsou en 2015 a creación da Alianza polo Clima, a plataforma das organizacións sociais que buscan sinerxías para afrontar a emerxencia climática. É vogal do Consello Nacional do Clima en representación das organizacións ecoloxistas, integrante da Comisión de Educación da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) desde 1991 e participa no Grupo de Reflexión sobre Enerxía e Desenvolvemento Sostible. Desde 2005 realiza o seguimento dos cumios do clima das Nacións Unidas.



É bióloga e a responsable de Clima e Enerxía de WWF

Margarita Ramón Borja-Berenguer

Margarita Ramón Borja-Berenguer, máis coñecida como Margarita Borja, é unha poeta e dramaturga feminista, produtora de teatro e xestora cultural de consolidada traxectoria nos ámbitos iberoamericano e europeo. En 1992 fundou o Teatro das Sorámbulas, un grupo creado por feministas de varias xeracións e profesionais do teatro, da música e da plástica. Ao longo da súa carreira posicionouse sempre en defensa dos dereitos das mulleres.

Nada en Alacante en 1942, en 1996 impulsou o Encontro de Mulleres de Iberoamérica nas Artes Escénicas no marco do Festival Internacional de Teatro de Cádiz, e en 2009 foi cofundadora da Asociación Clásicas e Modernas para a igualdade de xénero na cultura xunto a Laura Freixas e outras escritoras e mulleres do teatro, da música e do activismo feminista na profesión.

Esta entidade, en colaboración coa SGAE, realizou dúas investigacións sobre a presenza de creadoras e directoras de artes escénicas na xestión estatal e autonómica, e apuntou unha importante desigualdade no sector a nivel de autoría e de dirección.

A súa primeira produción teatral foi *Helénica, poemas para el público*, no ano 1993. Para teatro tamén escribiu *Hécuba: nomos y música de las ciudadanas* e *Olimpia de Gougues o la pasión de existir*. Cultivou a poesía, con *Almas y jardines* e *Las flores del yodo*, e dirixiu diversos espectáculos, nos que demostrou un gran dominio das letras e das artes escénicas no seu conxunto.



É unha poeta, dramaturga e xestora cultural que defendeu os dereitos das mulleres nas artes

Dolors Monserdà i Vidal

Dolors Monserdà i Vidal foi unha escritora, poeta, narradora, dramaturga, ensaísta e columnista. Foi unha das primeiras mulleres xornalistas do noso país e a primeira que presidiu uns Xogos Florais (1909). Tivo unha participación moi activa na vida cultural catalá na transición do século XIX ao XX e a súa é unha obra literaria prolífica e variada, consolidada en diversos xéneros.

Naceu en Barcelona en 1845 no seo dunha familia da burguesía catalá, conservadora e católica, circunstancia que non lle impediu elixir o seu propio camiño, escribir sobre e para as mulleres da súa época e incidir na súa educación e capacidade intelectual.

Monserdà i Vidal destacou polo seu compromiso coa defensa da situación da muller. Xunto a María Josefa Massanés e Carmen Karr está considerada unha das primeiras feministas catalás. Aínda que adopta o termo “feminista” rexeita as bases seculares do feminismo internacional.

Durante os primeiros anos cultivou con bastante éxito a poesía e o teatro, pero a súa faceta máis destacada é a de novelista. As súas obras achégannos unha perspectiva feminina da época desde un punto de vista sociocultural e ideolóxico. O seu traballo é, en palabras da Asociación de Escritores en Lingua Catalá (AELC), unha mestura de costumismo, realismo e romanticismo. Entre as súas novelas destaca *La fabricanta* (1904).

Na súa faceta de muller comprometida cos dereitos femininos cabe lembrar que promoveu iniciativas coma o Padroado de Obreiras da Agulla e escribiu sobre o decisivo papel das mulleres na chamada Semana Tráxica de 1909, na que por primeira vez unha reacción popular puxo en risco o réxime político da Restauración. Monserdà i Vidal é unha referente dentro do primeiro feminismo catalán.



Foi unha grande escritora e unha referente do primeiro feminismo catalán

Nuria Varela Menéndez

Nuria Varela Menéndez é escritora, profesora, xornalista, doutora en Ciencias Xurídicas e Sociais e experta en feminismo radical e violencia de xénero. Participou na posta en marcha do primeiro Ministerio de Igualdade creado en España na IX lexislatura e foi directora xeral de Igualdade do Goberno de Asturias.

Naceu en Mieres en 1967 e é docente en programas universitarios de posgrao en comunicación con perspectiva de xénero, políticas de igualdade e violencia de xénero, consultora internacional e coopera con gran número de grupos e plataformas feministas que loitan contra o terrorismo machista. Participa habitualmente en congresos nacionais e internacionais como relatora experta en políticas de igualdade e colabora en diversos medios de comunicación.

Traballou como reporteira para o Grupo Zeta entre 1989 e 2008, período no que cubriu conflitos bélicos e crises internacionais coma a guerra de Iraq, a de Bosnia, a matanza de Acteal en Chiapas (México), a Revolución Laranxa en Ucraña ou os feminicidios en Ciudad Juárez. Tamén realizou traballos sobre refuxiados e sobre a vida nos campamentos saharauis.

Ten un mestrado en Estudos Interdisciplinares de Xénero e outro en Xénero e Políticas de Igualdade entre Mulleres e Homes. Varela é directora da Editorial Hotel Papel e autora de importantes libros para o feminismo contemporáneo en España: *Íbamos a ser reinas. Mentiras y complicidades que sustentan la violencia contra las mujeres* (2002), *Feminismo para principiantes* (2005), *La voz ignorada. Ana Orantes y el fin de la impunidad* (2012), *Cansadas. Una reacción feminista frente a la nueva misoginia* (2017) e *Feminismo para principiantes ilustrado* (2018).



Garabata, CC BY 4.0, a través de Wikimedia Commons

Escritora, profesora e xornalista especializada en feminismo e violencia de xénero

Selma James

Selma James é unha escritora e activista feminista coautora do clásico *O poder da muller e a subversión da comunidade* (1972), texto de referencia para o movemento feminista co que se acuñou a nivel mundial o concepto de traballo non remunerado no fogar. É a Fundadora da Campaña Internacional de Salarios para o Traballo Doméstico e desde o ano 2000 coordinadora da Folga Mundial das Mulleres.

James naceu en Nova York en 1930 e comezou a súa traxectoria profesional traballando nunha fábrica. No ano 1952 publicou o artigo *A Woman's Place*, onde fala sobre a aportación da muller á sociedade e dos prexuízos imperantes.

De 1958 a 1962 participou no movemento de independencia e federación das Indias Orientais e decidiu retornar a Inglaterra, onde se converteu na primeira secretaria de organización da Campaña Contra a Discriminación Racial, ademais de ser fundadora e editora do xornal *Black Regional Action Movement*, en 1969.

A publicación en 1983 de *Marx e feminismo* rompeu coa teoría marxista anterior realizando unha lectura de Marx desde o punto de vista das mulleres e do traballo non remunerado. James foi tamén a primeira portavoz do Colectivo Inglés de Prostitutas, que fixo campaña pola despenalización das vítimas e que reclamaba alternativas económicas viables á prostitución.



Licencia Creative Commons 3.0. Atribución no comercial. Sin derivados. Licencia de Estados Unidos. Tribución legal: democracynow.org

Escritora e activista feminista. Acuñou o termo de traballo non remunerado no fogar

Julia Peguero

Julia Peguero foi unha mestra, pedagoga, política e comunicadora pioneira na defensa da participación da muller na vida pública. No ano 1918 colaborou activamente na fundación da Asociación Nacional de Mulleres Españolas. Foi unha destacada activista no Ateneo de Madrid e en 1934 fundou un partido político feminino independente chamado Acción Política Femenina Independiente.

Peguero naceu en Zaragoza en 1880, estudou maxisterio e opositou ao corpo de Normais, no Programa de Gramática Xeral, Filoloxía e Literatura Castelás e no de Aritmética, Xeometría e Álgebra. Formou parte dun importante grupo de docentes que durante as primeiras décadas do século xx ligaron a súa actividade educativa cos seus desexos de transformar a sociedade a través de actividades políticas, sociais e sindicais.

En 1913, xunto a Benita Asas Manterola e Pilar Fernández Selfa, creou a publicación quincenal *El pensamiento femenino*. Peguero exerceu como vicepresidenta da institución benéfica *Desayuno Escolar*, participou no Consello Superior de Protección á Infancia, foi xefa superior honoraria de Administración Civil e vogal da Xunta Provincial de Madrid e do Tribunal para Nenos.

Asidua colaboradora e articulista na prensa da época, Julia Peguero avogou pola educación das mulleres. En 1917 ingresou na Asociación de Pintores e Escultores na modalidade de pintura. No Ateneo de Madrid exerceu a secretaría das seccións de Música, Filosofía e Ciencias Históricas ata a súa clausura.



Foi unha mestra, pedagoga e política que defendía a presenza da muller na vida pública

Abril

María Dolores Díaz Baliño

Lolita Díaz Baliño foi unha artista e mestra galega. Unha das primeiras mulleres profesora na Escola de Artes e Oficios da Coruña e no Instituto Feminino de Ensinanza Media. Compaxinou a docencia con moitas horas de pintura e realizou exposicións individuais en Santiago de Compostela, Palma e A Habana, ademais de participar en numerosas mostras colectivas. Foi a primeira muller en ingresar na Real Academia Galega de Belas Artes da Coruña en 1938 xunto a María Corredoira.

Baliño naceu na Coruña en 1905, no seo dunha familia fortemente vinculada co mundo da arte. Na súa mocidade traballou sobre todo no deseño de libros, carteis de festas e revistas nas que cultivou a súa faceta máis moderna. En 1929 recibiu unha axuda da Deputación da Coruña para ampliar os seus estudos en Madrid.

Foi unha das ilustradoras, debuxantes e acuarelistas máis importantes dos anos previos á Guerra Civil, polo que acadou un gran recoñecemento que lle abriu as portas de numerosas publicacións, centros expositivos e academias. Coa súa obra inaugurou en 1934 os salóns da Asociación de Artistas.

A súa foi unha obra de forte personalidade na que predominan a acuarela e o debuxo, e en canto á temática destacan a figura e a paisaxe galega. Un dos seus principais traballos é *As fadas do caracol*, que se pode visitar no Museo de Belas Artes coruñés e que se enmarca nese mundo colorista e irreal que é unha das súas sinais de identidade e que ten reminiscencias dos prerrafaelitas decimonónicos. O centro dos seus debuxos e carteis sempre foi a muller, case sempre representando figuras fortes e decididas.



Fotografía de German Díaz Baliño, cedida por Xurxo Lobato

Foi unha pintora, acuarelista e debuxante fundamental da arte galega

Astrid Lindgren

Astrid Lindgren foi unha recoñecida escritora sueca, a autora con máis impacto e difusión internacional no campo da literatura infantil e xuvenil e a creadora da mítica personaxe de Pippi Mediaslongas. Con máis de trinta libros de narrativa e corenta ilustrados, supera os 160 millóns de exemplares vendidos en todo o mundo con traducións a máis dun cento de idiomas.

Lindgren é a escritora sueca máis lida dentro e fóra do país nórdico e unha das autoras infantís máis populares do planeta xunto a Hans Christian Andersen e os irmáns Grimm. Creou a súa personaxe Pippi Långstrump a petición da súa filla pequena durante unha convalecencia por enfermidade. O que comezou como un relato oral informal transformouse en libro en 1945 e co tempo converteuse nunha icona xeracional e nunha crítica ao mundo creado polos adultos con regras absurdas e un desmedido apego ao diñeiro.

Máis alá de Pippi, Lindgren escribiu outras excepcionais historias coma *Os nenos de Bullerbyn* (1947), *Mío, o meu pequeno Mío* (1954), *Os irmáns Corazón de León* (1973) ou *Ronja, a filla do bandoleiro* (1981), protagonizados sempre por nenas e nenos decididos, independentes e cun sentido moi claro da xustiza.

A autora sueca recibiu o Premio Hans Christian Andersen, considerado o Nobel da literatura infantil e xuvenil, e o premio Right Livelihood. Os seus libros deron orixe a series de televisión, películas, cancións e xoguetes.



Autor descoñecido, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Foi a creadora de Pippi Mediaslongas e unha das autoras suecas máis lidas da historia

Márcia Cristina Bernardes Barbosa

Márcia Cristina Bernardes Barbosa é unha física brasileira especializada en mecánica estatística. Dirixe desde 2008 o Instituto de Física da Universidade Federal de Río Grande do Sul. A súa traxectoria internacional na última década foi impresionante: en 2010 recibiu a Medalla Nicholson da Sociedade Americana de Física (APS) e en 2013 o Premio L'Oréal-UNESCO For Women in Science.

A científica naceu en Río de Xaneiro en 1960, estudou na Universidade Federal do Río Grande do Sul e completou a súa formación cunha estadía de dous anos no grupo de investigación de Michael Fisher na Universidade de Maryland. Hoxe forma parte da Academia Mundial de Ciencias (Twas), da Sociedade Americana de Física (APS) e da Sociedade Brasileira de Física, ademais de pertencer ao Conselho Nacional de Ciéncia e Tecnologia e á União Internacional de Física Pura e Aplicada (IUPAP).

O seu traballo de investigación científica axudou a explicar por que moitas características da auga a fan diferente doutros líquidos e como interactúan con esta biomoléculas coma o ADN, as proteínas e as graxas dentro do corpo humano.

En paralelo aos seus recoñecementos científicos, Bernardes Barbosa combate desde 1998 a discriminación de xénero na ciencia e traballa activamente para promover a incorporación de máis compañeiras a postos de relevancia na ciencia en Brasil, esforzos que lle valeron a Medalla Nicholson en 2010 e o Premio Cláudia en 2013.



É unha física brasileira especializada na auga e defensora do papel da muller na ciencia

Blanca Fernández Viguera

Blanca Fernández Viguera é unha socióloga, investigadora social, profesora de Traballo Social e impulsora dos estudos de xénero na Universidade Pública de Navarra. Foi pioneira no seu activismo e militancia en movementos feministas e sindicais en defensa dos dereitos das mulleres. En 2018 foi a primeira persoa galardoada co Premio Berdinna, creado polo Goberno de Navarra para recoñecer a persoas que realizan unha importante contribución para acadar a igualdade entre mulleres e homes.

Nada en Pamplona en 1951, Fernández Viguera licenciouse en Ciencias Políticas e Socioloxía na Universidade de Deusto. De 1975 a 1978 foi responsable de organizar a sección de Humanidades e Ciencias Sociais da Editorial Gómez.

Destacou como pioneira do feminismo navarro e foi cofundadora do Instituto para o Fomento dos Estudos Sociais (IPES), polo que está implicada desde hai décadas na loita por unha sociedade máis xusta e igualitaria, no marco do cumprimento dos dereitos humanos de mulleres e homes.

As súas principais liñas de investigación inclúen a feminización da pobreza, a exclusión social e o xénero, a situación social da muller en Navarra desde 1975 ata 2003, a violencia de xénero, a transversalización de xénero nos estudos universitarios e o desenvolvemento de plans de igualdade.



É unha socióloga, investigadora social e pioneira do activismo feminista en Navarra

Marisa Kohan

Marisa Kohan é unha xornalista española de orixe arxentina especializada en xénero, cooperación co desenvolvemento e dereitos humanos. Desde 2017 é a coordinadora da información sobre igualdade e xénero no diario *Público*, onde realiza investigacións relevantes a nivel social sobre os abusos ás temporeiras do amorodo en Huelva ou o seguimento do caso de Juana Rivas.

Nada en Bos Aires en 1964, chegou a España en 1977 e licenciouse en Ciencias da Información na Universidade Complutense de Madrid. Coursou un mestrado en Estudos Internacionais no Instituto Universitario Ortega y Gasset.

Suma máis de vinte anos de experiencia en comunicación estratéxica. Entre 1996 e 2002 mantivo a súa residencia en Nova York, onde traballou para o Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller (UNIFEM, polas súas siglas en inglés) e a Division for the Advancement of Women (DAW). En 2004 incorporouse ao Departamento de Comunicación de Oxfam Intermon, onde permaneceu algo máis dunha década, ata a súa chegada en 2015 á Women's Link Worldwide, unha organización que traballa para promover un cambio social a favor dos dereitos das mulleres e das nenas.

En novembro de 2018 recibiu o Premio Compromiso que concede a Fundación Clece Social ao mellor traballo xornalístico contra a violencia de xénero. Ao recollelo denunciou o teito de cristal nos medios de comunicación e os chans pegañentos.



Coordinadora de igualdade e xénero no diario *Público*

Susan Sarandon

Susan Sarandon é unha das intérpretes e produtoras de teatro, cinema e televisión máis recoñecidas do planeta. Cinco veces nominada aos premios Óscar, conseguiu finalmente en 1995 pola súa interpretación de Helen na cinta *Pena de morte*, que tamén lle valeu o Premio do Sindicato de Actores e a candidatura a un Bafta.

Nada en Nova York en 1946, Sarandon estudou teatro na Universidade Católica de Washington e debutou no cinema en 1970 cun papel secundario en *Joe*. Dous anos despois estreouse sobre o escenario de Broadway e en 1975 logrou o recoñecemento internacional coa cinta de culto *The Rocky Horror Picture Show*.

En 2021 cumpríronse tres décadas da estrea de *Thelma & Louise*, película que protagoniza xunto a Geena Davis e que co tempo as converteu en dúas iconas feministas polo tipo de personaxes empoderadas e libres que representaban. Ao longo da súa dilatada traxectoria participou en máis de 50 películas.

Pero igual de relevante que a súa carreira é o seu activismo social e político durante as últimas catro décadas. Sarandon opúxose con firmeza ás guerras emprendidas por EUA en Kuwait e Iraq, defendeu a igualdade de dereitos dos homosexuais e mobilizouse contra o racismo, polo que chegou a ser detida en diversas ocasións.

Como embaixadora especial da UNICEF, desde o ano 1999 implicouse en importantes campañas en países en vías de desenvolvemento e centrouse na loita contra a explotación laboral infantil.



É produtora, activista social e política, obtivo un Óscar á mellor actriz

María Dolores Varela Costa

María Dolores Varela Costa é especialista en cirurxía minimamente invasiva de columna, cirurxía endoscópica lumbar e cranial. En xaneiro de 2022 foi incluída na lista elaborada por Forbes coas 100 persoas máis destacadas do campo da medicina en España. Apenas uns meses antes fixo historia ao realizar unha intervención pioneira de columna por abordaxe anterior, é dicir, a través do abdome. Trátase dunha técnica pioneira en España con importantísimas vantaxes para as persoas doentes ao ser máis efectiva, menos invasiva e axilizar a recuperación.

Natural do municipio pontevedrés de Agolada (1983), licenciouse en Medicina na Universidade Autónoma de Barcelona e finalizou a súa residencia de neurocirurxía no Hospital Universitario Mutua de Terrassa en 2013. Tamén realizou unha estadía formativa co equipo de Patoloxía de Base de Cranio no Hospital Monte Sinaí de Nova York. A continuación decidiu regresar e traballou durante seis anos no Centro Médico Teknon.

En 2020 incorporouse ao equipo do Instituto Clavel, onde está consagrada ao tratamento de patoloxías dexenerativas de columna cervical e lumbar, de tumorais craniais e de nervios periféricos, ademais da hidrocefalia.

A doutora galega forma parte na actualidade das sociedades española e catalá de neurocirurxía e da Sociedade Española de Patoloxía de Base de Cranio. Combina o seu traballo en quirófano cunha importante actividade investigadora e divulgativa e participa en numerosos cursos e congresos da súa especialidade.



Fotografía cedida por María Dolores Varela

Pioneira en cirurxía minimamente invasiva de columna

Élida Alfaro Gandarillas

Élida Alfaro Gandarillas (1945) é unha ximnasta, profesora e investigadora especializada en mulleres e deporte. Obtivo a medalla de bronce ao mérito deportivo en 2006, o Premio Nacional do Deporte en 2016, e é doutora en ciencias da actividade física e o deporte, profesora titular no INEF de Madrid e toda unha referente a nivel nacional polo seu activismo a prol da igualdade de oportunidades no deporte.

Alfaro Gandarillas practicou deporte desde nena e experimentou en primeira persoa a discriminación das mozas e das mulleres no deporte, polo que decidiu orientar a súa carreira investigadora a este binomio complexo de muller e deporte. As súas áreas de especialización son os estereotipos de xénero na participación das mulleres na práctica deportiva, o liderado feminino na dirección e xestión deportiva e a análise da linguaxe sexista no deporte.

O Instituto Europeo de Igualdade de Xénero elixiuna unha das Mulleres que Inspiran Europa polas súas achegas académicas. Tamén recibiu a medalla ao mérito deportivo do Consello Superior de Deportes e o premio do Observatorio para a Violencia Doméstica e de Xénero, con sede no Consello Xeral do Poder Xudicial, polas súas achegas á eliminación dos estereotipos de xénero.

En 1994 converteuse na primeira muller en dirixir o INEF. Desde 1998 dirixe o Seminario Permanente Muller e Deporte da Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte (INEF) da Politécnica de Madrid. É unha firme defensora da coeducación na educación física e en 2011 foi coautora de *Speak for Sport*, que ofrece orientación sobre o uso da linguaxe inclusiva neste campo.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

É unha ximnasta, investigadora e destacada activista a prol da igualdade no deporte

Oliva Pérez Arauna

Oliva Pérez Arauna, coñecida como Oliva Arauna, é unha recoñecida galerista, marchante, comisaria e coleccionista de arte contemporánea española. Durante as tres décadas que mantivo aberta a súa galería en Madrid contribuíu de forma determinante á internacionalización da arte española e foi pioneira da arte máis innovadora a nivel nacional.

Nada en Santander en 1953, desde nena interesouse pola arte e, de forma especial, pola fotografía. A Galería Oliva Arauna abriu as súas portas en Madrid en 1985 cunha intención renovadora e co firme obxectivo de achegarlle á escena artística española unha visión contemporánea a través da fotografía, do vídeo e das instalacións cando aínda ninguén apostaba por elas.

Tras 30 anos de traballo incansable nos que participou nas feiras de arte máis importantes do mundo, Arauna pechou as portas da súa galería no ano 2015 para centrarse na súa colección, que xa supera as 400 pezas. Na súa traxectoria foi membro do Comité de ARCO, asesora artística para Canal+, socia fundadora de Arte Madrid e tamén do Consorcio e do Instituto de Arte Contemporánea.

Arauna considera a arte como un grande investimento. “Ensínache a vivir, ensínache a pensar, ensínache a mirar, ensínache a comprender aos demais”, expresou nunha das súas moitas entrevistas e conferencias. É recoñecida como unha pioneira na promoción das prácticas artísticas máis innovadoras e radicais.



Pioneira na promoción e internacionalización da arte española contemporánea

Marisa González, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Cecilia Barriga

Cecilia Barriga é unha directora, guionista e produtora audiovisual hispano-chilena centrada desde o inicio da súa carreira, nos anos oitenta, en documentar a situación da muller no mundo, o pensamento e o activismo feminista, e reflexionar sobre a construción de identidades individuais e colectivas. Un dos seus sinais de identidade é a experimentación con diversos formatos e xéneros coma a videoarte, o documental ou o cinema de ficción.

Nada en Chile en 1957 e afincada en Madrid desde 1977, Barriga estudou Imaxe e Son na Universidade Complutense e completou a súa formación con estadías en Cuba e nos EUA. En 2008 obtivo unha bolsa de escritura de guión no Centro de Arte Montehermoso en Vitoria e no Art in Residency en Villa Strauli (Suíza).

No seu primeiro traballo, *Entre actos* (1982), experimenta coa videoarte, un xénero que se comezaba a coñecer en España. En 1984 realiza o seu primeiro documental, *Alcobendas puede ser un nombre de mujer*, que recibiu o Premio Nacional de Vídeo do Instituto da Muller español.

A ditadura chilena na que viviu a súa adolescencia é determinante para explicar o seu compromiso social e a súa preocupación innata amosada sempre pola denuncia de calquera forma de represión das liberdades. Seguiu de preto e documentou o proceso de creación de movementos cidadáns coma o 15M en España, o Occupy Wall Street nos EUA e as protestas de estudantes en Chile.

Os seus traballos expuxéronse internacionalmente en museos de arte contemporánea coma o MOMA ou o Centro Pompidou, canles de televisión, festivais de cinema, centros sociais e plataformas alternativas. Na súa obra aparecen de forma constante temas coma a representación do feminino, a diversidade de opcións sexuais, os estereotipos sexuais, a denuncia social e a multiculturalidade, a dor do desamor e a soidade do ser humano.



É unha directora e produtora audiovisual hispano-chilena que documenta o activismo feminista

Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Karen Uhlenbeck

Karen Uhlenbeck é unha matemática estadounidense especialista en ecuacións e derivadas parciais, catedrática emérita da Universidade de Texas e Senior Research Scholar na Universidade de Princeton e no Instituto de Estudos Avanzados dos EUA. No ano 2019 a Academia Norueguesa de Ciencias e Letras concedeulle o Premio Abel, coñecido como o Nobel das matemáticas. Foi a primeira muller en lograr este galardón polas súas revolucionarias investigacións na intersección das matemáticas e a física.

Nada en Cleveland en 1942, Uhlenbeck comezou estudando física na Universidade de Michigan pero decidiu reorientar os seus estudos cara as matemáticas. O seu traballo levou a algúns dos avances máis espectaculares en matemáticas do último medio século.

Recibiu en 1983 unha bolsa MacArthur e, posteriormente, a Medalla Nacional Da Ciencia dos EUA en 2000 e 2007, e o premio Steele pola súa contribución á investigación. É doutora *honoris causa* pola Universidade de Harvard e forma parte da Academia Nacional de Ciencias dos EUA.

Uhlenbeck é unha muller comprometida coa igualdade entre mulleres e homes. Ela mesma relatou en primeira persoa, nun libro do ano 1997, a discriminación sufrida durante os seus primeiros anos de carreira e denunciou os prexuízos contra as mulleres e as dificultades nos espazos profesionais da ciencia. “Dixéronme que ninguén contrataba mulleres, porque as mulleres debían estar na casa e ter bebés”.



Responsable dalgúns dos avances
en matemáticas máis
espectaculares dos últimos anos

Luz Martínez Ten

Luz Martínez Ten é sindicalista, feminista e psicopedagoga, secretaria de Mulleres e Políticas Sociais da nova Federación de Empregadas e Empregados dos Servizos Públicos da UGT. É especialista en políticas de interculturalidade, coeducación e igualdade, e unha muller de recoñecido prestixio no movemento feminista en España polo seu traballo a prol da igualdade no ámbito educativo.

Martínez naceu en Madrid en 1960 e é licenciada en Ciencias da Educación. Completou a súa formación cun mestrado sobre Xénero na Universidade Complutense de Madrid e con cursos de doutoramento en Políticas Sociais e Migracións na Fundación Ortega y Gasset. É autora de numerosos textos, guías e manuais sobre coeducación impulsados desde a Federación de Ensinanza da UGT.

En 2008 elixírona responsable de Políticas Sociais de FETE-UGT. O seu primeiro libro, *Orientación para una educación no sexista*, escribiuno con Inés Alberdi e publicouno o Ministerio de Educación. Tamén escribiu *Guía de formación política y social de las mujeres*, *Guía de formación para mujeres directivas*, *Diez razones para la igualdad*, *Guía para la formación en igualdad* e *El viaje de Laila. Guía de sensibilización sobre la trata de personas con fines de explotación sexual*.

Foi promotora do documental *Maestras de la República*, Premio Goya 2014 ao mellor documental, no marco da recuperación da biografía e da historia das mestras esquecidas da República. En maio de 2018 foi galardoada co II Premio Mujeres Progresistas de Retiro outorgado pola asociación de mulleres do mesmo nome e en 2019 recibiu a Mención Maria Pons i Adrover polo seu traballo en favor da igualdade, outorgado polo sindicato UGT.



Sindicalista e un referente no
traballo a favor da coeducación

Carme Freixa Zurita

Carme Freixa Zurita é feminista, psicóloga, xornalista e ciberactivista en temas de feminismo, dereitos humanos, prostitución e política. De 2010 a 2012 presidiu a Asociación de Mulleres Xornalistas de Cataluña. É especialista en políticas públicas e usos sociais do tempo e en políticas de mocidade e xénero, foi unha das impulsoras dos servizos de planificación familiar en España.

Freixa é licenciada en Psicoloxía Clínica pola Universidade Autónoma de Barcelona, especializada en Sexualidade. Traballou durante dúas décadas en programas de saúde sexual e reprodutiva no ámbito sanitario e forma parte de diversas organizacións que loitan polos dereitos das mulleres coma a Rede Estatal Contra o Alugueiro de Ventres, a Plataforma Abolicionista da Prostitución e a Alianza contra o Borrado das Mulleres.

Recibiu o premio do Instituto Catalán da Muller polo seu programa *informativoPlural* e o galardón T-Incluye ao blog máis inclusivo. Tamén dirixiu e presentou tres programas de variedades radiofónicos para xente nova e é articulista e analista política en diferentes medios de comunicación. Como escritora publicou cinco libros, entre os que destacan *Los principios de Eva Woman* e *Ellos y nosotras, tratado contra la mutilación cerebral femenina*.

En 2020 participou no proxecto colectivo *Nietas de la memoria*, un libro que recolle a historia das mulleres que quedaron invisibilizadas durante a época franquista e que, tras os avances logrados na II República, viron minguados os seus dereitos e pasaron a ser “cidadás de segunda”.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, vía Wikimedia Commons

Psicóloga, xornalista e ciberactivista en temas de feminismo e dereitos humanos

Antía Jácome Couto

Antía Jácome Couto é unha prometedora deportista galega que compite en piragüismo na modalidade de augas tranquilas. Gañou unha medalla de prata no Campionato Mundial de Piragüismo de Copenhague de 2021, na proba de C1 200 m, e acadou un merecidísimo quinto posto nos Xogos Olímpicos de Tokio nesta mesma proba.

Nada en Pontevedra en 1999, Jácome demostrou o pasado verán unha gran solvencia na súa primeira participación nunhas olimpíadas, con apenas 21 anos. O seu diploma olímpico sóubolle a pouco porque a atleta galega quedou a un suspiro do podio e ademais deixou claro que posúe condicións para seguir mellorando tecnicamente e que ten mentalidade de gañadora.

Consciente das expectativas xeradas, Jácome leva con enteireza a responsabilidade que carrega pola súa boa actuación en Tokio e adestra xa coa mente posta nunha nova medalla internacional antes de clasificarse para a vindeira cita olímpica en París, en 2024.

Xunto a Tano García e Pablo Martínez, a padeeira pontevedresa integra o denominado trío de ouro no que están depositadas as esperanzas do renacer da canoa a nivel nacional. Jácome leva desde o 2016 no centro de alto rendemento de Sevilla, onde se exercita o equipo nacional de piragüismo. Desde ese momento a súa mellora e súa proxección deportiva foron impresionantes, aínda que o mellor está por chegar.



Todos os dereitos reservados

Padeeira pontevedresa que foi quinta nos Xogos Olímpicos de Tokio

Margarita Aizpuru Domínguez

Margarita Aizpuru Domínguez é comisaria de exposicións, crítica de arte, docente e investigadora de arte contemporánea especializada en novas tendencias, arte, xénero e feminismo. Dirixiu máis dun cento de exposicións, festivais de *performance*, vídeo e cinema en España, América Latina, Marrocos e Francia. No ano 2018 recibiu o premio Mulleres nas Artes Visuais á mellor teórica e crítica de arte.

Nada en Madrid en 1960, Aizpuru Domínguez medrou nunha contorna familiar estreitamente vinculada ao mundo da arte, pero ela decidiu estudar Dereito antes de licenciarse en Historia da Arte na Universidade de Sevilla. Desde principios dos noventa traballa como comisaria independente, crítica de arte e programadora de artes visuais.

En 1994 traballou no Departamento de exposicións temporais do Centro George Pompidou, na Fundación Cartier de París e no Museo de Arte Contemporánea de Burdeos. Tamén foi programadora de artes plásticas da Casa de América de Madrid (2003-2004) e da área Zona Emerxente no Centro Andaluz de Arte Contemporánea de Sevilla (1999-2003).

Aizpuru Domínguez sempre se interesou polo papel da muller na arte. A perspectiva de xénero está presente na maioría dos seus traballos, coma a exposición “Carrera de fondo” (2005) ou a de videoarte, fotografía e instalacións “Feminisarte IV: Mujeres y narraciones estéticas genéricas” (2016). Forma parte da xunta directiva do Instituto de Arte Contemporánea (IAC) e do consello asesor da asociación Mujeres nas Artes Visuais (MAV).



Marisa Gonzalez, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Comisaria, crítica e investigadora de arte contemporánea con perspectiva de xénero

Susana Pérez Iglesias

Susana Pérez Iglesias é a presidenta da asociación Empresarias Galicia, directora de INFI Consulting Group, consultoría especializada na xestión de subvencións e financiamento para pemes, e socia fundadora de Etiqueta Ibérica, unha empresa de fabricación e comercialización de xamóns e embutidos ibéricos de Guijuelo. Tamén é vicepresidenta do Clube de Balonmán Reconquista de Vigo.

Nada en Vigo en 1984, Pérez Iglesias é licenciada en Administración e Dirección de Empresas, cun MBA en Finanzas pola Universidade de Vigo e unha Certificación en Finanzas pola Universidade de Bratislava; recibiu o Premio Executivos Galicia 2018 á xestión empresarial e institucional.

Ela mesma se declara “fiel defensora do mundo empresarial, da muller e da creación de redes de traballo”. Como muller nova no mundo da consultoría financeira tivo que enfrontarse a situacións de inxustiza que non fixeron máis que reafirmar o seu compromiso coa igualdade no mundo da empresa e coa visibilización do talento feminino no tecido empresarial galego.

Para acadar este obxectivo naceu en 2016 Empresarias Galicia, centrada no mundo da empresa, pero co tempo abriuse ao talento de mulleres directivas e doutros perfís profesionais. O seu obxectivo é crear sinerxias entre diferentes colectivos de mulleres a nivel autonómico e nacional e completar a súa formación.

Considera que “as empresarias galegas xogan un importantísimo papel na economía pola súa gran capacidade de liderado e a súa achega en materia de responsabilidade social empresarial”.



Todos os dereitos reservados

Presidenta da Asociación Empresarias Galicia e defensora da igualdade na empresa

María Espinosa de los Monteros

María Espinosa de los Monteros y Díaz de Santiago foi unha empresaria e destacada activista polos dereitos civís e políticos da muller. Membro fundador da Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME), un dos grandes fitos do feminismo español da primeira metade do século xx.

Nada en Estepona en 1875, Espinosa de los Monteros comezou traballando na industria e foi directora da delegación en España da casa de máquinas de escribir Yos. As súas crenzas relixiosas non lle impediron defender e exercer o que se denominaba “feminismo moderado”. Por esta tarefa de promoción da formación de mulleres e mozas recibiu a Cruz da Orde de Alfonso XII, concedida polo Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes en 1915.

En outubro de 1918 fundou en Madrid un dos órganos feministas de España, a Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME), que presidiu ata 1924. Tamén foi presidenta do Consello Supremo Feminista de España, que agrupaba cinco asociacións feministas: La Mujer del Porvenir; La Progresiva Feminina, de Barcelona; La Liga Española para el Progreso de la Mujer; a Sociedad Concepción Arenal, de Valencia; e a Asociación Nacional de Mujeres Españolas.

A traxectoria pública feminista de María Espinosa de los Monteros acada o seu cumio a comezos de 1920 en dúas conferencias que constitúen un fito histórico para o feminismo español, a primeira titulada “Influencia do feminismo na lexislación contemporánea”, na Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, en Madrid, e a impartida no Colexio de Avogados de Barcelona baixo o título “A emancipación da muller”.



Referente na loita polos dereitos civís e políticos da muller a comezos do século xx

María de Maeztu y Whitney

María de Maeztu y Whitney foi unha relevante pedagoga, directora e impulsora da Residencia de Señoritas e defensora do sufraxio feminino. Xogou un papel determinante nalgúns das iniciativas máis importantes a prol dos dereitos das mulleres xurdidas no período de entreguerras. Foi a primeira presidenta da Federación Española de Mujeres Universitarias, vogal do Consello de Instrucción Pública nos anos trinta e integrante do Consello Nacional de Cultura.

De Maeztu naceu en Vitoria en 1881, licenciouse na Escola Normal de Mestras e en 1902 aprobou a oposición e foi destinada a Santander. Posteriormente obtivo a especialidade de Filosofía con premio extraordinario na Universidade Central de Madrid no ano 1915 e tivo ocasión de coñecer de cerca algúns dos sistemas educativos europeos máis innovadores a comezos de século xa que viaxou a Gran Bretaña, Bélxica, Suíza e Italia.

Na Residencia de Señoritas realizou un importante traballo pola educación superior da muller e pola súa incorporación á vida activa na sociedade. Sempre manifestou proximidade cos principios da Institución Libre de Enseñanza e defendeu unha educación individual e activa, de carácter integral e práctico.

Viaxeira e conferenciante de éxito, obtivo o doutoramento *honoris causa* polo Smith College en 1919, o nomeamento como integrante da Hispanic Society of America e o de profesora honoraria da Universidade de México, entre outros moitos recoñecementos.



Arxivo Fotográfico de Barcelona. Autor: Alfredo García Razquín

Relevante pedagoga e unha figura fundamental na educación superior da muller

Mar Esquembre Cerdá

Mar Esquembre Cerdá é unha xurista española especialista en dereito constitucional e teoría feminista, cofundadora e presidenta ata 2021 da Red Feminista de Derecho Constitucional, unha asociación que trata de reverter a discriminación histórica da muller nas ciencias sociais e no dereito constitucional.

Esquembre Cerdá naceu en Alacante en 1969, é profesora titular de Dereito Constitucional na universidade desa cidade, directora do Seminario Universitario sobre os Dereitos das Mulleres e foi subdirectora do Centro de Estudos sobre a Muller na mesma institución.

Participou e dirixiu numerosos congresos, seminarios e cursos sobre igualdade e outros relacionados con temas de cidadanía, inmigración e estudos de xénero. Tamén participou na realización de informes sobre políticas de igualdade e a súa aplicación nas reformas autonómicas.

En materia de igualdade, entre as súas publicacións cabe destacar *Género y ciudadanía, mujeres y Constitución* (2006) e *Género y derechos fundamentales* (2010). As súas liñas principais de investigación enmárcanse no dereito constitucional e na súa interrelación cos estudos de xénero, cidadanía e inmigración; destacan as súas propostas para as reformas na metodoloxía de investigación e ensino do dereito constitucional coa incorporación das teorías feministas.

Forma parte do grupo de feministas de diferentes ámbitos sociais e do coñecemento que en 2015 lanzaron a campaña contra a xestación subrogada chamada #NoSomosVasijas co obxectivo de abrir un debate sobre esta práctica desde a perspectiva dos dereitos humanos.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Xurista española especializada en dereito constitucional e teoría feminista

Angiola Bonanni

Angiola Bonanni é unha escultora e artista visual de orixe italiana afincada en Madrid. A inmigración e a situación das mulleres en países nos que non se respecta a súa liberdade son os seus temas principais de preocupación.

Bonanni naceu en Italia en 1942 e manifestou desde moza o seu interese pola arte e durante unha bolsa dun ano nos EUA recibiu unha forte influencia das teorías feministas da arte. Aprendeu a soldar o ferro en obradoiros artesanais e participou en exposicións xuvenís. A artista decidiu entón abandonar a universidade, coa oposición da súa familia, e recalou en Madrid a mediados dos anos sesenta.

A súa primeira exposición individual de esculturas en ferro e cemento foi na Galería Neblí, en 1966. Traballadora incansable, a partir deste momento a artista investiga, experimenta e produce nun principio obras de escultura en ferro para evolucionar cara á expresión xeométrica e rematar nunha mestura de medios que inclúen obxectos fabricados en materiais brandos, instalacións en fábricas abandonadas, vídeos ou representacións.

Despois de numerosas exposicións individuais e colectivas en prestixiosas galerías de Madrid, despraza a súa actividade a Berlín e Marrocos. Fundou dous grupos artísticos de traballo, o Grupo Sutura, integrado por catro escultoras e escultores que utilizan materiais téxtiles que estivo activo entre 1990 e 1996, e Norte Sur Este Oeste, integrado por mulleres artistas procedentes de toda Europa.



Marisa González, CC BY-SA 4.0, via Wikimedia Commons

Artista contemporánea especializada na temática feminista

Maria E. Beasley

Maria Beasley, nada en 1847 como Maria Kenny, foi unha empresaria estadounidense creadora da primeira balsa salvavidas moderna e doutros 14 inventos, entre eles dispositivos para evitar o descarrilamento de trens e unha máquina de aros para a fabricación de barrís en serie. A balsa de Beasley foi empregada no Titanic e axudou a salvar centos de vidas en todos os anos que permaneceu en uso.

A inventora asistiu á Feira Mundial de Filadelfia en 1876, que a inspirou para a súa traxectoria como emprendedora. Beasley presentou a súa primeira patente en 1878, un enxeño para fabricar ata 1.500 barrís por día que atraeu a empresas do sector do azucre e a refinerías de petróleo.

No 1880 presentaría un deseño revolucionario para unha balsa salvavidas tanto polas melloras de seguridade coma pola facilidade para transportala e almacenala ao ser fácil de pregar. Esta balsa substituíu as antigas táboas de madeira por unha estrutura metálica rectangular. A balsa de Beasley tivo un papel importante na traxedia do Titanic en 1912, xa que grazas a ela lograron salvar a vida 706 persoas.

Na década dos 80 a empresaria aínda figuraba nos directorios de Filadelfia como costureira e non foi ata 1891 cando se mencionou a súa actividade como inventora, a pesar de que a máquina de barrís se amosou na Exposición Mundial da Industria e do Algodón en 1884. Ademais, Beasley ideou un sistema para evitar o descarrilamento de trens, que melloraría a seguridade neste medio de transporte, e un xerador de vapor, así como distintos enxeños útiles para a vida cotiá como potas e tixolas ou quentadores de pés. Ao longo da súa traxectoria empresarial e ata o seu falecemento en 1904 presentaría patentes nos Estados Unidos e na Gran Bretaña.



Autor descoñecido, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Empresaria e inventora da primeira balsa salvavidas moderna e doutros enxeños

Rachel Carson

Rachel Louise Carson foi unha bióloga mariña e conservacionista estadounidense que, a través do seu traballo e da publicación do libro *Primavera silenciosa* (1962), contribuíu de forma determinante á creación da moderna conciencia ambiental e ao impulso de políticas e comportamentos máis responsables co medio.

Hai consenso no sector en que esta científica foi determinante, incluso anos despois da súa morte, para a creación da Axencia de Protección Ambiental de Estados Unidos (EPA, polas súas siglas en inglés), a conmemoración do Día da Terra e a aprobación de leis a nivel global para controlar o uso de pesticidas, insecticidas e funxicidas.

Carson naceu en 1907 en Pennsylvania e coa chegada da Gran Depresión tivo que abandonar os seus estudos de zooloxía e xenética na Universidade Johns Hopkins. Tras uns anos dando clase, comezou a súa carreira científica como limnóloga no U. S. Bureau of Fisheries antes de dedicarse a tempo completo, a partir dos anos cincuenta, á súa actividade como escritora naturalista.

Os seus libros sobre o mar foron un éxito de vendas ata o punto de que *The sea around us*, publicado en 1951, se mantivo 86 semanas na lista dos máis vendidos do *New York Times*. Coas súas investigacións sobre o pesticida DDT, Carson confrontou de forma pioneira os efectos perniciosos que a especie humana exerce sobre a natureza. A autora popularizou a idea de que non somos donos da natureza e o seu libro *Primavera silenciosa* está considerado un dos traballos máis notorios do século xx e dos que máis influíron na súa cultura, sociedade e política.



Servicio de Pesca y Vida Silvestre de EE. UU., Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Bióloga mariña estadounidense que impulsou a creación da conciencia ecoloxista

Arantza Portabales Santomé

Arantza Portabales Santomé é unha escritora en lingua galega e castelá considerada nos últimos anos unha das grandes damas da novela negra española. En 2021 gañou o Premio Manuel Murguía de relato coa súa obra *Xanelas* e publicou a súa última novela, *A vida secreta de Úrsula Bas*, na que continúa coa saga iniciada por *Beleza vermella* (2019). Reivindícase como unha sólida escritora de intriga que non renuncia a abordar con profundidade temas de máxima actualidade e calado social coma a influencia das redes sociais, a soidade ou a violencia machista.

Portabales naceu en Donosti en 1973, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionaria da Escala Superior de Finanzas da Administración autonómica.

A súa estrea como escritora chegou no ano 2013 cun microrrelato. Dous anos despois publicou o seu primeiro libro neste xénero, *A Celeste la compré en un rastrillo*. En 2015 a súa novela *Sobrevivindo* fíxose co XV Premio de Novela por Entregas do xornal *La Voz de Galicia*.

Foi finalista do Premio San Clemente e do Premio Novela Europea Casino de Santiago co seu traballo *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, unha novela a catro voces traducida a español, italiano, hebreo e alemán e chea de sentimento na que descubrimos a alma das protagonistas a través da súa singular relación cos contestadores da súa vida.

O seu microrrelato *As musas* (2017) gañou o Concurso da Microbiblioteca de Barberà do Vallès e no 2019 chegaría *Beleza vermella*, co que se estreou pola porta grande na novela negra cun *thriller* de orixinal trama e ritmo vertixinoso. *A vida secreta de Úrsula Bas* confirmouna como autora de culto do xénero.



Ogallego.gal, CC BY-SA 4.0, via Wikimedia Commons

Escritora de novela negra que aposta pola orixinalidade á hora de narrar

Carmen Castro García

Carmen Castro García, natural de Valencia (1967), é unha economista e activista feminista española especializada en modelos asistenciais e políticas europeas de xénero. Foi unha das impulsoras da Plataforma por los Permisos Iguales e Intransferibles de Nacimiento y Adopción e ao longo da súa traxectoria recibiu importantes premios e recoñecementos polo seu compromiso cunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Castro é licenciada en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela (1999) e doutora en Economía pola Universidade Pablo de Olavide. En 2002 puxo en marcha unha consultoría independente sobre igualdade de xénero e políticas públicas e arredor do portal web SinGENERodeDUDAS configurou unha interesante comunidade na que se comparte coñecemento sobre cuestións de xénero, democracia e economía feminista.

Actualmente participa no Observatorio de Xénero, Economía, Políticas Públicas e Desenvolvemento (GEP & DO) e é profesora de transversalidade de xénero e orzamentos con perspectiva de xénero en diversas institucións públicas. Castro é investigadora da Cátedra de Economía Feminista da Universidade de Valencia e autora de publicacións e guías prácticas sobre *mainstreaming* de xénero e políticas para a igualdade, entre as que destaca o seu libro *Políticas para la igualdad. Permisos por nacimiento y transformación de roles de género*.

Recibiu o premio Les Corts de les Dones 2019, o premio da Fundación Nexe pola súa traxectoria académica e polos valores democráticos en defensa do país valenciano, foi seleccionada como parte de Women and Men Inspiring Europe polo European Institute for Gender Equality e premio Mulleres Progresistas 1997, entre outros moitos.



Mentxuwiki, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Economista especializada en políticas europeas e orzamentos con perspectiva de xénero

Mercedes Peón

Mercedes Peón Mosteiro é unha compositora, vocalista, produtora e instrumentista galega considerada unha das artistas máis innovadoras do folk galego e europeo e unha das voces máis importantes da comunidade. En 2008 recibiu o Premio da Crítica de Galicia na categoría de música e a súa traxectoria caracterízase pola mestura de ritmos e o seu afán continuo de renovación. Mestura o folk coa electrónica, combina letras de cancións tradicionais con modernas e utiliza instrumentos musicais novidosos.

Peón naceu en 1967 en Oza dos Ríos e de moza quedou impresionada polas pandeireteiras da Costa da Morte. Formou parte do grupo folclórico Xacarandaina e ao longo de 17 anos da súa vida dedicouse á ensinanza da música e o baile tradicionais de Galicia. Parte das cancións, danzas, historias e experiencias tradicionais e traballa a música tradicional con ferramentas tecnolóxicas.

Despois de afondar na tradición durante máis de dúas décadas, no 2000 gravou o seu primeiro álbum, *Isué*, que lle abriu as portas dos escenarios a nivel internacional. Nas súas obras posteriores, *Ajrú* (2004), *Sihá* (2007) e *Sós* (2008) avanzou cara a unha atmosfera particular na fronteira coa electro-acústica. O último traballo, *Déixaas*, é o resultado dun intenso período de investigacións sobre as posibilidades da arte do son, campo no que é referente internacional. Conecta a artesanía musical e a vangarda creativa dunha forma excepcional.

O seu álbum *Sós* foi elixido quinto mellor disco do mundo pola prestixiosa lista World Music Charts Europe de especialistas en música étnica, en 2005 nomeárona Galega do Ano e en 2008 obtivo o Premio Nacional da Cultura outorgado polo Goberno galego.



XIII de TOKIO, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Compositora, vocalista e instrumentista galega, unha das artistas máis innovadoras do folk

Penélope Cruz

Penélope Cruz é a actriz española máis internacional. Recibiu o premio á mellor actriz en Cannes por *Volver* en 2006, o Óscar por *Vicky Cristina Barcelona* (2009), o premio BAFTA á mellor actriz secundaria, a Copa Volpi no 2021 e dous premios Goya, entre outros moitos recoñecementos pola súa traxectoria cinematográfica.

A artista madrileña, que naceu en Alcobendas en 1974, posicionouse abertamente contra o machismo na industria do cinema e o inxusto escrutinio ao que son sometidas as intérpretes na alfombra vermella. No ano 2018 colaborou activamente na organización do movemento Time's Up contra o acoso sexual e a desigualdade en Hollywood.

Cruz estudou nove anos de ballet clásico no Conservatorio Nacional de Madrid, catro anos de danza na Escola Cristina Rota de Nova York, tres anos de baile español e realizou cursos de jazz que compaxinou con probas coas que buscou desde moi nova dar o salto á interpretación.

Tras un breve paso por programas de televisión, o seu primeiro papel na pantalla grande foi *El laberinto griego* (1990), de Rafael Alcázar, filme ao que seguiu a exitosa *Jamón, jamón* (1992), de Bigas Luna. A repercusión desta cinta abriulle a porta para rodar con grandes directores como Alejandro Amenábar, Fernando Trueba ou Pedro Almodóvar, co que estableceu un vínculo que perdura na actualidade.

O salto internacional chegoulle tras participar en *Todo sobre mi madre* (1999), de Almodóvar. O papel de Raimunda en *Volver* (2006) co director manchego serviulle a Cruz para coroarse en Cannes como unha das mellores actrices do mundo e converterse na primeira actriz española en acadar unha candidatura aos Óscar. Ese ano non foi posible, pero no seu segundo intento en 2009 trouxo a estatua para casa por *Vicky Cristina Barcelona*. En 2022 recibiu a súa terceira candidatura por *Madres paralelas*.



Entretenimiento en las aceras, CC BY 3.0, a través de Wikimedia Commons

Produtora e primeira actriz española en gañar un Óscar

Susan Kare

Susan Kare é unha das deseñadoras gráficas máis influentes da historia, autora das primeiras iconas da interface de Macintosh e considerada pioneira do *pixel art*. Tras unha relevante traxectoria en Apple e Next, traballou para outros xigantes tecnolóxicos coma Cisco, IBM, Motorola, Paypal, Sony Pictures, Xerox, Fossil, BBDO, Microsoft e Facebook.

Estudou Arte na *Mount Holyoke College* de Massachusetts e doutorouse en Belas Artes na Universidade de Nova York en 1978. A súa intención era iniciar unha carreira como artista ou mestra de arte, pero aceptou unha primeira colaboración e coa súa obra acabou configurando a estética visual dos sistemas operativos de Apple e Microsoft desde os seus inicios.

A papeleira de reciclaxe, a icona da carpeta ou as cartas do solitario son algúns dos icónicos deseños que a cultura popular actual lle debe a Kare, así como o desenvolvemento da tipografía Chicago, empregada en Macintosh e na primeira xeración de *iPod*, en 2001.

Kare sempre tratou de humanizar os ordenadores e está considerada unha das pioneiras no deseño centrado nas persoas usuarias. A súa pegada foi tan relevante que parte dos seus bosqueños foron adquiridos para expoñer no MoMa de Nova York. A maioría das súas creacións están rexistradas na oficina de patentes e marcas dos EUA. Foi galardoada co premio á Traxectoria Profesional de Cooper Hewitt.



Publicado en Cooper Hewitt, dominio público. <https://www.si.edu/termsfuse>

Pioneira do deseño gráfico e da creación de iconas en Apple e Microsoft

Doreen Bogdan-Martin

Doreen Bogdan-Martin rompeu un importante teito de cristal no ano 2019 ao converterse na primeira muller en dirixir a Oficina de Desenvolvemento das Telecomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións nos seus 153 anos de historia, organismo das Nacións Unidas para as TIC cuxo fin é facilitar a conectividade de todas as persoas no mundo.

Nacida en 1966 en Nova Jersey, Bogdan-Martin graduouse na American University, ten un mestrado en Políticas Internacionais de Comunicación, unha certificación de posgrao en Estratexias para o Liderado polo Instituto para o Desenvolvemento da Xestión de Lausanne (Suíza) e está certificada en Responsabilidade e Ética polo Programa de Líderes das Nacións Unidas.

Está considerada unha líder estratéxica con 30 anos de experiencia en relacións internacionais e intergubernamentais ao máis alto nivel. Asesorou gobernos de varios países en asuntos de política e regulamentación e participa en calidade de oradora habitual en foros e cumios internacionais.

Bogdan-Martin dirixiu de 2008 a 2018 o Departamento de Planificación Estratéxica e Relacións cos Membros da Unión Internacional de Telecomunicacións. Desempeñou un papel fundamental no establecemento da Comisión de Banda Ancha para o Desenvolvemento Sostible e supervisa a contribución da UIT á Alianza Mundial EQUALS para a Igualdade de Xénero na Era Dixital.



Fotos de la UIT de Ginebra, Suiza, CC BY 2.0, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller en dirixir a Oficina de Desenvolvemento das Telecomunicacións


Rosie Kay

Rosie Kay é unha coreógrafa británica vencellada á Alianza Contra o Borrado das Mulleres. Formouse na London Contemporary Dance School e colleitou numerosos premios pola súa traxectoria profesional, coma o Bonnie Bird New UK Choreography Award ou o Cultural Highlight of the Year 2006, concedido polo xornal *The Sunday Herald*.

Nada en Escocia en 1976 e criada en Devon, empezou con clases de baile aos tres anos e graduouse na Escola de Londres de Baile Contemporáneo en 1998. En 2004 fundou a Rosie Kay Dance Company, unha compañía independente de danza contemporánea con sede en Birmingham enfocada en crear danzas que reflexionen sobre temas políticos actuais.

Foi galardoada como mellor compañía de danza independente e nomeada á mellor coreografía nos Premios Nacionais de Danza de 2015 coa súa produción *5 Soldiers*, unha obra teatral de danza aclamada pola crítica que explora o adestramento físico para a guerra, os seus posibles efectos sobre o corpo e as potenciais lesións.

Ademais de fundadora e exdirectora artística da compañía que leva o seu nome, é artista asociada en Dance City e investigadora asociada da Escola de Antropoloxía e Etnografía do Museo da Universidade de Oxford. Kay foi tamén seleccionada para coreografiar a cerimonia de entrega da transmisión dos Xogos da Commonwealth de 2018 e 2022, retransmitidos para milleiros de persoas en todo o mundo.



Garazi, CC BY 2.0, a través de Wikimedia Commons

Coreógrafa británica, e fundadora dunha das mellores compañías independentes do Reino Unido

Ella Jane Fitzgerald

Ella Jane Fitzgerald, coñecida polo alcume de Raíña ou Primeira Dama do *jazz*, deixou unha pegada fundamental no mundo da música e está considerada unha das cantantes máis influentes da historia neste estilo á altura de Sara Vaughan e Billie Holiday. O seu repertorio musical, non obstante, foi moito máis diverso e incluía o *swing*, o *blues*, a *bossa nova*, a *samba*, o *gospel* ou o *calypso*.

Nada en Virxinia en 1917, Fitzgerald foi un portento como artista e estaba dotada dunha voz cun rango vocal de tres oitavas. Orfa desde nena, aprendeu canto e piano no coro da Bethany African Methodist Episcopal Church e debutou como cantante aos 17 anos no Harlem Apollo Theater de Nova York (1934); tamén gañou o concurso Amateur Night Shows coa canción *Judy*.

Ao ano seguinte integrouse na orquestra de Chick Webb e en 1941 iniciou unha carreira de éxito en solitario. Cantou con The Ink Spots, Louis Jordan e The Delta Rhythm, e en 1946 empezou a cantar con regularidade nos concertos de Norman Granz Jazz at the Philharmonic (JAP). Tras aparecer na película de 1955 *Pete Kelly's Blues*, asinou por fin co selo Verve de Norman Granz.

Ao longo da súa extraordinaria traxectoria gañou catorce premios Grammy, entre eles o Grammy a toda a súa carreira, e galardoárona coa Medalla Nacional das Artes e coa Medalla Presidencial da Liberdade dos EUA.



Unha das cantantes máis influentes da historia do jazz

Maio

Mary Macarthur

Mary Macarthur foi unha importante sindicalista e sufraxista escocesa, secretaria xeral da Liga de Sindicatos de Mulleres que participou na creación da Federación Nacional de Mulleres Traballadoras. Axudou a crear conciencia social sobre as malas condicións laborais das mulleres e foi unha das encargadas de dirixir, na primeira década do século xx, a loita para a implantación do salario mínimo semanal na industria.

Macarthur naceu en 1880 en Glasgow e estudou na Glasgow Girls' High School, onde xa deu mostras das súas inxedanzas sociais ao editar a revista da escola, encargo que espertou nela o interese por ser escritora. De moza completou a súa formación en Alemaña antes de regresar a Escocia para traballar como contable nos negocios da familia. Entrou no movemento sindicalista despois de escoitar un discurso de John Turner sobre o trato malo que recibían as persoas empregadas por parte da dirección das empresas.

En 1903 Macarthur trasladouse a Londres para converterse en secretaria da Liga de Sindicatos de Mulleres, que trataba de conciliar os intereses de diferentes oficios. Tres anos despois participou na creación da Federación Nacional de Mulleres Traballadoras. Por medio desta organización, en 1910 liderou unha folga de dez semanas das mulleres fabricantes en cadea de Cradley Heath, unha vitoria histórica que mudou a vida de miles de persoas empregadas.

Debido ao seu éxito, enviárona inmediatamente para intervir no levantamento de Bermondsey, onde de novo asegurou unha vitoria para as mulleres mal remuneradas tras un mitin masivo no parque Southwark. Foi unha xornada histórica.



Sindicalista e sufraxista escocesa que logrou a implantación do salario mínimo para as mulleres

María Xosé Silvar

María Xosé Silvar, máis coñecida como Sés, é unha música e compositora galega que destaca pola súa forza e personalidade enriba do escenario e cuxa carreira se distingue pola mestura de diferentes estilos musicais. A artista, nada na Coruña en 1982, amosa en cada un dos seus traballos un firme compromiso coa cultura, coa música e coa lingua galegas, ademais de ser unha activista na reivindicación da dignidade e dos dereitos das mulleres.

Licenciada en Filoloxía e Antropoloxía e cun mestrado en Lingüística, o seu camiño ía orientado cara á docencia, pero no ano 2008 creou o grupo Chámalle Xisl, xunto con outros tres amigos, e o éxito chegoulle de forma inmediata converténdose na banda revelación daquel ano e unha das gañadoras do concurso Acoruña Son, apadriñado por Santiago Auserón. En marzo de 2011 gravou o seu primeiro álbum de estudo chamado *Admirando a condición*.

Sés fai bandeira dos seus compromisos sociais, doa diñeiro a causas benéficas, apoia publicamente o dereito á interrupción do embarazo, critica os estereotipos vixentes para as mulleres artistas e alza a súa potente voz para denunciar a violencia machista.

O seu último disco, *Liberar as arterias*, componse de 12 temas propios que teñen como núcleo a loita feminista e nel anima a “levantarse, romper as mordazas e ser unha mesma”. A xira interrompida pola pandemia reactivouse en 2022 por Galicia e percorrerá América do Sur. Con sete discos en menos dunha década, Sés consolidouse como unha artista renovadora da escena musical galega e un fenómeno imparable cun talento arrasador.



Música e compositora galega que defende a música e a lingua galegas e a igualdade

Gabriela Cañas

A xornalista e escritora Gabriela Cañas fixo historia en maio de 2020 ao ser a primeira muller en oito décadas en asumir a presidencia da axencia de noticias de titularidade estatal, a Axencia Efe. Ata ese momento a súa traxectoria profesional estivo fundamentalmente ligada ao diario *El País*, onde era a subdirectora da Escola de Xornalismo UAM-El País.

Cañas naceu en Cuenca en 1957 e licenciouse en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid. Comezou a súa traxectoria profesional con traballos temporais en diversos medios coma o *Diario de Cádiz*, a Radiocadena Española e o xornal *Informaciones*. Formou parte do grupo fundador da revista *El Globo*, pertencente ao Grupo Prisa, e deste contacto xurdiu a súa incorporación ao diario *El País* en 1981, medio ao que quedaría ligada de por vida e no que ocupou diferentes cargos.

Foi xefa das seccións Madrid e Sociedade e correspondente en Bruxelas e París. Cañas informou sobre acontecementos sociais e políticos de gran relevancia coma a Conferencia Mundial sobre a Muller de 1995, o Cumio de Nova York do ano 2000, a ampliación da UE ou os atentados terroristas de Charlie Hebdo e a sala Bataclan.

Entre 2006 e 2008 fixo unha paréntese para exercer como directora xeral de Información Internacional na Secretaría de Estado de Comunicación, que depende do Ministerio da Presidencia, e durante unha etapa da súa vida tamén impartiu clases na Escola de Xornalismo da Universidade Autónoma de Madrid.

Ao longo da súa dilatada traxectoria fíxose co galardón A Muller na Unión Europea, outorgado en 2002 pola Comisión Europea, e o Premio Meridiana da Junta de Andalucía, na modalidade de iniciativa nos medios de comunicación non publicitarios (2011). Ese mesmo ano publicou a súa primeira novela, *Torres de fuego*.



Histórica xornalista de *El País*, é a primeira muller presidenta da Axencia Efe

Rosa Cobo Bedía

Rosa Cobo é unha teórica, investigadora e escritora feminista española, profesora titular de Socioloxía de Xénero na Universidade da Coruña e directora do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da mesma institución, ademais dunha estreita colaboradora da Escola de Igualdade María Vinyals da Deputación de Pontevedra, onde ten participado como relatora e coordinadora dalgunha das xornadas.

Cobo naceu en Cantabria en 1956 e licenciouse en Ciencias Políticas e Socioloxía en 1981 pola Universidade Complutense de Madrid. En 1992 leu a súa tese de doutoramento sobre *Democracia e patriarcado en Jean Jacques Rousseau*, cualificada como apto *cum laude* por unanimidade. Foi fundadora e a primeira directora do Seminario Interdisciplinar de Estudos Feministas da Universidade da Coruña.

O seu traballo foi obxecto de importantes recoñecementos. No ano 1997 obtivo o premio de divulgación feminista Carmen de Burgos. En 2017 recibiu o premio á igualdade Ernestina Otero en Vigo, e ao ano seguinte outorgáronlle o Premio Comadre de Ouro do faladoiro feminista Les Comadres, de Asturias. O 25 de novembro de 2020 recolleu do Ministerio de Igualdade o recoñecemento ao pensamento feminista.

As súas achegas académicas e na xestión pública foron constantes nas últimas dúas décadas. Entre 2006 e 2008 formou parte do equipo asesor da Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Educación e Ciencia e tamén dirixiu o proxecto nacional “Prostitución e políticas públicas”, financiado polo Instituto da Muller.

É autora de diversos libros fundamentais para o feminismo, os dous últimos son *La prostitución en el corazón del capitalismo* (2017) e *Pornografía. El placer del poder* (2020). É unha firme abolicionista e manifestou con claridade que “non hai outra alternativa feminista, civilizatoria e humana que non sexa acabar con este crime silencioso que converte as mulleres en mercadoría”.



Teórica, investigadora, escritora feminista e un referente do abolicionismo

Aleksandra Shevchenko

Aleksandra Shevchenko é unha activista ucraína cofundadora de Femen, grupo feminista radical que leva a cabo accións de protesta con espidos públicos contra o sexismo, a prohibición do aborto, a mutilación xenital feminina, o turismo sexual ou as institucións relixiosas. O grupo manifestouse tamén contra o presidente ruso Vladímir Putin, e outros políticos como Silvio Berlusconi ou Marine Le Pen. Nos últimos anos Shevchenko foi encarcerada en cinco ocasións.

Femen creouse en 2008 en Khmelnytskyi, cidade natal de Shevchenko, e empezou a acadar sona en 2009, cando por primeira vez as súas activistas protestaron co torso nu en Kiev. Xunto a Aleksandra, coñecida co diminutivo de Sasha, son fundadoras Anna Hutsol e Oksana Shachko.

Shevchenko e outras catro compañeiras manifestáronse en 2011 na praza de San Pedro cun cartel que reclamaba o dereito das mulleres a elixir sobre o seu propio corpo. A acción tivo unha gran repercusión internacional e atraeu a atención sobre Femen, que levaría a cabo nos anos seguintes numerosas protestas en actos públicos, grandes eventos e ante gobernantes e líderes relixiosos.

En 2013 Shevchenko levou a súa protesta ao Festival Internacional de Cine de Berlín, neste caso contra a mutilación xenital das mulleres, e ese mesmo ano irrompeu en Hannover nun acto da exchanceler alemá Angela Merkel e Vladímir Putin, no que lanzou proclamas contra o presidente ruso.

Sasha protagonizou en 2014 o documental *Je suis Femen*, xunto a Anna Hutsol, Oksana Shachko e Inna Shevchenko. Actualmente reside en Berlín. O grupo feminista ten sede en Ucraína e Francia e delegacións en España e no Reino Unido, ademais de contar con representación en nove países, entre eles os Estados Unidos e Brasil.



Activista ucraína cofundadora do grupo feminista radical Femen

Yolanda Domínguez

Yolanda Domínguez é unha artista visual experta en comunicación e xénero, fotógrafa e activista. Os seus proxectos promoven a conciencia feminista e a crítica social en campos coma a publicidade, a moda e o consumo, combaten estereotipos e o machismo na cultura ao tempo que denuncian o culto á beleza, e desenmascaran as prácticas de manipulación mediática e publicitaria que perpetúan estes clíxés.

Domínguez naceu en Madrid en 1977, estudou Administración e Dirección de Empresas na Universidade Complutense da citada cidade e posúe un mestrado en Arte e Novas Tecnoloxías pola Universidade Europea de Madrid e outro en Fotografía pola Escola Fotográfica EFTI. Imparte conferencias e obradoiros en institucións educativas de todo o mundo centradas na construción da identidade e na loita contra a desigualdade.

A artista participou en novembro de 2020 na xornada *Libres? A Cousificación do Corpo das Mulleres*, organizada pola Escola de Igualdade María Vinyals da Deputación de Pontevedra, e é relatora habitual en congresos nacionais contra a violencia de xénero.

Coas súas accións artísticas, Domínguez consegue mobilizar a conciencia social e axudar a apoderar as persoas; entre as máis coñecidas destaca *Poses* (2011), na que denuncia a superficialidade e o absurdo da imaxe feminina que transmite a moda, e *Registro* (2014), coa que logrou que mulleres de toda España acudisen aos rexistros da propiedade para inscribir os seus corpos como resposta ao anteproxecto da lei do aborto.

Outros dos seus proxectos máis coñecidos son *Niños vs. moda* (2015), no que un grupo de rapazas e rapaces desvela coas súas impresións a violencia implícita cara ás mulleres na publicidade, e *Rompe el estereotipo* (2020), que é unha chamada aos medios para darlle visibilidade á diversidade.



Artista visual experta en comunicación e xénero, fotógrafa e activista

Karen DeCrow

Karen DeCrow foi unha avogada de dereitos civís, escritora, feminista e activista social estadounidense. Foi elixida presidenta da National Organization for Women (NOW) en 1974, cargo a través do cal lles demandou ás axencias do goberno e ás grandes corporacións que contratasen máis mulleres, ademais de instar a Comisión de Igualdade de Oportunidades Laborais a frear a discriminación de xénero.

Nada en Chicago en 1937, DeCrow estudou Xornalismo na Universidade Northwestern, na que era a única muller da clase, e, posteriormente, completou dous posgraos en leis e xornalismo na Universidade de Syracuse, no Estado de Nova York. Durante esta última etapa lanzou unha campaña para a alcaldía desa cidade e converteuse na primeira muller candidata na historia do Estado.

DeCrow foi autora de varios libros, entre os que se inclúen a *Guía para a liberación da muller nova* (1971) e *Xustiza sexista: como che afecta o sexismo legal* (1974). Este mesmo ano foi elixida presidenta da NOW e converteuse na primeira nese cargo en ser convidada á Casa Branca, onde coñeceu o presidente Gerald Ford.

O seu activismo e dedicación á promoción da igualdade de xénero tiveron un profundo impacto na vida de mulleres e homes a escala mundial. Desafiou constantemente a forma en que mulleres e homes vían o seu rol na sociedade e na familia. Foi unha firme defensora dos dereitos reprodutivos das mulleres e tamén se posicionou a favor da custodia compartida, o que provocou acesos debates.

DeCrow describiu o seu obxectivo final como “un mundo en que o xénero dun bebé terá pouca ou ningunha relevancia nas actividades e praceres futuros: persoais, políticos, económicos, sociais e profesionais”. Entre outros recoñecementos, a revista *Time* considerouna en 1974 parte das 200 persoas futuras líderes dos EUA, foi honrada pola Unión Estadounidense polas Liberdades Civís en 1985 e ingresou no National Women’s Hall of Fame en 2009.



Karen DeCrow, 1937–2014
Foto de Michael Davis | Syracuse Nuevos Tiempos

Foi unha avogada de dereitos civís, escritora e activista feminista estadounidense

África González

África González é unha inmunóloga recoñecida internacionalmente, catedrática na Universidade de Vigo, presidenta entre 2016 e 2020 da Sociedade Española de Inmunoloxía e académica da Real Academia de Farmacia de Galicia. Ademais, cofundou en 2009 NanoInmunoTech, empresa de nanobiotecnoloxía centrada na síntese e funcionalización de nanopartículas e na biodetección de enfermidades.

González é unha das principais referencias da investigación médica en Galicia. Durante a pandemia da COVID-19 axudou a expoñer de xeito rigoroso e ameno os efectos e as variantes do coronavirus, a resposta do sistema inmunitario e a acción das vacinas. Tamén é unha firme defensora da igualdade e da visibilización das mulleres no campo científico.

Estudou Medicina e Cirurxía na Universidade de Alcalá de Henares e obtivo o Premio Extraordinario da súa promoción. Fixo o mir na Clínica Puerta de Hierro de Madrid e en 1991 completou a súa tese doutoral baixo o título “*Mecanismo de proliferación e morte celular no timo humano*”. Posteriormente iniciaría no Laboratorio de Bioloxía Molecular de Cambridge unha estancia de catro anos.

No 1996 chegou á Universidade de Vigo e puxo en marcha unha área de inmunoloxía pioneira en Galicia. Entre 2009 e 2019 dirixiu o Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e actualmente lidera un proxecto de investigación sobre cancro de páncreas, co deseño dunha vacina antitumoral combinada con estratexias terapéuticas novedosas.

Na súa traxectoria ten publicado máis de 160 artigos científicos, libros e capítulos, ademais de desenvolver catro patentes. En 2021 publicou o libro *Inmuno Power: Conoce y fortalece tus defensas*.

Gañou o Premio Executivas 2020 da Asociación de Executivas de Galicia, o Women CEO na categoría de Muller e Ciencia, e o Premio Ernestina Otero de Igualdade do Concello de Vigo, entre outros recoñecementos.



Todos os dereitos reservados

Catedrática de Inmunoloxía e referente da investigación médica en Galicia

Nilde Iotti

Leonilde “Nilde” Iotti foi unha política italiana, dirixente do Partido Comunista e a primeira muller en presidir a Cámara de Deputados do país entre 1979 e 1992, e tamén a persoa que máis tempo exerceu o cargo. Após combater na resistencia durante a Segunda Guerra Mundial, destacou pola súa defensa dos dereitos das mulleres. Comprometida coa idea dunha Europa xusta e igualitaria, estaba decidida a levar a súa loita polo sufraxio universal ao ámbito europeo.

Iotti naceu en Italia en 1920 e obtivo a licenciatura en Letras pola Universidade Católica de Milán. Traballou durante algún tempo como profesora no Instituto Técnico Industrial de Reggio Emilia, a súa cidade natal, ata que decidiu dedicarse en exclusiva á política ante a que parecía a inminente ocupación alemá.

En 1946 foi elixida candidata independente nas listas deste partido, primeiro ao concello da súa cidade e, posteriormente, á Asemblea Constituínte. Iotti figura así entre as 21 mulleres escollidas para formar parte da citada Asemblea Constituínte italiana e entre as cinco que formaron parte da chamada Comisión dos 75, á que se lle encomendou redactar e propoñer o proxecto de Constitución.

A política mantería a súa acta ata poucos días antes de falecer, en 1999. Ao longo da súa traxectoria xogou un importante papel no impulso dos dereitos femininos. En 1955 foi a primeira en asinar unha proposición de lei para instaurar un sistema de seguridade social e pensións para as mulleres que se encargaban das tarefas domésticas e non traballaban por conta allea. En 1974 participou activamente na campaña do referendo en defensa da lei de divorcio e en 1978 contribuíu á aprobación da lei do aborto.

Iotti converteuse en deputada do Parlamento Europeo en 1969 e foi unha das pioneiras que inspiraron Europa tal como a coñecemos, ao defender de forma tenaz a celebración de eleccións para elixir as e os representantes europeos e dotar de lexitimidade as institucións comunitarias.



Cámara de los Diputados, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller en presidir a
Cámara de Deputados en Italia e
comprometida europeísta

Sofía Toro

Sofía Toro é unha deportista galega campioa olímpica, mundial e europea de Vela. Conquistou o título continental na modalidade *match race* en Helsinki en 2011, gañou o ouro nos Xogos Olímpicos de Londres 2012 e proclamouse campioa do mundo en Corea do Sur en 2013.

Toro (A Coruña, 1990) iniciouse aos oito anos na clase *optimist* e formouse en diferentes especialidades. Após a inclusión da modalidade *match race* feminina como disciplina olímpica, en 2008 comezou a súa preparación xunto a Támara Echegoyen coa vista posta en Londres e un ano despois sumárase á tripulación Ángela Pumariiega.

En 2010 a deportista ingresa no equipo olímpico español e ese mesmo ano gaña o Campionato de España e o Campionato Iberoamericano en *match race*. Ao seguinte revalidou o triunfo na competición nacional e gañou o Campionato de Europa en Helsinki. Froito do duro traballo, chegaría en abril de 2012 a clasificación para disputar os Xogos de Londres. Na cita olímpica tocou a cima ao acadar o ouro na clase *elliott 6 m* xunto a Echegoyen e Pumariiega. Un ano despois conquistaría o Campionato do Mundo, tamén na modalidade *match race*, en Busan (Corea do Sur), xunto a Echegoyen. Posteriormente, reorientaría a súa preparación cara á clase 470, na que acadaría en 2017 o primeiro posto no Campionato de España.

Toro é graduada en Ciencias da Actividade e do Deporte pola Universidade da Coruña e conta con mestrados de Dirección e Xestión de Entidades Deportivas, Xornalismo Deportivo e Formación do Profesorado en Educación Física. Desde 2019 é docente e investigadora na Universidade Católica San Antonio de Murcia (UCAM) e en setembro de 2021 foi nomeada xerente do Clúster Galego do Deporte.



Stp420, CC BY 4.0, a través de Wikimedia Commons

Regatista galega, campioa
olímpica, mundial e europea de
Vela

Blanca Berlín Miravete

Blanca Berlín Miravete é directora e comisaria de exposicións, investigadora e galerista española especializada en fotografía e artes visuais. A súa sala de exposicións foi unha das primeiras de España en especializarse nas tendencias máis innovadoras da fotografía española e internacional contemporánea, representadas tanto por artistas consagradas e consagrados coma por prometedores talentos.

Berlín naceu en Madrid e licenciouse en Ciencias Políticas e Socioloxía na Universidade Complutense en 1980. Completou a súa formación académica cunha estancia de catro anos en Londres durante os que realizou cursos de fotografía no Ealing Technical College, ademais de participar en seminarios de especialización fotográfica no Holborn Institute of Arts.

Comezou traballando como socióloga no equipo de urbanismo do sociólogo Mario Gaviria en Londres e Madrid. Realizaba reportaxes fotográficas para acompañar os plans urbanísticos e o talento co que se afanou nesta tarefa acaboulle abrindo as portas de publicacións especializadas antes de dar o salto aos principais xornais e revistas en España. Especializouse en xornalismo de viaxes e realizou guías para a Editorial Anaya Touring Club. Co paso do tempo as súas imaxes chegaron ao público por medio de numerosas exposicións individuais e colectivas.

No 2007 abriu no centro de Madrid a Galería Blanca Berlín, un espazo que en poucos meses xa funcionaba como punto de encontro para a arte fotográfica madrileña e era todo un referente no panorama artístico nacional e internacional. Por este espazo pasaron grandes nomes da escena contemporánea, desde Bartolomé Ros a Martín Chambi.

Tal e como se informa na web da galería, ademais do ciclo de exposicións, o centro dedica especial atención á creación dun escollido fondo á vista do público, que se pode consultar tamén na súa páxina web.



marisa gonzález, CC BY-SA 4.0, vía Wikimedia Commons

Comisaria e galerista, referente na fotografía contemporánea e nas artes visuais

Teresa Fernández-Valdés

Teresa Fernández-Valdés é unha executiva galega, fundadora e directora da compañía Bambú Producciones e considerada pola revista cinematográfica *The Hollywood Reporter* como unha das 20 mulleres máis influentes e poderosas da industria audiovisual de entretemento do mundo. Desde que fundou a firma en 2007, produciu máis de 30 series de televisión, entre elas *Gran Hotel*, *Velvet*, *Las chicas del cable*, *Hispania*, *Fariña* e recentemente *Now and Then* e *Un asunto privado*, para Apple TV e Amazon Prime Video, respectivamente. Ademais, tamén produciu catro longametraxes e cultivou o xénero documental.

Fernández-Valdés naceu en Pontevedra, é licenciada en Xornalismo e, logo de traballar un tempo en prensa, reorientou a súa carreira tras estudar un mestrado en Producción e Xestión Audiovisual. Bambú, fundada en 2007, obtivo o seu primeiro éxito en 2010 con *Gran Reserva* para TVE, e acadou proxección internacional en 2011 con *Gran Hotel*.

En 2014, após encadear sucesivos éxitos, a executiva galega foi incluída por *The Hollywood Reporter*, unha publicación de referencia na industria cinematográfica, entre as cinco *showrunners* (produtoras executivas) máis influentes do mundo; e en 2016 a mesma revista considerouna unha das mulleres máis importantes da televisión. En 2018 converteuse na primeira muller española en recibir unha medalla de honra no MIPTV de Cannes. Ademais, a revista *Forbes* declarouna tamén unha das mulleres máis poderosas de España.

As series producidas por Bambú son tanto para televisións (TVE, A3, BBC) coma para plataformas de emisión de contidos a través de internet. *Las chicas del cable* é, de feito, a primeira ficción de Netflix producida en España.

As series da compañía da empresaria pontevedresa acadaron audiencias millonarias e éxito en todo o mundo. Ademais, tamén produciu as longametraxes *El verano que vivimos*, *El club de los incomprendidos*, *Malasana 32* e *A pesar de todo*.



Todos os dereitos reservados

Unha das 20 mulleres máis poderosas do mundo na industria audiovisual de entretemento

Almudena Bernabéu

Almudena Bernabéu é unha xurista de referencia en dereito internacional e dereitos humanos. Asentada nos EUA desde hai case tres décadas, litigou contra o ditador chileno Pinochet, o guatemalteco Ríos Montt e contra os militares que asasinaron un grupo de xesuítas españois no Salvador en 1989. Máis recentemente, a Audiencia Nacional admitiu a trámite a querela do seu despacho contra nove integrantes da cúpula militar siria polo asasinato dun español.

Bernabéu licenciouse en Dereito na Universidade de Valencia e actualmente é a única española que traballa en casos de xustiza internacional. Chegou ao dereito internacional a raíz do seu traballo de voluntaria con persoas inmigrantes e refuxiadas que chegaban ao noso país e, tres décadas despois, acaba de ingresar na elite do dereito internacional como a primeira *barrister* non inglesa, un dos dous niveis superiores nos que se divide a avogacía en Inglaterra.

Almudena Bernabéu foi directora do Programa de Xustiza Transicional do Centro de Xustiza e Rendición de Contas (CJA polas súas siglas en inglés) de San Francisco ata o ano 2017. Alén do seu papel esencial para sentar no banco a Pinochet e Montt, tamén investigou e achegou probas esenciais en Chile para xulgar a Pedro Barrientos Núñez, extenente responsable da tortura e asasinato do popular cantante Víctor Jara.

No ano 2015 recibiu o Premio de Dereitos Humanos Letelier-Moffitt, que outorga o Instituto de Estudos Políticos (IPS polas súas siglas en inglés), con sede en Washington, D. C. O seu traballo sempre ao lado das asociacións de vítimas supúxolle ser obxectivo de ameazas e tivo que levar escolta durante algunhas etapas da súa traxectoria.

Tras levar algunhas das causas máis importantes en materia de dereitos humanos, agora continúa a súa loita a través de Grupo Guernica, un despacho internacional co que traballa desde Londres, San Francisco e Madrid.



Xurista de referencia en materia de dereito internacional. Encausou a Pinochet

Placeres Castellanos

Nada en Ponte Caldelas en 1896, Placeres Castellanos foi unha mestra, enfermeira, xornalista e guerrilleira que participou activamente na resistencia francesa contra os nazis. Foi a primeira muller militante da Agrupación Socialista de Vigo (1933); o alzamento de 1936 sorprendeuna en Madrid cando estaba nunha asemblea do Socorro Vermello Internacional e xa non puido retornar á súa terra.

Lonxe de Galiza, e após perder o primeiro dos seus fillos, Castellanos centrouse en tarefas de solidariedade coidando de nenas e nenos dos barrios de Madrid antes de acabar exercendo de enfermeira no Hospital da Fronte do Jarama e no Hospital do VI Corpo do Exército. Tras mudarse a Valencia con problemas de saúde, publicou algún dos seus escritos de guerra no xornal *Nueva Galicia* e exerceu como secretaria de Solidariedade Antifeixista Galega.

A poucos días da caída da República, a pontevedresa embarcou rumbo ao sur de Francia, onde permaneceu en campos de internamento. Foi alí onde fixo algunhas amizades que a puxeron en contacto coa resistencia francesa. Nun primeiro momento encargábase de lles proporcionar comida e cartos aos presos, portaba mensaxes e facilitaba os contactos, mais pronto a súa audacia chamou a atención do aparato organizativo do *maquis*, que lle solicitou un maior compromiso. Foi entón cando Castellanos pasou a ser guerrilleira de enlace, portando mercancía comprometida e acollendo na súa casa guerrilleiros fuxidos e mesmo militares, que desempeñarían un importante papel na contenda internacional.

Unha vez rematado o conflito instalouse en Marsella, onde traballou como xornalista. O seu compromiso feminista levouna a representar a cidade no Congreso Internacional de Mulleres que se celebrou en París en novembro de 1945.



Mestra, enfermeira e xornalista de Ponte Caldelas que rematou como guerrilleira antifascista

Judith Rodríguez

Judith Rodríguez é unha deportista galega, campioa de España e do mundo de esgrima adaptada na modalidade de espada. Exemplo de esforzo, sacrificio e resiliencia, alcanzou a elite da disciplina en cadeira de rodas após sufrir un grave accidente de tráfico en 2018, que truncou a súa puxante carreira no mundo da esgrima.

Iniciouse neste deporte con oito anos e formouse no Club de Esgrima de Vigo El Olivo. Tras unha continua progresión, participou coa selección española en dous mundiais e europeos júnior, e foi subcampioa de España absoluta en categoría individual e campioa por equipos na modalidade de florete.

Con 22 anos sufriu un grave accidente na estrada cando regresaba de disputar o Campionato de España de Clubs en Bohadilla del Monte (Madrid). Sufriu a amputación da perna dereita por debaixo do xeonllo, ademais de graves danos no brazo dereito, polo que tivo que deixar a esgrima temporalmente. Após un duro proceso de recuperación, decidiu practicala en cadeira de rodas.

En 2020 debutou no Campionato de España e colleitou excelentes resultados, e en febreiro de 2022 gañou o Campionato de España en florete tanto na competición individual coma na de equipos, e foi bronce en espada. O seu maior éxito chegaría en abril en São Paulo (Brasil), onde se proclamou campioa do mundo en espada, o maior éxito da esgrima adaptada española en doce anos, alén de obter o quinto posto en florete. O seu próximo grande obxectivo é a participación nos Xogos Olímpicos de París 2024.

Judith é, ademais, graduada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte pola Universidade de Vigo e adestradora de esgrima de El Olivo. En marzo deste ano participou, con motivo do 8M, nun debate organizado pola Deputación de Pontevedra no que puxo de manifesto o dobre esforzo que teñen que afrontar as mulleres para veren recoñecido o seu traballo.



Deportista galega, campioa do mundo de esgrima adaptada

Todos os dereitos reservados

Emily Greene Balch

Emily Greene Balch foi unha socióloga norteamericana, líder pacifista e sufragista que fixo campaña contra a entrada dos Estados Unidos na I Guerra Mundial e que cofundou a Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade. En 1946 foi distinguida co Premio Nobel da Paz polo seu traballo e compromiso antibelicista.

Balch (Boston, 1867) graduouse en 1889 na primeira promoción do prestixioso Bryn Mawr College e cursou estudos complementarios en París, Berlín e as universidades de Harvard e Chicago. En 1896 ingresou no Wellesley College, onde en 1913 acadou o posto de profesora de Economía Política e Ciencia Social e Política. Foi ademais unha das líderes da Women's Trade Union League –a primeira organización americana que representou as mulleres no traballo–, defendeu activamente o sufraxio feminino e promoveu reformas para o benestar infantil.

A socióloga asistiu ao Congreso Internacional de Mulleres na Haia en 1915 e desde aquel entón mostrou un compromiso crecente pola paz. Manifestouse en contra da entrada dos EUA no citado conflito bélico, o que lle supuxo o despido en Wellesley en 1918, e un ano despois cofundou, a carón de Jane Addams, a Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade.

Balch, secretaria desta organización ata 1922, axudou a crear escolas de verán sobre a educación para a paz e creou novas sucursais en máis de 50 países. Ademais, traballou coa Sociedade de Nacións en materia de control de drogas, refuxiados e desarme. Como socióloga tamén destacou polo seu estudo exhaustivo sobre as persoas migrantes eslavas nos EUA.



Premio Nobel da Paz e unha das fundadoras da Liga Internacional de mulleres para a liberdade

Dominio público

Bea Johnson

Bea Johnson é unha activista ambiental, escritora e conferenciante francesa recoñecida por impulsar o movemento ecolóxico lixo cero a nivel mundial. Orixinaria da comuna francesa de Besanzón e radicada en California desde 1992, é autora do libro *Zero Waste* e o blog Zero Waste Home, nos que brinda consellos para adoptar un modelo de vida máis sostible no que se reduza ao mínimo a produción de lixo.

A súa norma é “rexear todo aquilo que non necesito”. A raíz da grave crise económica de 2008, Johnson adoptou un estilo de vida minimalista e está considerada a precursora do movemento global Zero Waste. O seu obxectivo é inspirar máis persoas para que se comprometan a vivir dunha forma máis respectuosa co medio.

Jonhson defende que este estilo de vida pode reducir ata un 40 % o gasto total dunha familia de catro persoas levando unha vida sinxela e adaptada á cultura e ao país en que se viva. Esta especialista en sostibilidade e novos modelos de consumo responsable viu traducido o seu libro a máis de vinte idiomas e actualmente participa en encontros por todo o mundo para sumar adeptos á súa causa.

Segundo esta activista hai que se guiar polas cinco erres: rexear o que non precisamos, reducir o consumo, reutilizar as cousas, reciclar como última opción e compostar o residuo orgánico. Algúns dos consellos que proporciona nas súas charlas son: adquirir produtos a granel, empregar tarros de cristal para almacenar as cousas e fabricar os seus propios sacos para o lixo.



Jacqui J. Sze, CC BY 4.0, a través de Wikimedia Commons

Activista ambiental, escritora e promotora do movemento internacional Zero Waste

Gloria Moure

Gloria Moure (Barcelona, 1946) é unha historiadora da arte, crítica, comisaria e editora española. Actualmente exerce como comisaria independente e traballa como editora asociada en Ediciones Polígrafa, onde dirixe a Colección 20/21, unha serie de monografías dedicadas a artistas contemporáneos de referencia. Foi unha das primeiras mulleres directoras de museos en España.

Moure é licenciada en Historia da Arte pola Facultade de Filosofía e Historia e doutora en Historia da Arte pola Facultade de Belas Artes, ambas pola Universidade de Barcelona. Exerceu de crítica de arte e comisariou exposicións de arte contemporánea en diversos museos españois e estranxeiros. Súa é a primeira retrospectiva en Italia de Marcel Broodthaers (2021) e acaba de inaugurar no Museo de Belas Artes de Gante (Bélxica) a exposición sobre Medardo Rosso, pioneiro da escultura moderna.

A finais dos anos setenta comezou a traballar como comisaria independente e en 1984 realizou a retrospectiva de Marcel Duchamp en Barcelona, Madrid e Colonia. Foi directora da Fundación Espai Poblenu en Barcelona e tivo un papel nuclear na posta en marcha e consolidación do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela. Foi nomeada directora desta institución en 1994 e a responsable de traer a Galicia as exposicións retrospectivas de Vito Acconci, Félix González-Torres, Giovanni Anselmo, Medardo Rosso e Ana Mendieta, entre outras moitas figuras fundamentais da arte contemporánea.

O seu currículo é impresionante: foi integrante do comité asesor da dirección do Museo Nacional Raíña Sofía de Madrid entre 1993-1997 e da comisión de valoración de proxectos urbanísticos do Concello de Barcelona, tamén exerceu como vicepresidenta executiva e formou parte do consello directivo do Barcelona Institute of Architecture (BIArch) durante dous anos.



Todos os dereitos reservados por IFEMA

Crítica de arte, comisaria e directora do Centro Galego de Arte Contemporánea nos noventa

Violeta Mosquera

Violeta Mosquera é unha música galega, batería de Bala, dúo de *rock* duro que acadou un importante recoñecemento internacional, e imparte clases deste instrumento en Pontevedra, cidade na que leva afincada desde hai máis de 15 anos. Licenciada en Comunicación Audiovisual e doutorada en Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, Mosquera implicouse tamén en iniciativas culturais coma Live in Litium ou RockLab.

É natural de Lugo e trasladouse a Pontevedra para estudar a carreira de Comunicación Audiovisual. En 2013 formou Bala coa coruñesa Anxela Baltar logo de coincidiren nun concerto coas súas respectivas bandas naquel momento. O dúo de batería e guitarra fai un *rock* enérxico e contundente con influencias do *grunge*, do *hardcore* e do metal. Ata o de agora publicaron tres álbums, o último deles, *Maleza*, en 2021. Bala actuou nos grandes festivais de España e Portugal, e en países coma o Xapón, Australia, os Estados Unidos, Colombia e o Reino Unido.

Mosquera imparte clases de batería na escola de artes Estudio Bonobo de Pontevedra e en 2021 foi a pregoeira das Festas da Peregrina. É unha firme defensora da promoción das mulleres no mundo da música, expresión artística que entende tamén como unha arma da loita feminista. Ao longo da súa carreira enfrontouse a moitas situacións de machismo, desde comentarios paternalistas eloxiando a calidade da súa música “malia seren mulleres” ata negativas en probas de batería só polo feito de selo.

Bala naceu, segundo ten explicado Violeta, pola necesidade que tiñan ela e Anxela de poder traballar con mulleres.



Música galega, batería do dúo de rock Bala

Letitia Mumford Geer

Letitia Mumford Geer foi unha enfermeira e inventora estadounidense, responsable dunha contribución fundamental ao mundo da medicina que se mantén practicamente sen variacións ata a actualidade. Esta neoiorquina patentou, en abril de 1899, un novo tipo de xiringa, que como novidade permitía o seu uso cunha soa man, algo que facilitaba moitísimo o traballo do persoal sanitario nos centros de saúde e hospitais. Aínda que antes xa se usaban outras xiringas de tipo máis rudimentario, a súa innovación foi tan certa que non puido ser superada máis dun século despois.

Pouco se sabe da súa vida, máis alá de que naceu en 1852 ou 1853 na cidade de Nova York e que faleceu en 1935. O seu invento ten aínda máis valor visto con perspectiva, por se producir nun momento realmente complexo para as mulleres inventoras. A finais do século XIX xa se lles permitía rexistrar os seus propios deseños, pero estaban obrigadas a presentar moitas máis probas e documentos ca os homes. Esta discriminación sistémica explica que nesa época apenas o 1 % das patentes concedidas nos EUA levasen o nome dunha muller.

O seu invento foi descrito como “unha xiringa dunha soa man”. Á hora de explicar o seu traballo, Mumford Geer sinalou con toda naturalidade que o seu obxectivo era dotar o sistema sanitario de comezos do século xx dunha ferramenta que lle permitise a unha persoa inxectar o contido da xiringa sen axuda dunha ou dun asistente.

Na solicitude de patente incorporou debuxos para explicar como manipular a xiringa e unha descrición completa. “O dispositivo é moi simple e barato”, aseguraba a súa autora.



Enfermeira e inventora estadounidense que patentou a xiringa dunha soa man

Carlota Álvarez Basso

Carlota Álvarez Basso (Vigo, 1964) é unha xestora cultural española especializada en arte contemporánea e unha firme defensora e promotora do talento feminino e da igualdade na industria audiovisual. En 2018 fundou, xunto a Diego Mas Trelles, o Festival Cine por Mulleres e foi elixida no Top 100 Mulleres Líderes de España na categoría de cultura, ocio e deporte.

Álvarez Basso estudou Socioloxía na Universidade de Nanterre, en París, e realizou prácticas durante nove meses no Departamento de Videoarte do Museo de Arte Moderna de Nova York (Moma). Ao longo de máis de tres décadas de impecable traxectoria profesional ocupou cargos directivos en diferentes institucións culturais. Foi xefa do Departamento de Audiovisuais do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid (1992-1999), dirixiu o Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra e foi responsable do proxecto museístico do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), do que foi directora ata 2005.

É unha figura fundamental para entender a historia da arte contemporánea española. A viguesa dirixiu o centro cultural Matadero Madrid durante cinco anos e a comezos de 2018 regresou ao Museo Reina Sofía para traballar na Subdirección Artística. Alí codirixe o Festival Cine por Mulleres.

Muller inconformista, un dos seus últimos proxectos foi a posta en marcha no ano 2020 da plataforma RAMPA (Rede Aberta de Mulleres Profesionais do Audiovisual), un directorio aberto e en liña que permite localizar mulleres profesionais do sector audiovisual español co obxectivo de combater a fenda de xénero na industria.



Marisa González, CC BY-SA 4.0, a través Wikimedia Commons

Xestora cultural e impulsora de iniciativas de igualdade no ámbito audiovisual

Elena Pita

Elena Pita é experta en medio ambiente, desenvolvemento sostible e cambio climático. Foi oficiala do Programa de Adaptación ao Cambio Climático na Oficina Rexional para América Latina e o Caribe da ONU Medio Ambiente, e desde 2020 dirixe a Fundación Biodiversidade, un equipo multidisciplinar adscrito ao Ministerio para a Transición Enerxética que traballa desde hai case tres décadas na preservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Pita é enxeñeira agrónoma pola Universidade Politécnica de Madrid e ten a mestría universitaria en Ciencias en Economía da Explotación Agrícola e dos Recursos Naturais polo Instituto Agronómico Mediterráneo de Montpellier. O seu traballo sempre tivo unha fonda vocación internacional. Exerceu de consultora para a Dirección Xeral de Cooperación Internacional e Desenvolvemento da Comisión Europea e para a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), así como para a Oficina Española de Cambio Climático (OECC).

Pita posúe unha ampla experiencia en temas ambientais e de desenvolvemento sostible e participou tanto na definición de políticas e estratexias a nivel nacional e internacional coma a nivel operativo, executando proxectos, especialmente en África, e formando parte das negociacións internacionais de cambio climático.

A Fundación Biodiversidade, a cal dirixe desde hai dous anos, aposta pola xeración de emprego verde e por fomentar a cooperación das institucións públicas co sector privado a través de programas como “Empleaverde” ou a Iniciativa Española Empresa e Biodiversidade.



Todos os dereitos reservados

Directora da Fundación Biodiversidade. Experta en cambio climático

Semíramis González Fernández

Semíramis González Fernández (Xixón, 1988) é comisaria, historiadora da arte e feminista centrada na reivindicación do papel da muller na arte contemporánea. Traballa como comisaria independente e actualmente é directora artística das feiras JUSTMAD (Madrid) e JUSTLX (Lisboa).

González Fernández é licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Oviedo e cursou o máster en Historia da Arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, pola Universidade Complutense de Madrid. Entre os seus proxectos comisariados figuran “En lo salvaje”, no Centro de Arte de Alcobendas; o proxecto de novos artistas “Futuro presente”, na Sala Amadís de Madrid; “Contra la piel”, no espazo Área 60 do TEA (Tenerife Espazo das Artes); ou “Equivocada no es mi nombre. Arte contra la violencia machista”, no LABoral Centro de Arte (Xixón).

A asturiana ten traballado con algúns dos museos e das institucións máis importantes do país, coma o Museo Es Baluard de Mallorca, o Festival PHotoEspaña, SCAN Tarragona (Festival Internacional de Fotografía), o Centro Atlántico de Arte Moderna (CAAM) de Las Palmas, Fiebre Photobook, ou o Instituto Aragonés de Arte e Cultura Contemporáneas Pablo Serrano en Zaragoza, entre outros moitos espazos expositivos e certames.

En 2019 foi xurado do Premio Nacional de Fotografía e traballa como docente no máster de Fotografía Contemporánea e Proxectos Persoais da escola de fotografía Efti. Recibiu o Premio Fetico Aequalitas 2021, que recoñece o traballo a iniciativas feministas en distintos campos da cultura.



Comisaria independente e defensora do papel da muller na arte contemporánea

Alva Myrdal

Alva Myrdal foi unha diplomática, activa feminista e pacifista. Como ministra do Goberno sueco destacou polo seu traballo a prol da posta en marcha de importantes reformas sociais e na defensa da igualdade entre mulleres e homes. En 1982 recibiu, xunto ao mexicano Alfonso García Robles, o Premio Nobel da Paz pola súa contribución ao movemento de desarme nuclear durante os anos sesenta e setenta.

Myrdal, nada en Suecia en 1902, pertencía a unha familia socialdemócrata e foi instruída desde nena en temas políticos e de xustiza social. Estudou socioloxía nas universidades de Upsala, Estocolmo e Xenebra. O seu nome comezou a soar na década de 1930 como coautora dun libro titulado *Crisis in the Population Question*, onde defende que as reformas sociais son necesarias para permitir a liberdade individual. Está considerada unha das principais impulsoras do estado de benestar sueco.

Muller adiantada ao seu tempo, en 1935 publicou un libro sobre educación infantil con ideas radicais para a época, como a creación dunha rede de escolas infantís e asignacións familiares. En 1949 involucrouse en temas de ámbito internacional ao ser nomeada directora da Oficina de Asuntos Sociais da ONU e en 1951 pasou a dirixir o Departamento de Ciencias Sociais da Unesco.

Myrdal foi unha importante integrante do Partido Socialdemócrata Sueco e traballou como embaixadora na India, Birmania e Sri Lanka entre 1955 e 1961, ano no que regresa a Suecia como asesora especial para o desarme no Ministerio de Asuntos Exteriores. En 1962 encabezou a delegación sueca na conferencia da ONU sobre desarme en Xenebra.

Participou na creación do Instituto Internacional de Investigación para a Paz de Estocolmo e nos anos setenta propuxo a creación dunha zona nórdica libre de armas nucleares.



Premio Nobel da paz e defensora da igualdade en Suecia

Kizzmekia “Kizzy” Shanta Corbett

Kizzmekia “Kizzy” Shanta Corbett é unha inmunóloga viral do Centro de Investigación de Vacinas do Instituto Nacional de Alerxias e Enfermidades Infecciosas dos EUA. Ingresou na institución en 2014 e liderou os ensaios da vacina contra a COVID-19 no país norteamericano. O seu é un dos nomes aos que debemos a vacina contra esta enfermidade, xa que o seu equipo foi o encargado de desenvolver a vacina de Moderna.

Nada en Carolina do Norte en 1986, graduouse en Ciencias Biolóxicas e Socioloxía na Universidade de Maryland en 2008 e en 2014 concluíu o doutoramento en Microbioloxía e Inmunoloxía da Universidade de Carolina do Norte en Chapel Hill.

Acumula máis de 15 anos de experiencia no estudo do virus do dengue, o virus respiratorio sincitial, o virus da gripe e os coronavirus. Polo seu importante traballo ten recibido prestixiosos recoñecementos, coma o Premio Benjamin Franklin Next Gen e o Premio Salzman Memorial en Viroloxía.

A doutora Corbett é unha referente para as novas xeracións. Inverte gran parte do seu tempo en traballar con comunidades desatendidas e forma parte de programas que promoven as disciplinas STEM entre a xuventude, ademais de realizar neste último ano e medio un importante labor de concienciación da poboación sobre os beneficios das vacinas.

En decembro de 2021 a revista *Time* recoñeceuna xunto con outros tres científicos como “Heroes e heroínas do ano”, por poñer durante os dous últimos anos o seu coñecemento e toda a súa enerxía ao servizo da humanidade e polo impacto global do seu traballo sobre a saúde e o benestar da poboación mundial.



Kizzmekia Corbett, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Inmunóloga viral responsable da
vacina de Moderna fronte á
COVID-19

Jameela Alia Jamil

Jameela Alia Jamil é unha actriz, presentadora de radio, modelo, escritora e activista británica. Foi a primeira presentadora feminina en solitario do popular programa de listas da BBC Radio 1. Tras consolidarse como actriz e presentadora nos EUA, en abril de 2020 inaugurou o seu propio podcast *I Weigh with Jameela Jamil*, que se centra en darlles visibilidade aos logros das mulleres, á positividade corporal e á inclusión racial.

Nada en Londres en 1986, comezou a súa carreira en Channel 4, onde conduciu unha serie de cultura pop antes de dar o salto á radiofórmula. Con apenas vinte anos converteuse nunha celebridade e tivo claro desde o primeiro momento que empregaría a súa popularidade para loitar contra os estereotipos irrealistas que a industria audiovisual, a moda ou as redes sociais lles impoñen ás mulleres.

É coñecida a nivel internacional polo seu papel de Tahani Al-Jamil na comedia *The Good Place*, como presentadora de varios programas nocturnos nos EUA e como xuíz do programa de competencia de telerrealidade *Legendary*.

Jamil está en contra do retoque fotográfico e foi a responsable de lanzar en redes a etiqueta *#iweigh* para animar a mulleres de todo o mundo a compartir fotografías non editadas.

A finais de 2015 creou Why Not People?, unha empresa de eventos e asociacións dedicada a acoller eventos de entretemento en directo accesibles para persoas con discapacidade. Alia Jamil recoñeceu un desorde alimentario na súa adolescencia e dirixe boa parte dos seus esforzos a loitar contra a publicidade de produtos dietéticos e supresores do apetito nas redes sociais polo perigo que supoñen para as adolescentes.



Creative Commons. Recoñecemento. Non comercial. Sin derivados

Actriz e presentadora coñecida
polo seu activismo contra os
estereotipos de beleza

Carrie Frances Fisher

Carrie Frances Fisher foi unha actriz, escritora e guionista estadounidense de cine e televisión, recoñecida mundialmente por interpretar a princesa Leia na saga *A guerra das galaxias*. Tiña vinte anos cando interpretou por primeira vez o papel desta líder, muller forte e guerreira que non se librou da excesiva sexualización que a industria cinematográfica lles imprimía ás mulleres.

Natural de California (1956), Fisher debutou no vídeo musical *You're Sixteen* de Ringo Starr e dous anos despois apareceu no filme *Shampoo*. Era 1977 cando lle deu vida por primeira vez á princesa Leia Organa e se convertía nun dos rostros máis queridos da industria do cinema.

Fisher fixo públicos anos despois o trato sexista e discriminatorio ao que se viu sometida durante a súa carreira, comezando polo innecesario bikini dourado que se viu obrigada a lucir en *O retorno do Jedi*, capítulo final da triloxía orixinal. Este traxe de baño converteu a Fisher nunha icona pop e nun símbolo sexual, trazando unha imaxe da que tratou de fuxir durante toda a súa traxectoria, na que participou en máis de oitenta producións.

Fisher foi nomeada dúas veces ao Premio Primetime Emmy á mellor actriz convidada nunha serie de comedia polas súas actuacións nas series de televisión *30 Rock* e *Catastrophe*. As homenaxes non cesaron após o seu falecemento en 2016. De forma póstuma foi nomeada Lenda de Disney (2017) e un ano despois recibiu un Premio Grammy póstumo ao mellor álbum falado.

Tamén foi autora de dous libros de éxito de marcado carácter autobiográfico, *Postcards from the Edge*, mais o guión do mesmo nome para a película, e *Wishful Drinking*.



Actriz, escritora e guionista.
Pasará á historia como a
princesa Leia

Princess Nothemba (Nono) Simelela

A doutora Princess Nothemba (Nono) Simelela é subdirectora xeral para Familia, Muller, Infancia e Adolescencia da Organización Mundial da Saúde (OMS) e unha figura fundamental na importancia global que se lle dá á vixilancia e loita contra o cancro cervicouterino. Ten publicado numerosos traballos sobre a saúde da muller e colaborado na elaboración de directrices destinadas a previr a transmisión materno infantil do VIH.

Natural de Suráfrica, foi a primeira persoa negra en obter o título de obstetra na Universidade Médica de Suráfrica (MEDUNSA, polas súas siglas en inglés). Traballou como docente no Hospital George Mukhari e o seu interese pola saúde feminina e a loita contra o VIH motivouna a aceptar un posto no Departamento de Saúde do Goberno, onde dirixiu o programa nacional para o VIH, a tuberculose e as infeccións de transmisión sexual. Hoxe suma máis de 30 anos de experiencia como obstetra, académica e funcionaria pública.

Exerceu como asesora especial do vicepresidente da República de Suráfrica, foi directora executiva do Consello Nacional Surafricano da Sida e directora de Coñecemento Técnico e Apoio para a Federación Internacional de Planificación da Familia (IPPF), onde loitou pola saúde e polos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

Ten publicado numerosos traballos sobre saúde feminina e desempeñado un papel fundamental na introdución de programas para previr a transmisión materno infantil do VIH no mundo.



Líder da loita da OMS contra o
cancro cervicouterino

Caroline Criado

Caroline Criado Pérez é unha xornalista, escritora e activista británica coñecida por facer campaña para que as mulleres expertas ocupen máis espazo nos medios de comunicación, lograr que o Banco de Inglaterra incluíse a cara de Jane Austen nos billetes de dez libras e, tamén, que un xigante coma Twitter revisase a súa política para previr o acoso ás mulleres nas redes sociais.

Criado naceu no Brasil en 1984 e criouse viaxando por España, Portugal, Taiwán e o Reino Unido. Traballou en mercadotecnia dixital durante anos e en 2012 graduouse en Lingua e Literatura Inglesa en Oxford. O seu interese polas relacións entre lingua e xénero fíxoa afondar paulatinamente no estudo das desigualdades sociais e representativas das mulleres.

É autora do libro *Invisible Women*, no que denuncia o modo no que os datos configuran un mundo feito por e para os homes, un traballo traducido a máis de trinta idiomas. A este volume seguiríalle *Do It Like a Woman* en 2015.

En 2013 gañou o premio á defensora dos dereitos humanos do Grupo Liberty e foi elixida pola BBC para o seu programa *100 Women*, unha serie multiformato que analiza o papel da muller no século xxi. En 2015 foi nomeada oficiala da Orde do Imperio Británico polos seus traballos a prol da igualdade e da diversidade nos medios.



Xornalista e activista británica premiada polos seus servizos a prol da igualdade

Selma Blair

A historia de Selma Blair, actriz norteamericana diagnosticada hai uns anos de esclerose múltiple, pode ser a de moitas outras mulleres ignoradas de forma sistemática polo sistema sanitario. A intérprete decidiu compartir publicamente a súa loita contra esta enfermidade e axudar a sociedade estadounidense a comprendela mellor, a ter máis empatía coas persoas que a sofren, nun intento por denunciar o moito que lles custa ás mulleres que o persoal médico as tome en serio.

Malia a súa popularidade, Blair recoñece que comezou a sentir cansazo e dores despois de ser nai en 2011, mais tardaría un lustro en contar cun diagnóstico. Ela insistía en pedir unha resonancia magnética e chegou a denunciar nunha entrevista en *ABC News* que houbo profesionais que a ignoraron durante anos e atribuían as súas dores a temas de nervios e hormonais. É o que academicamente se coñece como *gender bias* ou prexuízo de xénero, que persiste no sistema sanitario a nivel global.

Non foi ata que caeu diante dun doutor que comezaron a investigar o que lle acontecía. As súas doenzas eran una manifestación da esclerose múltiple, coa que leva anos batallando e á que decidiu darlle visibilidade. Lonxe de ocultar o seu deterioro físico, Blair decidiu presentarse con bastón na gala dos Óscar e compartiu a perda de cabelo nas súas redes sociais, algo infrecuente nunha actriz nova. Tamén fai pedagogía sobre os tratamentos experimentais e ten reclamado máis fondos para a investigación da enfermidade.

En 2021 estreou un documental titulado *Introducing Selma Blair* no que amosa como é a súa vida con esclerose múltiple. Optou por encarar a enfermidade con franqueza e como unha oportunidade de concienciar a sociedade sobre o que ela e outras persoas están a experimentar coa súa doenza; todo un exemplo de superación.



Actriz norteamericana que visibiliza os efectos da esclerose múltiple que ela padece

Mary Wigman

Mary Wigman é o nome artístico de Karoline Sophie Marie Wiegmann, unha bailarina e coreógrafa alemá, a máis alta expoñente da danza expresionista. A súa grande achega a esta disciplina foi elaborar técnicas de movemento desestruturadas que producirían unha nova xeración de bailarinas e bailaríns. Está considerada unha das bailarinas de maior importancia para a danza contemporánea.

Wigman (Hannover, 1886) comezou practicando ximnasia rítmica e decidiuse a bailar aos 20 anos. Desde o primeiro momento tivo estreitos contactos co grupo expresionista Die Brücke, un movemento de artistas plásticos que buscaban experimentar novas formas de facer arte como forma de protesta aos academicismos típicos da *belle époque*. En 1913 converteuse en axudante de Rudolf von Laban, un mestre de danza húngaro coñecido por documentar todas as poses do movemento humano.

En 1920 estableceu unha escola en Dresde, desde onde transmitiu a súa experiencia e o aprendido dos seus mestres e por onde pasaron bailarinas coma Margarethe Wallman, Gret Palucca ou Hanya Holm, quen sería unha das principais responsables do baile moderno nos Estados Unidos.

A carreira como coreógrafa de Wigman comezou en 1914 e prolongaríase ata a década dos sesenta. Para esta artista a danza era unha expresión do interior do individuo, na que a expresividade tiña máis relevancia que a forma. Incentivaba a improvisación, os movementos libres e espontáneos, e probaba novas formas de moverse polo escenario baseadas nun principio de tensión-relaxación para darlle maior dinamismo ao movemento.



Deutsche Fotothek, CC-BY-SA 3.0 DE, a través de Wikimedia Commons

Bailarina e coreógrafa alemá,
impulsora da danza expresionista

Xuño

Meryl Streep

É unha das mellores actrices vivas, ademais dunha figura imprescindible para comprender o cinema americano dos anos setenta e oitenta. É a persoa con máis candidaturas aos Premios Óscar, cun total de 21, e a segunda actriz máis galardoada, superada unicamente por Katharine Hepburn. Ademais, falamos dunha muller comprometida socialmente cos dereitos das mulleres, co matrimonio entre persoas do mesmo sexo e coa loita contra o cambio climático.

Nada en Nova Jersey en 1949, estudou Arte Dramática na prestixiosa Universidade de Vassar e, anos máis tarde, graduouse en Belas Artes na Universidade de Yale. A intérprete debutou no teatro en 1971 con *The Playboy of Seville* e foi candidata posteriormente ao premio Tony por *Recordo de dous luns* e *27 vagóns de algodón* (1976). En 1978 recibiu o premio Emmy polo seu papel protagonista na serie *Holocausto* e foi candidata ese mesmo ano por primeira vez ao Óscar por *O cazador*.

Aclamada pola crítica e polo público, 1979 foi un dos seus grandes anos ao triunfar de forma consecutiva coa comedia romántica *Manhattan*, o drama político *Escalada ao poder* e o drama familiar *Kramer contra Kramer*, unha produción pola que recibiría un Globo de Oro e o seu primeiro Óscar. É historia viva do cinema e forma parte da memoria colectiva de toda unha xeración pola súa interpretación de Karen en *Memorias de África* (1985).

Comprometida cos dereitos humanos e coa igualdade, no ano 2016 decidiu levar as súas opinións, ideas e protestas de Hollywood ao Congreso dos EUA, cunha carta dirixida a cada congresista do país para pedirllas que actuasen a favor dos dereitos das mulleres. Dentro da industria do audiovisual, forma parte do movemento Time's up contra o acoso sexual, que xurdiu en 2018 a raíz das denuncias publicadas contra o produtor Harvey Weinstein.



Dick Thomas Johnson de Tokio, Japón , CC BY 2.0 , a través de Wikimedia Commons

Unha das mellores actrices vivas da historia e a persoa con máis candidaturas aos Óscar

Linda Nochlin

Linda Nochlin foi unha historiadora da arte, profesora universitaria e escritora estadounidense que dedicou boa parte da súa carreira a estudar e a enxalzar a presenza da muller na arte. Está considerada unha revolucionaria dentro do sector e unha das historiadoras fundamentais na historia da arte feminista. Cuestionou as desigualdades dun sistema que freaba o desenvolvemento das mulleres artistas e as normas sociais que durante séculos conduciron “á exaltación da figura mítica do home artista” e silenciaban o talento feminino que ela traballou para rescatar.

Nochlin (Brooklyn, 1931) graduouse en Filosofía na Universidade de Vassar, realizou unha maestría en Inglés na Universidade de Columbia e doutorouse en Historia da Arte no Instituto de Belas Artes da Universidade de Nova York. En 1971 publicou o seu influente ensaio *Por que non houbo grandes mulleres artistas?*, un texto de referencia para o desenvolvemento da arte feminista.

En 1976 comisionou xunto a Ann Sutherland Harris a grande exposición “Mulleres artistas: 1550–1950” no County Museum of Art de Los Angeles, na que recuperaron obras de oitenta artistas dunha ducia de países diferentes. E en 2007 dirixiu a exposición “Feminismos globais. Novas direccións na arte contemporánea”, coa que se inaugurou o Centro de Arte Feminista Elizabeth A. Sackler Center do Museo de Brooklyn, o único centro de arte feminista que existe.

Recibiu importantes recoñecementos polo seu traballo, coma a Bolsa Guggenheim (1984) ou o Premio á Traxectoria do Caucus de Mulleres pola Arte (2002). Forma parte do Consello Asesor de Arte da Fundación Internacional para a Investigación Artística (IFAR) e en 2006 recibiu o Premio á Muller Visionaria da Universidade Moore de Arte e Deseño.



Reconocimiento. No comercial. Sin derivados 2.0 Genérico (CC BY-NC-ND 2.0)

Historiadora fundamental para recuperar o legado de mulleres artistas

Annie Londonderry

Annie Cohen Kopchovsky, máis coñecida coma Annie Londonderry, foi unha intrépida ciclista, xornalista e aventureira que no ano 1894 fixo historia ao converterse na primeira muller en dar a volta ao mundo en bicicleta. Tivo que afrontar duras críticas dos seus detractores, pero tivo un enorme mérito ao loitar polo dereito das mulleres a facer o que se propuxesen nunha sociedade con férreos estereotipos, conservadora e patriarcal.

Nada en 1870 en Riga, Londonderry emigrou aos EUA de nena e, unha vez casada, resistiuse a limitar o seu papel as tarefas domésticas que a familia e a súa comunidade lle atribuían. Muller pouco convencional para a época, traballou nunha empresa que comercializaba anuncios en xornais e revistas.

A historia sinala que foron dous coñecidos empresarios de Boston os que a retaron a emprender unha grande aventura en bicicleta, que ela aceptou de inmediato nunha decisión insólita para a sociedade da época. A empresa Pope Manufacturing Company prestoulle as bicicletas para a viaxe e a empresa de augas Londonderry Lithia pagoulle por levar a súa pancarta na bicicleta. De aí lle vén o alcume polo que despois se fixo mundialmente coñecida.

Durante a arriscada viaxe, na que mesturou traxectos en bicicleta e en barco, mudou o seu vestido por uns pantalóns anchos máis cómodos e difundiu á súa fazaña enviando telegramas aos medios de comunicación estadounidenses, mentres aproveitaba para dar charlas por medio mundo co fin de visibilizar o novo papel que ela quería para as mulleres xa a finais do século XIX.

Logo da viaxe mudouse a Nova York e traballou como xornalista para o desaparecido *New York World* baixo o pseudónimo de The New Woman (a nova muller).



Foi unha aventureira. A primeira muller en dar a volta ao mundo en bicicleta en 1894

Eva Charlotte Petri Gornitzka

Eva Charlotte Petri Gornitzka é a actual directora executiva adxunta da Asociación para o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF). Como consultora e administradora pública atesora máis de vinte anos de experiencia en proxectos de cooperación e desenvolvemento internacional. Grazas ao seu traballo conseguiu poñer o foco das institucións europeas nas dificultades que teñen millóns de crianzas en África para asistir á escola polos ataques discriminados que sofren os centros educativos de boa parte do continente.

Petri (Suecia, 1959) ten unha mestría da Escola de Educación Musical da Universidade de Estocolmo e unha licenciatura en Negocios e Márketing da Escola de Negocios. Comezou traballando como consultora musical e xerente de información, pero no ano 1998 reorientou a súa traxectoria e entrou pola porta grande en proxectos de cooperación internacional.

Desde este momento decisivo asumiu importantes responsabilidades en organizacións do terceiro sector. Foi directora xeral da Axencia Sueca de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (2010-2016), onde estableceu unha rede de empresas para promover o desenvolvemento global sostible. Tamén exerceu como secretaria xeral da Alianza Internacional Save the Children (2008-2010) e traballou sete anos na Cruz Vermella Sueca (1998-2003).

Desde decembro de 2021 é directora xeral da Axencia Sueca de Continxencias Cívicas. A súa especialidade ou grande aportación é construír alianzas innovadoras entre organizacións públicas, líderes da sociedade civil e do sector privado, para imprimir cambios políticos que melloren a vida das persoas.



Directora adxunta de UNICEF. Leva vinte anos traballando en cooperación internacional

Sheila Watt-Cloutier

Sheila Watt-Cloutier é unha activista polos dereitos do pobo inuit, escritora e educadora comprometida coa concienciación da cidadanía en temas coma a preservación cultural, os perigos do cambio climático ou a necesidade de mellorar a política exterior. Defende un novo modelo de liderado no que o medio xoga un papel fundamental á hora de orientar as políticas públicas.

Watt-Cloutier naceu nunha pequena comunidade inuit en Nunavik (norte de Quebec, Canadá, en 1953). Estudante destacada, foi seleccionada polo goberno federal para participar nun programa educativo no sur de Canadá. Nos anos setenta traballou para o Hospital Ungava como tradutora e comezou a interesarse por mellorar a educación e as condicións sanitarias da súa comunidade.

Exerceu de representante política da comunidade inuit a nivel rexional, nacional e internacional. En 1995 foi elixida presidenta do Consello Circumpolar Inuit, e máis tarde converteuse na presidenta internacional deste organismo, no que representaba os intereses de 155.000 persoas de Canadá, Groenlandia, Alasca e Rusia. Contribuíu significativamente á reforma do sistema educativo no norte de Quebec e actuou como portavoz dos pobos indíxenas nas negociacións para a Convención de Estocolmo, que prohibiu os contaminantes orgánicos persistentes, particularmente nocivos para as cadeas alimentarias do Ártico.

En 2002 recibiu un galardón da Asociación Mundial de Organizacións Non Governamentais e, en 2007, foi candidata ao Premio Nobel da Paz polo seu traballo incansable por mostrar o impacto que o cambio climático ten nos dereitos humanos e no planeta, especialmente no Ártico.

Watt-Cloutier é doutora *honoris causa* en Dereito pola Universidade de York (Canadá) e gañadora do Premio Right Livelihood, coñecido coma o Nobel alternativo.



Activista polos dereitos do pobo inuit e pola loita contra o cambio climático

The Silent Photographer en Wikipedia en Inglés, CC POR 3.0, a través de Wikimedia Commons

Joséphine Baker

Joséphine Baker foi unha bailarina, cantante e actriz francesa de orixe afroamericano, considerada a primeira vedete da historia e unha estrela internacional. Está recoñecida como a primeira muller afroamericana protagonista dunha longametraxe, *Zouzou* (1934). Pero foi moito máis que unha destacada artista. A súa traxectoria vital sobresaes ademais polo seu compromiso social, como unha figura destacada do movemento polos dereitos civís en Estados Unidos, que se implicou en política e serviu como espía para o goberno francés contra o réxime nazi.

Baker (Misuri, 1906) medrou no período das peores revoltas racistas vividas en San Luis e tivo unha infancia marcada pola pobreza. Comezou a bailar na rúa, pero en 1922 uniuse a unha compañía de baile e apenas un ano máis tarde xa entrou no coro da primeira obra cun reparto formado por artistas de cor que se representou en Broadway, *Shuffle Along*.

En 1925 viaxou a París e converteuse nunha estrela do famosísimo cabaré Folies Bergère. Está considerada unha das responsables da chegada do charlestón ao vello continente e protagonizou numerosas longametraxes de éxito durante a seguinte década.

A mediados dos anos trinta obtivo a nacionalidade francesa e tras o comezo da II Guerra Mundial integrouse na resistencia francesa, polo que recibiu dúas medallas de honra militares: a Cruz da Guerra e a Lexión de Honra. En 2021 fixo de novo historia ao converterse na sexta muller e na primeira muller afroamericana en ser enterrada no Panteón de París, onde descansan as máximas glorias da cultura francesa, desde Voltaire e Victor Hugo ata Marie Curie.



Extraordinaria bailarina e actriz afroamericana. Traballou como espía contra os nazis

Algunos derechos reservados por carbonated

Anna Maria Martínez Sagi

Xornalista na fronte de guerra, poeta, atleta e feminista. Anna Maria Martínez Sagi foi unha periodista comprometida socialmente e unha deportista de elite que promoveu a participación política da muller e colaborou con diversos diarios e revistas da Segunda República. Malia a súa excepcional traxectoria, permaneceu no esquecemento de forma inxustificada durante case oito décadas.

Nada en Barcelona en 1907, esta singular muller tivo unha traxectoria vital apaixonante. Está considerada unha das xornalistas máis importantes da Segunda República. Con dezanove anos comezou a publicar no suplemento feminino do diario *Las Noticias* e, posteriormente, colaborou no xornal *La Rambla*.

Foi, ademais, unha pioneira do deporte feminino en España. Campioa nacional de lanzamento de xavelina, tamén foi a primeira muller en formar parte da xunta directiva do Fútbol Club Barcelona (1927), un cargo ao que renunciou ao non ser capaz de acadar os obxectivos que ela mesma se fixara.

A comezos da década dos 30 viaxou por toda España dando conferencias nas que reivindicaba o papel da muller na sociedade e fundou o primeiro club de mulleres traballadoras de Barcelona.

Na Guerra Civil enrolouse nas columnas de milicias antifascistas e enviaba crónicas desde a fronte de Aragón. En 1939 iniciou un exilio de corenta anos, tras os cales reapareceu de forma misteriosa no pobo catalán de Santpedor, con case noventa anos. O escritor Juan Manuel de Prada localizouna e recuperou a súa historia no libro *Las esquinas del aire: en busca de Ana María Martínez Sagi*.



Deportista de elite e correspondente de guerra

Licencia Creative Commons. Dedicación de Dominio Público CCO 1.0 Universal

Claire Nouvian

Claire Nouvian é unha activista medioambiental, xornalista, produtora e directora de documentais para televisión especializada en fondos mariños e nomeada embaixadora dos océanos pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza. Desde nova enfocou a súa carreira á creación de contido audiovisual orientado a crear conciencia na sociedade, e axudou a cidadanía a entender a riqueza natural do planeta e a necesidade de preservala.

Nada en Bordeos en 1974, estudou Xornalismo na Sorbona, pero con pouco máis de vinte anos mudouse temporalmente a Arxentina, onde un contacto máis estreito coa natureza animárala a reorientar o seu futuro. De regreso a Francia, comezou a traballar como coprodutora de Discovery Channel realizando documentais sobre ciencia e medio ambiente.

O seu compromiso persoal co planeta cristalizou en 2004 cando fundou a asociación BLOOM para a preservación da natureza, con sedes en París e Hong Kong, cuxas investigacións e actividades céntranse nas pesqueiras de augas profundas e nos hábitos de consumo.

No ano 2018, tras realizar unha importante investigación sobre redes de arrastre, Nouvian logrou que se prohibise este tipo de pesca en augas profundas, primeiro en Francia e logo no conxunto de Europa, co que se desterrou o sistema de pesca máis destrutivo para o solo mariño e a biodiversidade nos océanos. Por este e outros logros recibiu o Premio Ambiental Goldman (2018), considerado o Nobel do medio ambiente.

A xornalista francesa é autora do libro *Criaturas abisales*, unha publicación que foi todo un acontecemento tanto para a comunidade científica coma para o gran público e que recibiu o Premio Internacional ao Mellor Libro de Fotografía Submarina.



Activista medioambiental e produtora de documentais que promoven a biodiversidade

Universidad de Nantes (Youtube). CC BY 3.0, a través de Wikimedia Commons

María Elena Cartea González

María Elena Cartea González (Vigo, 1967) é doutora en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (1995) e desde o ano 2015 dirixe a Misión Biolóxica de Galicia, un centro do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) adscrito á área de Ciencias Agrarias. Algunhas das súas aportacións persoais máis destacadas á institución son a creación dun grupo de investigación, o de Xenética, Mellora e Bioquímica de Brásicas, e unha aposta firme pola internacionalización dos traballos realizados no centro pontevedrés.

Cartea licenciouse en Bioloxía en Santiago de Compostela e, tras realizar a súa tese, completou a súa formación cunha estadía posdoutoral de dous anos no Instituto Nacional de Reforma Agraria de Versalles, onde se formou en técnicas de bioloxía molecular relacionadas coa calidade nutricional das brásicas. No ano 2000 logrou a praza de científica titular do CSIC e en 2008 ascendeu a investigadora científica da institución.

Nestas máis de dúas décadas na Misión Biolóxica de Galicia participou en 36 proxectos de investigación e na creación do *Catálogo das coleccións vexetais locais da Misión Biolóxica de Galicia*, que aborda a conservación e o emprego de variedades locais de cultivos galegos e constitúe un documento de interese para empresas, produtores e o público xeral.

Cartea publicou case un cento de artigos, libros e monografías, ademais de implicarse activamente en programas de divulgación e na formación de persoal investigador e técnico, dirixindo teses doutorais e tesinas de licenciatura e supervisando traballos de fin de grao e fin de máster. Nos últimos anos participou en tres proxectos europeos, o último deles un proxecto Marie-Curie como investigadora principal.



Fotografía cedida por CSIC

Doutora en Bioloxía e directora da Misión Biolóxica de Galicia

Mariví Villaverde

María Victoria Villaverde Otero, máis coñecida coma Mariví Villaverde, foi unha escritora e xornalista galega, considerada unha das principais voces da República e das maiores loitadoras pola recuperación da memoria histórica. Era aínda unha moza cando se tivo que exiliar coa súa familia, primeiro a Bordeos e máis tarde a Bos Aires. Anos despois narraría a represión que sufriu a súa familia polas súas ideas republicanas no volume *Tres tempos e a esperanza*, publicado por primeira vez en 1962.

Escritora e xornalista, Villaverde, nada en Vilagarcía de Arousa en 1922, mantivo no exilio unha intensa vida cultural ligada ao teatro e ao periodismo. No ano 1944 retornou temporalmente a Galicia, pero emigrou de novo a Bos Aires, onde traballou no Teatro Galego da Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais.

Mantivo unha amizade moi estreita con Eduardo Blanco Amor, Arturo Cuadrado e Luis Seoane. Nesa mesma época dirixiu o periódico *Galicia* en colaboración con Arturo Cuadrado e narrou de forma maxistral o exilio republicano.

En 1966 retornou definitivamente a España e instalouse en Madrid. A Universidade Complutense de Madrid publicou en 2011 *Dos vidas y un exilio. Ramón de Valenzuela y María Victoria Villaverde*, un volume colectivo que tenta facer xustiza coa traxectoria de Villaverde e do seu marido. A vilagarcía recibiu en 2006 o Premio Galiza Mártir da Fundación Alexandre Bóveda. En 2012, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña nomeouna Republicana de Honra.



Arquivo da AELG

Unha das principais voces do exilio republicano

Mar Capeáns

Mar Capeáns é unha eminente física galega e a primeira española en formar parte do equipo científico permanente do Laboratorio Europeo de Física de Partículas en Xenebra, onde lidera o grupo de Tecnoloxía de Detectores da Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN). A galega é unha das científicas con maior responsabilidade nun equipo integrado por milleiros de persoas.

Capeáns (Santiago de Compostela, 1967) é doutora en Física de Partículas pola Universidade de Santiago de Compostela e posúe un MBA en Xestión de Proxectos Tecnolóxicos pola Escola Politécnica Federal, a Universidade de Lausana e a Escola de Negocios McCombs (Texas).

Incorporouse ao CERN en 1992 para realizar a súa tese doutoral no grupo de desenvolvemento de detectores de Georges Charpak, Premio Nobel de Física. Tras seis anos traballando en proxectos de I+D na procura de tecnoloxías de detección apropiadas para os experimentos do Gran Colisor de Hadróns (LHC, polas súas siglas en inglés), en 1998 trasladouse a Alemaña para participar no deseño, na construción e na posta a punto do detector de trazas no experimento HERA-B no Centro de Investigación Sincrotrón Alemán de Electróns (DESY, polas súas siglas en alemán, Hamburgo).

En 2000 regresou ao CERN, onde ocupou diferentes postos de responsabilidade. Actualmente lidera o Grupo de Xestión de Proxectos do Departamento de Tecnoloxía e non dubida en resaltar en público que a humildade e o traballo en equipo son dúas condicións indispensables para alcanzar resultados nun centro de máximo nivel coma o seu, con varios premios Nobel en activo nunha comunidade científica de milleiros de persoas que lles buscan solución aos enigmas científicos máis transcendentales da humanidade.

Capeáns participou na proposta e na dirección de proxectos tecnolóxicos cofinanciados pola Comunidade Europea, coma as redes Marie Curie Talent e Stream, enfocadas no desenvolvemento de detectores de partículas. A científica galega publicou máis de 450 artigos científicos no campo da física de altas enerxías e da instrumentación.



Doutora en física e integrante do equipo científico do CERN

Coco Chanel

É unha das deseñadoras máis recoñecidas da historia, cunha mente brillante e audaz que destacou pola súa visión innovadora da moda durante o período de entreguerras. Traballadora infatigable e muller decidida a conseguir os seus obxectivos profesionais nun mundo dominado polos homes, Coco Chanel provocou unha ruptura coa opulenta e pouco práctica elegancia da *belle époque* e deixou para a historia algunhas creacións maravillosas e icónicas, coma o seu famoso traxe xastre feminino de *tweed*, os seus primeiros bolsos ou o perfume orixinal Chanel Nº 5.

Nada como Gabrielle Bonheur Chanel en 1883, na rexión francesa de Loira, pasou parte da súa infancia nun orfanato, onde aprendeu a coser, bordar e pasar o ferro. Estes coñecementos abríronlle paso a un primeiro traballo de costureira na localidade de Moulins, pero a deseñadora apuntaba moito máis alto e en 1909 inaugurou a súa primeira tenda de sombreros na parísina rúa de Cambon.

O éxito foi inmediato, o que lle permitiu abrir novos establecementos e entrar no mundo da moda, a onde chegou disposta a facer cambios. Chanel fomentou o uso do pantalón entre as mulleres e eliminou o xustillo que tanto padecemento lles provocaba. En 1921 triunfou co lanzamento do famosísimo perfume Chanel Nº 5, creado en colaboración co perfumista Ernest Beaux.

Chanel pasou de medrar nun orfanato a vestir a divas da talla de Greta Garbo e a mulleres poderosas como Jackie Kennedy. Sempre tivo claro ata onde quería chegar e aínda hoxe é unha das deseñadoras máis imitadas debido ao seu grande estilo. Tamén é coñecida por introducir a camelia como elemento decorativo nos seus traxes, motivo polo que a Deputación de Pontevedra lle puxo o seu nome a unha variedade desta flor que loce nos xardíns do castelo de Soutomaior.



Icona da moda do século xx e unha innovadora que fomentou o uso do pantalón nas mulleres

Marilar Aleixandre

María Pilar Jiménez *Marilar* Aleixandre é unha escritora, tradutora e bióloga española. Foi unha muller pioneira no uso do galego como lingua vehicular nos ámbitos da educación e da ciencia e en 2017 ingresou na Real Academia Galega, co discurso *Voces termando da paisaxe galega*.

Nada en Madrid en 1947, Aleixandre licenciouse en Bioloxía na Universidade Complutense de Madrid e despois decidiuse a opositar ao ensino secundario. Foi así como acabou en Vigo, destinada como catedrática no instituto do Calvario.

Como xa fixera en Madrid, ao trasladarse a Galicia implicouse coa resistencia clandestina contra a ditadura franquista e participou na primeira asociación feminista galega e na Asociación Galega da Muller. En 1988 comezou a impartir clases de Didácticas das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela, onde foi nomeada catedrática en 1996.

Empezou a escribir relatos curtos e panfletos na universidade para revistas clandestinas e tamén participou en certames de poesía. O primeiro relato que escribiu foi un conto sobre vampiros que deu lugar ao libro *Agardando polos morcegos*. Pronto chegaría a súa primeira novela infantil, *A formiga coxa*, á que seguiu *A expedición do Pacífico*, pola que recibiu o Premio Merlín e o Premio da Crítica de Galicia en 1995. *A banda sen futuro* levou o Premio Lazarillo de novela xuvenil e o Premio Lecturas, pero os galardóns non rematarían aquí; *A cabeza de Medusa* foi merecedora do premio Fundación Caixa Galicia.

Na poesía aventurouse máis tarde coa publicación en 1998 de *Catálogo de venenos* e en 2016 de *Desescribindo*. Tamén ten un papel consolidado como tradutora en varios idiomas e un sólido compromiso feminista.



Foto da AELG

Bióloga, tradutora e escritora galega pioneira no uso do galego

María Jesús Monterde

María Jesús Monterde é intérprete de lingua de signos desde hai máis de dúas décadas, activista, docente e todo un referente na comunidade xorda de Pontevedra. Actualmente exerce como secretaria xeral da Federación Española de Xordocegueira (FESOCE, polas súas siglas en castelán) e, ademais, é presidenta da Organización de Diversidade Sensorial de Galicia (Xoga), unha entidade que desempeña un papel fundamental para ofertar servizos e actividades inclusivas para o colectivo en Galicia.

Como feito diferencial cabe destacar que Monterde ten pais xordos, o que lle outorga unha visión de primeira man sobre a accesibilidade e a integración social das persoas con discapacidade auditiva. Leva en activo vinte anos como intérprete de lingua de signos e foi docente na Federación Galega de Persoas Xordas (FegaXor), na Asociación de Xordos de Pontevedra Río Lérez e no Concello de Pontevedra.

Máis coñecida como Chus Monterde, é unha defensora incansable dos dereitos das persoas con discapacidade e o seu obxectivo é lograr unha integración social efectiva que ela ve posible de poñer os medios necesarios a disposición das persoas que os precisan.

Actualmente coordina o programa “Lingua de signos e investigación”. A través de FESOCE apoia a visibilidade do bastón branco e vermello da xordocegueira con diferentes actividades e proxectos.



Todos os dereitos reservados

Intérprete, docente e referente na loita polos dereitos das persoas xordas

Frances Benjamin Johnston

Frances Benjamin Johnston foi xornalista e fotógrafa, unha pioneira do que hoxe se coñece como fotografía documental de denuncia social. Defensora da independencia económica das mulleres e crítica cos roles de xénero imperantes na sociedade de finais do século XIX, retratou a elite estadounidense.

Johnston naceu en 1864 e cando era moi nova recibiu de George Eastman, fundador da Eastman Kodak Company e amigo persoal da súa familia, unha das primeiras cámaras fotográficas da historia. Este agasallo marcou definitivamente o seu rumbo profesional e fixo que se decidise a viaxar a Europa para estudar debuxo e pintura na Academia Julian de París, formación que completou ao seu regreso aos Estados Unidos na escola Art Student's League de Washington.

En 1895 abriu o seu propio estudo de fotografía en Washington, no que retrataba personalidades contemporáneas, entre elas a sufragista Susan Brownell Anthony ou o escritor Mark Twain. Traballou para as principais revistas da época e pasou á historia como a primeira fotorreporteira e como a fotógrafa non oficial da Casa Branca.

Foi unha das organizadoras da exposición de fotografías da Exposición Universal de París en 1900. Unha das súas imaxes máis coñecidas é a que lle fixo ao almirante George Dewey tras gañarlle Manila aos españois. Tamén empregou a fotografía para denunciar a discriminación racial no país e deixou un importante legado sobre a impresionante arquitectura de Nova York nos anos vinte.



Dominio público. A través de Wikimedia

Pioneira do fotoxornalismo e activista contra a discriminación racial

Benilde Vázquez

Benilde Vázquez, natural de Antas de Ulla, é unha investigadora e pedagoga española pioneira na investigación sobre a muller e o deporte. Foi fundadora e vicepresidenta do Seminario Permanente Muller e Deporte e profesora da Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade Politécnica de Madrid.

Criada en Marín, Vázquez estudou maxisterio na Escola Normal de Pontevedra e posteriormente licenciouse en Pedagogía na Universidade Complutense de Madrid. En 1966 comezou a impartir clases de Psicoloxía e Pedagogía. Nos seus case corenta anos como profesora do Instituto Nacional de Educación Física (INEF) dirixiu o departamento de Pedagogía da Actividade Física e do Deporte e profundou na situación das mulleres no mundo deportivo.

Desde o primeiro momento, Vázquez impulsou un novo enfoque da educación física máis aló do ámbito académico. Era unha firme defensora da necesidade do deporte na infancia e na adolescencia, un traballo continuo polo que en 2015 lle outorgaron o primeiro Premio Internacional de Educación Física José María Cagigal, filósofo do deporte co que ela colaborara nos seus inicios.

Non foi este o único recoñecemento que recibiu; en 2006, coincidindo coa súa xubilación, outorgáronlle a Medalla ao Mérito Deportivo, e en 2016 o Consello Superior de Deportes concedeulle o Premio Nacional ás Artes e ás Ciencias Aplicadas ao Deporte xunto a Élica Alfaro. Ademais, participou en media ducia de publicacións sobre actividade física e mulleres para o Ministerio de Cultura e o Instituto da Muller.

Firme defensora da igualdade no deporte, en 1990 impulsou a creación do Seminario Permanente Muller e Deporte na Universidade Politécnica de Madrid, entidade que busca vencer as resistencias ao avance feminino no ámbito deportivo.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Pedagoga española pioneira na investigación sobre a muller e o deporte

Cindy Sherman

Cindy Sherman (Nova Jersey, 1945) é unha das fotógrafas máis importantes do século xx. Explorou sobre todo o corpo humano, fotografándose a si mesma en escenas ficticias nos seus *Untitled Film Stills*, obra na que cuestiona os estereotipos sobre as mulleres. Emprega o seu corpo como vehículo para representar unha gran variedade de temas do mundo contemporáneo, coma o papel da muller na sociedade da época ou o das e dos artistas.

Sherman estudou Artes Visuais na Universidade de Búfalo, o que supuxo o seu primeiro contacto co mundo artístico. Comezou pintando e experimentando con disfraces e maquillaxe, un costume que mantivo desde a infancia. Pero unha vez instalada en Nova York, a mediados dos anos setenta, decidiu inmortalizar as súas *performances* coa cámara. Estes autorretratos conceptuais conforman *Complete Untitled Film Stills* (1977-1980).

Foi tamén unha artista que utilizou a creación como denuncia social. Todos os seus traballos agochan unha mensaxe e con obras coma *Disasters*, *Fairy Tales* ou *Disgust pictures* criticou o consumismo feroz da sociedade por medio de duras imaxes de vísceras, vómitos, mutacións e personaxes de terror. En *History Portraits* volve ao autorretrato para recrear pinturas renacentistas e barrocas.

Sen dúbida, Sherman pode catalogarse como unha das figuras máis influentes da arte contemporánea. Recoñecida co Premio Internacional da Fundación Hasselblad (1999), o Premio Imperiale (2016) e o Premio Wolf e Arte (2020), expuxo máis de tres décadas do seu traballo no MoMA de Nova York. A súa obra *Untitled #96* vendeuse nunha puxa en Christie's por case catro millóns de dólares.



Fotógrafa e unha das figuras máis importantes da arte contemporánea

No Comercial, Sin Derivados 4.0 Internacional CCBY-NC-ND 4.0

Kate Warne

Kate Warne tomou unha decisión insólita para a época cando en 1856 se presentou por sorpresa na Axencia Nacional de Detectives Pinkerton pedindo traballo. Viúva con 23 anos, viuse obrigada a gañarse a vida sen axuda, pero, lonxe de aceptar as tarefas administrativas que lle ofrecían, foi quen de convencer os propietarios para que a deixasen investigar, co que se converteu na primeira detective da historia nos Estados Unidos.

Apenas hai datos sobre a vida desta muller de extraordinario carácter, que naceu arredor de 1833 no condado de Chemung (Nova York) e que pasou á historia como a muller que impediu o asasinato do presidente Abraham Lincoln ao descubrir o chamado complot dos secesionistas de Baltimore de 1861: os participantes planeaban acabar coa vida de Lincoln durante a súa xira como presidente electo e foi ela quen desbaratou os plans homicidas contra o presidente.

O seu xefe e biógrafo, Allan Pinkerton, destacou dela a súa grande habilidade para disfrazarse e imitar diferentes acentos, o que lle permitía adquirir diferentes identidades. O seu primeiro traballo como detective foi en Alabama, onde se tivo que facer amiga da esposa do principal sospeitoso dun roubo millonario. Warne estreouse conseguindo a confesión da muller e deu co diñeiro agochado.

Durante a guerra civil estadounidense, a axencia para a que traballaba recompilaba información de forma encuberta. Warne chegou a ter unha vintena de alcumes e acadou grandes éxitos, sabedora de que naquel momento ninguén pensaba nunha muller como unha posible espía. Ela foi a primeira nun mundo de homes e abriu o camiño para moitas outras mulleres detectives que formaron parte do negocio a partir da súa chegada.

En outubro de 2021, a editorial Archaia publicou a novela gráfica titulada *Better Angels* sobre Kate Warne, que aborda o complot de Baltimore e os seus primeiros anos de vida. Ademais, proximamente unha plataforma audiovisual levará a súa historia ao cine coa actriz Emily Blunt como protagonista.



Primeira detective da historia dos Estados Unidos que lle salvou a vida ao presidente Lincoln

Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Marcela Lagarde

María Marcela Lagarde y de los Ríos naceu na Cidade de México en 1948. É etnóloga, mestra, doutora en antropoloxía, académica e política, unha figura fundamental do feminismo latinoamericano. Foi profesora universitaria durante máis de tres décadas e, na actualidade, é profesora convidada de diversas universidades, gobernos e organizacións de mulleres e feministas, ademais de presidenta da Rede pola Vida e a Liberdade das Mulleres.

Activista e teórica, Lagarde centrou o seu traballo no estudo antropolóxico da condición feminina e realizou diversas publicacións sobre temas fundamentais para o feminismo, coma o cativerio, os coidados, a sexualidade, o amor, a violencia, a autonomía das mulleres, a maternidade ou a sororidade.

A mexicana é integrante do Consello Civil Asesor da ONU Mulleres e desempeñou diversos cargos de responsabilidade. Exerceu como presidenta da Comisión Especial de Feminicidio da Cámara de Deputados da LIX Lexislatura do Congreso da Unión de México (2003-2006) e cómpre destacar o seu traballo como deputada a prol da Lei Xeral de Acceso das Mulleres a Unha Vida Libre de Violencia, vixente en México desde 2007.

En 2006, Lagarde dirixiu a Investigación Diagnóstica sobre a Violencia Feminicida na República Mexicana e emitiu unha peritaxe sobre o Caso Campo Algodonero de Ciudad Juárez ante a Corte Interamericana de Dereitos Humanos, que considerou o Estado mexicano culpable. É autora de máis de 100 artigos e libros feministas, coma *Los cautiverios de las mujeres: madresposas, monjas, putas, presas y locas*.



Urcunificación, CC BY-SA 3.0, a través de Wikimedia Commons

Política, académica, antropóloga
e investigadora feminista
mexicana

Virginia Woolf

Virginia Woolf é unha das escritoras máis importantes do século xx, unha autora revolucionaria e de lectura imprescindible, ademais dunha das figuras máis destacadas do modernismo vangardista e unha icona feminista. Nada en Londres en 1882, tocoulle vivir nun mundo de homes e nunha das súas obras de referencia, *Un cuarto de seu*, preguntábase que precisan as mulleres para escribir boas novelas; ao que se respondía “independencia económica e persoal, é dicir, un cuarto de seu”, un luxo inalcanzable para a maioría das mulleres da época.

Woolf foi educada na casa nunha época na que as familias unicamente lles proporcionaban formación aos fillos varóns. Tivo ademais unha adolescencia traumática, coa morte repentina da súa nai e a súa irmá e abusos por parte dos seus medios irmáns, feitos que marcarían o seu carácter de por vida. Nas súas memorias relata que as mellores lembranzas da súa infancia corresponden aos períodos estivais que a familia pasaba en Cornualles.

Durante o período de entreguerras, Woolf foi unha figura significativa na sociedade literaria de Londres e formou parte do coñecido como círculo de Bloomsbury, un grupo de economistas, filósofos e intelectuais que a puxeron en contacto coa igualdade, o feminismo, a aceptación da homosexualidade, o pacifismo ou o ecoloxismo.

A súa primeira novela, *Fin de viaxe*, publicouse en 1915. A fama chegaríalle uns anos máis tarde con *A señora Dalloway* (1925), *Cara ó faro* (1927), *Orlando. Unha biografía* (1928), *As ondas* (1931) e o seu breve ensaio feminista *Un cuarto de seu* (1929). Falamos dunha das mellores novelistas en lingua inglesa e unha das renovadoras da novela moderna, preocupada polas dificultades das mulleres escritoras e cun pensamento e ideario plenamente vixentes na actualidade.



Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Unha das mellores novelistas
do século xx e un referente
feminista

Rosa Cedrón

Rosa Cedrón naceu en Monforte de Lemos (1972) no seo dunha familia con gran tradición musical. Cantante, instrumentista e compositora, é unha das voces máis internacionais de Galicia. Vencellada durante nove anos ao grupo Luar na Lubre, en 2005 emprendeu con grande éxito a súa carreira en solitario. A súa portentosa voz converteuna nunha figura irrepetible na música galega.

Toca o violonchelo desde nena e formou parte da Orquestra de Cámara Municipal da Coruña. Foi profesora de música no Conservatorio de Ferrol e en 1996 invitárona a actuar con Luar na Lubre, momento no que brotou unha colaboración sólida e frutífera, primeiro como instrumentista e máis adiante como cantante. Percorreu os mellores escenarios do mundo co grupo e gravou un total de cinco traballos.

Durante esta etapa descubriuna o músico Mike Oldfield, que, marabillado coa súa voz, contou con ela para a gravación de *Tubular Bells III* e para a presentación mundial do disco, que tivo lugar en Londres en 1998.

En 2005, Cedrón emprendeu a súa carreira en solitario e seguiu a colaborar con grandes artistas durante todo este tempo. Co seu primeiro disco en solitario, *Entre dous mares* (2007), realizou unha intensa xira por España, Europa e América Latina. Tres anos despois publicou *SOAS*, *Muller* con Cristina Pato, un disco único na música galega no que conflúen a tradición e o clásico. En 2019 recibiu o Premio Rebulir da Cultura Galega na categoría de música.

O último traballo de Cedrón, *Nómade*, saíu á venda en 2021 co seu persoal e cativador estilo. Gravouno xunto ao seu irmán Xavier Cedrón e ao pianista Miguel Artus. Este traballo homenaxea os 25 anos da artista no mundo da música, ao tempo que representa unha viaxe ao seu interior.



No comercial. Compartir igual. 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0)

Unha voz prodixiosa que internacionalizou a música galega

Juana de Vega

Juana de Vega y Martínez naceu na Coruña en 1805. Foi unha activista política e escritora liberal española cun importante labor social e de mecenado. Responsable de formar a raíña Isabel II, promoveu a creación da Cruz Vermella na Coruña e caracterizouse pola defensa das letras galegas e do medio rural. Ademais, foi unha muller cunha gran conciencia social, que demostrou ao longo de toda a súa vida.

De Vega recibiu unha completa formación en letras e humanidades e asumiu un forte compromiso social herdado da súa familia. As súas ideas progresistas levárona a vivir exiliada máis dunha década en Gran Bretaña e a realizar viaxes frecuentes a Francia coa intención de traballar pola restauración da Constitución de Cádiz de 1812.

De Vega regresa á súa cidade natal en 1837 para xestionar maxistralmente o patrimonio familiar e transforma a súa casa en punto de reunión da sociedade liberal e da intelectualidade progresista da época. Esta faceta súa só se viu interrompida os dous anos que tivo que mudarse a Madrid para facerse cargo do coidado e da formación da raíña Isabel II.

De Vega realizou un incansable labor filantrópico; mecenas dalgún dos mellores músicos españois da época, tamén apoiou os Xogos Florais de 1861, que constitúen o punto de partida do Rexurdimento. Dirixiu o hospital provisional habilitado para facerlle fronte á pandemia de cólera na cidade a mediados do século XIX e foi amiga e o principal apoio de Concepción Arenal, a máis importante activista e pensadora social do século XIX español. Ao seu falecemento legou os seus bens para a creación da Fundación Juana de Vega que, aínda hoxe contribúe ao desenvolvemento do medio rural galego.



Alfredo Perea - Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Foi unha activista, mecenas e escritora liberal española

Clara Cid Bengoa

Clara Cid Bengoa é enxeñeira de camiños e doutoranda na Universidade da Coruña (UDC); unha investigadora cun talento formidable e cunha prometedora carreira por diante. Foi premiada dous anos consecutivos pola maior asociación de enxeñaría aeroespacial do planeta, o Instituto Americano de Aeronáutica e Astronáutica (AIAA, polas súas siglas en inglés). O seu traballo diario en Galicia ten como obxectivo avanzar en deseños aeronáuticos lixeiros que supoñan un menor consumo de combustible e reduzan o impacto ambiental da aviación.

Natural de Verín, Cid graduouse en Enxeñería de Camiños, Canles e Portos na UDC en 2015 e actualmente investiga para esta institución como parte do grupo de Mecánica de Estructuras.

En 2021 gañou o primeiro galardón da AIAA cun artigo sobre a xestión da incerteza na fabricación de aeronaves e un ano despois impúxose na categoría de mellor artigo científico dunha estudante de doutorado da compañía aeroespacial e militar dos Estados Unidos Lockheed Martin cun traballo que avanza nas achegas do exercicio precedente. A este certame preséntanse cinco mil estudantes de todo o mundo con novidades para o sector, o que dá unha idea do importante logro acadado pola investigadora de orixe ourensá.

Este ano acudiu presencialmente á entrega de galardóns e regresou a Galicia co firme propósito de establecer colaboracións con outras universidades do mundo para realizar ensaios experimentais que melloren a seguridade das aeronaves.



Enxeñeira de camiños e investigadora de enxeñaría aeroespacial

Vivian Suter

Vivian Suter é unha pintora contemporánea que converteu a natureza en parte indisoluble da súa obra. Naceu en Bos Aires en 1949 e residiu en Basilea durante dúas décadas, ata que, en 1982, durante unha viaxe por América Central, decidiu establecer a súa residencia na selva guatemalteca. Desde ese momento traballa nun estudio situado na vila de Panajachel, sobre o terreo dunha antiga plantación cafeteira moi próximo ao lago Atitlán.

Neste particular escenario, a obra de Suter avanzou cara a un intercambio cada vez máis estreito coa contorna natural, plasmado en lenzos coloristas, sen marco, en profunda continuidade coa paisaxe tropical na que reside. A natureza aparece case como coautora das súas obras, impregnadas do vento, da choiva, do barro e mesmo de pequenos organismos da contorna selvática.

Medio millar dos seus cadros estiveron expostos desde xuño de 2021 ata comezos de 2022 no Palacio de Velázquez do parque madrileño de El Retiro, nun espazo “surrealista e envolvente” deseñado pola propia artista, que ocupou as paredes coas súas pinturas, a maioría sen bastidor, distribuídas no chan ou suspendidas libremente en estruturas de madeira que semellaban unha grande escultura téxtil.

Esta mostra, a maior realizada sobre a artista suízo-arxentina, mesturaba obras coloristas dos anos oitenta sobre papel e outras máis recentes. A obra de Suter aproxímase á pintura abstracta e á improvisación artística. Na súa longa traxectoria profesional expuxo na Sala Kunsthalle de Basilea, na exposición Bial de São Paulo, na Bial de Taipei, no Instituto de Arte Contemporánea de Boston ou no Camden Art Centre de Londres. En 2021 recibiu o Premio Meret Oppenheim, o galardón artístico máis importante de Suíza.



Pintora contemporánea que converteu a natureza en parte indisoluble da súa obra

Pepita Abelleira, Carmen Domínguez Prieto e Rita Vázquez Vázquez

Josefa Prol García, coñecida como Pepita Abelleira, xubilada do sector da conserva; Carmen Domínguez Prieto, a Toupeira, exmariscadora do Grove; e Rita Vázquez Vázquez, que traballou como bateira en Noalla, son as tres traballadoras do mar galardoadas co Premio Mulleres Salgadas 2022.

As homenaxeadas son tres nomes propios que representan toda unha xeración de mulleres traballadoras que lle dedicaron a súa vida ao mar e que foron quen de convertelo nun lugar máis humano e cheo de compañeirismo e sororidade. Tres veciñas da comarca do Salnés cuxas vidas son idénticas ás de milleiros de nenas, nais e avoas da provincia de Pontevedra que se criaron co salitre nas mans e realizaron unha contribución fundamental a un dos sectores económicos máis importantes das Rías Baixas.

Reivindicar a Pepita, á Toupeira e a Rita é tamén unha forma de poñer en valor todo un mar de mulleres que desde a lonxa ata a batea, pasando polas nosas praias, contribuíron de forma masiva ao crecemento da provincia sen apenas ter voz nin voto. As traballadoras do mar tiveron que esperar décadas ata ver unha compañeira liderando unha confraría ou a creación de colectivos destinados especificamente á defensa dos dereitos femininos.

A vida de Carmen Domínguez estivo dedicada ao marisqueo desde que comezou a traballar aos dez anos recollendo caramuxos. Son moitas as lembranzas desa vida dura e esforzada que para ela tamén é sinónimo de “liberdade e compañeirismo”. Pepita Abelleira tiña xornadas interminables nas fábricas de conservas, nas que cantar era un dos costumes. Mentres que Rita Vázquez reivindica o traballo completamente manual que se realizaba nas bateas hai dúas e tres décadas, cando non había maquinaria que axudase.



Tres traballadoras do mar na provincia de Pontevedra e Premio Mulleres Salgadas 2022

Carmen Avendaño

Carmen Avendaño foi unha pioneira na loita integral contra o narcotráfico. Leva catro décadas sendo a voz dun importante colectivo de nais que nos anos oitenta asumiu o risco de mobilizarse publicamente contra os narcotraficantes que estaban a malograr toda unha xeración de mozas e mozos na provincia de Pontevedra. Protestaban na rúa ao tempo que traballaban para organizar plans integrais de rehabilitación e inserción a través da Fundación Érguete-Integración.

Avendaño naceu en Vigo en 1945 e leva traballando en causas sociais desde nova. Cofundou a asociación de veciñas e veciños da parroquia de Lavadores, co que se sentaron as bases do movemento veciñal vigués. Nos anos noventa entrou en política como concelleira e, posteriormente, foi deputada provincial en Pontevedra. Muller reivindicativa desde o berce, como membro do Consello de Administración do Real Club Celta de Vigo anima as mulleres a participar máis no deporte e na vida pública en xeral.

Os seus logros son moitos, pero, sen dúbida, forma parte da historia recente de Galicia polo seu enfrontamento contra Laureano Oubiña e pola súa loita coas administracións públicas co fin de lograr asistencia profesional e médica para as persoas drogodependentes e reformar o Código Penal en busca de alternativas ás penas de cárcere. O director de cinema Gerardo Herrero plasmou na gran pantalla o movemento das denominadas “nais contra a droga” na película *Heroína* (2005), na que Adriana Ozores dálle vida a Avendaño.



Líder do movemento das “nais contra a droga” e creadora da Fundación Érguete-Integración

En 2010 a raíña Sofía fíxolle entrega da Cruz de Prata da Orde Civil da Solidariedade Social en recoñecemento ao seu compromiso persoal en defensa das mozas e mozos afectados polas adiccións e pola súa decidida loita contra o tráfico de drogas. O seu gran legado é a enorme contribución que segue a realizar a Fundación Érguete-Integración a día de hoxe, traballando pola integración social e laboral de persoas reclusas, drogodependentes ou pertencentes a colectivos vulnerables.

Sophie Calle

O traballo artístico de Sophie Calle (París, 1953) é indisoluble da súa traxectoria vital. Os seus proxectos artísticos autobiográficos son, en moitas ocasións, formas de procesar e elaborar a súa propia vida. Artista conceptual, escritora, fotógrafa e directora de cinema, a creadora mostra na súa obra a vulnerabilidade humana e examina as relacións entre identidade e intimidade.

A comezos dos anos setenta emprendeu unha longa viaxe polo mundo e, tras regresar a París, pasou un ano retratando persoas anónimas polas rúas da cidade. O resultado deste experimento quedou plasmado na obra *Filatures parisiennes*, a súa primeira aproximación á intimidade allea, na que mesturaba imaxes con breves textos descritivos, unha fórmula que repetiría ao longo da súa traxectoria e que daría como resultado unha narrativa artística moi persoal e única.

En 2010 recibiu o prestixioso Premio Internacional da Fundación Hasselblad en recoñecemento ao seu traballo, co que busca incitar as e os espectadores a reflexionar sobre as posibilidades e os límites da fotografía e tamén inspirar xeracións de artistas máis novas.

Cada un dos seus proxectos pode verse coma un capítulo dun proxecto máis amplo no que Calle explora os límites entre o íntimo e o público, a realidade e a ficción, a arte e a vida. En 2022, o Centre Pompidou Málaga dedicoulles unha retrospectiva aos case corenta anos de traballo creativo da artista francesa, coa que se repasou a súa obra a través dalgunhas creacións emblemáticas e situouna como un referente internacional da arte contemporánea.



De Pascal Ferro. A través de Wikimedia Commons, CC BY-SA 3.0

Artista conceptual francesa e fotógrafa de talle internacional

Rosario Pino Bolaños

Rosario Pino Bolaños, nada en Málaga en 1870, foi unha das actrices máis brillantes do primeiro terzo do século xx e tamén unha das primeiras mulleres en practicar o ciclismo en España. En 1906 fundou a súa propia empresa xunto co actor Enrique Borrás e ambos os dous acadaron grandes éxitos durante unha xira de dous anos por toda América Latina, a cal lle fixo gañar o alcume de “a princesa da escena española”.

Criada nas inmediacións do Teatro Cervantes de Málaga, o seu destino parecía escrito desde o berce. Alumno da Academia de Declamación de Málaga, debutou con apenas once anos nos grupos teatrais do poeta Luis Santí e da sociedade Lope de Vega e con dezaseis trasladouse a Madrid coa compañía de María Tubau, onde permaneceu durante cinco tempadas ata que decidiu independizarse.

Co paso dos anos e grazas ao seu talento innato, consolidouse como a primeira actriz do Teatro Lara, no que coincidiu coas actrices e actores máis grandes do teatro da época, coma María Guerrero, Fernando Díaz de Mendoza y Aguado, Emilio Thuillier ou Enrique Borrás. Posteriormente traballaría no Teatro de la Comedia de Madrid, onde estreou con grande éxito numerosas obras de Jacinto Benavente: *Rosas de otoño*, *El nido ajeno*, *El marido de la Téllez*, *La ley de los hijos*, *Lo cursi*, ou *La gobernadora*.

Actriz polifacética, protagonizou obras de autores franceses e importantes clásicos antes de retirarse tras tres décadas de constante éxito, nas que tamén lle deu tempo a participar en dúas películas. O Concello de Málaga rendeu-lle unha homenaxe solemne en 1914 e unha placa conmemorativa lembra hoxe o seu lugar de nacemento.



De Pablo Audouard Deguire - Álbum de Salón de 1. la Biblioteca Nacional de España, dominio público

Foi unha brillante actriz de teatro que interpretou os clásicos

Barbara Hepworth

É unha das principais escultoras do século xx e autora dunha linguaxe escultórica moi persoal e fascinante. Barbara Hepworth decidiu desafiar as convencións da disciplina e foi unha experimentadora chave da arte abstracta. Durante a súa longa traxectoria firmou máis de 600 obras e unha boa representación do seu legado pode visitarse nun centro que enxalza a súa figura en Yorkshire do Oeste, o seu lugar de orixe.

Nada no Reino Unido en 1903, Hepworth recoñeceu sempre a influencia que tiveron na súa vocación artística as paisaxes da campiña inglesa por onde paseaba de nena e unha clase sobre arte exipcia que despertou o seu interese pola creación. Lanzou a súa carreira nos anos vinte con tallas abstractas e viaxou a París en 1933 para visitar os estudos de grandes creadores de vangarda, coma Jean Arp, Constantin Brâncuși ou Picasso.

Nas seguintes décadas introduciu as cordas nas súas obras e decantouse na derradeira etapa por pezas de bronce máis atrevidas e a grande escala, ademais de realizar ensaios con cristal, chumbo e aluminio. Hepworth foi pioneira na integración do buraco na escultura e está considerada unha exploradora do movemento e da forma.

A artista británica, un referente das belas artes no período de entreguerras e nas décadas posteriores, entendía a escultura como unha extensión do sentido do tacto e invitaba as e os espectadores a fundirse coas obras. Defensora da talla directa, conxugou a súa sensibilidade natural coa madeira e as pedras exóticas coa práctica dunha nova e radical linguaxe abstracta da forma.



Unha das grandes escultoras do século xx. Introduciu o buraco na escultura

María Durán Febrer

María Durán Febrer (Manacor, Illas Baleares, 1953) é unha xurista especializada en dereitos da muller. Desde 2019 é a directora do Instituto Balear da Muller, cargo que compatibiliza coa vicepresidencia da Asociación de Mulleres Xuristas Themis. Foi coeditora da primeira proposición de lei integral contra a violencia de xénero presentada polo Partido Socialista Obreiro Español a comezos do ano 2000 e aprobada en 2004.

Licenciada en Dereito, Durán é avogada en exercicio desde 1985 e centrouse desde o primeiro momento na defensa dos dereitos das mulleres. É unha das xuristas españolas pioneiras na loita contra a violencia machista no ámbito da xustiza e ten levado máis de dez mil casos ao longo da súa carreira.

Durante catro anos foi presidenta da Asociación de Mulleres Xuristas Themis, formada por avogadas, procuradoras, maxistradas e secretarías xudiciais que promoven a igualdade no sector. Tamén desenvolveu un importante labor docente como profesora de Dereito e Xénero nos Seminarios de Práctica Xurídica organizados por esta asociación e dos cursos que lle oferta o Ministerio de Xustiza ao persoal funcionario en materia de dereitos das mulleres.

De 1999 a novembro de 2000 foi coordinadora do Programa Daphne da Unión Europea en materia de violencia contra as mulleres e a infancia. Forma parte da comisión do Ministerio de Xustiza para a Incorporación da Perspectiva de Xénero na Lei de axuízamento criminal e participou activamente nos traballos previos ao impulso da Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.



Xurista especializada en dereitos da muller e pioneira na loita contra a violencia machista

Xullo

Sue Moreno

Sue Moreno é unha trapecista, bailarina e actriz galega formada na escola de danza Carmen Serra e nas escolas de circo Carampa e Charivari. A artista coruñesa comezou a súa carreira co cambio de milenio e non parou de traballar desde entón. O 8 de marzo de 2022 protagonizou na sede da Deputación en Pontevedra unha acción escénica que representaba unha crítica feroz ás dificultades que lles impiden ás mulleres conciliar a vida laboral e familiar.

Moreno creou no ano 2013 na Coruña a Escola de Acrobacias Aéreas, da que saíron nestes últimos anos dúcias de alumnas e alumnos formados nas disciplinas de trapezio, aro e teas. Muller de grande iniciativa e cunha incuestionable creatividade, tras participar en xiras con diferentes compañías por toda España, Portugal, Francia e Irlanda, en 2019 puxo en marcha un novo proxecto propio e xunto a María Move fundou a compañía SU.MA.

O proxecto centra o seu traballo na fusión multidisciplinar das calidades artísticas das súas promotoras: a danza, a acrobacia aérea, o teatro físico, o clown, a música orixinal e a voz cantada. O seu primeiro espectáculo, *Ikigai*, estreouse un ano despois no Festival PRIMA de Santiago de Compostela e gañou o premio do público no Festaclown 2020 de Vilagarcía de Arousa. Tratábase dun espectáculo de danza-circo 360º de rúa para público familiar.

Moreno representa na actualidade o seu novo traballo 4.0, unha historia que mestura técnicas aéreas de circo con cancións e teatro físico para amosar unha muller no seu día a día, que intenta conciliar traballo, vida e maternidade. Unha obra tenra por momentos, divertida e absurda que constitúe unha crítica á sobrecarga de coidados que asumen as mulleres.



Fotografía cedida por Sue Moreno

Trapecista, bailarina e actriz galega especializada en acrobacias aéreas

Filomena Dato Muruais

Filomena Dato naceu en Ourense en 1856. Galardoadada poeta, é, xunto con Rosalía de Castro, unha das máis insígnies representantes da lírica feminista do século XIX. Formou parte activa de movementos de reivindicación da cultura galega e de colectivos que trataban de rachar os prexuízos sobre as mulleres. No ano 1906 ingresou na Real Academia Galega.

Nada nunha Galicia na que as mulleres apenas gozaban de dereitos, Dato decidiu loitar de forma incansable para lograr que o papel da muller na sociedade se desprendese dos estigmas do pasado e transcendese do papel doméstico ao que quedaba relegada. Coñécense poucos datos da súa vida persoal, máis alá da súa amizade con outras escritoras comprometidas da época coma Emilia Pardo Bazán.

A escritora ourensá foi unha firme defensora do galego como lingua literaria. *Follatos*, unha das súas obras máis recoñecidas, é unha denuncia contra os estereotipos de xénero que viu a luz en 1891 e na que reivindica a sabedoría das mulleres desde o punto de vista académico, lembrando o exemplo de personalidades ilustres coma María Pita ou Rosalía de Castro.

Dato cultivou a lírica, colaborou en numerosas publicacións e medios de comunicación da época, galegos e nacionais, e obtivo tres premios en 1887 polo seu famoso poema *Defensa das mulleres*. Nos Xogos Florais de Tui de 1891 foi escollida entre as cinco persoas galardoadas. Galicia e a muller son os temas que máis lle preocupaban á autora, que participou no movemento literario liderado por Lamas Carvajal en Ourense.



Autor descoñecido, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Poeta e unha das figuras máis destacadas da lírica feminista do século XIX

Sunita Narain

Sunita Narain é unha ecoloxista e activista política que destaca como unha das principais defensoras do concepto de política verde no desenvolvemento sostible. É CEO do Center for Science and Environment da India, unha organización de investigación sen ánimo de lucro galardoada en 2005 co Premio da Auga de Estocolmo, considerado o Nobel da súa especialidade, por contribuír a concienciar a sociedade sobre a necesidade dunha xestión descentralizada da auga e da recolección da chuvia.

Nada na India en 1961, con apenas 19 anos comezou a traballar como investigadora co activista Anil Agarwal no centro que agora dirixe e en 1985 colaborou na edición do informe *Estado ambiental de India*, determinante para resaltar a importancia que ten o medio natural na subsistencia dos pobos. Tamén se interesou pola administración dos bosques, un proxecto que a levaría a percorrer o país para entender a xestión dos recursos naturais.

Xunto con Anil Agarwal ideou unha estratexia para un desenvolvemento rural ambientalmente racional e participativo, que recolleu no libro *Towards Green Villages*, no que avogan pola democracia participativa local como chave para o desenvolvemento sostible.

En 2016 nomeárona para a lista de *Time Magazine* como unha das 100 persoas máis influentes do mundo e tamén recibiu o Premio Padma Shri, o cuarto recoñecemento civil máis importante que outorga o Goberno indio.



Centro de Ciencias y Educación, CC BY-SA 2.5 IN, a través de Wikimedia Commons

Ecoloxista e activista política india, galardoada pola xestión eficiente da auga

Nanina Santos Castroviejo

Nanina Santos Castroviejo é unha escritora e feminista galega que comezou a súa actividade na clandestinidade. Nada en Padrenda (Ourense) en 1951, licenciouse en Historia na Universidade de Santiago de Compostela e comezou traballando como profesora de música no IES de Esparís, en Brión. Está especializada en xénero e muller e colaborou como experta e asesora para centros de ensino, sindicatos e administracións públicas.

No ano 1970 entrou na Federación de Comunistas que se fusionaría despois co Movemento Comunista. Foi a primeira representante feminina nesta organización e a responsable da estrutura de mulleres do MCG, ademais de participar na creación da Asociación Galega da Muller en 1976.

Desde a súa creación en 1983, forma parte do equipo de redacción de *Andaina*, revista galega de pensamento feminista que tamén chegou a dirixir. É autora de dúcias de artigos e colaborou coa Fundación Galiza Sempre na publicación dun libro que recolle panfletos e manifestos do movemento feminista galego entre 1975 e 2003.

A escritora é sen dúbida unha figura histórica do movemento feminista galego da que seguir aprendendo. En marzo de 2022 foi a encargada de pechar o ciclo de conferencias organizado pola Deputación de Pontevedra baixo o título “Individuas de dudosa moral” cun relatorio no que abordou a persecución das mulleres lesbianas e a súa invisibilidade social durante décadas.



Fotografía: Carme Cerviño

Figura histórica do feminismo galego e cofundadora da Asociación Galega da Muller

Josefa Emilia Sabor

Josefa Emilia Sabor foi unha docente e investigadora que se especializou en Biblioteconomía e se converteu nun referente internacional na profesionalización desta disciplina, ademais de elaborar numerosos manuais e colaborar coa UNESCO en temas vinculados co funcionamento e xestión das bibliotecas e co arquivo de documentos.

Nada en Vilanova de Arousa en 1916, obtivo a nacionalidade arxentina na década dos trinta. Comezou traballando como profesora de primaria antes de especializarse en Historia e Biblioteconomía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires. Obtivo unha bolsa para estudar Documentación en España, Francia, Italia e Brasil e, posteriormente, recibiu o encargo do Departamento de Educación e Cultura dos EUA de estudar as técnicas de ensino para persoal de bibliotecas en diversas universidades norteamericanas.

Sabor fundou o primeiro Instituto de Investigacións Bibliotecolóxicas de América Latina e foi integrante do Comité Consultivo Internacional de Bibliografía, Documentación e Terminoloxía da UNESCO en París. Escribiu libros, artigos, ducias de relatorios e obras científicas como *Manual de Bibliotecología*, aínda que a súa obra máis importante é *Manual de fuentes de información*, cuxa primeira edición data de 1967.

É unha das mulleres homenaxeada na exposición “Unha mirada en feminino” da Cátedra Iberoamericana da Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación de Pontevedra.



Autor descoñecido, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Docente e investigadora que profesionalizou a biblioteconomía

Agnès Varda

Fotógrafa, artista plástica, actriz, guionista, profesora de universidade, pedagoga, directora de fotografía, produtora de cine e directora. Agnès Varda (Bélxica, 1928) foi a gran voz feminina da *nouvelle vague*, pero tamén unha firme defensora da liberdade creativa e unha icona do cinema feito por mulleres e do cinema feminista.

Varda estudou Historia da Arte na École du Louvre antes de conseguir un traballo como fotógrafa oficial do Teatro Nacional Popular de París. Desde a súa ópera prima, *A Pointe Courte* (1955), considerada a película precursora da *nouvelle vague*, demostrou a fragilidade das barreiras entre realidade e ficción.

As súas películas, documentais e videoinstalacións teñen un marcado carácter realista e social. As súas primeiras obras reflicten o impacto do cinema francés na *nouvelle vague* e a finais dos sesenta as súas películas cuestionan a rixidez da sociedade burguesa.

Dirixiu máis de corenta pezas audiovisuais entre curtas, documentais e cinema de ficción polas que recibiu unha infinidade de recoñecementos ao máis alto nivel. León de Ouro en Venecia, Premio César en 2009, Premio René Clair da Academia francesa e Óscar Honorífico por toda a súa traxectoria en 2017.

Varda foi pioneira na apertura da dirección cinematográfica ás mulleres, algo infrecuente a mediados do século xx nunha industria dominada por homes. Formou parte do movemento que cambiou a nosa forma de ver as películas e, particularmente, cambiou o modo en que falabamos das historias de mulleres.



Non comercial. Sen derivados 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0)

Guionista e pioneira directora de cinema, considerada a precursora da nouvelle vague

Alexandra Rodríguez Pereiras

Alexandra Rodríguez Pereiras é unha investigadora galega que se define como ecoloxista de ecosistemas terrestres e ten unha vasta experiencia en bioxeoquímica, funcionamento de ecosistemas e distribución espacial dos recursos do chan, cun interese específico no ciclo de nutrientes e carbono. Desde o 2016 é investigadora de posdoutoramento no Centro de Ecoloxía Funcional (CFE) da Universidade de Coimbra, en Portugal.

Rodríguez Pereiras estudou Bioloxía na Universidade de Vigo e ao longo da súa carreira conseguiu o respaldo de nove bolsas que lle permitiron traballar en seis centros de investigación diferentes en catro países e establecer colaboracións con varios grupos de investigación internacionais. Participou nunha vintena de proxectos e foi investigadora principal en cinco.

As súas principais liñas de investigación son os efectos da extinción de bosques inducida pola seca e polas interaccións planta-cha-microbio, a funcionalidade do cerrado brasileiro e a súa vulnerabilidade ao cambio climático e os efectos do cambio climático nos fluxos de gases de efecto invernadoiro na atmosfera nas terras secas.

Grazas ao seu traballo foi invitada a ingresar no Consello de Redacción das revistas *SCI Plant and Soil* e *Web Ecology* e revisar propostas de proxectos para a Axencia Española de Investigación. Actualmente é a corresponsable do Laboratorio de Ecoloxía Terrestre da Universidade de Coimbra onde traballa.

Ademais, a investigadora está firmemente comprometida coa necesidade de achegar a ciencia á cidadanía e participa en numerosas actividades de divulgación por medio de charlas, podcasts científicos ou exposicións e tamén a través dun uso intenso das redes sociais para chegar a todo tipo de público.



Investigadora e ecoloxista de
ecosistemas terrestres

Non comercial. Sen derivados 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0)

Roma Música

A artista viguesa Roma Música presentou en xuño de 2022 o seu primeiro álbum de estudio, titulado *Mujer fuente*, un traballo con nove temas gravados e producidos artesanalmente xunto co músico e produtor vigués Rober Carcos e co enxeñeiro de son Oscar Rodes. Roma define este traballo como moito máis que un disco: é unha declaración de liberdade, un modo de estar no mundo e unha elección de ser en plenitude.

Este novo traballo, cun son que é pura fusión e orixinalidade e que presentará directamente ao público nunha próxima xira, chega tras a súa entrada estelar no panorama musical coa emisión en directo da subida do tema *Dáde, dáde* a todas as plataformas dixitais no verán de 2020.

A cantautora forma parte do catálogo do proxecto da Deputación de Pontevedra “Descúbreas” e ofrece unha música orgánica e singular que soa a fusión, folk, rock e ritmos latinos. As súas letras, coidadas, francas e luminosas, viaxan directas a ese lugar que nos conecta coa alegría de vivir. É unha muller valente que non se axusta a ningún canon establecido, fai o que quere cando, como, onde e con quen quere.

A artista ten gañas de volver aos escenarios tras o seu éxito o ano pasado nos concertos no EsPazo Fest de Nigrán e noutros locais das cidades de Vigo e Madrid.



Cantautora viguesa e artista
pouco convencional que opta pola
fusión e pola orixinalidade

Fotografía cedida por Roma Música

Ana Gaitero Alonso

Ana Gaitero Alonso é unha xornalista especializada en comunicación e xénero. Desenvolveu a súa carreira profesional no *Diario de León* e acadou numerosos recoñecementos coma o Premio Fabián Estapé en 2009, na categoría de Periodismo Económico, ou o Premio Francisco de Cossío 2016, como parte do equipo que cubriu o asasinato de Isabel Carrasco.

Nada na localidade leonesa de Villaornate en 1965, estudou Xornalismo na Universidade Complutense de Madrid e no ano 2006 decidiu realizar un posgraao en Xénero e Comunicación na Universidade Pontificia de Salamanca. Entrou no *Diario de León* en 1988 e continúa na redacción, se ben ampliou o seu radio de acción nos últimos anos como participante en faladoiros e relatora.

No ano 2018 participou na fundación da Asociación de Periodistas Feministas de Castilla y León, organización que preside e desde a que se busca visibilizar as mulleres nos medios de comunicación e loitar contra as discriminacións que persisten na profesión. O seu compromiso cun exercicio ético e feminista da profesión é a súa prioridade; a entidade tamén forma parte da Rede Internacional de Xornalistas con Visión de Xénero creada en 2005 en México, da Rede Europea de Mulleres Xornalistas e do Círculo de Mujeres Periodistas Pilar Casado de León.

Gaitero tamén cultivou a súa faceta de escritora, é autora de *Democratizar la información*, traballo realizado para o curso Educar para a Paz, a Cooperación e Prevención de Conflictos do Instituto de Estudos para a Paz e a Cooperación e é coautora de *La cultura de género en las organizaciones escolares*, *El libro del siglo en León* e *El siglo de León. Todos los pueblos y sus gentes*.



Cofundadora da Asociación de Periodistas Feministas de Castela e León

Rosalind Franklin

Rosalind Franklin foi unha química e cristalógrafa británica responsable do transcendental descubrimento da estrutura do ADN, un dos avances máis importantes da medicina contemporánea. Pese ao extraordinario dos seus achados, foi discriminada polo insólito feito de ser muller no mundo da investigación a mediados do século pasado e faleceu aos 37 anos sen ver recoñecido o seu traballo.

Franklin naceu en 1920 en Notting Hill e no ano 1941 graduouse en Ciencias Naturais pola Universidade de Cambridge. Durante a II Guerra Mundial ofrecéronlle un traballo na Asociación Británica para a Utilización do Carbón e, posteriormente, mudouse a París para ingresar no Laboratorio Central de Servizos Químicos do Estado, onde se familiarizou coa técnica de difracción de raios X.

En 1951 regresou ao laboratorio de biofísica do King's College de Londres, onde con trinta anos xerou unha fotografía coñecida como “Foto 51”, que foi clave para establecer como era a estrutura do ADN. Os seus avances nos seguintes anos permitíronlle describir polo miúdo a densidade do ADN e que as súas moléculas se organizaban en forma helicoidal.

A relación persoal cos compañeiros de departamento eran complexas, as mulleres non eran ben vistas na investigación científica e a investigadora nunca viu recoñecida a súa enorme achega á ciencia e particularmente á medicina. James Watson e Francis Crick, colegas do Laboratorio Cavendish, empregaron as imaxes de Franklin e parte das súas deducións para publicar en 1953 o artigo onde se revelaba a estrutura do ADN e polo que recibiron o Premio Nobel. Nunca mencionaron que foi a súa compañeira a que cimentou este importante avance.



Científica responsable do descubrimento da estrutura do ADN

Natalia Kanem

Natalia Kanem é a directora executiva do Fondo de Poboación de Nacións Unidas (UNFPA, polas súas siglas en inglés) desde 2017. O seu liderado está enfocado en tres obxectivos concretos: reducir a mortalidade materna, promover a planificación familiar e erradicar a violencia de xénero. Tras ser reelixida en outubro de 2021, declarouse orgullosa de contribuír a “transformar e apoderar as vidas de millóns de mulleres, mozas e nenas para que poidan tomar decisións sobre os seus corpos e o seu futuro”.

Kanem naceu en Panamá en 1954 e graduouse *magna cum laude* en Historia e Ciencias en Harvard. Posteriormente licenciouse en Medicina na Universidade de Columbia (Nova York) e obtivo un mestrado en Saúde Pública pola Universidade de Washington, na especialidade de Epidemioloxía e Medicina Preventiva.

A súa carreira académica comezou na Escola de Medicina da Universidade Johns Hopkins e na Escola de Saúde Pública da Universidade de Columbia. Durante o seu traballo para a Fundación Ford, de 1992 a 2005, contribuíu a promover iniciativas novas nas esferas da saúde reprodutiva e da sexualidade das mulleres, principalmente a través do seu labor como representante para África Occidental.

De 2014 a 2016, a doutora Kanem representou ao UNFPA na República Unida de Tanzania, antes de ser nomeada directora executiva adxunta do fondo e, xa en 2017, directora executiva por António Guterres, secretario xeral das Nacións Unidas.

Kanem conta cunha longa traxectoria, de máis de tres décadas, de liderado estratéxico nos ámbitos da medicina, da saúde pública e reprodutiva, da xustiza social e da filantropía. Foi presidenta fundadora de ELMA Philantropies Inc., unha institución privada cun labor dirixido principalmente á rapazada e mocidade de África, e ocupou o cargo de asociada superior na organización sen ánimo de lucro The Lloyd Best Institute of the West Indies.



Sujetallibros globales, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Directora executiva do Fondo de Poboación da ONU

Reese Witherspoon

Reese Witherspoon é unha actriz e produtora de cinema e televisión estadounidense, gañadora dun Premio Óscar, un Globo de Ouro, un BAFTA e un Premio do Sindicato de Actores polo seu papel en *Walk the Line* (2005). En 2021 converteuse na actriz máis rica do mundo ao vender parte da súa produtora, Hello Sunshine, coa que creou en 2016 todo un imperio feminista cuxo obxectivo segue sendo “apoderar as mulleres e as persoas que as celebran”.

Witherspoon naceu en 1976 en Nova Orleans e desde nena traballou como modelo infantil. Debutou na gran pantalla con *The Man in the Moon* (1991) e a partir deste momento encadearía diversos papeis menores. Tras un ano na Universidade de Stanford, decidiu abandonar os estudos para dedicarse por completo ao cinema.

Comezou aceptando papeis sinxelos de loura inocente, pero na última década demostrou ser unha das mulleres máis capaces de Hollywood e da industria do entretemento global. Farta de non atopar guións atractivos nin papeis para mulleres de mediana idade, deu o salto á produción con grandes éxitos como *Big Little Lies* en HBO ou *Little Fires Everywhere* para Amazon.

O seu obxectivo é crear guións baseados principalmente en libros de ficción femininos, pero tamén produce programas de entretemento de calidade e ten un departamento de creación de contido infantil. Witherspoon puxo en pé un imperio feminista construído sobre películas, series e libros con perspectiva de xénero e é unha firme defensora da igualdade na industria. Nomeada muller do ano por diversas publicacións, situou a súa produtora entre as 100 empresas máis influentes dos Estados Unidos.



Witherspoon-Obama-Clinton-Jung, 2010-03-10.jpg: Departamento de Estado dos Estados Unidos, a través de Wikimedia Commo

Actriz e produtora de cinema, series e literatura feminista

Ellen Ochoa

Ellen Ochoa é física, doutora en Enxeñería Eléctrica, inventora e astronauta. Foi a primeira muller de orixe hispana en viaxar ao espazo en 1993 coa misión STS-56 a bordo do transbordador espacial Discovery. En 2013 volveu facer historia ao ser nomeada directora do Centro Espacial Johnson da NASA en Houston. Participou nun total de catro misións ao espazo, a última en 2002, e acumulou 978 horas de voo.

Ochoa naceu en 1958 nos Ánxeles, California. Estudou Física na Universidade Estatal de San Diego e rematou o doutoramento en Enxeñería Eléctrica en Stanford. A científica de orixe mexicana é tamén coinventora de tres patentes sobre sistemas ópticos, un de recoñecemento de obxectos e outro para eliminar o ruído das imaxes.

Despois de varios intentos, en 1989 foi elixida como aspirante a astronauta e, após varios anos de adestramento, o 4 de abril de 1993 partiu de Florida nunha misión de nove días que permitiu recompilar datos sobre a atmosfera e a capa de ozono. Volvería ao espazo un ano despois a bordo da misión STS-66 co obxectivo de estudar a enerxía solar, identificar os seus cambios de irradiación e a súa influencia na meteoroloxía terrestre. Faríao dúas veces máis, en 1999 e no 2022.

Nas tres últimas décadas Ochoa recibiu sete premios da NASA polos seus excepcionais servizos e mais o Premio da Ciencia da Fundación Harvard. Forma parte da Sociedade Óptica de América (OSA, polas súas siglas en inglés) e do Instituto Americano de Aeronáutica e Astronáutica (AIAA, en inglés). Na actualidade é directora do Centro Espacial Lyndon B. Johnson en Houston (Texas).



Primeira astronauta hispana en viaxar ao espazo en 1993

Cristina Peri Rossi

Poeta, escritora feminista e a única muller vinculada ao movemento literario denominado *boom* latinoamericano. Cristina Peri Rossi foi recoñecida en 2021 co Premio Cervantes pola súa enorme contribución ás letras hispánicas; está considerada unha das escritoras en lingua española máis determinantes dos séculos xx e xxi.

Nada no Uruguai en 1941, exerceu como catedrática de Literatura Comparada ata que tivo que se exiliar por motivos políticos e instalouse en España a partir de 1972. Desenvolveu boa parte do seu traballo desde Barcelona, seguiu publicando obras de alto contido político e non abandonou nunca o seu activismo.

Desde o punto de vista da muller, Peri Rossi tratou nas súas obras temas coma o erotismo e o xénero, a psicanálise e a identidade lésbica, que achegaron unha visión feminista única e valiosa á poesía e á prensa escrita durante os anos do tardo franquismo e da transición. Grazas ao seu traballo como tradutora, fixo accesibles en español as obras de autoras imprescindibles como Clarice Lispector ou Monique Wittig.

“Nadie sale de la guerra/ ni del amor/ ilesa”, escribe Peri Rossi en *Las replicantes*, un libro de 2016 publicado medio século despois da súa ópera prima, unha recompilación de contos titulada *Viviendo*, de 1963. En *Descripción de un naufragio* (1975) e *Una pasión prohibida* (1986) explora as contradicións do exilio e, entre os seus poemarios, destacan *Estrategias del deseo* (2004) e *Playstation* (2009).



Premio Cervantes 2021 e comprometida escritora feminista

Priscila Retamozo

Priscila Retamozo é unha politóloga especializada en igualdade de xénero e técnica de igualdade. Encárgase de formar mozos e mozas e ao conxunto da comunidade educativa co obxectivo de rachar co patriarcado. Foi elixida este 2022 para redactar o manifesto do 8M que se leu na Deputación de Pontevedra e exerce como coordinadora do proxecto “Canteira de Igualdade” dentro da Escola María Vinyals da devandita institución.

O seu é un traballo integral pola igualdade que comeza nas aulas. Como formadora e técnica en igualdade imparte obradoiros e charlas ao alumnado de educación infantil, primaria e secundaria, ademais de formar as familias e o profesorado. O seu obxectivo é rachar estereotipos de xénero, avanzar asemade en materia de educación sexual e previr a violencia de xénero.

Xunto a Chis Oliveira é autora do libro *Comando igualdade. A mocidade facendo a revolución feminista nas aulas*, un manual introdutorio para xente moza con intención de mudar a realidade patriarcal. Este traballo é unha invitación a que a mocidade se poña as lentes violetas para ver o mundo con perspectiva de xénero.

Retamozo é unha firme defensora de que a revolución feminista comeza nas aulas e pasa en gran medida pola corresponsabilidade. No seu manifesto polo último 8M denunciou a invisibilidade que aínda sofren os traballos de coidados, que recaen moi maioritariamente nas mulleres, e reclamou a paridade na repartición deste traballo non remunerado que condiciona a vida persoal e a traxectoria profesional de milleiros de mulleres.



Politóloga, técnica de igualdade e escritora feminista

Berthe Morisot

Berthe Marie Pauline Morisot (París, 1841) foi unha pintora impresionista francesa, considerada pola crítica como unha das artistas máis importantes da historia e unha referente na defensa da igualdade. Un dos seus moitos méritos foi ser quen de facerse un nome e expoñer xunto a grandes figuras do impresionismo coma Monet, Renoir ou Degas, nun momento histórico en que para as mulleres era unha excentricidade pensar en defender publicamente o seu traballo.

Berthe e a súa irmá Edma demostraron desde moi novas interese e talento pola pintura e entraron como copistas no Museo do Louvre en 1858. Naquela época as mulleres tiñan prohibido estudar na École de Beaux Arts, pero o traballo na institución púxoas en contacto con grandes artistas da época.

As dúas irmás presentaron varios cadros que foron aceptados para ser expostos no Salón Oficial de París en 1864, a porta tradicional para acceder naquel intre aos círculos oficiais. Berthe Morisot aparece en moitos cadros de Edouard Manet e, co tempo, foise afianzando como artista e forxando un estilo impresionista que traballou en pinturas ao óleo e acuarela. Abriu camiño para moitas outras mulleres que querían dedicarse á pintura.

Morisot integrouse no grupo de artistas coñecido como os *Batignolles*, demasiado innovadores para o conservador criterio do Salón de París. Foi así como acabou formando parte da primeira exposición impresionista, un fito fundamental na historia da arte, na que participou cun total de nove obras. Do seu traballo destacan *Madame Pontillon sentada na herba* (1873) ou *O espello de vestir* (1876).



Pintora impresionista francesa e unha das artistas máis importantes do século XIX

Elena Ferro

Elena Ferro, a zoqueira responsable de dignificar e internacionalizar a artesanía galega. Toda a familia que traballa baixo a marca EFerro teñen o inmenso mérito de converter nun modo de vida un oficio tradicional case en extinción. Pero lonxe de conformarse con manter o legado, foron quen de adaptar a peza clásica ás necesidades e o confort da moda actual.

Elena Ferro, Premio Nacional de Artesanía 2019 pola súa capacidade para actualizar os zocos tradicionais por medio da innovación, vén dunha familia dedicada ao oficio e ela mesma criouse en boa medida no obradoiro familiar de Merza, en Vila de Cruces. Forma parte da terceira xeración de zoqueiros pontevedreses con máis dun século de traballo ás súas costas.

O seu é un traballo cun gran valor cultural e artístico. A familia é consciente da responsabilidade que teñen nas súas mans: fabricar de forma artesanal auténticas pezas de arte a partir de madeira de amieiro, coiro de poldro e vaca curtido, cravos, caucho reciclado e grampas.

Actualmente a marca Eferro vende en tendas e feiras especializadas o calzado que a distingue, pero tamén todo tipo de accesorios como bolsos, carteiras, moedeiros, cintos e outros produtos de coiro. A innovación e a creatividade son unha constante no seu traballo, por exemplo, co emprego de cores e deseños atrevidos inspirados na natureza e os animais. Os zocos “Voa mariquiña, voa” foron galardoados co Premio Artesanía Contemporánea Antón Fraguas.



Fotografía: Susana Milnes

Premio Nacional de Artesanía
pola súa mestría na elaboración
de innovadores zocos

Sarah Marquis

Fortes tormentas, graínzo, a calor do deserto en Siberia, ataques de animais salvaxes ou alucinacións pola febre do dengue no medio da xungla. Sarah Marquis é unha exploradora e aventureira extrema que se ten sobreposto a situacións realmente complicadas en completa soidade e en lugares inhóspitos.

Marquis, nacida en 1972 en Suíza, decidiu con apenas oito anos pasar a noite nunha cova, sen avisar a ninguén. Despois de probar a equitación e o piragüismo, optou por camiñar longas distancias. Sempre menciona unha viaxe con vinte anos a Nova Zelandia como ese momento no que entrou en contacto coa natureza e soubo a que quería dedicar a súa vida. Aí comezou unha traxectoria vital única que non deixa de medrar e que comparte co mundo por medio dos seus libros de viaxes, dos que vendeu millóns de exemplares.

Marquis foi nomeada aventureira europea do ano 2013 e, malia as dificultades de facer estimacións precisas, os cálculos máis conservadores falan de máis de 30.000 quilómetros camiñados ao redor do mundo. As súas viaxes levárona a algúns dos terreos máis illados e desafiantes do planeta, coma as selvas tropicais de Tasmania.

Atravesou a pé os Estados Unidos no 2000 e dous anos despois lanzouse a camiñar 14.000 quilómetros polo interior de Australia. En 2006 percorreu os 7.000 quilómetros de Chile ao Perú, e de 2010 a 2013 moveuse entre Siberia e Australia, pasando por Asia Central, a China e Mongolia. Esta muller que deu a volta ao mundo a pé defende que “non te fas aventureira, es unha delas”.



liftconferencephotos de Ginebra, Suíza , CC POR 2.0, a través de Wikimedia Commons

Exploradora e aventureira
extrema que deu a volta ao
mundo a pé

Marilyn Monroe

Marilyn Monroe, de nome real Norma Jean Baker, naceu o 1 de xuño de 1926 nos Ánxeles. Tivo unha infancia difícil marcada por sucesivas estancias en orfanatos e casas de acollida, unha situación que facía imposible imaxinar que se convertería na maior icona feminina do século xx e no gran mito do cinema dos anos cincuenta ao protagonizar algunhas das películas máis importantes da historia e da industria: *The Seven Year Itch*, *Con saias e a rachar* ou *Os cabaleiros prefírenas loiras*.

Na súa curta pero intensa carreira chegou a rodar 29 películas con Billy Wilder, Howard Hawks, Walter Lang ou John Huston. O seu carisma e a súa popularidade fóra das pantallas eclipsaron durante anos o seu talento innato para a interpretación. Ela aceptaba o papel de loura inxenua que lle pedían, pero era unha muller formada na comedia e na actuación e gañou un Globo de Ouro, varios premios BAFTA e o David de Donatello do cinema italiano.

Alén do seu papel de musa e icona cultural, Monroe foi a primeira muller en crear e dirixir a súa propia compañía de produción e denunciou os abusos sexuais que viviu de nena e mais o trato sexista que recibían as mulleres na industria do entretemento. En 1952, a actriz asinou, xunto con Florabel Muir, un artigo titulado “Wolves I Have Known” (os lobos que coñecín) sobre os depredadores de Hollywood. Foi Monroe quen incorporou ao guión de *Os cabaleiros prefírenas loiras* a frase: “podo ser intelixente cando a ocasión o requira, pero iso á maioría dos homes non lles gusta”.

O Instituto Estadounidense de Cinema nomeouna a sexta lenda feminina máis grande da historia do cinema e o Instituto *Smithsonian* incluíuna na súa lista das cen persoas estadounidenses máis importantes de todos os tempos. Pero, sobre todo, Monroe foi unha loitadora, unha muller intelixente, pioneira en moitas facetas e empeñada en que a valorasen pola súa intelixencia e non pola súa beleza.



Dominio público

Unha lenda da historia do cinema e unha actriz que loitou contra o sexismo en Hollywood

Pilar Alonso

Pilar Alonso é unha artista que destaca particularmente nas disciplinas de debuxo, pintura, escultura e instalación. Define a súa obra como un “autorretrato escénico autobiográfico. Un reflexo de como concibo o mundo, como un gran fractal. Unha estrutura que se vai repetindo cada vez máis grande, creando estruturas maiores”.

Nada en Vigo en 1972, licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Sevilla e cursou estudos de posgrao cunha bolsa da Fundación Pedro Barrié de la Maza na Städelschule de Frankfurt co artista Per Kirkeby. En 2019, durante o seu discurso de aceptación do Premio Galega Destacada en Vigo, reivindicou unha maior visibilidade da muller, o seu traballo e formas de ver e entender o mundo no sector da arte.

A artista plástica viguesa, recoñecida por obras seriadas como *La diva* ou *Cándida Standwick*, reivindicou o traballo das artistas ocultadas na historia oficial, sempre relatada por homes. Ademais do seu traballo como pintora e das súas instalacións, destacan os seus murais e a súa participación en diversos proxectos escenográficos xunto a artistas coma Cristina Pato.

Ten obra en diferentes coleccións e ao longo da súa carreira expuxo en galerías e espazos de España e Alemaña, coma na Fundación Novacaixagalicia de Vigo; no Centro Gaiás de Santiago; na Galería Ana Vilaseco da Coruña; na Galería Marisa Marimón de Ourense; na Sala Rivadavia da Deputación de Cádiz; no castelo de Santa Catalina de Cádiz; na Galería Benot de Cádiz; na Galería Barbara von Stechow de Frankfurt; ou no Kunstraum Bethanien de Berlín, entre outros.



Artista plástica viguesa que ten exposto por toda Europa

Julia Morgan

Julia Morgan estudou na Escola de Belas Artes de París. En 1904 superou o exame de habilitación nos Estados Unidos e converteuse na primeira arquitecta con licenza en California e unha das primeiras do país. Foi unha muller que derrubou barreiras e que dedicou cincuenta anos da súa vida a deseñar máis de 700 edificios, ademais de ser a primeira distinguida coa medalla de ouro do Instituto Americano de Arquitectos –o recoñecemento máis importante do sector–, concedida a título póstumo en 2014.

Morgan naceu en San Francisco en 1872 e inicialmente graduouse en Enxeñería. Anos máis tarde viaxaría a Francia para estudar arquitectura, aínda que non o tivo fácil porque non se aceptaban mulleres. Tivo que intentalo tres veces ata que puido acceder ás aulas.

Unha vez de regreso a California, traballou dous anos no estudio de John Galen Howard e xa en 1904 decidiu independizarse e converteuse na primeira arquitecta con licenza do Estado. Morgan foi coñecida baixo o alcume de The Client's Architect (a arquitecta do cliente), porque para ela era esencial proxectar os edificios desde as necesidades das persoas propietarias.

Foi unha das primeiras mulleres recoñecidas profesionalmente e moi prolífica, xa que proxectou centos de obras entre residencias privadas, hospitais, igrexas, museos, hoteis ou escolas. Entre os seus traballos máis destacados atópase a casa de descanso que lle encargou o magnate William Randolph Hearst en 1919.

Morgan era o símbolo da nova muller cun alto nivel de educación, independente e triunfadora nunha profesión tradicionalmente masculina. O seu traballo e talento situárona como unha icona feminista, e nas primeiras décadas do século xx foi a arquitecta que máis edificios deseñou para as organizacións de mulleres que loitaban polo dereito ao voto, á educación superior feminina e pola súa capacitación laboral.



Estudio Boyé, San Francisco, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller arquitecta con licenza en California. Fundou o seu propio estudio en 1904

Elizabeth Cady Stanton

Elizabeth Cady Stanton foi unha escritora, líder sufragista e defensora da abolición da escravitude. Pasou á historia como unha das maiores pioneiras da loita polos dereitos das mulleres. Participou activamente na Declaración de Sêneca Falls (1848), considerado o primeiro movemento organizado polos dereitos da muller e polo sufraxio feminino nos Estados Unidos, e na creación da Asociación Nacional para o Sufraxio Feminino.

Stanton naceu en Nova York en 1815 e durante case medio século foi unha das principais líderes do movemento feminista estadounidense. Interesouse desde moi nova pola consulta de lexislación na biblioteca familiar e comezou a estudar pola súa conta os mecanismos legais que perpetuaban a desigualdade social e a desprotección xurídica das mulleres.

Nos seus inicios traballou para o movemento abolicionista, onde empezou a colaborar con Lucretia Mott. Nestes primeiros anos de activismo coñecería a Martha Wright e a Susan B. Anthony, que tamén se converterían en líderes do movemento sufragista. A diferenza doutras compañeiras, Stanton non se conformaba co dereito ao voto, e reclamou tamén para as mulleres dereitos de custodia, de propiedade, laborais, ao divorcio, á saúde da familia e ao control da natalidade.

Presentou no cumio de Sêneca Falls a Declaración de Sentimentos, un texto asinado por 68 mulleres e 32 homes que establece que ambos os dous sexos son creados iguais e, polo tanto, deben ser iguais perante a lei. Stanton dedicou os seus últimos anos a realizar achegas teóricas e publicou *History of Woman Suffrage* e a controvertida *The Woman's Bible*, que cuestionaba o lugar da muller dentro da relixión.



Autor descoñecido, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Escritora, líder sufragista e firme defensora da abolición da escravitude

Anna Pavlova

Anna Pavlova foi unha das bailarinas máis importantes da historia da danza, primeira bailarina do Ballet Imperial Ruso e dos ballets de Serguéi Diáguilev. Mundialmente coñecida pola súa interpretación en *A morte do cisne*, coreografía creada para ela por Michel Fokine, acabou creando a súa propia compañía. Durante as dúas décadas que se mantivo en activo percorreu todo o planeta: os Estados Unidos, o Canadá, México, América do Sur, Sudáfrica, Europa e Oriente.

Pavlova naceu de forma prematura en San Petersburgo en 1881. Tras unha infancia enfermiza e un primeiro rexeitamento, en 1891 foi admitida na Escola de Ballet do Teatro Mariinski cando tiña dez anos. Debutou en 1899 coa representación da *Virxe Vestal* á idade de 18 anos. Posteriormente participaría en *O corsario*, *A Bela Dormente*, *Paquita* ou *Don Quixote*. En 1902 recibiu o seu primeiro papel de bailarina principal, interpretando a Nikiya en *La bayadère*.

Debido á súa figura delgada e de aparencia delicada, Pavlova rachou co estereotipo anterior de bailarina forte e robusta que existía a finais do século XIX e impuxo un novo canon físico no ballet.

A artista rusa dedicou a súa vida ao ballet e introduciu importantes innovacións na disciplina. Un dos cambios máis populares que impulsou afectaba ao calzado, pois foi ela quen optou por primeira vez por solas de coiro endurecido que funcionasen coma soporte adicional. Faleceu de forma prematura con 49 anos dunha pneumonía camiño dunha actuación na Haia.



Unha das bailarinas máis importantes da historia da danza

María Murnau

María Murnau é unha ilustradora, activista e creadora do proxecto Feminista ilustrada, que naceu en 2015 co obxectivo de rachar os estereotipos machistas desde o humor e axudar a concienciar a poboación visibilizando a violencia machista e chegando ao público máis novo coa súa mensaxe.

Murnau (Cádiz, 1991) estudou Comunicación Audiovisual na Universidade de Sevilla e fixo o Máster de Xénero, Identidade e Cidadanía na Universidade de Cádiz. Durante anos profundou no feminismo e no xénero a través dos seus proxectos audiovisuais, fotográficos e de investigación, que cristalizarían coa posta en marcha de Feminista Ilustrada, que é o nome comercial polo que é coñecida.

A súa loita contra o machismo levouna a percorrer España para impartir obradoiros e relatorios sobre feminismo e a colaborar en campañas contra a violencia machista do Instituto da Muller e de diferentes institucións. Ademais de divulgar a súa mensaxe a prol da igualdade nas redes sociais, tamén se decidiu a escribir: publicou *Diario de una rebelde. Manual para incendiar el paraíso* e o conto infantil *Princesas 2.0*, dedicado a todas as nenas que non precisan príncipes e se salvan elas mesmas.

O seu obxectivo con Feminista Ilustrada é loitar contra a inmensa desinformación que existe sobre o movemento feminista e desmontar parte das noticias enganosas creadas para atacalo. A súa forma de comunicar con viñetas e cunha linguaxe accesible permitiulle que a súa mensaxe fose entendida e ben recibida pola xente moza.



Ilustradora, activista e creadora do proxecto Feminista Ilustrada

Rosario Álvarez Blanco

Rosario Álvarez Blanco é a primeira muller que preside o Consello da Cultura Galega (CCG). Traballa como docente na Facultade de Filoloxía e como investigadora do Instituto da Lingua Galega (ILG). Forma parte da Real Academia Galega (RAG) e durante un tempo estivo á fronte do Seminario de Gramática da institución.

Nada en Pontevedra en 1952, após doutorarse coa tese *O pronomes persoal en galego* traballou como docente ata 1982 no Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e despois no Departamento de Filoloxía Galega, onde acadou en 1998 a condición de catedrática da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa. Ten exercido diversos cargos académicos coma a vicerreitoría de Profesorado (1990-1994), a dirección do Departamento de Filoloxía Galega (1995-1999) e a dirección do ILG (2005-2015).

Desde 2018 exerce como presidenta do CCG. A súa actividade investigadora xira arredor do cambio lingüístico do galego, a gramática comparada portugués-galego e a edición e estudo de textos do galego medio (séculos xvi ao xviii).

No ano 2003 ingresou na RAG cun discurso titulado “Variedade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar”, contestado por Antón Santamarina. A pontevedresa pertence ao equipo do *Atlas Lingüístico Galego* desde os seus inicios e é coautora de dúas gramáticas do galego, con Monteagudo e Regueira (1986) e Xove (2002). En xaneiro de 2020 recibiu o Premio Cidade de Pontevedra e no outono de 2021 foi galardoada co Premio Otero Pedrayo con Menchu Lamas.



Catedrática de Filoloxía e primeira muller presidenta do Consello da Cultura Galega

Melitta Bentz

Melitta Bentz foi unha emprendedora e inventora alemá responsable do deseño e da fabricación do primeiro filtro de café en 1908. Farta de beber café amargo e con grumos, ideou un sistema de filtrado para mellorar a bebida e, apenas uns meses despois de rexistrar a patente, poñía en marcha unha pequena fábrica de filtros que daría orixe a todo un imperio económico que segue en funcionamento.

Nada en Dresde en 1873, Bentz comezou a facer probas na casa en busca de sistemas sinxelos de filtrado empregando papel secante do material escolar dun dos seus fillos e un tarro de latón perforado. Como resultado obtivo unha bebida de sabor e textura moito máis agradable e o enxeño enseguida se popularizou cun éxito sen precedentes.

A Oficina Imperial de Patentes concedeulle a autoría oficial do deseño o 20 de xuño de 1908 e en decembro dese mesmo ano abría as portas a súa empresa para fabricar filtros de café, polo que pasou en tempo récord de inventora a emprendedora. Foi tamén pioneira ao establecer condicións dignas de traballo, fixar períodos de vacacións para o seu persoal, a xornada laboral de cinco días e aprobar unha paga de Nadal.

Bentz recibiu a medalla de ouro da Exposición Internacional de Hixiene de Dresde e a medalla de prata da Asociación de Hostaleiros Saxóns. En 1930 cedelles a responsabilidade executiva aos seus fillos, pero mantívose vinculada ao negocio. Os seus netos controlan agora o Grupo Melitta KG, con 3.300 persoas empregadas e 50 compañías.



Emprendedora alemá e inventora do filtro de café en 1908

Laurence des Cars

A historiadora de arte Laurence des Cars (Francia, 1966) converteuse en 2019 na primeira muller en dirixir o Museo do Louvre desde a súa fundación en 1793. Esta especialista na arte do século XIX e comezos do XX chegou á pinacoteca máis visitada do mundo procedente doutra grande institución de París, o Museo de Orsay, onde apostou pola diversidade, polos temas sociais e se puxo como reto atraer as novas xeracións.

Des Cars estudou Historia da Arte na Sorbona e completou a súa formación na Escola do Louvre, viveiro tradicional de conservadores de arte en territorio francés. Posteriormente uniuse ao Instituto Nacional do Patrimonio e no ano 1994 ingresa como conservadora no Museo de Orsay, onde permaneceu ata 2007.

A partir dese momento exerce como directora científica da axencia France Muséums, a cargo do desenvolvemento do proxecto do Museo do Louvre de Abu Dhabi e da adquisición da súa colección nos anos previos á súa inauguración. Rematado o encargo, dirixiu o Museo da Orangerie entre 2014 e 2017, cando regresa ao de Orsay pero xa como máxima responsable.

Esta historiadora e conservadora de arte tamén é autora de numerosos ensaios, docente na Escola do Louvre na que se formou e comisaria de múltiples exposicións, entre as que destacan “Attaquer le soleil Hommage au marquis de Sade, Apollinaire, le regard du poète” ou “La peinture américaine des années 1930”. Con máis de dez millóns de entradas vendidas ao ano, un dos retos que afronta des Cars é regular o público e garantir a calidade das visitas ao Louvre.



Historiadora de arte e primeira muller directora do Museo do Louvre

Pilar Luna

“A auga fôiseme metendo”, dicía Pilar Luna sobre a vocación que a levou a dedicar a súa vida a descubrir, estudar e protexer a cultura e os tesouros subacuáticos. Esta arqueóloga submarina mexicana foi unha pioneira na súa disciplina que chegou a dirixir a Subdirección de Arqueoloxía Subacuática do Instituto Nacional de Antropoloxía e Historia (INAH) de México durante máis de 37 anos.

Nada en Tamaulipas en 1944, a súa familia mudouse á Cidade de México en 1950 e, como ela botaba en falta o mar, daba clases de natación e converteuse en salvavidas da Cruz Vermella Mexicana. Estudou Arqueoloxía na Escola Nacional de Antropoloxía e Historia e comezou a interesarse polo patrimonio somerxido oculto. O libro *Underwater Archaeology*, de George F. Bass, pai da arqueoloxía subacuática, causoulle un forte impacto e inspirou a súa traxectoria profesional.

En 1979, Luna e o seu equipo descubriron cranios completos de mamut durante unha expedición ao manancial da Media Luna en San Luis Potosí, e meses despois foi a responsable da expedición que atopou en augas mexicanas uns canóns que datan de 1552 e que están considerados os vestixios submarinos máis antigos de América Latina.

Nos anos oitenta e noventa gañou o recoñecemento pola súa oposición pública e polo seu traballo para impedir que diversas empresas “cazatesouros” accedesen ás augas mexicanas. En 2011 recibiu a medalla J. C. Harrington, que honra a memoria dun dos pioneiros da arqueoloxía en América do Norte, e en 2021 recibiu o Premio ao Mérito da Unesco.



Pioneira da arqueoloxía subacuática e referente na loita contra empresas “cazatesouros”

Margarita Salas

Margarita Salas Falgueras (Asturias, 1938) foi unha bioquímica e investigadora responsable en gran medida do desenvolvemento da bioloxía molecular en España. Pertenceu ás máis prestixiosas sociedades e institutos científicos do mundo, foi nomeada investigadora europea 1999 pola Unesco e, entre outros moitos recoñecementos, en 2016 converteuse na primeira muller en recibir a Medalla Echegaray, outorgada pola Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais.

Salas estudou Ciencias Químicas na Universidade Complutense de Madrid e obtivo o doutoramento en 1963 baixo a dirección de Alberto Sols, pioneiro da bioquímica. Após unha estadía de catro anos no Departamento Científico da Escola de Medicina da Universidade de Nova York, regresou a España e, a carón do seu marido Eladio Viñuela, sentou as bases da bioloxía molecular. O seu estudo sobre o virus bacteriano Phi29 permitiunos coñecer como funciona o ADN, como as súas instrucións se transforman en proteínas e como estas proteínas se relacionan entre elas para formar un virus funcional.

En maio de 2007 converteuse na primeira muller española en ingresar na Academia Nacional de Ciencias dos Estados Unidos. Realizou máis de trescentas cincuenta publicacións en revistas e libros internacionais e rexistrou un total de oito patentes, ademais de ser unha activa conferenciante.

Margarita Salas é membro da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais, da Real Academia Española e presidenta da Fundación Severo Ochoa, co que traballou durante algúns anos ao inicio da súa carreira. Desde 1995 ata 2003 dirixiu o Instituto de España, institución que coordina as reais academias.



Unha das grandes científicas do século xx e impulsora da bioloxía molecular en España

LaMèreVieille, CC BY-SA 4.0, via Wikimedia Commons

Racha Haffar

Racha Haffar é unha recoñecida activista polos dereitos das mulleres, unha das líderes máis novas que traballan con ONU Mulleres e fundadora da organización Not 4 Trade, a primeira ONG contra o tráfico de seres humanos en Tunisia. Hoxe é unha das voces máis relevantes contra o comercio e a escravitude sexual e unha das persoas máis belixerantes á hora de lles esixir medidas contundentes aos países árabes.

“Nos Emiratos Árabes, as mulleres somos cidadás de segunda, invisibles e, moitas de nós, escravas”. Estas palabras son de Haffar, filla de pai sirio e nai tunisiana, nada en Dubai e que se iniciou no activismo ao rematar a secundaria e verse a ela mesma na posición dunha potencial vítima de tráfico de seres humanos. Con apenas 18 anos, e durante o proceso de busca dun traballo para aforrar diñeiro e poder estudar en Inglaterra, decatouse de que a maioría das ofertas eran sospeitosas e detrás delas había organizacións especializadas en captar mulleres vulnerables.

Foi entón cando tomou conciencia de que era o momento de actuar. Estudou un mestrado en Relacións Internacionais, Desenvolvemento e Cooperación nas universidades de Tunisia e de Palermo e comezou a documentar casos de abuso e os cambios impulsados pola Primavera Árabe no país africano. Os comezos da súa ONG en 2016 non foron sinxelos. Os riscos de asistir a escoitala eran moitos. Pero co tempo e grazas á súa perseveranza puido viaxar aos Estados Unidos e ingresou en ONU Mulleres.

Actualmente traballa no impulso do Movemento de Mozas e Mozas contra o Tráfico de Persoas. Recibiu o premio UNA-USA Women's Rights Award, o University of Kentucky Leadership Award e tamén participa no programa “Obama Leaders”.



Recoñecida activista contra o tráfico de seres humanos

(CC BY-NC-ND 2.0)

Margaret Mahy

Margaret Mahy foi unha bibliotecaria e escritora neozelandesa de literatura infantil e xuvenil, cun importante labor nestes campos que deu lugar á creación dun premio que leva o seu nome. Con máis de cincuenta títulos, algúns de narrativa para adultos, foi traducida a máis de quince idiomas e recibiu premios coma o prestixioso Hans Christian Andersen.

Nada en Nova Zelandia en 1936, a escritora estudou nas universidades de Auckland e Canterbury e con vinte anos comezou a traballar como bibliotecaria escolar en Wellington, dentro do sistema bibliotecario público do país. En 1969 publicou o seu primeiro libro infantil, *A Lion in the Meadow*, e compaxinaría durante máis dunha década ambas as ocupacións ata que nos anos oitenta decidiu dedicarse en exclusiva á literatura.

Foi unha autora prolífica. Publicou ao longo da súa carreira centos de contos, libros-álbum, numerosas obras de narrativa infantil e xuvenil, poesía e texto dramático. *The Librarian and the Robbers* é un dos seus títulos máis eloxiados. Outros libros notables son *The Haunting* (1982) e *The Changover* (1984).

Mahy foi merecedora da Medalla Carnegie de Gran Bretaña, o Premio AIM Children's Book de Nova Zelandia e o Hans Christian Andersen, o máis prestixioso da literatura infantil e xuvenil, no ano 2006. O xurado recoñeceuna como “unha das máis orixinais reinventoras da linguaxe, con textos cheos de elementos sobrenaturais, maxia e rica imaxinería poética”.



Unha magnífica escritora
neozelandesa. Gañadora do
Premio Hans Christian Andersen

Agosto

Sara Giráldez

Sara Giráldez fixo historia en maio de 2022 ao converterse na primeira futbolista en participar nunha competición mixta federada en España con ficha do club Zacande-Terras de Curro. Nada en Barro, en 1989, a súa historia co deporte non foi un camiño de rosas, pois lembra que sempre lle gustou o fútbol pero de nena non contaba con ningún referente feminino e tampouco había equipos para xogar.

“Agardo con ilusión que chegue o día en que ver partidos femininos sexa o normal e que as nenas o practiquen nos colexios”, expresa esta futbolista veterana que tivo que afrontar moitos atrancos para practicar o deporte que lle gustaba e incluso a incomprensión de parte da súa contorna.

Tras unha longa etapa no Marcón, hai seis anos regresou ao Barro C. F. sala feminino, no que comezou estreando a maioría de idade. Tamén está na directiva do Mosteiro de fútbol 7 e este ano entrou a xogar no Zacande-Terras de Curro como veterana.

Giráldez estudou Ciencias da Actividade Física e do Deporte e conta cun mestrado en Investigación en Actividade Física e Saúde pola Universidade de Vigo. Tamén fixo un ciclo superior de Deporte e Maxisterio. A docencia encántalle e segue formándose mentres practica fútbol como afeccionada.



Primeira futbolista en participar
nunha competición mixta
federada en España

Sister Rosetta Tharpe

Rosetta Tharpe foi unha destacada cantante de *gospel* e unha precursora do *rock 'n roll*. Co seu estilo innovador, anticipou case unha década o fenómeno da cultura *rock* e hoxe está considerada a mellor guitarrista feminina de todos os tempos. Foi a primeira grande estrela da música *gospel* na década dos trinta e recibiu os alcumes de *The Original Soul Sister* ou *The Mother of Rock & Roll*.

Tharpe naceu en 1915 nunha localidade de Arkansas preto do río Mississippi e aprendeu a cantar e a tocar a guitarra ao mesmo tempo que a camiñar. Con catro anos xa era unha celebridade local e actuaba coa súa nai nos festivais de *gospel* onde admitían mulleres.

Con vinte anos mudouse a Nova York, onde comezou a tocar no Cotton Club, e percorreu o sur do país con The Dixie Hummingbirds. Tras o éxito de *Rock Me*, en 1945 debutou na lista da revista *Billboard* con *Strange Things Happening Every Day*, que foi o primeiro disco sinxelo de *gospel* en conseguilo. Tivo unha grande influencia en artistas coma Elvis Presley, Little Richard, Johnny Cash, Chuck Berry ou Jerry Lee Lewis.

O seu gran talento para cantar e tocar a guitarra levouna a escenarios de todo o mundo na década dos 30 e dos 40. Muller adiantada ao seu tempo, Tharpe tratou de combater o segregacionismo racial nos escenarios convidando a artistas brancos coma The Jordanaires a tocar con ela.



Foi a primeira grande estrela da
música *gospel* e está considerada
a creadora do *rock'n roll*

Mabel Ribera

A inesquecible Balbina de *Pratos combinados* é actriz, tradutora, axudante de dirección e dobradora. Recibiu o Premio Goya á mellor actriz de reparto pola súa interpretación de Manuela Salnés en *Mar adentro*, de Alejandro Amenábar, un papel polo que foi recoñecida tamén co Premio Sant Jordi de Cinematografía e recibiu loanzas unánimes da profesión.

Nada en Ferrol en 1952, Ribera é licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela e graduada en Arte Dramática pola mesma institución. Forxou o seu talento no teatro, a onde chegou nos anos setenta antes da fundación do Centro Dramático Galego, no que se incorporou como profesional a un dos seus primeiros elencos.

Xunto co director de fotografía e realizador Enrique Banet rodou os documentais *El salario del silencio*, sobre o proxecto dunha planta de gas na ría de Ferrol, e *Unha lousa sobre O Courel*, sobre a extracción de lousa nunha das mellores reservas de biodiversidade do norte do país.

A actriz ferrolá ten tres premios Mestre Mateo, recibiu o Premio Xiria ao labor teatral e tamén o Premio Compostela á mellor actriz por *Inventarios*, de Philippe Minyana.



Fotografía cedida por Mabel Ribera

Actriz que deu vida á Balbina de Pratos Combinados e premio Goya en 2005

Junko Tabei

Junko Tabei foi a primeira muller en alcanzar o cumio do Everest, o 16 de maio de 1975, e a primeira tamén en conquistar o que se coñece como os Sete Cumios, as montañas máis altas de cada un dos continentes. Co seu exemplo contribuíu a derribar moitos estereotipos de xénero e demostrou que con decisión e fortaleza mental unha muller podía chegar ás mesmas metas que un home, algo impensable para a sociedade do seu tempo.

A alpinista xaponesa naceu en 1939 na prefectura de Fukushima. Procedía dunha familia agrícola e foi unha excursión infantil con dez anos ao monte Nasu, no Parque Nacional Nikko, a que a fixo soñar con metas afastadas. Estudou Literatura Inglesa e Americana na Universidade para Mulleres de Showa e graduouse en 1962 sen deixar de practicar deporte e de anotarse ás expedicións que estaban ao seu alcance.

Non foi doado coller experiencia porque os grupos estaban sempre liderados por homes e rexeitaban integrala, así que fundou o Club de Escalada Joshi-Tohan, composto exclusivamente por mulleres. Liderou o primeiro ascenso dun grupo feminino ao Annapurna III, en Nepal, e de forma progresiva comezou a pulverizar récords.

Foi en 1975 cando se converteu na primeira muller en escalar o Everest. De forma discreta acadou o título Leopardo das Neves, reservado para as persoas que escalan as cimas máis elevadas da extinta Unión Soviética, e en 1992 completou os Sete Cumios.



Jaan Künnap, CC BY-SA 4.0

Primeira muller alpinista en alcanzar o cumio do Everest, en 1975

Mercedes Corbillón

Mercedes Corbillón (Pontevedra, 1969) é unha firme defensora da figura das libreiras e libeiros que coas súas recomendacións nos somerxen en novos mundos e aventuras. Fundadora da librería Cronopios de Pontevedra, conseguiu en pouco máis dunha década que o establecemento fose recoñecido co Premio Follas Novas do Libro Galego en 2022.

Este galardón escólleo cada ano a Federación de Librarías de Galicia, cuxo presidente, Ramón Domínguez, destaca que “representa todo o que debe ser unha librería na actualidade tanto polas súas actividades coma polas interrelacións que consegue entre quen escribe e quen le”.

Corbillón é unha libreira de vocación, unha experta en crear redes de colaboración e unha axente dinamizadora da vida cultural da Boa Vila. Se algo a caracteriza é o seu traballo por manter a librería en permanente contacto coa cidadanía e abrir as súas portas a presentacións e encontros nos que lles achega autoras e autores ás persoas lectoras da cidade.

A libreira colabora habitualmente en medios de comunicación, recomenda lecturas e mantén unha intensa actividade en redes sociais que non fai máis que aumentar a difusión do traballo que se fai desde a librería.



Fotografía cedida por Mercedes Corbillón

Fundadora da librería Cronopios,
Premio Follas Novas do Libro
Galego 2022

Paula Ortiz

Guionista e directora de cinema é, ademais, doutora en Historia da Arte. Desenvolveu unha intensa carreira académica vinculada á docencia e á investigación. Foi integrante da xunta directiva da Asemblea de Mulleres Cineastas Españolas (CIMA) e vicepresidenta e socia fundadora de European Women Audiovisual (EWA).

Nada en Zaragoza en 1979, Ortiz é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Zaragoza e ten un mestrado en Escrita para Cinema e TV da Universidade Autónoma de Barcelona. Completou a súa formación no Graduate Department of Film and Television da Tisch School of the Arts da Universidade de Nova York e os seus estudos de guión nos Ánxeles.

Coa súa primeira longametraxe, *De tu ventana a la mía* (2011), foi nomeada ao Premio Goya á mellor dirección novel e gañou o Premio Pilar Miró en 2011 na Seminci de Valladolid. En decembro de 2015 estreou *La novia*, unha adaptación libre da obra *Bodas de sangre*, de García Lorca. Actualmente traballa como realizadora de publicidade para importantes marcas nacionais e internacionais e segue implicada en diversos proxectos cinematográficos.

En 2022 rematou en Venecia a rodaxe da cinta *Al otro lado del río y entre los árboles*, baseada nunha novela de Hemingway. É profesora axudante no grao de Comunicación Audiovisual da Universidade de Barcelona e en Guión e Análise Fílmica na Universidade San Jorge de Zaragoza. Tamén fundou a produtora Amapola Films.



Carlos Delgado, CC BY-SA 4.0

É guionista e directora de cinema
e publicidade. Nomeada aos
Premios Goya en 2011

Rosa María Calaf

Rosa María Calaf é unha pioneira e unha das maiores referentes do xornalismo en España. Licenciada en Dereito e Periodismo, ingresou en Radio Televisión Española nos anos setenta e en 1983 participou na fundación de Cataluña TV3 coma directora de programación e de produción. A máis veterana correspondente de Televisión Española dedícase agora á docencia e á divulgación.

Nacida en Barcelona en 1945, Calaf herdou do seu avó a paixón por viaxar e estudou en Francia e nos EUA antes de regresar a España para aprender leis e comunicación cun mestrado adicional en Institucións Europeas. En 1970 ingresou en TVE en Barcelona e foi unha pioneira ao abrir a correspondencia de Moscova para a Unión Soviética en 1987.

En tres décadas no exterior foi correspondente en Roma para Italia e o Vaticano; en Viena para os países do Leste-Os Balcáns; en Hong Kong para a rexión Asia-Pacífico; en Pequín para China e Asia; en Nova York para os EUA e Canadá, durante a época Reagan, e reestruturou a correspondencia de Bos Aires para América do Sur.

Foi galardoada co Premio Ondas 2001 ao mellor labor profesional, recibiu o Premio Nacional de Periodismo de Cataluña, o Premio Club Internacional de Prensa ao mellor labor no estranxeiro, o Premio José Couso á liberdade de prensa e a medalla de ouro da Cruz Vermella 2017, entre outros moitos recoñecementos.

Calaf é doutora *honoris causa* polas universidades Jaume I, Rovira i Virgili e Miguel Hernández e en 2007 recibiu o Premio Women Together das Nacións Unidas polo seu compromiso coa igualdade.



É unha pioneira do xornalismo e unha histórica correspondente internacional de RTVE

María Martinón-Torres

Doutorada europea en Medicina e Cirurxía, especializada en Evolución Humana pola Universidade de Bristol e Antropoloxía Forense pola Universidade Complutense de Madrid, María Martinón (Ourense, 1974) é actualmente a directora do Centro Nacional de Investigación sobre a Evolución Humana (CENIEH) e integrante do equipo investigador de Atapuerca desde 1998.

A súa especialidade é a evolución dos primeiros homínidos de Asia e Europa, e o estudo das enfermidades no pasado. Na súa traxectoria destacan a súa proposta dunha orixe asiática para os primeiros homínidos europeos e a publicación en *Nature* do primeiro enterramento humano de África que mereceu a portada da revista.

Martinón-Torres é catedrática honoraria do Departamento de Antropoloxía da University College de Londres, fundadora da European Society for the Study of Human Evolution (2011) e forma parte da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

A antropóloga e investigadora ourensá impartiu dúcias de conferencias en prestixiosas institucións de todo o mundo coma a Academia de Ciencias de Pequín, o Collège de France, a Universidade de Tel Aviv, os museos nacionais de Quenia ou o Instituto Cervantes no Xapón. Conseguiu entrar nos primeiros postos dos traballos máis citados no campo das ciencias sociais e no ano 2019 converteuse na primeira española en recibir a medalla Rivers Memorial do Royal Anthropological Institute de Gran Bretaña e Irlanda (RAI), a institución académica máis antiga do mundo no campo da antropoloxía.



Antropóloga e directora do Centro Nacional de Investigación sobre Evolución Humana

Kavita Ramdas

Kavita Ramdas é unha científica india recoñecida globalmente pola súa defensa da igualdade de xénero e da xustiza. É a directora da Open Society Foundation Women's Rights Program e, anteriormente, foi asesora superior do presidente da Fundación de Ford, Darren Walker.

Nacida en Delhi en 1963, Ramdas estudou Ciencias Políticas ata 1982 e uns meses despois recibiu unha bolsa para estudar en Massachusetts, onde se graduou en Relacións Internacionais, en 1985. Fixo un mestrado en Desenvolvemento Internacional e ingresou na Escola de Asuntos Públicos e Internacionais na Universidade de Princeton en 1988.

Foi directora executiva do Programa de Emprendemento Social no Instituto Freeman Spogli da Universidade de Stanford e máxima responsable do Fondo Mundial para a Muller, entre 1996 e 2010 converteu a entidade na maior fundación pública para os dereitos da muller no mundo.

Ramdas acumula ducias de premios pola súa capacidade de liderado e defensa dunha sociedade máis xusta e igualitaria e formou parte de organismos e entidades que traballan polo desenvolvemento coma a Fundación Bill e Melinda Gates e a Escola Woodrow Wilson da Universidade de Princeton. Fundou a consultora KNR Sisters e foi asesora estratéxica da organización polos dereitos das mulleres MADRE.



Científica india e unha referente global na defensa da igualdade e da xustiza social

Geneviève Meurgues

Geneviève Meurgues (París, 1931) é unha museóloga, exploradora e conferenciante francesa, profesora do Museo Nacional de Historia Natural de Francia e unha especialista en conservación que acadou recoñecemento internacional polo seu traballo para preservar o navío romano de Marsella.

Obtivo o título de enxeñeira no Conservatorio Nacional das Artes e Oficios (1967) cunha tese sobre os ácidos nucleicos do fungo *Aspergillus niger*. O profesor Roger Heim púxo a ao mando da creación do Servizo Nacional de Museoloxía do Museo de Historia Natural de Francia, un laboratorio científico dedicado a novos métodos de conservación. Posteriormente completou o seu doutoramento de zooloxía sobre os dípteros callifóridos, que obtivo en 1973.

Meurgues dirixiu as expedicións do museo para recolectar pezas en Kurdistan, Afganistán, Cachemira ou A China e contribuíu de forma determinante ao establecemento da chamada gran galería da evolución do Museo de Historia Natural de Francia.

No ano 1985 recibiu o prestixioso Premio Jean-Perrin polos seus esforzos para a divulgación da ciencia e, como dato curioso, un novo insecto que se descubriu en Marrocos, o *Relictocarabus meurguesianus*, bautizouse na súa honra.



Museóloga e exploradora do Museo de Historia Natural de Francia

Geena Davis

Actriz, produtora, escritora e activista, Geena Davis recibiu un premio Óscar á mellor actriz secundaria en 1988 pola cinta *O turista accidental*, e alcanzou o cumio da súa carreira cinematográfica en 1992 polo seu inesquecible papel en *Thelma & Louise*, película que protagonizou xunto con Susan Sarandon e que as catapultou como iconas feministas e, xa recentemente, como artífices do selfie.

Davis (Massachusetts, 1959) interesouse pola música desde pequena e participou nun intercambio de estudantes en Suecia antes de regresar e graduarse en Arte Dramática en 1979 na Universidade de Boston. Traballaba como modelo cando foi elixida por Sydney Pollack para a película *Tootsie* (1982). Tamén participou noutras cintas populares coma *A mosca*, *Beetlejuice*, *Stuart Little* e *Earth Girls Are Easy*. En 2006 recibiu o Globo de Ouro como mellor actriz dunha serie dramática de televisión.

Coincidindo co cambio de século decidiu centrar da súa carreira decidiu centrar os seus esforzos na loita pola igualdade, para o que creou en 2007 o Instituto Geena Davis, que ten como obxectivo aumentar a presenza de personaxes femininas nos programas de entretemento infantil e reducir os estereotipos machistas na industria cinematográfica.

Davis é, ademais, a impulsora do Bentonville Film Festival, que naceu en 2015 para poñer en valor a diversidade e traballar na inclusión de máis mulleres nas producións, tanto diante como detrás da cámara.



Actriz, produtora e activista en defensa da igualdade na industria do cinema

Carol Shaw

Carol Shaw, enxeñeira e informática, foi a primeira muller deseñadora de videoxogos e unha auténtica pioneira na industria do entretemento. Foi a creadora do mítico xogo *River Raid* para a Atari 2600. Dedicou os últimos anos antes de retirarse a investigar na creación de ordenadores capaces de traballar na xestión de reservas de billetes de avión ou na Bolsa de Nova York de maneira fiable.

Shaw naceu en California en 1955 e o seu interese pola informática xurdiu na secundaria, cando descubriu que se podían usar ordenadores para xogar. Experta en matemáticas, gañou numerosos campionatos antes de matricularse na Universidade de California, onde se graduou en 1977 en Enxeñería Eléctrica e Ciencias da Computación.

A súa experiencia como programadora e coa linguaxe ensambladora foron as razóns que levaron a Atari a contratala antes de rematar un mestrado. A súa primeira creación en saír ao mercado foi *3D Tic-Tac-Toe*. Shaw adiantouse ao seu tempo, xa que foi capaz de crear intelixencia artificial no xogo con RAM limitada.

En 1990 decidiu xubilarse para ser voluntaria en diferentes organizacións, entre elas o Instituto Foresight, que promove o desenvolvemento da nanotecnoloxía e doutras tecnoloxías emerxentes.



Enxeñeira e informática, foi a primeira muller deseñadora de videoxogos

Lucy Maud Montgomery

Lucy Maud Montgomery foi unha recoñecida escritora canadense que lle deu vida a Anne a de Tellas Verdes, unha das heroínas literarias máis populares da literatura xuvenil. Cultivou a novela, a poesía e o relato curto, ademais de escribir un libro de non ficción sobre mulleres destacadas da historia.

Nada en 1874 na Illa do Príncipe Eduardo, no Canadá, criouse cos seus avós maternos en Cavedish. Graduouse como profesora no Prince of Wales College e estudou literatura durante un par de anos en Nova Escocia. Traballou como docente e entre 1901 e 1902 formou parte do persoal dos xornais *Chronicle* e *Echo*.

En 1908 publicou o seu primeiro libro, *Anne a de Tellas Verdes*, un auténtico éxito de vendas e a punta de lanza dunha exitosa carreira como escritora á que lle seguirían outros once títulos coma *Emily, a de Lúa Nova* ou *O castelo azul*. Analizada a historia da súa protagonista na actualidade, Anne está considerada hoxe unha pioneira do apoderamento feminino.

Montgomery foi nomeada integrante da Excelentísima Orde do Imperio Británico. As súas grandes coleccións están arquivadas na Universidade de Guelph e o Instituto L. M. Montgomery na Universidade Illa do Príncipe Eduardo coordina a maioría das investigacións e das conferencias sobre a súa obra.



Escritora canadense que lle deu vida a Anne a de Tellas Verdes

Elisa Patiño Meléndez

Elisa Patiño Meléndez, máis coñecida como Chichana Patiño, foi unha pioneira e aventureira galega; unha muller culta e decidida que se converteu na primeira aviadora de Europa. Comezou viaxando como acompañante do aviador José Piñeiro González, pero o 12 de outubro de 1913 fixo historia ao tomar en solitario os mandos do aeroplano do seu compañeiro na praia de Baltar, en Sanxenxo.

Nada en Pontevedra en 1890, era filla dos duques de Patiño, polo que tivo unha exquisita educación. Muller culta e con grandes dotes artísticos e interpretativos, Chichana Patiño era coñecida por pintar, cantar e tocar diversos instrumentos, mesmo chegou a formar parte de varias compañías de teatro afeccionado.

Pero non estaba disposta a asumir o papel discreto e conservador que a sociedade da época lle tiña reservado pola súa posición social e desde nova revelou como unha muller rompedora e disposta a transgredir as normas. Trasládase en bicicleta desde Sanxenxo ata o pazo de Revel, en Vilalonga, nunha época na que as mulleres non podían viaxar soas. Tamén colaborou en campañas de axuda aos feridos da Primeira Guerra Mundial que desembarcaban no porto de Vilagarcía de Arousa.

A súa amizade con José Piñeiro González, co alcume do Rei dos Aires, permitiulle viaxar no seu aeroplano Beriot. Sempre que podía, a pontevedresa acompañaba o aviador nos seus adestramentos ata que colleu a suficiente confianza para poñerse aos mandos do aparato. Aínda que tiña acreditadas máis de 50 horas de voo, que lle darían acceso ao diploma, non chegou a obter a titulación como piloto.

A gripe de 1918 acabou coa súa vida con apenas 26 anos e truncou a que puido ser unha traxectoria de grandes logros para Galicia e as mulleres da época.



Aventureira galega. A primeira aviadora de Europa en 1913

Donna Theo Strickland

Donna Theo Strickland é unha enxeñeira física, pioneira na investigación no campo dos láseres. En 2018 recibiu o Premio Nobel de Física, xunto con Gérard Mourou e Arthur Ashkin, por inventar a amplificación de pulsos ópticos ultracurtos e de alta intensidade con láser que se empregan en cirurxías oculares correctivas.

A científica canadense naceu en 1959 en Guelph, licenciouse en Enxeñería na Universidade McMaster de Hamilton (O Canadá) e doutorouse en Física, con especialización en Óptica, na Universidade de Rochester, nos Estados Unidos (EUA). Actualmente é profesora do Departamento de Física e Astronomía da Universidade de Waterloo, onde dirixe un grupo de investigación de láser ultrarrápido con importantes aplicacións médicas.

Strickland é membro de The Optical Society e da Academia Nacional de Ciencias dos EUA e en 2021 seleccionárona para ingresar na Pontificia Academia das Ciencias.

O seu maior galardón ata agora foi o Nobel de Física, co que se recoñecían en 2018 as súas invencións revolucionarias no campo da física láser. Cómpre destacar que esta notable científica foi a terceira muller en recibir o galardón nesta disciplina tras Marie Curie (1903) e Maria Goeppert-Mayer (1963).



Premio Nobel de Física polos seus avances revolucionarios no campo dos láseres

Isabel Blanco

A avogada e escritora viguesa Isabel Blanco é un referente para o feminismo galego que leva décadas traballando pola igualdade e contra os estereotipos de xénero. É autora tamén do libro *María Vinyals. Un talento rebelde*, no que colabora a Deputación de Pontevedra e que busca visibilizar unha muller comprometida e valente en tempos moito máis difíciles.

Nada en Vigo en 1962, estudou Dereito na Universidade de Granada, exerceu na cidade olívica e especializouse en dereito matrimonial e de familia, en violencia de xénero e en menores. Tamén deu clase durante algúns anos na Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados de Vigo e colaborou coa Casa das Mulleres de Vigo e cos centros de Información da Muller de Mos e de Ponteareas.

Tamén é a creadora, xunto con Irene Silva e Noemí Chantada, da exposición itinerante de poesía visual “Rompe. Xoga en igualdade”, patrocinada pola Deputación, que por medio de bonecas intervidas denuncia os estereotipos de xénero e os valores sexistas que perviven na sociedade e desembocan en discriminación e violencia contra a muller.

En castelán publicou *Historias de almas inquietas* (2012), *Los mundos ajenos* (2014) e *La muerte de Marilyn y otros relatos* (2019); precisamente o relato é o xénero no que asegura sentirse máis cómoda. Tamén é seu o guión da curtametraxe *Manuela Romasanta*, de Roberto Oliveira.



Avogada, escritora e un referente creativo para o feminismo galego

Fermina Orduña

Fermina Orduña foi unha popular inventora española e a primeira muller que obtivo un privilexio tecnolóxico, que era como se chamaban tecnicamente as patentes en España a finais do século XIX. O seu deseño, recoñecido o 20 de maio de 1865, foi unha carruaxe para trasladar o gando e poder venderlle leite de vaca, cabra ou burra ao público.

Apenas se coñecen datos persoais ou a procedencia desta muller emprendedora e concienciada co benestar dos animais máis alá de que foi a primeira en rexistrar unha patente no país, tal e como publicou anos despois o xornal *La Gaceta de Madrid*, que lle atribuíu oficialmente o mérito de deseñar un novo sistema para expender leite de burra, vaca e cabra.

O obxectivo de Orduña co seu invento era ofrecer un produto de calidade e, ao mesmo tempo, proporcionarlle un bo trato ao gando e unha distribución rápida e hixiénica do leite. A carruaxe dispoñía dunha cabina con gran seco para asegurar a boa alimentación do gando e evitar que inxerise forraxe nociva para a lactación. Tamén contaba cun recipiente de auga quente para conservar a temperatura do leite durante vinte minutos e unha campá para avisar a clientela.



Eulogia Merle, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Inventora e a primeira muller en rexistrar unha patente en España en 1865

Magdalena León Trujillo

Magdalena León Trujillo, máis coñecida como Magdalena León T., é unha economista e investigadora ecuatoriana especializada en economía feminista e ecoloxista como paradigma alternativo ao actual modelo de desenvolvemento. Foi a responsable de introducir o concepto de “economía do coidado humano”. O obxectivo do seu traballo é fundamentar unha alternativa ao capitalismo neoliberal e á orde colonial baseada na imprescindible sostibilidade da vida.

Nada na cidade de Cayambe en 1959, León Trujillo graduouse na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade Central de Ecuador coa especialización en relacións de xénero, educación e desenvolvemento no servizo universitario mundial, en Santiago de Chile.

A perspectiva feminista é inherente aos comezos da súa traxectoria. É presidenta e investigadora da Fundación de Estudos, Acción e Participación Social (FEDAEPS) e coordinadora da Rede de Mulleres Transformando a Economía (REMTE), ademais de ser membro do Instituto de Estudos Ecuatorianos e coordinar a Secretaría do Consello Hemisférico do Foro Social Américas e o Grupo Nacional sobre a Débeda de Ecuador.

O traballo de León Trujillo é un referente internacional no marco teórico do “bo vivir” como paradigma alternativo ao actual desenvolvemento e ás súas implicacións económicas. Nese contexto interveu como asesora no proceso constituínte ecuatoriano e na definición de políticas públicas e marcos normativos en canto á economía social e solidaria, traballo, produción e soberanía financeira.



De Montserrat Boix. Trabajo propio, CC BY-SA 4.0

É un referente en economía feminista e no marco teórico do “bo vivir”

Clara Barton

Mestra, enfermeira de guerra e fundadora da Cruz Vermella Americana e da Asociación Nacional de Primeiros Auxilios, Clara Barton foi unha pioneira do voluntariado que dirixiu a atención ás vítimas en situacións cruciais, coma a febre amarela en Florida (1887), a chamada fame negra rusa (1891), a guerra hispano-estadounidense (1898), a guerra dos bóeres (1899-1902) ou as gravísimas inundacións de Texas en 1900.

Naceu en 1821 en Massachusetts (Estados Unidos) e fundou varias escolas gratuítas en Nova Jersey. Cando, en 1854, se declarou a guerra civil estadounidense traballaba como funcionaria da Oficina de Patentes pero dimitiu para exercer como enfermeira voluntaria e atender os soldados feridos.

Barton encargouse de conseguir financiamento, recoller provisións e subministracións médicas para o exército da Unión, o que lle valeu o alcume do Anxo do Campo de Batalla. Pero o seu traballo non rematou aí e cando o conflito chegou a súa fin dirixiu a busca de soldados desaparecidos.

Durante 1869 e 1873 residiu en Europa, onde axudou a fundar hospitais durante a guerra franco-prusiana e foi honrada coa Cruz de Ferro alemá. Grazas aos seus esforzos formouse a Sociedade da Cruz Vermella Americana en 1881, que presidiu ata 1904.



Alguns dereitos reservados por US Department of State (CC BY-NC 4.0)

Mestra e enfermeira voluntaria
que fundou a Cruz Vermella
Americana

Dorothea Lange

Dorothea Lange foi unha fotógrafa estadounidense considerada unha das iniciadoras do documentalismo social e unha das artistas máis influentes do século xx. Fíxose mundialmente coñecida coas súas imaxes sobre as vítimas da Gran Depresión e particularmente coa reportaxe titulada *Madre migrante* (1936), que se converteu nunha icona da desesperación e da tristeza de milleiros de familias desprazadas pola crise económica.

Tras estudar fotografía na Universidade de Columbia, Lange (Nova Jersey, 1895) iniciou a súa carreira como retratista no seu propio estudio en San Francisco, pero o seu compromiso cívico impulsouna a saír ás rúas da cidade durante a crise de 1929 para documentar a situación das persoas desempregadas e das indixentes.

Fotógrafa da inmigración e da pobreza, Lange recolleu tamén na súa obra as impresionantes escenas das detencións de americanos de orixe xaponesa nos inicios da Segunda Guerra Mundial e realizou traballos para varias revistas en América Latina, Asia e África.

A fotógrafa caracterízase pola súa proximidade e tenrura cara ás persoas máis vulnerables e por manter en todo momento a súa dignidade. En 1941 recibiu o Premio Guggenheim Fellowship e en 1952 cofundou a revista *Aperture*.



Alguns dereitos reservados por Verbatim Multimedia. (CC BY-SA 4.0)

Unha das mellores fotoxornalistas
da historia e iniciadora do
documentalismo social

Lois Gibbs

Lois Gibbs, activista medioambiental e líder do movemento social que logrou o traslado de centos de familias que residían nun barrio construído sobre un antigo vertedoiro químico na cidade de Niagara Falls, no estado de Nova York, e a posterior limpeza do terreo. A súa loita foi recoñecida co Premio Ambiental Goldman e foi candidata ao Premio Nobel da Paz en 2003.

Nada en Niagara Falls en 1951, Gibbs comezou a participar en causas ambientais en 1978 cando descubriu que a escola primaria do seu fillo de cinco anos, que padecía numerosas enfermidades, se construíra sobre un terreo que durante anos empregaron as industrias da zona para realizar vertidos tóxicos ata a súa clausura en 1953.

As filtracións de líquidos e gases tóxicos e a elevada taxa de mortalidade da veciñanza puxeron en alerta a comunidade e foi Gibbs quen, a través da asociación de veciñas e veciños, liderou as mobilizacións. A súa batalla contra o goberno local, estatal e federal, a presentación de sinaturas e as denuncias nos medios remataron coa evacuación de 833 familias.

Gibbs é autora de varios libros sobre a historia do barrio Love Canal e os seus esforzos impulsaron a creación da Lei de responsabilidade, compensación e resposta ambiental integral da Axencia de Protección Ambiental dos Estados Unidos.



Photo by Susan Yin (Chesapeake Climate Action Network)

Activista e líder do movemento que logrou o traslado de familias que residían sobre un vertedoiro

Ángela Nieto

A bióloga Ángela Nieto, do Instituto de Neurociencias de Alacant, foi galaradoada en xuño de 2022 co Premio Internacional L'Oréal-Unesco polos seus traballos para desenvolver novos enfoques terapéuticos no marco do tratamento do cancro e a súa propagación a outros tecidos. Uns meses antes, en xaneiro, incorporouse á Academia de Ciencias de Francia como asociada estranxeira na sección de Bioloxía Integrativa.

Nieto (Madrid, 1960) estudou Ciencias Biolóxicas e doutorouse na Universidade Autónoma de Madrid en 1987. Un ano despois incorporouse ao Instituto de Investigacións Biomédicas Alberto Sols (CSIC-UAM) para estudar a morte celular programada e en 1989 uniuse ao National Institute for Medical Research de Londres.

Conseguiu o posto de científica titular no Instituto Cajal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Madrid en 1993 e desde entón dirixe un grupo centrado no estudo da transición epitelio-mesénquima, un proceso biolóxico transcendente na comprensión do desenvolvemento embrionario, a progresión do cancro e as enfermidades dexenerativas do envellecemento.

Forma parte da Organización Europea de Bioloxía Molecular, da Academia Europea desde 2009, é académica da Real Academia Española de Ciencias Exactas Físicas e Naturais e tamén se incorporou en 2020 á Academia de Ciencias de América Latina. É unha das científicas españolas máis galaradoadas.



Pelopantón , CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Bióloga que traballa en novos enfoques terapéuticos para o cancro

Carolina Rubirosa

Carolina Rubirosa é unha das compositoras e cantantes máis destacadas de Galicia, que sobresaí, ademais, pola súa proxección internacional. Recentemente foi seleccionada para representar a Galicia no festival Liet International de Dinamarca, e actuou no World Travel Market de Londres por ser a autora da canción oficial de promoción do Camiño de Santiago Inglés.

En 2017 Rubirosa converteuse na primeira artista en cantar en galego no mítico The Cavern Club de Liverpool co seu grupo feminino The Funkles, e actuou en países coma Rusia, Finlandia, Alemaña ou Inglaterra.

Dotada dunha voz singular, Carolina é unha artista diferente, con carácter e sensibilidade, particularmente solvente nas sesións en acústico; é aí onde brilla o seu talento.

Compartiu escenario e traballos discográficos con artistas coma Coque Malla, Miguel Ríos, Javier Gurruchaga ou Andrés Calamaro. Gravou coa Real Filharmonía de Galicia e gañou varios concursos, coma Revolution Unplugged de Europa FM ou Sons Mans 2019.



Cantante e compositora galega
con gran proxección internacional

Julia Child

Julia Child foi a cociñeira máis mediática dos anos sesenta nos Estados Unidos. Foi a primeira muller en ter un programa de cociña na televisión norteamericana e a responsable de introducir a gastronomía francesa no seu país por medio do seu popular libro de técnicas e receitas *Mastering the Art of French Cooking*. En 1993 converteuse na primeira muller en ser incluída no salón da fama do Culinary Institute Hall of Fame.

Child naceu en California en 1912 e durante a Segunda Guerra Mundial traballou para a Oficina de Servizos Estratéxicos en Ceilán e na China. Tras mudarse a París estudou na reputada academia Le Cordon Bleu e nos seus comezos traballou como axudante nas cociñas de distinguidos *chefs* franceses ata que en 1951 abriu a súa propia escola de cociña.

Unha década despois publicou *Mastering the Art of French Cooking*, un libro supervendas fortemente aplaudido pola crítica. A este traballo seguíronlle ao redor de vinte títulos, unha columna no *Boston Globe*, e varios programas na televisión norteamericana, coma The French Chef, que se transmitiu durante dez anos e gañou un Premio Emmy.

A audiencia adoraba o seu estilo afable para explicar receitas complicadas. Foi así como achegou a gastronomía francesa ao pobo americano e se converteu na primeira celebridade culinaria da historia. Agora unha serie nunha plataforma dixital reivindica o seu papel para popularizar a gastronomía.



Celebridade gastronómica que
introduciu a cociña francesa nos
Estados Unidos

Nathalie Moellhausen

Nathalie Moellhausen, campioa mundial de esgrima que combina o deporte coa arte e que crea espectáculos de danza. Ten unha marca “5Touches”, a través da que busca achegarlle a esgrima á mocidade, para o que insiste nos cinco aspectos relevantes para atopar o equilibrio físico e mental, entre os que a deportista inclúe a creatividade.

Nada en Milán en 1985, Moellhausen comezou a practicar esgrima aos cinco anos, na modalidade de sabre, e aos oito cambiouno pola espada. Con Italia gañou o campionato mundial por equipos en Turquía (2009) e o bronce en Catania, Italia (2011); ademais, conta cun bronce mundial individual obtido en Francia (2010).

Aínda que representou a Italia nos Xogos Olímpicos de Londres en 2012, en 2014 aceptou unha oferta da Federación Brasileira de Esgrima. Desde entón, Nathalie compite baixo a bandeira do Brasil, país da súa familia materna. En 2019 converteuse na primeira deportista en gañar para O Brasil o campionato mundial en Hungría.

Fóra da competición deportiva, Moellhausen é unha apaixonada da cultura que busca compaxinar a esgrima con outros campos coma a arte, a danza, a moda, a música, a gastronomía e o *fitness*, uns intereses que conxuga na súa marca e proxecto artístico “5Touches”.



© Marie-Lan Nguyen / Wikimedia Commons

Campioa mundial de esgrima e
pioneira en mesturar o deporte
coa arte

Elena Garro

A novelista, dramaturga e xornalista mexicana Elena Garro é unha das narradoras máis importantes do século xx, unha precursora do realismo máxico xunto a Juan Rulfo e unha renovadora da literatura fantástica. A liberdade das mulleres e a liberdade política foron temas recorrentes na obra dunha autora controvertida, contraditoria e cun talento excepcional para as letras.

Garro naceu na cidade de Puebla en 1916 e cursou varios anos de Letras Españolas na Universidade Nacional Autónoma de México. Anos despois completaría a súa formación en Berkeley e na Sorbona.

Con apenas 21 anos viaxou con Octavio Paz ao II Congreso Internacional de Escritores para a Defensa da Cultura en Valencia, unha viaxe que retratou en *Memorias de España* (1937), un testemuño político e social persoal, un retrato peculiar da intelectualidade española e estranxeira presente nese conclave.

Algúns dos seus títulos máis importantes son *Los recuerdos del porvenir* (1963), novela ganadora do Premio Xavier Villaurrutia, *Un hogar sólido* (1958), *Andarse por las ramas* (1958) ou *Los pilares de doña Blanca* (1958). Borges definiuna como a Tolstói de México.

A súa novela *Los recuerdos del porvenir* é anterior a *Cien años de soledad*, polo que está considerada precursora do realismo máxico, etiqueta que ela rexeitaba.



Documentación CITRU , CC BY-SA 4.0 / Wikimedia Commons

Precursora do realismo máxico
e renovadora da literatura
fantástica

Lula Goce

Lula Goce é unha das muralistas españolas con máis proxección internacional. A artista nada en Baiona axuda a transformar espazos urbanos de grandes e pequenas cidades de todo o mundo, desde Vigo ata Madrid, Bruselas ou París. Chegará o día en que poidamos dar a volta ao mundo a través das súas impactantes intervencións, que salpican Suecia, Irlanda, Alemaña, Italia, México e numerosos estados norteamericanos, coma Florida, Washington ou Nova York.

Goce é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, na especialidade de Pintura, conta cun mestrado en Creación Artística e, ademais, é doutora en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Leva máis de dúas décadas dedicándose á arte visual e, pese a que comezou a menor escala con paredes interiores, a súa explosión como artista chegou por medio da conquista de obras de gran formato ao aire libre.

Tras mudarse a Barcelona, pasou a formar parte de colectivos artísticos establecidos en antigas fábricas, coma Hangar, Caminal ou A Escocesa en Poblenou. Participou en festivais de arte urbana ao redor do mundo coma 501 SeeStreet en Nova York, North West Walls en Bélxica, Waterford Walls en Irlanda, Memorie Urbane en Italia, Zona Maco en México ou Street Art Summer en Hannover, Alemaña.

Goce tamén participou en proxectos en centros de arte en Santa Mónica, Barcelona, no Matadoiro de Madrid, no Museo Diego Rivera en México, na Next Street Gallery en París ou na Street Art Place en Italia. O seu talento parece non ter límites.



Fotógrafo: Rafa Estévez

Excelente muralista de talla internacional con obras en toda Europa e nos Estados Unidos

Sophia Bennett

Sophia Bennett foi unha das primeiras arquitectas da historia e a primeira muller graduada en Arquitectura con honras no Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT). Pero nesa época ser muller pechoulle as portas do sector e tivo que exercer durante algúns anos a docencia, en concreto impartindo clases de debuxo técnico, para sobrevivir.

Nada en Santiago de Chile en 1868, Bennett foi criada en Boston pola familia paterna e desde moza interesouse pola arquitectura. Graduouse con excelentes cualificacións e, tras traballar como mestra, a súa sorte mudaría en 1891 ao impoñerse entre trece candidaturas no concurso convocado para deseñar o Pavillón da Muller na Exposición Universal de Chicago de 1893.

O Pavillón da Muller foi un espectacular edificio que se converteu no punto de encontro de debates, exposicións e conferencias de líderes do movemento feminista e sufragista da época coma Susan B. Anthony, Lucy Stone e Mary A. Greene. Tamén acolleu unha ampla biblioteca na que se podían consultar ata sete mil libros escritos por mulleres.

Con apenas 21 anos, Bennet foi sometida a importantes presións por parte do comité construtor, que cuestionaba o seu deseño, ademais de percibir unha remuneración que era unha décima parte da que se lles daba aos arquitectos homes. O seu traballo recibiu unha distinción polo seu “delicado estilo, gusto artístico, xenialidade e elegancia do interior”, pero para ela foi unha mala experiencia que a levou a deixar o sector.



Revista Harper. v.85 1892 junio-noviembre, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller graduada en Arquitectura con honras no MIT

Marta Barrachina

A doutora en Bioquímica e especialista en enfermidades neurodexenerativas Marta Barrachina é a investigadora principal do grupo de neuropatoloxía do Instituto de Investigación Biomédica de Bellvitge (IDIBELL), ademais de directora xeral e cofundadora de ADmit Therapeutics, a filial xurdida deste organismo a finais de 2017 que se centra en desenvolver un test en sangue para diagnosticar o alzhéimer nunha etapa moi precoz, cando non se perciben aínda os primeiros síntomas.

Barrachina estudou Bioquímica na Universidade de Barcelona, conta cun mestrado en Administración de Empresas e, ademais, é doutora en Bioquímica. En 2021 recibiu o Premio da Fundación Internacional da Muller Emprendedora na categoría de innovación polos importantes avances realizados polo seu equipo para desenvolver un test que podería saír ao mercado nos próximos anos e supoñer unha mellora moi significativa para a vida de millares de potenciais pacientes de alzhéimer.

A investigadora é especialista en regulación xénica e epixenética en enfermidades neurodexenerativas e neurolóxicas, nas que tamén se inclúen o párkinson, o Huntington e a esquizofrenia. Autora de 36 artigos científicos publicados en revistas internacionais da área das neurociencias e de nove patentes.

Barrachina forma parte do Consello Científico Avaliador da Alzheimer's Drug Discovery Foundation.



Doutora en Bioquímica que traballa na detección precoz do alzhéimer

Vera Rubin

Vera Rubin foi unha pioneira da astronomía, a primeira persoa en detectar evidencias sobre a existencia da materia escura e responsable, en gran medida, do desenvolvemento da astronomía moderna. Desde o seu primeiro achado en 1978 a científica e o seu equipo observaron máis de 200 galaxias e estimaron que aproximadamente o 90 % da materia do universo é escura, non visible pero detectable polo efecto gravitacional que produce.

Rubin naceu en Pensilvania en 1928 e desde nena quedou fascinada polas órbitas das estrelas cando exploraba o ceo desde o seu dormitorio cun telescopio que construíu coa axuda do seu pai. Graduouse en Astronomía no Vassar College en 1948, pero non puido facer o doutoramento en Princeton porque naquel momento non aceptaban mulleres.

Comezou traballando como computadora no Naval Research Observatory, en 1948 ingresou na Universidade de Cornell para estudar Física e realizou a súa tese de mestrado sobre a distribución das velocidades das galaxias. En 1965 foi a primeira muller en lograr permiso para empregar os instrumentos no Observatorio Palomar de San Diego e nese mesmo ano entrou como investigadora no Instituto Carnegie de Washington.

En 1970 Rubin obtivo a evidencia máis forte ata ese momento da existencia de materia escura, logro que lle valeu a Medalla Nacional de Ciencias, o ingreso na Academia Nacional de Ciencias dos Estados Unidos e na Academia Pontificia das Ciencias, ademais de ser candidata reiterada ao Nobel de Física e doutora *honoris causa* por diversas universidades, incluídas Harvard e Yale.



Astrónoma e primeira persoa en detectar a existencia da materia escura

Lizt Herrera Alfonso

A coreógrafa, directora e pedagoga cubana Lizt Herrera Alfonso é unha precursora e a máxima expoñente do estilo fusión. Cubanía, autenticidade, enerxía, precisión técnica e elegancia definen o traballo da súa propia compañía Lizt Alfonso Dance Cuba, fundada en 1991. A súa versatilidade creativa permítelle traballar en espectáculos de danza, musicais ou en escenarios televisivos. Coa súa compañía actuou nos Premios Grammy Latinos de 2015 e tamén estivo unha temporada en Broadway.

Nada en Cuba en 1967, con dezanove anos ingresou na Escola Nacional de Ballet Afasto Carpentier e en 1985 matriculouse no Instituto Superior de Arte, na especialidade de Teatroloxía e Dramaturxia. A súa compañía foi ovacionada nos cinco continentes durante estas tres décadas de traballo. En 2016 concedéuselle o International Spotlight Award da Comisión Presidencial dos Estados Unidos para as Artes e as Humanidades.

Herrera Alfonso desenvolve, ademais, un importantísimo labor pedagóxico a través da súa academia de danza, pola que pasaron centos de nenas e nenos do país, e promove o talento por medio dun concurso anual no Gran Teatro da Habana con categorías infantil, xuvenil e de adultos.

É a única coreógrafa cubana que recibiu o Premio Dora das Artes Escénicas e da Crítica no Canadá (2007) e coreografiou vídeos musicais para artistas coma Enrique Iglesias ou Gente de Zona.



Coreógrafa, directora e pedagoga cubana

Setembro

María do Carme Kruckenberg

Poeta, tradutora e intelectual, María do Carme Kruckenberg foi unha muller cosmopolita dotada dunha grande intelixencia que lle permitiu estudar pola súa propia conta varios idiomas e disciplinas. Cunha enorme sensibilidade e potente creatividade, foi quen de emocionar cos seus intensos versos sobre o amor e a realidade social que a rodeaban.

A escritora, nacida en Vigo en 1926, faleceu na súa cidade en 2015 e deixou tras de si unha prolífica carreira literaria en galego e castelán con máis de vinte poemarios, contos, obras de narrativa e varias traducións. O seu innegable talento para as letras foi recoñecido coa Medalla de Galicia, coa Medalla Castelao e co Premio Laxeiro no ano 2011.

Empezou a compoñer versos con 14 anos e desde nova manifestou predilección polo poeta alemán Rainer Maria Rilke. Tras un fugaz paso por Italia, entre 1949 e 1953 residiu na Arxentina, unha das súas etapas máis enriquecedoras e onde trabou amizade con artistas coma Castelao, Miguel Ángel Asturias, Alberti, Lorenzo Varela ou Luis Seoane.

En 1985 asumiu a vicepresidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), polo que se converteu na primeira muller no órgano de dirección dun colectivo que por aquel entón xa agrupaba 150 persoas.



Autoría: Santos Díez (Olo de Vidro-ACAB) (2008). Licenza CC-BY-SA 3.0

Poeta, tradutora e intelectual
galega

Rosa Luxemburgo

Pacifista, defensora da democracia no seo da revolución e considerada a dirixente marxista máis importante da historia. Rosa Luxemburgo foi unha revolucionaria e teórica do socialismo alemán, de orixe xudía. Moza brillante e con inquedanzas intelectuais, logrou estudar pese á discriminación que as autoridades tsaristas lles impoñían en Polonia ás persoas xudías.

A súa militancia socialista obrigouna a exiliarse a Suíza con 18 anos. Alí terminou os seus estudos de dereito, filosofía, historia, política, economía e matemáticas, e uniuse á dirección do recentemente creado Partido Socialdemócrata de Polonia. Luxemburgo conseguiu rematar un doutorado nunha época na que moi poucas mulleres podían entrar na universidade. Pronto destacou como unha das principais dirixentes da socialdemocracia europea. Participou directamente na revolución de 1905 en Polonia.

Anos máis tarde, xunto ao político alemán Karl Liebknecht, Luxemburgo encabezou as protestas das e dos socialistas de esquerda contra a I Guerra Mundial e sentou as bases teóricas para a escisión da Liga Espartaquista (1918), transformada un ano máis tarde no Partido Comunista de Alemaña (KPD).

Xuntos lanzaron a denominada revolución espartaquista de 1919 e morreron a mans dos militares encargados da súa represión. Luxemburgo será lembrada coma unha icona da loita obreira e declarouse abertamente feminista.



Autor descoñecido, dominio público, a través de Wikimedia Commons

A dirixente marxista máis
importante da historia

Verónica Ruth Frías

Unha artista innovadora e sorprendente que por medio das súas *performances* convida o público a reflexionar sobre a construción do feminino, a maternidade, a violencia machista ou a histórica discriminación da muller no mundo da arte. Verónica Ruth Frías é unha creadora contemporánea cun forte compromiso social e con capacidade para transformar o persoal en arte.

Nacida en Córdoba en 1978, Frías é graduada en Belas Artes pola Facultade de Santa Isabel de Hungría en Sevilla, pero en moi pouco tempo decidiu abandonar a pintura e orientar a súa carreira cara ao vídeo e á *performance*.

Unha das súas primeiras creacións foi *Quiero ser Angelina ¡Jolín!* (2005), obra na que critica os canons de beleza femininos. O sarcasmo, a ironía e o humor son fundamentais para a artista, quen aborda temas de máxima actualidade cunha perspectiva feminista. Tamén transforma a súa aparencia a través do disface, da maquillaxe e ata da camuflaxe para adquirir outras identidades.

Unha das súas personaxes máis aplaudidas foi “Súper M”, fusión de supermuller e supermamá, traballo no que denunciaba as dificultades para conciliar. Ten participado en exposicións e festivais por toda España e chegou a Bolivia, Venezuela, Cuba, O Brasil, Francia, Alemaña, Nova York ou Dakar.



Artista contemporánea feminista
que traballa con performances

Agrippina Vaganova

Bailarina, profesora e directora de ballet, Agrippina Vaganova é lembrada como unha das mellores mestras na historia da danza clásica, unha das persoas que máis fixo por estruturar a aprendizaxe do ballet clásico e autora do denominado método Vaganova, técnica derivada dos métodos de ensino da antiga Escola Imperial de Ballet.

Vaganova (San Petersburgo, 1879) foi aceptada con nove anos na Escola de Ballet Imperial, a grande institución de danza clásica fundada por Ana de Rusia e financiada polos tsares. Non logrou a categoría de *prima ballerina* ata un ano antes do seu retiro, pero era coñecida entre o público como a “raíña das variacións” polo seu virtuosismo e nivel técnico. Foi bailarina da institución ata 1916 e a partir deste momento dedicouse á docencia durante máis de tres décadas.

Entre as súas alumnas figuran algunhas das máis famosas bailarinas soviéticas, coma Natalia Dudinskaya, Marina Semenova, Galina Ulanova, Olga Lepeshinskaya ou Maya Plisetskaya. O seu libro *Osnovy klassicheskogo tantso* (As bases da danza clásica, 1934) segue empregándose na actualidade para a ensinanza de técnicas de ballet. A hoxe chamada Academia Vaganova de Ballet é unha das máis prestixiosas institucións do mundo na ensinanza da danza clásica académica.



Bailarina do Ballet Imperial Ruso
e unha das mellores mestras de
danza da historia

Sandra Sánchez

Sandra Sánchez adestra a diario e mantén a concentración seguindo o que converteu no seu lema vital: “non te canses de intentalo e fai realidade o imposible”. A campioa olímpica de kata feminino é toda unha lenda do deporte español, retirouse da competición tras gañar o ouro nos World Games e acadar todos os títulos internacionais posibles.

Natural de Talavera de la Reina, onde naceu en 1981, comezou a practicar artes marciais cando era unha nena. Licenciouse en Ciencias do Deporte na Universidade de Castela-A Mancha e, tras viaxar e residir durante un tempo no estranxeiro, cando regresou a España comezou a adestrar con Jesús del Moral e apostou profesionalmente polo deporte.

Sánchez fixo historia en 2015 ao ser a primeira karateka española na modalidade de katas que conseguía alzarse co primeiro posto da Liga Mundial de Karate. Foi entón cando lle abriron as portas da selección española. En 2017 recibiu o Premio Nacional do Deporte de España e un ano despois foi recoñecida pola Federación Mundial de Karate como a mellor karateka da historia na súa categoría despois de tres anos consecutivos como líder da clasificación.

Entrou no libro *Guinness World Records* polo seu número de medallas no circuíto mundial. A finais de 2020 foi nomeada seleccionadora de katas feminino nas categorías sub-21, cadete e júnior.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Campioa olímpica e unha lenda do karate na súa categoría

Billie Holiday

Eleanora Holiday Fagan, máis coñecida como Billie Holiday, foi unha extraordinaria cantante estadounidense de jazz, considerada unha das tres voces femininas máis influentes deste xénero musical, xunto con Sarah Vaughan e Ella Fitzgerald. O seu lendario tema *Strange Fruit* foi catalogado pola revista *Time* en 1999 como a mellor canción do século XX.

Dona dun peculiar timbre de voz e dotada de talento para a interpretación, os éxitos musicais de Holiday (Filadelfia, 1915) contrastan coa súa trágica historia persoal. Violada aos dez anos e ingresada nunha especie de reformatorio católico, dous anos despois escapou coa súa nai a Nova York, onde traballou no servizo doméstico e exerceu a prostitución.

A música era a súa paixón e comezou cantando en clubs nocturnos, aínda que a súa sorte mudaría definitivamente ao ser descuberta polo crítico e produtor John Hammond durante unha audición. En 1935 fixo a súa presentación no mítico Teatro Apollo.

Rodeada dos mellores directores de orquestra da época, a súa grande oportunidade chegou cando foi contratada no Café Society do Greenwich Village neiorquino. Holiday foi a voz que cantou con máis profundidade e enteireza á inxustiza nun país segregacionista e que non estaba preparado para o éxito dunha muller talentosa, independente, desafiante e negra.



La Biblioteca del Congreso, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Unha das mellores intérpretes de jazz da historia

Maria Kolesnikova

A activista e opositora bielorrusa Maria Kolesnikova foi condenada en novembro de 2021 a once anos de cárcere acusada de coliderar as masivas protestas contra o presidente Alexander Lukashenko o ano anterior, tras ser elixido baixo a sospeita de irregularidades. O réxime esnaquizou a mobilización con milleiros de detencións e o peche de organizacións políticas, medios e oenegués.

Natural de Minsk (1982), tras completar estudos de frauta na súa cidade natal Kolesnikova graduouse na Academia de Música de Bielorrusia e continuou a súa formación de Música Antiga e Contemporánea en Alemaña. Traballou como xestora cultural en Stuttgart, participou en numerosos festivais e a partir de 2016 centrouse no traballo como profesora de música clásica. En 2017 foi nomeada xefa de proxectos do Artempfestival.

Kolesnikova é a directora de Move Green, unha organización que traballa en prol do aire limpo en Bishkek e que foi recoñecida en 2021 co Premio Campións da Terra da UNEP, na categoría de visión emprendedora (Programa da ONU para o Medio Ambiente).

Os seus problemas políticos comezaron cando regresou ao seu país e accedeu a encabezar o equipo de campaña electoral do exbanqueiro Viktor Babariko. Kolesnikova negouse a abandonar o país e, tras un ano de prisión preventiva, foi condenada a once anos de prisión.



Atribución: No comercial. Alguns dereitos reservados por UN W

Música e activista bielorrusa
condenada a once anos de prisión
por mobilizarse contra o Goberno

Chis Oliveira

Mercedes Oliveira Malvar, coñecida como Chis Oliveira, é catedrática de Filosofía e unha das maiores referentes no ámbito da educación sexual con perspectiva de xénero. Coordina o Comando de Igualdade, mantén vínculos coa agrupación de amigas e amigos do museo MARCO e é, ademais, escritora e conferenciante.

Nada en Pontevedra en 1957, doutorouse pola Universidade de Santiago de Compostela en 1997 cunha tese pioneira na que aborda como formular a educación sexual na adolescencia de forma sistemática, tarefa aínda pendente no sistema educativo. O seu labor foi recoñecido co Premio Irene do Ministerio de Educación en 2011.

Oliveira axudou a fundar Enxergo de Didáctica da Filosofía (despois Nexos), grupo de referencia en Galicia na elaboración de libros de texto, materiais curriculares e formación do profesorado, e tamén exerceu durante un tempo como presidenta da ONG de dereitos sexuais Federación de Planificación Familiar Estatal. Recibiu o Premio Nacional de Educación e Sociedade a materiais didácticos de innovación educativa.

Na reforma educativa de 1996 foi seleccionada polo Ministerio de Educación para elaborar o marco de referencia no deseño da materia de Filosofía no bacharelato LOGSE. Así mesmo, o Concello de Vigo contou con ela para redactar o II Plan municipal para a igualdade de oportunidades e de trato das mulleres.



Todos os dereitos reservados

Catedrática de Filosofía e unha
pioneira da educación sexual con
perspectiva de xénero

Maika Mougán

Maika Mougán é unha agricultora do Salnés que nunha década logrou consolidar un proxecto familiar no sempre difícil sector primario. En 2010 decidiu mudar a súa vida abrindo o seu propio invernadoiro, de 1.000 m² para poder conciliar. O salto foi cualitativo e hoxe xestiona máis de 13.000 m² de horta, que lle subministra produto fresco e de calidade a unha das principais cadeas de alimentación galegas.

Nada en Meis en 1987, Mougán estudou Estética e, tras dar a luz en 2009, decidiu emprender para poder dispor de mellores horarios. Apenas un ano despois nacía Hortamanga, un proxecto que puxo en pé ela soa ao non contar con tradición familiar no sector. Comezou vendéndolles mercadoría a pequenas cooperativas da comarca e a supermercados da zona, pero o éxito acadado animouna a seguir medrando.

Non foron anos fáciles e Mougán reconece que o esforzo apenas ten recompensa económica. “Para ser rendible hai que plantar moito, se non, non dan as contas”, reconece esta emprendedora que hoxe lles dá traballo a tres persoas máis de forma permanente durante todo o ano e que realiza contratos temporais para os picos da demanda.

Séntese orgullosa do conseguido e de traballar con produtos de proximidade. En agosto cultivan pementos, leitugas e teñen xa plantado repolo para outono, e Gadis compra toda a súa produción. Mougán participou na campaña “Elas son a forza do Nadal” da Deputación de Pontevedra, na que recoñecía que lle encanta o campo.



Agricultora do Salnés e emprendedora. Fundadora de Hortamanga

Sigourney Weaver

Sigourney Weaver dinamitou os roles tradicionais da muller no cinema en 1979 coa súa impresionante interpretación da tenente Ripley en *Alien, o oitavo pasaxeiro*. A actriz (Nova York, 1949) non só logrou vencer a besta, senón que se fixo respectar na industria como a primeira muller protagonista nunha cinta de ciencia ficción e transformouse nunha icona feminista.

Audaz, valente e con capacidade de mando, a súa personaxe seguía o ronsel da princesa Leia en *Star Wars*. Ambas as dúas axudaron a conquistar espazos ata entón ocupados sempre por homes. O seu nome de pila é Susan Alexandra Weaver, pero en 1963 decidiu mudalo por Sigourney tras ler *O gran Gatsby*, a famosa novela de Scott Fitzgerald.

En 1969 matriculouse en Literatura Inglesa na Universidade de Stanford e cando rematou os seus estudos ingresou na Yale School of Drama en Nova York, onde se iniciou no teatro en 1973. O seu debut cinematográfico foi cun pequeno papel na cinta *Annie Hall* de Woody Allen (1977). Tras catro películas como a tenente Ripley, en 1984 apareceu na exitosa *Ghostbusters*.

Gañadora de dous globos de ouro e dun premio BAFTA, foi a primeira candidata ao premio Óscar á mellor actriz por unha película de terror.



Actriz e heroína do cinema de ficción

Beatrix Potter

Beatrix Potter foi unha ilustradora e escritora de literatura infantil. A creadora deulle vida ao personaxe do coello Pedro (Peter Rabbit en inglés), que, un século despois de publicarse o primeiro libro da colección, segue a vender dous millóns de exemplares cada ano.

Afeccionada á bioloxía, foi unha pioneira do pensamento ecoloxista e unha das primeiras persoas en descubrir como xorden os liques e en deixar testemuña escrita sobre o tema. Porén, a comunidade científica non lle permitiu defender os seus achados polo feito de ser muller e tivo que facelo un tío no seu nome.

A escritora naceu en Londres en 1866 e desafiou con valentía os prexuízos da Inglaterra vitoriana e o papel doméstico que a privilexiada posición económica da súa familia lle tiña reservado. Desde moi nova mostrou un enorme interese pola botánica e pola bioloxía, e converteuse en toda unha autoridade en cogomelos e fungos.

Comezou escribindo pequenas historias que lles regalaba a rapazas e rapaces da súa contorna ata que en 1902 decidiu autopublicar unha pequena edición de *O conto do coello Pedro*, que contra todo prognóstico se converteu nun éxito sen precedentes e lle outorgou a Potter, quen apenas tiña 24 anos, unha autonomía económica impensable para unha muller da súa época. O público seguiría da súa parte na vintena de títulos que lle sucederon a esta primeira incursión da escritora na literatura infantil.

Potter revolucionou a literatura infantil cos seus contos ilustrados, unha presentación innovadora a comezos do século xx, e destacou, ademais, pola súa enorme visión comercial. Foi a primeira en crear todo un universo de obxectos ao redor das súas personaxes e vendeu todo tipo de merchandaxe, desde peluches ata xogos de mesa ou vaixelas, que multiplicaron os seus beneficios.



Creadora do coello Pedro e pioneira da literatura infantil ilustrada


Mia Hansen-Løve

Mia Hansen-Løve (París, 1981) está considerada unha das directoras europeas contemporáneas máis transgresoras, ten unha carreira prometedora e foi recentemente galardoada co Premio Luna de València do Festival Cinema Jove. Todas as súas longametraxes seleccionáronse en festivais de primeiro nivel, coma Cannes, Locarno, Toronto e Berlín, onde se fixeron con prestixiosos galardóns.

Debutou como actriz durante a súa etapa no instituto na película *Fin août, début septembre* (1998) e en 2001 ingresou no Conservatorio Nacional Superior de Arte Dramática do X Distrito de París, aínda que moi cedo o abandonou para dedicarse á crítica cinematográfica na mítica revista *Cahiers du Cinéma*.

Hansen-Løve comezou realizando varias curtametraxes e a súa primeira película, *Tout est pardonné*, obtivo en 2007 o Premio Louis Delluc á mellor ópera prima.

Conta con algúns dos galardóns máis importantes do sector, coma un Oso de Prata do Berlinale como mellor directora pola película *L'Avenir*, o premio especial do xurado de Cannes 2009 por *Le père de mes enfants* e o Premio Europa Cinemas Cannes Label á mellor película europea no Festival de Cine de Cannes de 2022 por *Bergman Island*.



Unha das directoras europeas de cinema máis transgresoras

Ruth Lodeiro

Ruth Lodeiro é unha escultora galega que emprega diversos soportes e técnicas, coma o téxtil ou a cerámica, co fin de promover unha reflexión sobre as referencias femininas que persisten a través do tempo. É unha artista atípica que non comezou a compartir as súas creacións ata o ano 2015, data na que protagonizou en Vigo a súa primeira exposición individual.

Nacida en Vigo en 1964, criouse nun ambiente artístico e intelectual ao ser filla do pintor Xosé Lodeiro. Este contacto habitual con artistas, escritoras e escritores levouna a estudar Filoloxía en Salamanca, a cal compatibilizaba con Deseño de Moda.

Muller inqueda por natureza, Lodeiro abriu dúas tendas de tecidos, realizou diversos cursos de cerámica e artes plásticas e incluso abriu un blog en 2012 no que explicaba as súas primeiras creacións.

A súa primeira exposición individual realizouna en 2015 na Sala Apo'strophe de Vigo, "Materia de barro", e tres anos despois levou "Penélope: tecedoras de soños" ao Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense. A partir daquela non deixou de crear e expresar o seu espírito crítico por medio da poesía, da escultura e dos tecidos.

Lodeiro consegue que o público reflexione, cuestione o establecido, mediante a crítica e tamén a autocrítica do momento que nos está tocando vivir como mulleres.



Escultora que reflexiona sobre as referencias femininas que persisten a través do tempo

Berta Ojea

Berta Ojea é unha das máis talentosas actrices galegas de teatro, cine e televisión, ademais dunha muller comprometida coa visibilización das grandes mulleres da historia e coa defensa dos dereitos humanos.

Naceu en 1955 na Coruña, estudou música no conservatorio da cidade e recibiu clases maxistras de Montserrat Caballé, Jessye Norman e Alfredo Kraus, entre outros. Comezou os seus estudos de interpretación con John Strasberg e completou a súa formación con Juan Carlos Corazza, estudio co que segue vinculada a día de hoxe.

Na gran pantalla traballou con algúns dos directores máis importantes, coma Guillermo del Toro, Álex de la Iglesia, Benito Zambrano ou Javier Fesser, que a elixiu para interpretar a Ofelia na súa adaptación cinematográfica de *Mortadelo e Filemón*, un papel que a converteu nun rostro moi popular.

Recibiu o Premio da Unión de Actores á mellor actriz de reparto de TV en 2008, pola súa interpretación en *La señora*, e o Premio Meliá Recoletos da Asociación Amigos del Teatro de Valladolid á mellor interpretación feminina polo seu traballo en *Un espíritu burlón*, en 2015.

Ojea milita desde moza en movementos de defensa polos dereitos das mulleres e en 2022 brindounos unha das personaxes femininas máis completas e inquietantes da pequena pantalla coa súa maxistral interpretación de Balbina na serie *Rapa*, de Jorge Coira.



Premiada actriz galega e comprometida cos dereitos das mulleres

Estelle Sylvia Pankhurst

O apelido Pankhurst está intimamente ligado á loita polo sufraxio feminino de comezos de século. Estelle Sylvia Pankhurst, filla da tamén sufraxista Emmeline Pankhurst, foi unha artista plástica, xornalista e escritora que abandonou o seu traballo para converterse nunha das principais líderes do movemento polos dereitos das mulleres.

Nada en Manchester en 1882, obtivo unha bolsa para estudar arte en Italia, pero as súas conviccións políticas marcaron o seu camiño vital. En 1903 fundou coa súa nai e coas súas irmás a Women's Social and Political Union (WSPU), pero co tempo as súas ideas distanciáronse e puxo en marcha a súa propia organización con marcadas ideas socialistas: a East London Federation of Suffragettes (ELF).

A activista opúxose á entrada do país na I Guerra Mundial e participou en proxectos sociais tanto en Londres coma en Etiopía, onde remataría os seus días. Durante a II Guerra Mundial axudou a refuxiadas e refuxiados xudeus a escapar dos nazis e en 1912 viaxou aos Estados Unidos para coñecer os efectos da segregación racial.

O seu legado viuse en ocasións ensombrecido porque defendía que o sufraxismo incluía a organización das traballadoras, o enfrontamento coa guerra imperialista, a paixón pola Revolución rusa, e a loita pola máis profunda igualdade e por unha sociedade libre de calquera opresión.



Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Artista, pacifista e líder do movemento sufraxista no Reino Unido

Artemisia Gentileschi

Artemisia Gentileschi foi unha pintora barroca italiana; unha das artistas máis importantes do século xvii e tamén unha das máis descoñecidas pese ao enorme mérito de ter triunfado nun mundo exclusivamente masculino, o das principais cortes europeas. Nas súas obras abordou temas históricos e relixiosos, e foron célebres as súas pinturas de personaxes femininas coma Lucrecia, Betsabé, Judith ou Cleopatra.

Nada en Roma en 1593, Gentileschi criouse nunha familia rodeada de artistas e, pese a que era impensable naquel momento que unha muller se dedicase profesionalmente á pintura, o seu pai, o pintor toscano Orazio Gentileschi, foi quen de ver o talento da moza e accedeu a introducila no debuxo e nas obras de Caravaggio, con quen se lle compara polo dinamismo do seu traballo e polas escenas violentas das súas pinturas.

Con dezaioito anos foi vítima dunha violación por parte do pintor Agostino Tassi, mestre seu e amigo da familia; un suceso violento que marcaría de forma determinante a súa vida e a súa obra e polo que o agresor foi levado a xuízo. A artista mudouse a Florencia, onde en pouco tempo conseguiu entrar no círculo do gran duque Cosme II e comezar a relacionarse con nobres e intelectuais coma Galileo Galilei.

Foi a primeira muller en ser admitida na Academia das Artes do Debuxo, en xullo de 1616, conseguiu fama en Roma e recibiu importantes encargos de Filipe IV de España ou Carlos I de Inglaterra.



Artemisia Gentileschi, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Unha das pintoras máis importantes do século xvii

Griselda Pollock

O libro *Vision and Difference: Femininity, Feminism and the Histories of Art*, de Griselda Pollock, é unha das grandes referencias para o sector e un traballo fundamental de máxima actualidade que parte da reflexión sobre unha pregunta moi directa: por que non teñen existido grandes artistas mulleres? Á cal lle engade, a continuación, outro interesante interrogante: por que este borrado foi máis radical no século XX?

Nada en Sudáfrica en 1949, Pollock é unha teórica especializada en artes visuais, analista cultural e catedrática de Historia Social e crítica de arte, especialista en estudos feministas poscoloniais. Tamén é directora do Centro de Análise Cultural, Teoría e Historia da Universidade de Leeds.

Está considerada unha das estudosas máis influentes da arte moderna e posmoderna, e en 2020 recibiu o Premio Holberg como recoñecemento aos seus máis de corenta anos de labor investigador e á súa influencia nos ámbitos do xénero, da ideoloxía, da arte e da cultura visual.

Pollock aborda a historia da arte con perspectiva feminista e investiga a relación entre a arte e a psicoanálise. Foi moi aplaudida polos seus traballos sobre Jean-François Millet, Vincent van Gogh, Mary Cassatt, Eva Hesse, Bracha Ettinger ou Charlotte Salomon.



griseldapollock, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Teórica e crítica que aborda a historia da arte con perspectiva feminista


Carmen Calvo

A traxectoria política de Carmen Calvo está ligada inexorablemente á loita polos dereitos das mulleres. Tras deixar a vicepresidencia primeira do Goberno en xullo de 2021, exerce como presidenta da Comisión de Igualdade do Congreso. En 2020 foi unha das promotoras da primeira lei de igualdade salarial aprobada en España.

Calvo (Córdoba, 1957) é licenciada en Dereito Público pola Universidade de Sevilla, doutora en Dereito Constitucional pola Universidade de Córdoba e profesora titular de Dereito Constitucional nesta mesma institución. Afiliada ao PSOE desde 1999, deu o salto á política nacional en 2004 como ministra de Cultura no Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero.

Foi vicepresidenta primeira do Congreso dos Deputados de 2007 a 2008, vicepresidenta primeira do Goberno con Pedro Sánchez de 2018 a 2021 e na actualidade mantén o seu cargo como secretaria de Igualdade do PSOE. É, sen dúbida, unha das mulleres con máis poder do noso país e participou directamente na xestión da pandemia, no proceso de exhumación de Franco e na lei de memoria histórica.

Comprometida coa igualdade e co feminismo, é coautora dos libros *La mujer en España*, *Política social para la igualdad de los sexos* e *Política social y estado de bienestar*.



Pool Moncloa/Fernando Calvo. La Moncloa, Madrid

Doutora en Dereito Constitucional e política feminista. Foi vicepresidenta do Goberno

Lucy Burns

Lucy Burns foi unha das sufraxistas norteamericanas máis destacadas e cofundadora do Partido Nacional da Muller. Despregou o seu activismo social tanto nos Estados Unidos (EUA) coma no Reino Unido e foi encarcerada en diversas ocasións. Burns someteuse a folgas de fame pola violencia recibida na cadea e foi un grande apoio para as demais reclusas.

Nada en Brooklyn (EUA) en 1879, foi unha estudante brillante e acudiu ao Packer Collegiate Institute antes de pasar polas universidades de Columbia, Vassar College e Yale, onde se especializou en Lingüística. En 1906 decidiu continuar os seus estudos en Europa e pasou polas universidades alemás de Bonn e Berlín antes de ingresar na de Oxford.

Chegou a Londres nun momento áxido do movemento sufraxista, liderado pola carismática Emmeline Pankhurst. Implicouse desde o primeiro minuto na loita polos dereitos das mulleres e durante unha das súas detencións coñeceu a Alice Paul, a súa compañeira na loita polo voto feminino.

Xuntas e como aliadas regresaron aos EUA para intentar dinamizar a que consideraban demasiado tradicional National American Women Suffrage Association (NAWSA) e crearon unha organización independente que derivou en 1916 no Partido Nacional da Muller.



Biblioteca del Congreso, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Sufraxista norteamericana e cofundadora do Partido Nacional da Muller

Mari Trini

María Trinidad Pérez de Miravete Mille, coñecida artisticamente como Mari Trini, foi unha cantautora española que gozou dunha enorme popularidade durante as décadas dos anos setenta e oitenta, e chegou a vender máis de dez millóns de discos. Coñecida como a voz rebelde da Transición, a artista murciana rachou cos estereotipos de xénero ao renunciar a levar minisaia e explotar a súa sensualidade para facerse un nome na industria do espectáculo.

Nada en Caravaca de la Cruz en 1947, Mari Trini actuaba en bares de Madrid cando foi descuberta na adolescencia polo cineasta Nicholas Ray, director de cintas coma *Rebelde sen causa*. Residiu durante varios anos en Londres e París, onde gravou as súas primeiras cancións en francés.

De regreso a España, o éxito chegoulle co seu segundo álbum, *Amores* (1971), co que demostrou a súa valía como compositora e intérprete. Quería ser respectada como artista e foi a primeira muller en aparecer en TVE vestida con pantalóns vaqueiros, algo tan inusual para a época coma a súa paixón polas carreiras de coches.

Foi unha artista enigmática, culta e moi discreta coa súa vida privada. A súa canción máis icónica, *Yo no soy esa*, considérase hoxe un himno feminista e foi versionado recentemente por La Bien Querida.



La Fonoteca. Licencia Creative Commons

Cantautora da Transición e icona feminista. Autora de *Yo no soy esa*

Leymah Gbowee

Leymah Roberta Gbowee é unha activista africana pola paz, responsable do movemento pacifista que lle puxo fin á segunda guerra civil en Liberia en 2003. Traballadora social e defensora dos dereitos das mulleres, é fundadora e presidenta da Gbowee Peace Foundation Africa, con sede en Monrovia, e recibiu o Premio Nobel da Paz en 2011.

Naceu en Liberia en 1972 e trasladouse a Monrovia cando estalou a primeira guerra civil do país, etapa durante a cal traballou con nenos soldado do exército de Charles Taylor para superar o trauma da guerra.

En 2022 organizou a chamada Acción Masiva pola Paz das Mulleres de Liberia, que realizaron folgas de sexo e ameazaron cunha maldición masiva para forzar o presidente a participar en reunións de paz. Este movemento tivo un papel determinante no final da segunda guerra e na elección de Ellen Johnson como presidenta, polo que Liberia se converteu na primeira nación africana en ter unha muller no cargo.

En 2011 recibiu o Premio Nobel da Paz pola súa loita non violenta a prol dos dereitos da muller e pola construción da paz. Gbowee asesora numerosas organizacións que traballan pola paz, polos dereitos das mulleres, pola mocidade e polo desenvolvemento sostible. É directora executiva do Programa de mulleres, paz e seguridade no Earth Institute da Universidade de Columbia.



Premio Nobel da Paz en 2011
polo seu traballo a prol da paz en
Liberia

Gabriela González

O 11 de febreiro de 2016 compartíuse oficialmente a primeira detección de ondas gravitacionais, producidas pola fusión de dous buracos negros a uns dez megapársecs da Terra. Gabriela González era a única muller do panel de científicos encargados de anunciarlle ao mundo unha das maiores proezas da ciencia das últimas décadas.

Nada na Arxentina en 1965, licenciouse en Córdoba en 1988 e logo trasladouse a Siracusa para facer o seu doutoramento. Buscaba na física respostas a todas as súas preguntas, pero o que atopou foron sempre novos interrogantes que leva dúas décadas tratando de resolver.

Esta física, investigadora e profesora arxentina é coñecida principalmente polas súas contribucións na investigación sobre ondas gravitacionais ao exercer como portavoz do proxecto LIGO, que agrupa máis de 1.000 persoas investigadoras de 18 países. Ten no seu haber máis de 100 publicacións e en 2017 recibiu o Premio NAS ao descubrimento científico da Academia Nacional de Ciencias dos Estados Unidos.

Na actualidade dirixe un equipo que busca mellorar o detector de LIGO en Luisiana e, asemade, percorre o mundo alentando as vocacións científicas de nenas e mozas, impartindo charlas para animalas co seu exemplo.



Física e investigadora que
participou na detección das ondas
gravitacionais

Zua Méndez e Teresa Lozano

Zua Méndez (Madrid, 1985) e Teresa Lozano (Madrid, 1986) son as creadoras de Towanda Rebels, un proxecto de comunicación feminista que naceu en 2017 en YouTube e que pronto se estendeu ao resto de redes sociais e serviu de base para facer divulgación e formación feminista por medio de conferencias e libros con grande éxito de público.

Este dúo de artistas, actrices e comunicadoras é o responsable da campaña #HolaPutero, lanzada hai un lustro para loitar contra a explotación sexual de mulleres e nenas. O vídeo deste proxecto tivo unha enorme repercusión e alentou con datos estatísticos o debate nacional sobre as causas da prostitución e da violencia contras as mulleres.

Desde entón publicaron o exitoso libro *#HolaGuerrera* (2018) e participaron en obras colectivas coma *Debate prostitución: 18 voces abolicionistas* (2019), *Ser feministas* (2020) e *No somos princesas somos guerreras. Cuentos feministas para un mundo nuevo* (2021). Tamén produciron a súa propia obra de teatro feminista titulada *Sex Toy, la rebelión de las muñecas*, escrita, dirixida, producida e distribuída por mulleres, que denuncia a consideración do corpo feminino como mero obxecto estético e sexual.



Towanda Rebels, un proxecto referente na comunicación e formación feministas


Michelle Alonso

Michelle Alonso é unha extraordinaria deportista, campioa do mundo de natación para persoas con discapacidade intelectual en 100 metros braza e escollida polo Comité Olímpico Español como abandeirada da delegación española na cerimonia de apertura dos Xogos Paralímpicos de Tokio 2020.

Nacida en Santa Cruz de Tenerife en 1994, saltou á piscina aos sete anos por recomendación médica para superar problemas de costas. Durante a súa infancia sentía que non encaixaba e que non se lle daban ben os estudos, pero non era consciente da súa diversidade funcional. Non foi ata os quince anos cando ingresou no club Ademi Tenerife, especializado en deporte adaptado, e coñeceu o seu adestrador, José Luis Guadalupe.

Grazas a un esixente plan de adestramento, en dous anos converteuse en campioa do mundo en Italia e en campioa de Europa. Era o ano 2011 e apenas uns meses despois lograría o seu primeiro ouro olímpico, en Londres 2012, ao que lle seguiría o de Río 2016 e unha medalla de prata en Tokyo 2020.

Alonso é un exemplo de superación e un referente para as persoas con diversidade funcional, condecorada polo Consello Superior de Deportes coa medalla de ouro da Real Orde do Mérito Deportivo.



Tripla medalla olímpica en natación para persoas con discapacidade intelectual

Adela Cortina

Adela Cortina é unha filósofa española defensora dos dereitos humanos e da aplicación da ética na actividade económica, e a responsable de acuñar o termo “aporofobia” para referirse ao rexeitamento das persoas con menos recursos ou vulnerables. Foi a primeira muller en ingresar na Academia de Ciencias Morais e Políticas, en 2008.

Nacida en Valencia en 1947, é catedrática de Ética e Filosofía Xurídica, Moral e Política da Universidade desta cidade desde 1986; completou os seus estudos nas universidades de Múnic e Frankfurt, onde entrou en contacto coa filosofía de Jürgen Habermas e Karl-Otto Apel. Actualmente, é directora da Fundación Étnor para a ética dos negocios e das organizacións.

Está recoñecida como unha das grandes pensadoras contemporáneas do noso país. Recibiu o Premio Internacional de Ensaio Jovellanos 2007, o Premio Nacional de Ensaio 2014 pola súa obra *¿Para qué sirve la ética?*, e a gran cruz da Orde de Xaime I o Conquistador. De forma máis recente, en 2021, entregóuselle o Premio á Protección dos Dereitos Humanos Juan Antonio Carrillo Salcedo da Universidade de Sevilla.

Os seus traballos tratan de darlles resposta aos problemas cotiás da cidadanía e moitas das súas teses aplícanse no ámbito do traballo social. Entre as súas obras destacan *Ética mínima*, *Alianza y contrato*, *La escuela de Fráncfort: crítica y utopía* e *Aporofobia*.



Alguns dereitos reservados por Deust

Unha das filósofas máis reputadas do país que acuñou o termo “aporofobia”

Paloma Llaneza

Paloma Llaneza (Madrid, 1965) é unha prestixiosa avogada e auditora de sistemas especialista en protección de datos. Formou parte do equipo que elaborou a Carta de dereitos dixitais, promovida pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial. No seu último libro, *Datanomics*, trata de concienciar a cidadanía sobre a monitorización da nosa vida diaria que fan as grandes firmas tecnolóxicas e os riscos dunha mala utilización dos datos privados que se lles ceden.

Licenciada en Dereito e cun grao medio en programación, Llaneza foi árbitra na Corte de Arbitraje da Cámara de Comercio de Madrid e actualmente é CEO da consultora tecnolóxica Razona Legaltech, experta en identidade dixital.

En 2020 foi galardoada co premio ás boas prácticas empresariais nos Premios Protección de Datos 2020 da Axencia Española de Protección de Datos polo traballo *Consent Commons*, a primeira iconografía mundial que permite ver as políticas de privacidade dunha ollada.

Llaneza tamén imparte clases en diversas universidades e é editora internacional de normas en ISO, CEN e ETSI. É unha das voces máis autorizadas en identidade dixital e protección de datos a nivel internacional e recentemente destapouse como unha talentosa escritora de novela negra.



Álvaro Muñoz Guzmán, SINC

Unha das maiores referentes en identidade dixital e protección de datos a nivel internacional

Maribel Rodríguez

Maribel Rodríguez é unha executiva española con máis de vinte anos de experiencia no sector turístico e de viaxes que actualmente preside Women Leading Tourism (WLT), entidade que promove o talento e liderado das mulleres nos máximos órganos de goberno corporativo do turismo. Ademais, é vicepresidenta sénior do Consello Mundial de Viaxes e Turismo, institución representativa dunha das maiores industrias do mundo.

Rodríguez é un referente internacional entre as mulleres no mundo do turismo. Graduada en Psicoloxía Industrial pola Universidade de Salamanca e cun máster en Administración e Dirección de Empresas pola ICADE Business School, traballou varios anos na industria da aviación. Nesa etapa liderou a introdución de operacións de aeroliñas de baixo custo no suroeste europeo. En Ryanair supervisou a apertura de 190 rutas en Europa e, ademais, traballou para GB Airways, socia de British Airways en España, Portugal e Francia. Anteriormente formou parte do consello da Asociación Empresarial Hoteleira de Madrid e da comisión para promover a capital do Estado como destino turístico.

En 2014 uniuse ao Consello Mundial de Viaxes e Turismo, que promove o crecemento sostible para a industria. En 2020 foi elixida presidenta de WLT, asinando en 2022 un protocolo co Instituto de Turismo de España (Turespaña) para desenvolver accións que impulsen o papel das mulleres no sector turístico español e internacional e contribuír á imaxe de España no exterior como un destino inclusivo en todas as súas facetas.

Ademais, Maribel Rodríguez forma parte do Comité Asesor de SAHIC Latin America & The Caribbean, entidade organizadora de conferencias de investimento hoteleiro e turístico, e do Comité Asesor do Tourism Innovation Summit, que ten como obxectivo axudar a industria do turismo e dos viaxes a encarar os desafíos do sector a curto e longo prazo.



Vicepresidenta sénior do Consello Mundial de Turismo e presidenta de Women Leading Tourism

Carmen Sarmiento

Carmen Sarmiento é mestra de xornalistas e un referente ético e de compromiso social. No seu día foi unha pioneira no exercicio da profesión e na denuncia das desigualdades que sufrían as mulleres xa durante a ditadura. Ata a súa xubilación, a súa foi unha carreira dedicada a darlles voz ás persoas máis desfavorecidas ou discriminadas.

Realizadora, feminista e escritora, Sarmiento (Madrid, 1944) estudou na Escola Oficial de Periodismo e comezou o seu traballo como xornalista en Televisión Española en 1967, e conseguiu en pouco tempo o seu obxectivo de ingresar na sección de Internacional como reporteira, un espazo ata o momento reservado para homes.

Nos anos setenta exerceu como subdirectora dos máis prestixiosos programas de actualidade, coma *Informe Semanal* e *Objetivo*, para os que traballou como correspondente de guerra no Salvador, en Nicaragua e no Líbano. Cubriu golpes de estado na Arxentina, Illa de Granada ou Ghana e entrevistou dirixentes políticos coma Yasser Arafat, Fidel Castro, o comandante guerrilleiro Tiro Fijo ou Rigoberta Menchú.

Sarmiento realizou un extenso traballo como documentalista dirixindo máis de medio cento de pezas. As súas series tituladas *Los marginados*, *Mujeres de América Latina* e *Los excluidos* servíronlle para denunciar graves desigualdades sociais e de xénero. Desde o seu retiro participa de forma activa no movemento feminista coa defensa da terceira vaga e o empuxe das mulleres dos setenta en España.



Pioneira do xornalismo, correspondente de guerra e feminista

Concepción Fernández Villanueva

Concepción Fernández Villanueva é catedrática de Psicoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid, profesora de Psicoloxía especializada en violencia de xénero e medios de comunicación e dirixe o Departamento de Psicoloxía Social da mesma institución ao tempo que realiza unha extensa actividade investigadora.

Os temas que centran a súa investigación versan sobre a socialización e o sexo, a psicoloxía da violencia, particularmente na mocidade, así como a discriminación de xénero en ámbitos coma o da xustiza. É unha das voces máis autorizadas no país para falar dos efectos dos medios de comunicación e, particularmente, sobre a violencia nos contidos audiovisuais.

Colaborou co Instituto da Muller que lle encargou, xa en 1997, a investigación “A muller ante a Administración de Xustiza” e, posteriormente, “A igualdade nas mulleres españolas no ano 2000”.

Fernández Villanueva mantén unha intensa actividade investigadora, como conferenciante colabora en publicacións grupais e nos últimos anos exerceu como avaliadora das revistas *Cuestiones de género*, *Social Science Journal*, *Revista RES* e *Revista de Estudios Socioeducativos* (RESED), e de proxectos de investigación para as comunidades autónomas de Castela e León e do País Vasco.



É catedrática de Psicoloxía Social e investigadora con perspectiva de xénero

Universidad Complutense de Madrid

Monika Zgustová

Monika Zgustová (Praga, 1957) é unha escritora, tradutora e xornalista afincada desde os anos oitenta en Cataluña. Está considerada unha figura fundamental na introdución da literatura checa no mundo de fala hispana, con máis de corenta obras traducidas ao castelán e ao catalán nas últimas décadas. Tamén é columnista habitual en medios españois e internacionais.

A súa intensa tarefa como tradutora foi recoñecida con media ducia de galardóns, entre outros, o Premio Ciutat de Barcelona 1995 pola tradución de *Les aventures del bon soldat Švejk*, de Jaroslav Hašek, e o European Translation Prize por *Cartas a Olga*, de Václav Havel, un ano antes.

Zgustová é autora de catro ensaios e oito novelas, entre as que destaca *La mujer silenciosa*, catalogada entre as cinco mellores obras de ficción de 2005; *Jardín de invierno*; *La noche de Valia*, Premio Amat-Piniella 2014 á mellor novela do ano; e *Vestidas para un baile en la nieve*. As súas obras tamén se traduciron a diversos idiomas, catro delas publicáronse nos Estados Unidos e estreou dúas obras de teatro.

O exilio e a perda da identidade son temas habituais nos seus traballos de non ficción que a conectan coa fuxida que ela e a súa familia viviron en primeira persoa.



Escritora e tradutora que axudou a popularizar a literatura checa nos países de fala hispana

Guillem Medina, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Outubro

Belém Tajés

Belém Tajés é unha cantante, compositora e especialista en musicoterapia que foi vocalista na xira do 30 aniversario de Luar na Lubre, participou en diversas formacións como cantante e percusionista, e lidera o proxecto Vudú, que recibiu o Premio Martín Códax da Música e o Premio Opinión de Músicas de Raíz.

Nada en Bos Aires en 1985, Tajés criouse en Camariñas e estudou no conservatorio da Coruña. Foi alumna de Ángeles Dorrio e Carmen Rey. Aínda que as súas orixes están na música tradicional, a artista tamén conta con formación noutros estilos coma o *jazz*, o *soul* ou o *rock*.

Traballou en Irlanda recompilando un cancionero vinculado ao mar dentro do proxecto “Tosta cultural cargo”. En 2017 converteuse en vocalista de Luar na Lubre e, xunto a Maritxinha, formou o dúo Vudú en 2016.

En 2020 comezou a súa carreira en solitario coa canción *Pájaro negro*, na que sorprendía polas súas influencias latinas. En setembro de 2022 lanzou *Un mapa*, o seu primeiro disco con cancións inspiradas na Arxentina.



Cantante e compositora, recibiu o Premio Martín Códax da Música

Betty Williams

Betty Williams será lembrada como a muller que lle fixo fronte á violencia do Exército Republicano Irlandés (IRA). Pacifista irlandesa, recibiu o Premio Nobel da Paz en 1976 xunto a Mairead Corrigan-Maguire e Ciaran MacKeown como propulsoras do importante Movemento pola Paz de Irlanda do Norte.

Nada en Belfast en 1943, Williams, con pai protestante e nai católica, ingresou no IRA en 1972, pero un ano despois presenciou a morte dun soldado británico e decidiu axeonllarse e rezar por el co resto de veciñas e veciños católicos, abandonando o movemento guerrilleiro.

O seu activismo pacifista comezou tras falecer tres irmáns atropelados por un fuxitivo do IRA; uniu forzas con Mairead Corrigan, tía dos menores falecidos, e coa xornalista Ciaran McKeown, e organizaron marchas de mulleres pola paz.

Foi elixida deputada laborista por Conwy en 1997 e investida doutora *honoris causa* en Dereito pola Universidade de Yale. Williams foi, ademais, distinguida con numerosos premios en diversos países, coma a Medalla Carl von Ossitsky, da liga de dereitos humanos de Berlín, ou o Premio Noruegués da Paz.



Premio Nobel da Paz polo seu traballo pacifista en Irlanda do Norte

Mia Mottley

Mia Monttley é a primeira ministra de Barbados desde 2018 e a primeira muller en ocupar o cargo tras lograr o 74,6 % dos sufraxios, a porcentaxe máis alta de apoio obtida na historia do país. Foi unha das principais impulsoras do republicanismo e da eliminación dos vínculos de dependencia colonial co Reino Unido.

Nada en Barbados en 1965, decidiu estudar Dereito e iniciouse na política cando era moi nova. Con 29 anos converteuse nunha das primeiras mulleres do país en ser nomeada ministra, coa carteira de Educación e Cultura. Tamén foi a primeira muller en exercer como fiscal nacional.

Como primeira ministra conta con diversas iniciativas progresistas coma o impulso do proceso de supresión do exame de acceso a secundaria, o seu apoio público ao recoñecemento oficial das unións entre persoas do mesmo sexo e o cumprimento da súa promesa de converter Barbados nunha república.

A súa defensa feroz e decidida do Caribe na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático de 2021 e o seu firme compromiso co planeta erixiuna nunha líder con visión de futuro e transformadora. Recentemente foi elixida pola revista *Time* como unha das persoas máis influentes do mundo.



Timothy Sullivan (UNCTAD), CC BY-SA 2.0, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller que exerce como primeira ministra en Barbados

Lizzy Lind af Hageby

Emilie Augusta Louise, máis coñecida como Lizzy Lind af Hageby, foi unha feminista sueco-británica pioneira tamén na defensa dos dereitos dos animais, que se consolidou como unha destacada activista contra a vivisección en Inglaterra a comezos do século xx, e unha grande oradora.

Nada en 1878 en Suecia, estudou no Cheltenham Ladies College; co respaldo da súa familia, tivo a oportunidade de escribir e viaxar por todo o mundo para dar conferencias contra o traballo infantil e a prostitución e, máis tarde, a favor da emancipación das mulleres e dos dereitos dos animais.

A partir de 1902 Lind af Hageby estableceuse definitivamente en Inglaterra, onde dirixiu o movemento británico contra o emprego de animais vivos para a exploración científica das estruturas anatómicas e o funcionamento dos órganos vitais. Catro anos despois fundou a Sociedade para a Defensa dos Animais e Antivivisección e fíxose cargo do santuario de animais Ferne House.

O seu grupo de activistas visitou diversas institucións e publicou un artigo no que acusaba as e os investigadores da Universidade de Londres de viviseccionar un can sen anestesia, un escándalo que rematou nunha demanda por difamación e ocasionou disturbios en Londres.



Harris & Ewing, fotógrafo, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Feminista sueco-británica e unha pioneira na loita polo benestar animal

Carmen Quinteiro Moreno

O nome de Carmen Quinteiro Moreno é sinónimo de excelencia educativa. Esta mestra de primaria do CEIP A Xunqueira de Pontevedra acumula galardóns e conta co respaldo e co cariño das familias do centro grazas á súa aposta pola educación emocional, por fomentar o pensamento crítico e por achegarse á natureza e á arte máis que aos tradicionais libros de texto.

Foi escollida a cuarta mellor docente de España 2020 nos IV Premios Educa Abanca. Pouco despois foi recoñecida co premio Galega Destacada en 2021, concedido polo colectivo cultural e feminista vigués Diálogos 90, polo seu labor pedagóxico e polo seu compromiso contra a violencia de xénero e os estereotipos.

Este compromiso coa igualdade levouna tamén a participar no proxecto “Mulleres en acción. Violencia zero” da Deputación de Pontevedra. Outro dos obxectivos desta escritora e mestra, desde hai máis de dúas décadas, é a inclusión do conxunto do alumnado, que cristalizou nun proxecto de lingua de signos que empezou como plan de integración dunha nena xorda.

O seu compromiso coa comunidade educativa do CEIP A Xunqueira de Pontevedra é tal que a Asociación de Nais e Pais de Alumnos Celso Emilio Ferreiro presentou a súa candidatura para os Premios Cidade de Pontevedra 2021.



Mestra pontevedresa recoñecida como a cuarta mellor docente de España 2020

Melania Rodríguez

Melania Rodríguez é unha ximnasta galega de trampolín que conseguiu o ouro en dobre *minitramp* nos World Games 2022 do pasado mes de xullo de 2022. Na final do campionato fixo un salto executado de forma moi limpa que lle outorgou 26,600 puntos e a alzou ata o máis alto do podio.

Pupila de Pablo Hinojar, adestrador pontevedrés de ximnasia acrobática e seleccionador nacional, poucos meses antes a integrante do Clube Ximnasia Burgas fixera historia ao marcar un novo récord do mundo de dificultade, durante a rolda clasificatoria para a Copa do Mundo de Ximnasia de Trampolín en Italia no mes de maio.

A deportista ponteareá comezou coa práctica de ximnasia artística, pero acabou pasándose ao trampolín. Unha vez xa na categoría absoluta, Rodríguez logrou a medalla de prata no seu primeiro mundial en 2018 e quedou terceira ese mesmo ano no Mundial de Bakú na especialidade de dobre *minitramp*.

Agora ten a mirada posta en París e a firme intención de ser a primeira ximnasta en representar a España nuns xogos olímpicos na modalidade de trampolín olímpico. A galega leva un lustro na elite mundial da ximnasia.



Ximnasta pontevedresa, campioa mundial de minitramp

As cigarreiras

As cigarreiras foron as primeiras sindicalistas españolas en saír á rúa para reclamar os seus dereitos. Eran mulleres que no século XIX traballaban nas fábricas de tabaco de Sevilla, Cádiz, Alacante ou Madrid sen seguro de enfermidade, invalidez nin viuvez e que en 1834 formaron unha confraría do socorro para atender calquera compañeira que se vise en problemas. Foron unhas pioneiras da sororidade e da defensa da conciliación.

A protagonista da aclamada ópera *Carmen* de Bizet representa estas mulleres loitadoras que moitas veces tiñan que levar as súas fillas e fillos ao traballo por non ter con quen deixalos. Pese á romantización do mito, este codiciado traballo, que pasaba de nais a fillas, era extremadamente duro, pois o po, a nicotina e os efluvios que emanaban do tabaco provocaban moitas enfermidades respiratorias e oculares.

A irmandade que crearon, na primeira metade do século XIX, foi algo nunca visto nas fábricas ata o momento, pois pretendían ofrecerlles cobertura ás traballadoras que por idade, enfermidade ou outras causas non podían acudir á fábrica e facían posible que puidesen levar o seu traballo a casa.

A súa reivindicación por mellores salarios e máis dereitos foi un referente na loita obreira en España. A cidade de Alacante decidiu en 2022 declarar o 20 de maio como o Día das cigarreiras en homenaxe a estas mulleres.



Dominio público, a través de Wikipedia

Pioneiras do movemento sindical en España

Beatriz Domínguez-Gil

Beatriz Domínguez-Gil é unha médica española especialista en nefroloxía que desde 2017 dirixe a Organización Nacional de Transplantes de España, á que leva vencellada máis dunha década como integrante do seu equipo médico.

Nada en Santiago de Compostela en 1971, Domínguez-Gil licenciouse en Medicina e Cirurxía na Universidade de Salamanca. É doutora en Medicina Interna pola Universidade Complutense e traballou como nefróloga no Hospital 12 de Outubro de Madrid entre o 2000 e o 2007.

Foi presidenta da Organización Europea de Doazón e Coordinación de Transplantes, conselleira por Europa da Sociedade Internacional de Transplantes e médica do seu Comité de Ética, ademais de vogal electa na Xunta Directiva da Sociedade Española de Transplantes.

A doutora galega tamén foi copresidenta do Grupo Custodio da Declaración de Istambul contra o Tráfico de Órganos e o Turismo de Transplantes, organismo que coida do cumprimento dos principios éticos que deben rexer nos procesos de transplantes de órganos.

En 2018 recibiu o Premio Woman de mans da ministra de Sanidade, M.^a Luisa Carcedo, e do presidente do Grupo Zeta, Antonio Asensio Mosbah.



Fotografía cedida por Beatriz Domínguez-Gil

Directora da Organización Nacional de Transplantes de España

María Bernaldo de Quirós

María de la Salud Bernaldo de Quirós y Bustillo (Madrid, 1898) foi a primeira muller en España en obter o título de piloto de aviación que outorgaba a Federación Aeronáutica Internacional (FAI) o 24 de novembro de 1928 no aeródromo de Getafe.

De familia da nova aristocracia, recibiu unha boa formación académica, pero desde moi nova sentiuse atraída pola aviación. Muller moderna, brillante e moi popular, reclamoulle abertamente ao Goberno que apoiase o acceso das mulleres ao sector, vítima ela mesma do machismo imperante da época. Foi rexeitada como socia do Real Aero Club de Getafe e Alfredo Kindelán, xefe superior de Aeronáutica, negábase a recoñecela como aviadora honoraria do colectivo.

Lonxe de desistir, unha vez cos permisos en regra, aproveitou a oferta da firma De Havilland, que lle vendeu a bo prezo unha avioneta coa que se dedicou a percorrer os aeródromos existentes, participar en festivais e facer publicidade da empresa aeronáutica británica.

Segundo as últimas publicacións, ao comezo da guerra a aviadora realizou algúns voos no norte de España para as forzas sublevadas e tripulou avionetas militarizadas, pero a medida que avanzaba o conflito cesou por completo a súa actividade aeronáutica e a chegada da ditadura devolveuna ao ámbito doméstico.



Flavia bq, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller en España
en obter o título de piloto de
aviación en 1928

Nise da Silveira

A psiquiatra brasileira Nise da Silveira foi unha pioneira no deseño de terapias máis humanas no ámbito da saúde mental e botou man da arte e do contacto cos animais para facer mellorar as persoas con algunha enfermidade.

Naceu no Río de Xaneiro en 1905 e, na década dos anos vinte, foi a única muller entre 157 homes na Facultade de Medicina de Bahía. Obtivo o título en 1926 coa tese *Ensaio sobre a criminalidade da muller no Brasil*. En 1932 gañou unha praza por concurso para un posto de psiquiatra no Servizo de Asistencia a Psicópatas e Profilaxe Mental en Praia Vermelha.

A súa chegada ao Hospital Pedro II, antigo Centro Nacional de Psiquiatría, situado nun suburbio do Río de Xaneiro, supuxo unha revolución, xa que Da Silveira se opuxo aos tratamentos por electrochoques, ás camisas de forza, ao illamento e á psicocirurxía, que consideraba extremadamente brutais. Pola contra, encargouse de introducir a terapia ocupacional no hospital.

En 1956 puxo en pé outro proxecto revolucionario, a Casa das Palmeiras, unha clínica para antigas e antigos pacientes de institucións psiquiátricas na que se traballaba fundamentalmente coa arte.



Arquivos Nacionais de Brasil, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Psiquiatra brasileira pioneira
na introdución da terapia
ocupacional na saúde mental

Francesca Cavallo e Elena Favilli

As creadoras de *Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes*, Francesca Cavallo e Elena Favilli, son escritoras, emprendedoras e referentes dun movemento global que trata de facer xustiza coas inmensas achegas que as mulleres fixeron en diversos eidos do coñecemento, coma a ciencia, a música, as artes plásticas, a medicina ou a astronomía.

Ese é o obxectivo do seu proxecto que inclúe, polo momento, un total de dous volumes con pequenas biografías de mulleres destacadas da historia cuxos logros foron moitas veces invisibilizados. A través dunha linguaxe sinxela e accesible, empregan o estilo dos contos para darlles a coñecer estas referentes ás nenas e mozas de todo o mundo, pois o seu traballo foi traducido a máis de trinta idiomas.

Favilli naceu en Italia en 1982, é licenciada en Semiótica pola Universidade de Boloña e estudou posteriormente xornalismo dixital en Berkeley. Pola súa parte, Cavallo naceu en Italia en 1983 e estudou Humanidades e Ciencias da Comunicación en Milán, para formarse logo como directora teatral na Escola de Arte Dramática Paolo Grassi.

En 2011 fundaron Timbuktu Labs, empresa coa que publicaron en 2012 a primeira versión dixital de *Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes*. O traballo chegou ao papel grazas a que se converteu no libro que máis doazóns de micromecenado logrou na historia da plataforma Kickstarter.



Autoras da colección feminista
*Cuentos de buenas noches para
niñas rebeldes*

Elisa e Jimena Fernández de la Vega

Elisa e Jimena Fernández de la Vega foron dúas desas mulleres que rachan cos teitos de cristal e abren camiño para moitas outras compañeiras. Foron as primeiras mulleres en licenciarse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela en 1919 e, pese á intolerancia da institución naquel momento e ás burlas dalgúns compañeiros, aprobaron a licenciatura e o doutoramento en 1921 con excepcionais resultados. Jimena fíxose co único premio extraordinario da promoción.

As irmás xemelgas, nadas na Veiga (Asturias) en 1895, iniciáronse na investigación no laboratorio de Nóvoa Santos e recibiron a Gran Cruz de Afonso XII polos seus méritos académicos. Ao completar a carreira en Santiago de Compostela, trasladáronse a Madrid para desenvolver a súa tese de doutoramento. Ampliaron os seus estudos en Alemaña, Suíza e Austria sobre xenética experimental.

No ano 1930 Jimena traduciu ao castelán a obra de Julius Bauer *Herencia y constitución*; un libro que introduciu os médicos españois nos coñecementos da xenética mendeliana. Tres anos despois creouse en Madrid o Laboratorio de Xenética Humana do que pasou a ser directora, ao tempo que colaborou con Gregorio Marañón e Gustavo Pittaluga.

Pola súa parte, Elisa especializouse en Pediatría da man do catedrático Enrique Suñer e estivo a piques de converterse na primeira catedrática do país cando unha enfermidade llo impediu.



Primeiras licenciadas en Medicina
en Galicia en 1919

Jennifer Anne Doudna

Jennifer Anne Doudna é unha recoñecida bioquímica estadounidense galardoada pola creación das técnicas CRISPR/Cas9, que impulsaron unha revolución biolóxica para dotar os laboratorios dunha potente ferramenta de edición xenómica para entender as funcións dos xenes e dos sistemas biolóxicos, así como para abordar enfermidades.

Doudna (Washington D. C., 1964) graduouse *cum laude* en Bioquímica no Pomona College (1985) e doutorouse en Química Biolóxica e Farmacoloxía Molecular na Harvard Medical School (1989). Tras pasar por diferentes institucións punteiras do país, entre 1994 e 2002 traballou no Departamento de Biofísica e Bioquímica Molecular da Universidade de Yale. O seu último posto foi o de titular da Cátedra Henry Ford II (2000-2002).

Desde 2002 está vencellada á Universidade de California, no Centro Li Ka Shing, dedicado ás ciencias biomédicas e da saúde, é directora executiva da Iniciativa Innovative Genomics, ademais de investigadora do Instituto Médico Howard Hughes. Doudna é unha das maiores referentes internacionais en xenética molecular.

En colaboración con Emmanuelle Charpentier recibiu en 2020 o Premio Nobel de Química polas súas investigación para desenvolver un método de edición do xenoma.



Premio Nobel de Química polas súas contribucións en materia de edición xenómica

La Real Sociedad, CC BY-SA 3.0, a través de Wikimedia Commons

Annie Leibovitz

Annie Leibovitz está considerada a fotógrafa viva máis influente da segunda metade do século xx e do que levamos de xxi. Recibiu o Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades e destaca polos seus dotes como retratista. Dela son algunhas das imaxes máis importantes da cultura popular e da política das últimas décadas.

Nada en Connecticut en 1949, ingresou no Instituto de Arte de San Francisco en 1967 e en 1971 licenciouse en Belas Artes. Comezou a interesarse pola fotografía mentres practicaba nun cuarto escuro da base aérea Clark, en Filipinas, onde foi destinado seu pai durante a guerra do Vietnam.

En 1991 converteuse na primeira muller en exhibir a súa obra na Galería Nacional de Retratos de Washington D. C. e, casualmente, foi a última en fotografar a John Lennon coa súa esposa Yoko Ono. Súas son algunhas das imaxes máis icónicas das portadas de *Vanity Fair*, *Rolling Stone* ou *Vogue*.

Retratou mitos coma Mick Jagger, Michael Jackson, Bob Dylan, Demi Moore ou Whoopi Goldberg, pero tamén mandatarias e mandatarios de todo o mundo, desde a raíña Isabel II ao presidente de Ucraína, *Volodímir Zelenski*. En 2009 a Royal Photographic Society galardoouna coa Medalla Centenario, que recoñece a súa significativa contribución ao mundo da arte e da fotografía.



A fotógrafa viva máis influente e unha retratista excepcional

Annie Leibovitz
Av Robert Scoble
Lisens: CC BY 2.0

María José Tallón

A agricultora de Silleda María José Tallón é unha pioneira en materia de sostibilidade no sector primario, ademais dunha emprendedora galardoada en 2021 co Premio TalentA polo seu proxecto Trasdeza Natur, unha firma de agricultura ecolóxica que aposta pola creación de riqueza no rural e pola innovación.

Tras quedar sen traballo, en 2016 esta economista de formación decidiu apostar polo autoemprego e mesturar agricultura e tecnoloxía. O seu proxecto empresarial xorde tamén como forma de poñer en valor a casa materna e as leiras en desuso pero co tempo consolidouse como unha iniciativa sólida, ademais de exemplar, pioneira na técnica de deshidratado solar de froitas e verduras como forma ecolóxica de almacenamento e coa máxima preservación de nutrientes.

A desta horta ecolóxica é unha traxectoria de éxito. Premio Agader 2018, segundo premio Semente Ribeira Sacra, Premio de Excelencia á Innovación para Mulleres Rurais do Ministerio de Agricultura e galardón TalentA 2021, organizado pola compañía Corteva Agriscience e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de España (Fademur).



Fotografía cedida por María José Tallón

Unha referente en agricultura ecolóxica e innovación no sector primario

Olive Wetzel Dennis

A enxeñeira Olive Wetzel Dennis foi a segunda muller que se graduou en Enxeñería Civil na Universidade de Cornell, en 1920. Ao rematar os seus estudos, contratouna a compañía de ferrocarril B&O Railroad e os seus deseños revolucionarios mudaron por completo a experiencia das viaxes. Introduciu os asentos parcialmente reclinables, a tapicería resistente ás manchas, a ventilación individual e mellorou os aseos.

Wetzel Dennis (Pensilvania, 1885) comezou de nena a interesarse pola construción, pois facía deseños domésticos para os seus xoguetes. Licenciouse en Artes no Goucher College en 1908 e realizou un mestrado en Matemáticas na Universidade de Columbia ao ano seguinte.

Remisos a contratar mulleres como enxeñeiras, o seu cometido inicial en B&O Railroad foi o deseño de pontes. Co paso dos anos fíxose imposible ignorar as súas propostas e acabou por recibir o encargo de deseñar un tren completo que incorporase todas as súas innovacións.

Foi elixida membro da British Women's Engineering Society en 1931. Retirouse en 1951 coma a primeira muller que se converteu en membro da Asociación Americana de Enxeñería do Ferrocarril.



Colegio Goucher, dominio, a través de Wikimedia Commons


Enxeñeira responsable de mellorar o deseño dos ferrocarrís

Inma López Silva

Inma López Silva é unha destacada e premiada escritora galega, crítica teatral, ensaísta, columnista en prensa e docente, ademais de feminista e muller fortemente comprometida coa igualdade. Ao longo da súa traxectoria obtivo importantes galardóns, coma o Premio Xerais, o Premio Blanco Amor, o Premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) ou o Premio da Crítica 2020, na categoría de narrativa.

A escritora, nada en Santiago de Compostela en 1978, licenciouse e doutorouse en Filoloxía pola universidade da súa cidade natal, e obtivo a diplomatura en Estudos Teatrais pola Universidade de la Sorbonne Nouvelle. López Silva combina a súa actividade literaria coa docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, onde imparte Teoría do Teatro. Ademais, forma parte da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega, colabora en varias revistas e é columnista de prensa no diario *La Voz de Galicia*. Un artigo seu publicado neste xornal en 2018, “Terra rota”, valeulle o Premio Afundación de Periodismo Fernández del Riego.

López Silva obtivo o seu primeiro galardón en 1996 con *Neve en abril*, Premio Rúa Nova ese mesmo ano. Ao longo da súa traxectoria cultivou o xénero breve en libros coma *Rosas, corvos e cancións* (2000) ou *Tinta* (2012), así como o ensaio feminista en *New York, New York* (2007), *Maternosofía* (2013) ou *Chámame señora, pero trátame coma a un señor* (2018). No ámbito da novela é autora de *Concubinas*, que foi Premio Xerais 2002; *Memoria de cidades sen luz* (2007), Premio Blanco Amor, Premio AELG e Premio Arcebispo San Clemente; *Aqueles días en que eramos malas*, Premio Antón Losada Diéguez; ou *O libro da filla*, Premio da Crítica 2020. Ademais, a Fundación Insua dos Poetas outorgoulle o premio de creación literaria en 2016 en recoñecemento aos seus 20 anos de carreira.



Escritora galega, filóloga, crítica teatral e columnista

Mercedes Maroto-Valer

A investigadora Mercedes Maroto-Valer é experta en sistemas enerxéticos e descarbonización. Acaba de recibir o Premio ACES-Margarita Salas, na categoría de física, matemáticas e enxeñaría, polo impacto das súas investigacións sobre o futuro das enerxías renovables.

Nada en Vitoria-Gasteiz en 1971, Maroto-Valer comezou os seus estudos de Enxeñería Química na Universidade do País Vasco e doutorouse na Universidade de Strathclyde de Escocia. Despois de traballar durante sete anos nos Estados Unidos, uniuse á Universidade de Nottingham, primeiro como profesora e despois como catedrática.

Desde 2012 traballa na Universidade Heriot-Watt de Edimburgo, onde exerce de vicerreitora de Sostibilidade Global e tamén dirixe o Centro de Investigación para Solucións de Carbono (RCCS, polas súas siglas en inglés), un centro líder mundial que desenvolve novos sistemas para promover unha implantación máis rápida das enerxías renovables. A súa última responsabilidade foi ser nomeada Champion do Consello de Investigación e Innovación do Reino Unido (UKRI, polas súas siglas en inglés).

A catedrática vasca realizou máis de medio millar de publicacións científicas e, ao longo da súa carreira, recibiu ducias de galardóns internacionais. En 2015 pasou a formar parte de The Royal Society of Edinburgh, a academia nacional das ciencias e das letras de Escocia.



Enxeñeira e experta internacional en enerxías renovables

Delphine Djiraibe

Delphine Djiraibe é unha avogada do Chad especializada en dereitos humanos internacionais e dereito ambiental. En 2004 o seu traballo a favor da poboación máis empobrecida do seu país e da loita pola xustiza social foron recoñecidos co Premio Robert F. Kennedy de Dereitos Humanos.

Djiraibe (Koumra, 1960), licenciouse en Dereito na Universidade Marien Ngouabi en 1989 e un ano despois regresou ao Chad, onde a pobreza extrema de boa parte das familias a animou a iniciar un activismo que se convertería no seu modo de vida. Foi cofundadora e directora da Asociación Chadiana para a Promoción e Defensa dos Dereitos Humanos.

Completo os seus estudos cunha estancia na Universidade de Washington, onde se especializou en dereitos humanos internacionais e dereito ambiental. De regreso ao seu país aproveitou a experiencia que obtivo para iniciar o enxuízamento do exditador Hissen Habre, coordinou o Comité de Paz e Reconciliación e puxo en marcha o Centro de Dereito de Interese Público no Chad, que é o primeiro do seu tipo en África Central.

A revista *Jeune Afrique* nomeouna en 2010 entre as 100 defensoras máis importantes do cambio en África e en 2014 recibiu a Orde Nacional do Mérito Francés no rango de oficial.



Estudiantes de amnistía, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Avogada do Chad especializada en dereitos humanos

Olivia Newton-John

A recentemente falecida Olivia Newton-John foi unha cantante e actriz británico-australiana que acadou a fama mundial e se converteu nunha icona interxeracional coa súa interpretación de Sandy, unha cándida estudante que se transformaba en muller apoderada na película de culto *Grease* (1978).

Naceu en Cambridge en 1948 e con cinco anos a súa familia trasladouse a Australia, onde transcorreron a súa infancia e adolescencia. O éxito global de *Grease* sempre ensombrecu a súa sólida carreira no mundo da música, antes e despois de rodar xunto a John Travolta.

Comezou a súa carreira musical no instituto, co grupo Sol Fou; en 1974 representou o Reino Unido no Festival de Eurovisión e quedou cuarta, e en 1975 mudouse aos Estados Unidos e gañou catro Premios Grammy.

Nas últimas dúas décadas destacou a súa intensa actividade filantrópica e foi un dos rostros máis visibles da loita por conseguir máis fondos para investigación sobre o cancro nos Estados Unidos. Tamén se implicou en diversas causas humanitarias, foi nomeada embaixadora de boa vontade do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e portavoz nacional do Fondo Ambiental Colette Chuda/Coalición de Saúde Ambiental dos Nenos (CHEC, polas súas siglas en inglés). A finais de 2019 foi nomeada dama da Orde do Imperio Británico.



Eva Rinaldi, CC BY-SA 2.0, a través de Wikimedia Commons

Cantante e actriz británico-australiana que saltou á fama mundial con *Grease*

Helena Villar Janeiro

Profesora, pedagoga, conferenciante, poeta, narradora, articulista e tradutora. Helena Villar Janeiro ingresou na Real Academia Galega en 2017 tras dedicarlle boa parte da súa produción literaria á infancia; foi pioneira tanto en narrativa coma en poesía.

Nada en Becerreá en 1940, estudou Maxisterio en Lugo e, posteriormente, licenciouse en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Exerceu como profesora de Literatura e Lingua en Santiago de Compostela e os seus libros están incluídos no Catálogo White Ravens do Internationale Jugendbibliothek de Múnic.

É socia de honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Foi presidenta da Fundación Rosalía de Castro de 2005 a 2012 e recibiu os premios de narrativa Breogán en 1990 e Rodríguez Figueirido en 1991.

Como escritora, Villar Janeiro cultivou a poesía e a narración, e destacou, por riba de todo, como autora de literatura infantil e xuvenil. Tamén publicou traballos sobre cultura popular contemporánea e estudos de xénero.



Santos Díez (Óilo de Vidro-ACAB), CC BY-SA 3.0, a través Wikimedia Commons

Escritora, feminista e integrante da Real Academia Galega

Rita Segato

Rita Laura Segato é escritora, antropóloga, profesora e activista feminista. A súa investigación céntrase na violencia de xénero e nas relacións entre xénero, racismo e colonialidade nos pobos nativos e nas comunidades de América Latina. É autora de obras imprescindibles coma *Estructuras elementales de la violencia* e *La guerra contra las mujeres*.

Nada en Bos Aires en 1951, Segato obtivo o seu doutoramento en Antropoloxía na Queen's University Belfast de Irlanda do Norte. É profesora de Antropoloxía e Bioética na Cátedra Unesco da Universidade de Brasilia e dirixe o grupo de investigación, antropoloxía e dereitos humanos do Consello Nacional de Investigacións Científicas e Tecnolóxicas do Brasil.

Traballou tamén en universidades dos Estados Unidos, o Canadá, Francia e a Arxentina e publicou artigos e libros, entre os que destacan *La escritura en el cuerpo de las mujeres asesinadas en Ciudad Juárez* (2014), *La nación y sus otros: raza, etnicidad y diversidad religiosa en tiempos de políticas de la identidad* (2007) e *Las estructuras elementales de la violencia* (2003).

Avaliou os asasinatos de mulleres en lugares coma Ciudad Juárez, México, O Salvador ou Guatemala, entre outros. Estes crimes adoitan considerarse coa categoría de feminicidio, pero Segato defende unha nova tipificación para que poidan xulgarse nos tribunais internacionais de dereitos humanos.



Universidade de Brasilia de Brasilia, Brasil, CC POR 2.0, a través Wikimedia Commons

Escritora, antropóloga, profesora e activista feminista

Graça Machel

Nada co nome de Gracia Simbine, Graça Machel é unha política, profesora e activista social en favor dos dereitos da infancia mozambiqueña e contra o matrimonio infantil. Foi ministra de Cultura e Educación do país entre 1975 e 1989, e a primeira muller en entrar no Goberno. Tamén presidiu a comisión de estudo das Nacións Unidas sobre o impacto dos conflitos armados na infancia.

Machel (Mozambique, 1945) é licenciada en Dereito e elaborou o informe pioneiro de UNICEF *O impacto dos conflitos armados nos nenos e nenas*, que cambiou a forma en que as Nacións Unidas e os estados membros responden nas zonas de conflito.

En 1995 recibiu a Medalla Nansen das Nacións Unidas polo seu traballo en defensa dos dereitos humanos e, especialmente, da infancia. Foi condecorada co Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional polo seu traballo en defensa da dignidade da muller.

Machel é fundadora e vicepresidenta de The Elders, a organización integrada polas e polos dirixentes reunidos en 2007 por Nelson Mandela para resolver os problemas máis importantes do planeta. Traballa con asociacións contra a pobreza e tamén desempeñou un papel chave na creación de Girls Not Brides, unha organización internacional coa misión de acabar co matrimonio infantil en todo o mundo.



Madame_Graca_Machel.TIF : Sportsforpeace obra derivada: Rosentod, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Política e activista mozambiqueña polos dereitos da infancia

Anuna de Wever

Anuna de Wever é xunto a Kyra Gantois e Adélaïde Charlier unha das principais figuras do movemento estudantil polo clima en Bélxica. Foi unha das principais instigadoras das folgas nos institutos do país a partir de xaneiro de 2019 e axudou a poñer en marcha a páxina de Facebook Youth for Climate, que en poucos meses reuniu máis de 20.000 internautas preocupadas e preocupados pola emerxencia climática.

Nada en 2001 en Amberes, iniciouse no activismo con 16 anos tras acudir coa súa nai a unha conferencia sobre mulleres en Nova York, onde empezou a ser consciente de que a maior fraxilidade social das mulleres fai que sufran en maior medida que os homes as consecuencias do cambio climático. Estuda Ciencias Sociais e recentemente participou nunha estancia coa Alianza Libre Europea dos Verdes no Parlamento Europeo.

De Wever escribiu unha columna semanal na revista *HUMO* en 2019, na que falaba sobre o medio, e nada máis facer a maioría de idade presentou unha charla TEDx coa súa compañeira de campaña Adélaïde Charlier, titulada “Respectade a existencia ou atoparedes resistencia”.

Foi unha das activistas climáticas máis novas en viaxar no transatlántico, baixo en carbono, Regina Maris rumbo á conferencia das Nacións Unidas sobre o cambio climático de 2019, que ía ter lugar en Chile e se trasladou a Madrid.



Benedicto Wydooghe , CC BY-SA 4.0, vía Wikimedia Commons

Unha das principais figuras do movemento estudantil polo clima en Bélxica

Berta Álvarez Cáccamo

Berta Álvarez Cáccamo foi unha excelente pintora abstracta e unha das artistas galegas contemporáneas máis relevantes. Boa parte da súa obra permanece no Centro Galego de Arte Contemporánea, no Museo de Pontevedra e na Fundación María José Jove. Era unha muller comprometida coa falta de visibilidade das artistas mulleres, que eran maioría nas aulas pero minoría nos espazos expositivos.

A artista galega, nada en Vigo en 1963, comezou a súa formación artística na Facultade de Belas Artes de Sant Jordi, en Barcelona, onde entrou en contacto co movemento primitivista-neoexpresionista. Licenciouse en 1986 e ao ano seguinte incorporouse ao grupo Atlántica.

Cáccamo afástase da plástica galega destas décadas e inicia un camiño novo e persoal. Tras obter a III Bolsa de Creación Banesto trasladouse a vivir a París, onde profundou no coñecemento das civilizacións clásicas e orientais, que, aos poucos, se filtrarían nas súas obras.

Nos seus primeiros traballos a materia é a protagonista fundamental e, a partir dos anos noventa, o soporte pasa a ter maior relevancia na súa obra, e chega a ser o protagonista absoluto da composición. Nestes anos entran tamén en xogo a xeometría e as sombras, caracterizadas polo emprego de tons neutros, negros e grises que configuran obras silenciosas pero intensas na súa expresión metafísica.

En 2017 recibiu o Premio da Cultura Galega de Artes Plásticas.



Pintora abstracta e unha das artistas galegas contemporáneas máis relevantes

Mary Beard

Mary Beard é unha prestixiosa e popular historiadora, escritora e feminista, recoñecida como unha das grandes especialistas e divulgadoras da antigüidade clásica. Catedrática de Linguas Clásicas pola Universidade de Cambridge, escritora, profesora de Literatura na Royal Academy of Art se presentadora de documentais, Beard obtivo importantes galardóns polo seu traballo divulgativo, entre eles o Premio Princesa de Asturias.

A historiadora británica (Much Wenlock, 1955) ingresou con 18 anos no Newnham College de Cambridge, onde se doutorou; posteriormente impartiu clases no King's College de Londres e a partir de 1985 empezou a publicar libros sobre a Roma clásica. A súa produción literaria inclúe obras como *SPQR*, *Pompeii* ou *Mulleres e poder*, que se converteron en grandes éxitos de vendas.

Beard iniciou en 1992 a súa andaina como editora de clásicos en *The Times Literary Supplement*. Publica regularmente neste xornal británico e en 2010 comezou a narrar documentais sobre Roma en televisión cun orixinal estilo que atraeu o gran público. Tamén é colaboradora habitual de BBC Radio 4.

A historiadora británica é unha muller fortemente comprometida co feminismo e nas súas obras analiza os símbolos de poder clásicos desde unha perspectiva actual. En 2013 foi nomeada profesora de Literatura Antiga na Royal Academy of Arts e é doutora *honoris causa* en España pola Universidade de Santiago de Compostela, pola Carlos III de Madrid e pola Universidade Aberta de Cataluña. Ademais, foi distinguida como oficial da Orde do Imperio Británico.



A historiadora recibiu o Premio Princesa de Asturias polo seu traballo de divulgación

Beli Martínez

Beli Martínez é produtora cinematográfica, docente, doutora en Comunicación Audiovisual e autora da primeira tese sobre o novo cinema galego.

Coproduciu o proxecto “Cinema e Muller” da Deputación de Pontevedra e desde 2012 desenvolve o “Proxecto Socheo” de conservación do patrimonio audiovisual da Guarda e da comarca do Baixo Miño.

Martínez (A Guarda, 1980) é produtora de Filmika Galaika, unha compañía especializada en cine de autor. Entre os traballos que produciu destacan obras de Lois Patiño, Matías Piñeiro, Helena Girón ou Jessica Sarah Rinland. Desde o ano 2012 desenvolve na zona sur de Pontevedra o devandito “Proxecto Socheo”, recoñecido co Premio de Alfabetización Audiovisual do Ministerio de Educación.

No 2016, xunto con Xisela Franco, implicouse na produción de “Cinema e muller”, iniciativa da institución provincial que ten como obxectivo visibilizar as mulleres realizadoras galegas.

A produtora e profesora do IES Audiovisual de Vigo participou na última edición do Festival de Cannes coa cortometraxe *Sycorax*, dirixida por Lois Patiño e Matías Piñeiro. No mes de setembro de 2021 recibiu o Premio Chano Piñeiro do Ourense Film Festival (OUFF).



Doutora en Comunicación Audiovisual e autora da primeira tese sobre o novo cinema galego

Bethany Aram

Bethany Aram é profesora titular de Historia Moderna na Universidade Pablo de Olavide de Sevilla, especializada en historia moderna, historia atlántica e historia global desde os inicios da súa formación como investigadora na Universidade de Yale (EUA) e na Johns Hopkins University.

Entre os anos 2016 e 2021, liderou o primeiro proxecto financiado polo European Research Council nunha universidade andaluza na modalidade *consolidator grant*.

É autora e coautora de máis de 50 libros, capítulos de libros e artigos científicos. Entre as súas reputadas publicacións destaca a monografía *La reina Juana*, froito de dez anos de investigación en sete países, que ofrece unha nova visión da raíña Xoana de Castela centrada nos impedimentos que tivo para o exercicio do poder real. É autora, ademais, de *Leyenda negra y leyendas doradas en la conquista de América. Pedrarias y Balboa* (2008) e *La apertura del Pacífico desde Panamá. Más allá de las leyendas* (2019).

As súas investigacións no ámbito da política da monarquía hispánica e do desenvolvemento dunha ideoloxía imperial, coas súas manifestacións literarias e artísticas, tamén tiveron un impacto interdisciplinar e internacional. Publicou artigos sobre o tema no *Jahrbuch für Latinoamerikas Geschichte* (2012) e o *Colonial Latin American Review* (2012).



Profesora e investigadora especializada en historia atlántica

Xoana de Castela

Xoana de Castela foi a terceira filla dos Reis Católicos. Nada no alcázar de Toledo en novembro de 1479, recibiu unha educación exquisita inspirada nos ideais do humanismo italiano e posuía notables aptitudes para a música. A lexítima herdeira das coroas de Castela e Aragón foi vítima dunha interesada lenda que agochou os seus anos de lucidez baixo inxusto apelativo de “a Tola”.

Con escuros fins políticos, foi afastada do poder polos tres homes máis importantes da súa vida, o seu marido, Filipe “o Feroso”, o seu pai, Fernando, e o seu fillo, Carlos, co pretexto dunha suposta incapacidade para dominar os seus sentimentos. Pero desde o século XIX non son poucas as e os estudosos que sinalan a ausencia de rigor histórico no perfil que se trazou dela.

A entón infanta Xoana accedeu ao trono de Castela tras a morte da súa nai en 1504 e en 1516 pasou a ser a nominal raíña de Navarra e soberana da Coroa de Aragón tras falecer o seu pai. Tiña formación para exercer como raíña, seguindo o exemplo da súa nai, pero pasou décadas pechada en Tordesillas por orde da súa familia, polo que a partir de 1509 non puido exercer ningún poder efectivo.

A súa figura construíuse a cabalo entre a realidade e o mito. A suposta doenza mental da raíña polo amor non correspondido do seu marido está a ser revisada a raíz dos estudos da investigadora estadounidense Bethany Aram e dos traballos das españolas Cristina Segura Graíño e Juana Zalama.



Maestro de Afílgem, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Raíña de Castela e soberana da Coroa de Aragón, inxustamente retratada polos historiadores

Ana Falú

Ana Falú é unha arquitecta arxentina, activista social polos dereitos humanos e polos dereitos das mulleres. Foi directora rexional de ONU Mulleres (antiga UNIFEM) para a rexión Andina (2002-04) e para o Brasil e os países do Cono Sur (2004-2009). No campo da acción feminista impulsou numerosas iniciativas institucionais para aplicar a perspectiva de xénero no deseño das cidades, das vivendas e do espazo público.

É investigadora do sistema científico da Arxentina, CONICET, e profesora emérita da Universidade Nacional de Córdoba desde 2018. Foi directora do Instituto de Investigación de Vivenda e Hábitat ata 2019 e cofundadora da Rede Muller e Hábitat de América Latina.

Xunto a Virginia Vargas coordinou o proceso cara á IV Conferencia Mundial da Muller na China (Beixín, 1995) e actualmente é asesora de xénero para ONU Hábitat.

Falú é unha pioneira da arquitectura e do urbanismo feminista a nivel internacional. En 2013 obtivo o Premio Traxectoria Feminista xunto a outras mulleres arxentinas e, de forma máis recente, foi galardoada co Premio Iberoamericano de Arquitectura e Urbanismo 2022.



Imoliset, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Arquitecta arxentina experta en urbanismo feminista

Sacheen Littlefeather

Sacheen Littlefeather, actriz e activista, foi a primeira muller nativa americana en utilizar a plataforma dos Premios Óscar para facer unha declaración política en 1973. Tomou a palabra no seu nome e no de Marlon Brando para rexeitar o galardón concedido ao actor polo seu papel en *The Godfather* e protestar polos estereotipos cos que a industria trataba a poboación indíxena.

Nada en California en 1946 co nome de Marie Louise Cruz, Littlefeather comezou traballando como actriz, pero a súa irrupción na gala de 1973 dificultoulle enormemente a súa traxectoria. En 2019, o documental *Sacheen: Breaking the Silence*, dirixido por Peter Spierer, recuperou o valor da súa historia e reivindicou o papel das e dos indíxenas.

A Academia de Hollywood pediulle desculpas de forma recente polo trato recibido aquela noite, cando foi apupada por parte da audiencia, criticada por destacadas figuras da época e trataron de agredila tras facer referencia, na súa intervención, a un enfrontamento violento entre axentes federais e indíxenas en Dakota do Sur.

Nesa misiva formal enviada medio século despois do incidente, a Academia recoñecía que a declaración de Littlefeather “lémbraanos aínda hoxe a necesidade do respecto e da importancia da dignidade humana”.



Actriz e activista que defendeu o pobo indíxena na gala dos Óscar de 1973

Novembro

Urraca I de León

Urraca I de León foi a primeira muller monarca por dereito propio na historia de España. O seu reinado prolongouse desde 1109 ata 1126 e estivo marcado por sucesivas guerras a raíz de disputas territoriais co rei Afonso I de Aragón, cos partidarios de Afonso Raimúndez, fillo da raíña coroado despois como Afonso VII, e coa súa irmá Tareixa de León. Valente, intelixente e resolta, Dona Urraca loitou contra a mentalidade da época que a relegaba a un papel inferior polo feito de ser muller.

A historiografía dos séculos seguintes intentou ocultar e denigrar a súa figura, recuperada posteriormente e hoxe prestixiada. A monarca exerceu o seu mando con plenos poderes e, adiantándose ao seu tempo, tomou decisións que supoñían un recoñecemento ás mulleres, como o de incluír no foro de Santiago de Compostela o xénero feminino.

Filla do rei Afonso VI de León, naceu en 1081 e foi condesa de Galicia, período no que chegou a gobernar toda a costa atlántica desde a fronteira almorávide ata o cantábrico galego. O seu primeiro marido, Raimundo de Borgoña, faleceu en 1107 e o seu pai Afonso VI morrería en 1109. Antes do seu pasamento decretou que Urraca o sucedería, mais tamén decidiu o seu casamento con Afonso I de Aragón. A raíña mantería con el continuos conflitos. Misóxino e violento, acusouno de maltrata. O matrimonio sería declarado nulo en 1114.

Urraca afrontou continuas loitas no seu reinado e púxose á fronte do exército en múltiples batallas. Chegou a estar cercada no castelo de Sobroso polos partidarios do seu fillo e da súa irmá Tareixa, pero logrou escapar a Santiago de Compostela. Finalmente, recoñeceríalle o dereito do seu fillo ao trono, coroado como Afonso VII, sucedendo a Urraca no trono de León e Castela.



Primeira muller na historia de España en reinar por dereito propio

Melania Cruz

Melania Cruz é unha actriz galega de teatro, cinema e televisión, gañadora de tres premios Mestre Mateo, do Premio María Casares e do Premio da Cultura Galega en artes escénicas. Na súa traxectoria participou ata o de agora en dez longametraxes, series galegas e nacionais, curtas e numerosas obras teatrais, ademais de cofundar as compañías ii Maquinario Teatro e A Quinta do Cuadrante en 2019 con Tito Asorey.

Nada en Lugo e titulada pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, Cruz é unha das grandes actrices galegas actuais. Comezou no teatro moi nova e en 2009 iniciou a súa relación coa compañía EscénaTe. Tres anos despois foi unha das cofundadoras de ii Maquinario Teatro Teatro, que en 2015 recibiu cinco premios María Casares pola obra *Perplexo*, e nos que foi candidata a mellor actriz protagonista. Gañaría o galardón en 2016, na mesma categoría, con *Xardín suspenso*.

Cruz participou no filme galego *A esmorga*, de Ignacio Vilar, e en dúas obras máis do mesmo director, *Sicixia* e *María Solinha*, así como noutras películas coma *Ons*, *El cuarto de Mona* e *Malencolía*. Tamén traballou nas series *Urxencia cero* e *Serramoura*, e tivo papeis en *La unidad*, *Operación marea negra* e *A estiba*, entre outras. No 2018 gañaría por primeira vez o Mestre Mateo polo seu papel protagonista no filme *Dhogs*, e nesa mesma edición foi candidata pola serie *Contou Rosalía*. Un ano despois repetiría galardón, neste caso como secundaria en *Trote*. En 2021 acadaría o seu terceiro Mestre Mateo, nesta ocasión como protagonista de *Ons*, e este ano recibiu o Premio da Cultura Galega na modalidade de artes escénicas.

Cruz tamén participou en numerosas curtametraxes na súa carreira e en 2020 recibiu o Premio Cinema Galego no Festival Internacional de Curtas FICBUEU.



Actriz galega de teatro, cinema e televisión

Raymonde de Laroche

Élise Leóntine Deroche, coñecida como Raymonde de Laroche, foi unha pioneira da aviación francesa que en 1910 se converteu na primeira muller do mundo en recibir unha licenza de piloto. Na súa traxectoria protagonizou outros fitos na aviación feminina ao alcanzar os récords de voo a maior altitude, 4.800 metros, e a maior distancia, 323 quilómetros.

Deroche foi actriz teatral co nome artístico Raymonde de Laroche, polo que finalmente foi coñecida. Intrépida e valente, voou por primeira vez en 1909 unha distancia de 270 metros practicamente sen formación, e causou admiración polos seus dotes, precisión e talento para a aviación.

En 1910 recibiu do Aéro-Club de Francia a licenza número 36 da Federación Aeronáutica Internacional. De Laroche participou en numerosas exhibicións, e nunha delas, en Reims, sufriu un grave accidente que lle impediu voar dous anos polas lesións sufridas. En 1912 volvería pilotar e ao ano seguinte realizaría un voo de longa distancia de máis de catro horas, feito que lle valeu o título da Coupe Femina do Aéro-Club de France.

Na Primeira Guerra Mundial non puido pilotar ao estaren excluídas as mulleres daquela para estas accións, pero amosou de novo a súa valentía ao servir como condutora militar transportando oficiais ata a fronte de batalla. En 1919, rematada a contenda, conseguiu os récords de altitude e distancia. Pouco despois, a bordo dunha aeronave como copiloto, falecería ao chocar o aparato na manobra de aterraxe.



Servicio de noticias Bain, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Aviadora francesa, primeira muller do mundo en recibir a licenza de piloto

Olga Tokarczuk

Olga Nawoja Tokarczuk é unha escritora, poeta e ensaísta polaca, gañadora do Premio Nobel de Literatura en 2018 e doutros importantes galardóns literarios. Feminista e comprometida coa esquerda ecoloxista, apoia tamén de maneira activa os dereitos dos animais. As súas obras literarias foron traducidas a máis de trinta linguas.

Tokarczuk, nacida en Sulechów en 1962, graduouse en Psicología pola Universidade de Varsovia e exerceu como psicoterapeuta, traballou como psicoterapeuta ata que se dedicou por completo á literatura, empezou a gañar popularidade coas súas obras dedicouse por completo á literatura. A autora publicou os seus primeiros textos en 1979 na revista xuvenil *Na przelaj*, pero a súa primeira novela non chegaría ata 1993 con *Podróż ludzi Księgi* (A viaxe dos homes do libro). A terceira, *Prawiek i inne czasy* (Un lugar chamado Antano), supúxolle o primeiro grande éxito ao gañar en 1997 o premio do público do galardón Nike, o recoñecemento literario máis importante no seu país.

A maior distinción para a autora chegaría co Premio Nobel 2018. O xurado destacou a súa “imaxinación narrativa que con paixón enciclopédica representa o cruzamento de fronteiras como unha forma de vida”.

Tokarczuk é integrante do partido Os Verdes desde 2004. En 2019 creou unha fundación co seu nome que organiza unha ampla variedade de actividades literarias e educativas e concede bolsas a novos talentos.

Dous relatos de *Grę na wielu bębenkach* foron adaptados ao cine, ao igual que a novela *Prowadź swój pług przez kości umarłych* (Sobre os ósos dos mortos).



Fryta 73 de Strzegom, CC BY-SA 2.0, a través de Wikimedia Commons

Escritora, poeta e ensaísta polaca, Premio Nobel de Literatura 2018

Elizabeth Wathuti

Elizabeth Wanjiru Wathuti é unha líder e activista ambiental, fundadora da Green Generation Initiative, entidade dirixida a fomentar o coidado do medio entre a poboación máis nova. Wathuti foi galardoada, entre outros premios, como persoa ecoloxista do ano de África, concedido pola Fundación Eleven Eleven Twelve, e a prestixiosa revista *Time* incluíuna este ano entre as próximas cen personalidades máis influentes do mundo. Tamén foi nomeada en 2019 nos Africa Youth Awards unha das cen mozas africanas máis influentes.

Wathuti procede da Nyeri, rexión coa masa forestal máis elevada de Kenya, e loita desde moi nova contra a deforestación e os desafíos do cambio climático. Plantou a primeira das 30.000 árbores á idade de sete anos e no seu instituto creou un club ambiental. A activista amosou o seu liderado no paso pola Universidade Kenyatta, institución académica na que se graduou en Estudos Ambientais e Desenvolvemento Comunitario e na que tamén dirixiu un club ambiental.

En 2016 Wathuti fundou Green Generation Initiative, organización dirixida a concienciar a poboación máis nova contra o cambio climático e a crear escolas ambientais. Recibiu unha bolsa Wangari Maathai –política, ecoloxista e primeira muller africana en obter o Premio Nobel da Paz– pola súa firme defensa do medio e forma parte do Green Belt Movement, ONG fundada tamén por Maathai.

En 2019 foi distinguida por Greenpeace coma unha das tres activistas climáticas de África que intentan salvar o mundo e nese mesmo ano obtivo o premio á campioa xuvenil do clima polo Fondo Verde do Clima. En 2021 participou na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que tivo lugar en Glasgow, e alí advertiu as e os líderes mundiais das consecuencias catastróficas que terá debido ás secas, ás inundacións e máis a outros fenómenos.



Activista e líder ambiental africana, fundadora da Green Generation Initiative

Ana de Matos (Ana DMatos)

Ana de Matos Carrasco, de nome artístico Ana DMatos, é unha recoñecida artista e investigadora, feminista e activista galega. Cultiva diferentes técnicas e procedementos en expresións coma a pintura, o debuxo, o gravado, a fotografía, o vídeo e as instalacións multimedia. As súas obras son sociais, multidisciplinares e de pensamento crítico e feminista.

A artista, nacida en Lugo, licenciouse en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid en 1986 e seis anos despois acadou o doutoramento pola mesma institución académica. Ademais, graduouse en Cerámica pola Escola Oficial de Cerámica de Madrid.

Creadora dunha amplísima produción artística en múltiples formatos, os seus proxectos expositivos individuais pasaron por cidades coma Madrid, Barcelona, Roma, Milán ou Nova York, entre moitas outras, e tamén participou en numerosas mostras colectivas desde hai máis de tres décadas. A obra de DMatos contén un fondo pensamento crítico e feminista, como se manifesta, por exemplo, no proxecto “Corpos de fe”, onde aborda o xeito no que a muller experimenta o mundo en sociedades que as obrigan a ocultar o seu físico e noutras máis sofisticadas que crean modelos de vida feminina arquetípicos. Tamén se expresa, entre outros traballos, en *Face to Face*, vídeo que enfronta a dura realidade de mulleres chinesas da industria fabril co *glamour* e sofisticación da moda.

DMatos publicou artigos en revistas especializadas coma *Arte*, *Individuo y Sociedad*, *Cerámica* ou *El Periódico del Arte* e impartiu cursos e seminarios en museos coma o Raíña Sofía ou o Thyssen-Bornemisza. A súa obra atópase en numerosas coleccións, por exemplo, na do Dormitory Authority of the State de Nova York; o Bundeskanzleramt: Kunstsektion, Artothek, en Austria; o Museo de Arte Contemporánea de Ibiza ou o Museo de Lugo. Recibiu, entre outros moitos premios, o Julián Trincado do Concello da Coruña e o Premio Villa de Madrid Lucio Muñoz.



Artista multidisciplinar, feminista e activista galega

Luz Sánchez-Mellado

Luz Sánchez-Mellado é xornalista e escritora. Está vencellada ao diario *El País* desde hai máis de catro décadas e colabora con outros medios coma a Cadena Ser, Televisión Española e a revista *Harper's Bazaar*. É autora dos libros *Estereotipas*, no que describe con ton divertido e irreverente distintos perfís de mulleres de hoxe en día suxeitas ás obrigas e vaivéns sociais, e *Ciudadano Cortés*, que trata sobre o pai da nena Mari Luz asasinada en Huelva. Distinguida en 2010 co Premio Nacional contra a Violencia de Xénero, Sánchez-Mellado tamén foi relatora na edición 2022 do foro As Mulleres que Opinan Son Perigosas organizado pola Deputación de Pontevedra.

A súa colaboración con *El País* iniciouse con só 19 anos, mentres estudaba a carreira na Universidade Complutense de Madrid. Durante máis de dúas décadas escribiu en *El País Semanal*, a revista do domingo do citado xornal, reportaxes e entrevistas con personaxes da arte, da ciencia e da política. Actualmente, Sánchez-Mellado, nacida en Alacante, escribe unha columna na última páxina do diario os xoves, e é autora da sección de entrevistas “Gente con Luz”. A xornalista tamén foi a creadora dun videoblog, *Los trajes de Luz*, no que analizaba personaxes da actualidade.

A xornalista alacantina recibiu varios recoñecementos ao longo da súa carreira, entre eles o Premio Nacional contra a Violencia de Xénero, unha distinción das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e o Luis Portero a favor da doazón de órganos.



Deputación de Pontevedra

Xornalista e escritora
comprometida contra a violencia
de xénero

Carmen Salinero

Carmen Salinero Corral é bióloga, directora da Estación Fitopatolóxica Areeiro, presidenta da Sociedade Española da Camelia e directora para España da Sociedade Internacional da Camelia. Actualmente é unha das grandes autoridades actuais sobre a camelia e exerceu un papel determinante na posta en valor e na promoción desta flor ata converterse nunha referencia botánica da provincia de Pontevedra e Galicia, e nun recurso turístico con proxección internacional.

Salinero é natural de Úbeda (Xaén), mais, ao pouco de nacer, a súa familia trasladouse a Vigo por motivos laborais. Licenciouse en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, e doutorouse pola mesma institución cunha tese sobre a mellora do cultivo do kiwi en Galicia.

A bióloga iniciou en 1980 o seu traballo investigador como bolseira no Centro Forestal de Lourizán e catro anos despois pasou á entón recentemente creada Estación Fitopatolóxica Areeiro, que dirixe desde 2018. Centrou a súa investigación no cultivo, na propagación e na catalogación da camelia e de froiteiras subtropicais, e participou na introdución en Galicia do kiwi, dos froitos vermellos, do maracuxá, do kiwiño, do guaiabo ou da feixoa.

Salinero preside a Sociedade Española da Camelia desde a súa creación en 2003 e é a directora para España da Sociedade Internacional da Camelia. Froito do seu traballo de coordinación entre estas organizacións e a estación fitopatolóxica creouse en 2006 a Ruta da Camelia e acadouse o recoñecemento da camelia como flor de Galicia. Ademais, foi a impulsora da realización en Pontevedra (2014) do primeiro Congreso Internacional da Camelia que tivo lugar en España e do recoñecemento da excelencia internacional de diversos xardíns da provincia.

Entre outros recoñecementos, gañou o Premio de Investigación Pontevedra 1999 e o Pontevedreses do Ano en 2019.



Fotografía cedida por Carmen Salinero

Presidenta da Sociedade Española
da Camelia e directora da
Estación Fitopatolóxica Areeiro

Matilde Ucelay

Matilde Ucelay foi a primeira muller licenciada en Arquitectura en España. Desenvolveu máis de 120 proxectos entre 1940 e 1981 e centrouse especialmente no deseño residencial de calidade para a alta burguesía de Madrid. En 2004 concedéuselle o Premio Nacional de Arquitectura.

Nada na capital española en 1912, Ucelay estudou bacharelato no Instituto-Escola, institución liberal de ensino que favorecía a igualdade de oportunidades. En 1931 converteuse na primeira muller en ingresar na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Rematou a carreira en 1936 e nese mesmo ano converteuse na única muller na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid.

Rematada a guerra civil, foi xulgada e represaliada profesionalmente pola ditadura debido ás súas ideas afíns á República e prohibíuselle exercer a profesión durante cinco anos, ademais de ser inhabilitada para cargo público de por vida. Debido a esta situación non asinou os seus proxectos anteriores a 1945.

A arquitecta, aberta ás vangardas e ao racionalismo, especializouse en proxectos de vivenda para persoas da alta burguesía de Madrid, moitas delas estranxeiras. Non obstante, tamén acometería proxectos residenciais noutros lugares coma Segovia, As Palmas, Tenerife ou Nova York. A Casa Oswald, a Casa Marichalar, a Casa de Ortega Spottorno, a Casa Simone Ortega e a Casa Benítez de Lugo son algunhas das súas obras máis destacadas.



Primeira arquitecta española e Premio Nacional de Arquitectura

Carmen Magallón Portolés

Doutora en Ciencias Físicas, Carmen Magallón Portolés está especializada na historia das mulleres na ciencia, na análise epistemolóxica do traballo científico e nas relacións entre xénero, ciencia e cultura de paz. Conferenciante internacional, publicou ducias de libros e revistas no seu ámbito de investigación.

Natural de Teruel (1951), Magallón é licenciada en Ciencias Físicas e doutora na mesma disciplina cunha tese sobre as pioneiras españolas nas ciencias, que foi publicada polo CSIC. Foi profesora asociada no Departamento de Física Aplicada da Universidade de Zaragoza ata 2003, ano en que asumiu a dirección da Fundación SIP, un centro de estudo co obxectivo de contribuír á investigación para a paz nas súas múltiples facetas.

En 2011 foi elixida presidenta da Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade (WILPF España, polas súas siglas en inglés) e forma parte da xunta directiva da Asociación Española de Investigación para a Paz (AIPAZ), ademais de colaborar co Goberno de Aragón entre 2006 e 2011 en materia de muller e ciencia.

Foi recoñecida en múltiples ocasións pola súa traxectoria de paz. En 2013 recibiu a Orde da Paz Martin Luther King da Universidade Politécnica de Nicaragua.



Doutora en Ciencias Físicas premiada pola súa traxectoria en favor da paz

Carmen Juares

Carmen Juares Palma (Honduras, 1986) é educadora social e activista polos dereitos laborais e pola loita contra o racismo. Actualmente é coordinadora da Asociación Mulleres Migrantes Diversas de traballadoras do fogar e do coidado. Participou en publicacións sobre o traballo no ámbito dos coidados e das limitacións que impón a fenda dixital a unha parte da poboación.

Afincada en Barcelona desde 2005, Juares chegou á cidade condal fuxindo da violencia do seu país de orixe e pasou seis anos practicamente pechada as 24 horas do día coidando dunha señora maior dependente. Esta experiencia vital deixou unha fonda pegada na súa forma de ser e acabou por orientar a súa formación e traxectoria laboral.

É técnica superior en Integración Social e técnica auxiliar de Enfermería. En 2021 graduouse en Educación Social pola Universidade de Barcelona e dedicou o seu traballo fin de grao ao impacto que produce o traballo como interna na saúde das mulleres.

En 2015 Juares foi unha das fundadoras da Asociación Mulleres Migrantes Diversas de traballadoras do fogar e do coidado de Barcelona e en 2019 axudou a impulsar a campaña “Actualización pendente” a favor dos dereitos civís, da diversidade e contra o racismo.



aisha bcn, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Activista polos dereitos das
traballadoras no fogar e contra o
racismo

Alicia Tojeiro Ríos

Alicia Tojeiro Ríos foi recoñecida como a mellor docente de España do 2020. Esta mestra galega traballa para formar novas xeracións comprometidas coa igualdade, coa inclusión social, coa sostibilidade e co benestar animal. É autora de varios libros de referencia no ámbito educativo e recoméndalles ao profesorado e ás familias formaren equipo polo ben do alumnado.

Nada en Vigo en 1978, Tojeiro estudou Maxisterio na Universidade da Coruña e no 2000 comezou a súa traxectoria como mestra de educación infantil e primaria. Completou a súa formación cun mestrado en Atención Temperá e participa de forma continua en cursos e actividades sobre intelixencia emocional, filosofía para nenas e nenos, aprendizaxe construtivista, neurociencia e alumnado con altas capacidades.

Nos anos 2018 e 2019 foi recoñecida polos premios Educa Abanca como unha das mellores docentes de España na categoría de primaria e no 2020 chegoulle o recoñecemento a nivel nacional traballando no Centro Plurilingüe Isidro Parga Pondal de Santa Cruz de Oleiros (A Coruña).

Tojeiro é autora de *Escuela con corazón*, *Ortografía con rima* e coautora de *No dejaré de buscarte*, nos que defende unha educación en valores, a empatía e o respecto como máximas fundamentais nas aulas.



Fotografía cedida por Alicia Tojeiro

Mellor docente de España en
2020 e defensora da educación
en valores

Joan Báez

Cantante, compositora e activista estadounidense, Joan Báez (Nova York, 1941) é unha das artistas máis influentes do folk norteamericano e unha das figuras con máis proxección dentro da canción protesta xurdida nos anos sesenta. A súa oposición á intervención en Vietnam, a loita contra a discriminación racial e sexual e o seu apoio constante ao terceiro mundo tiveron un claro reflexo na súa música.

Debido ao traballo do seu pai na Unesco, a familia mudouse moitas veces polos Estados Unidos, Inglaterra, Francia, Suíza, España, o Canadá e Iraq. Báez involucrouse desde moi nova en causas sociais.

A súa extraordinaria voz e eficaces acordes de guitarra forxaron un estilo único que se popularizou tras participar en 1959 no Newport Folk Festival e gravar o seu primeiro disco en 1960. As súas primeiras cancións foron compostas por Bob Dylan e *Play Me Backwards* e *Gulf Winds* están considerados os seus mellores traballos.

Pasou varias veces polo cárcere e deixou testemuño da súa loita social en dúas autobiografías, *Daybreak* (1968) e *And a Voice to Sing With* (1987). En 2009 estreouse no Festival de Cinema de Toronto un documental sobre a súa intensa vida: *How Sweet the Sound*.



Cantante, compositora e figura fundamental da canción protesta

Rosa San Segundo

Rosa San Segundo é catedrática do Departamento de Biblioteconomía e Documentación da Universidade Carlos III de Madrid. É experta en sistemas de clasificación, organización do coñecemento e estudos de xénero, temas sobre os que versa a súa investigación e a súa docencia. Foi directora do Instituto de Estudos de Xénero da devandita institución.

San Segundo participou en vinte proxectos de investigación e actualmente é investigadora principal no proxecto titulado “*Protección integral das vítimas de violencia de xénero mediante computación afectiva multimodal*”. Destaca a súa contribución á transferencia social do coñecemento científico en favor da igualdade e do principio educativo de non discriminación. Cada ano imparte dúas de relatorios en entidades públicas e privadas a nivel nacional e internacional.

Pertence á xunta directiva de varias ONG que traballan pola igualdade e contra a violencia de xénero e é vogal da Plataforma do Voluntariado de España. Ocupa a presidencia da xunta xestora da Plataforma Universitaria de Estudos Feministas e de Xénero (EUFEM) e é comisionada de xénero na Plataforma do Terceiro Sector.

Con Bindi, un equipo de detección da violencia contra as mulleres, gañou o XIII Premio Vodafone á Innovación (2019) e foi semifinalista no concurso internacional XPRIZE Women’s Safety (2018).



Investigadora de referencia en materia de igualdade e non discriminación

María Guerrero

María Guerrero, actriz e empresaria, pioneira do teatro español; é unha das grandes lendas da escena española e a primeira muller que xestionou un teatro e dirixiu a súa propia compañía, ademais da descubridora de grandes talentos a comezos do século xx. Ao longo da súa traxectoria chegou a interpretar máis de 300 obras firmadas por Jacinto Benavente, Pérez Galdós ou Valle-Inclán.

Coñecida no sector como María La Brava, Guerrero naceu en Madrid en 1867. Foi discípula de Teodora Lamadrid e debutou en 1885 no Teatro de la Comedia coa obra *Sin familia*, do dramaturgo Miguel de Echegaray. Cinco anos despois converteuse na primeira actriz do Teatro Español.

En 1894 fíxose cargo do recinto e tras unha importante reforma abriuno para os clásicos españois do Século de Ouro. Pero as súas ganas de medrar levárona a facerse, xa en 1909, co Teatro de la Princesa, que hoxe leva o seu nome e é a sede do Centro Dramático Nacional.

Guerrero foi unha grande actriz, empresaria e unha muller moderna que conseguiu labrarse unha reputación de directora esixente e profesional nun mundo tradicionalmente de homes. Sempre gozou do cariño do público; recibiu a Gran Cruz de Afonso XII e foi nomeada filla predilecta de Madrid.



Fotografía a través de Picryl

Lenda do teatro español e primeira muller en dirixir unha compañía

Ruby Payne-Scott

Unha científica revolucionaria e unha feminista comprometida. Ruby Violet Payne-Scott foi unha pioneira no campo da radioastronomía e da radiofísica. A física máis importante da historia de Australia e a primeira muller da especialidade. Firme defensora da igualdade de oportunidades e dos dereitos humanos.

Payne-Scott naceu en 1912 en Nova Gales do Sur e na adolescencia acadou dúas bolsas para estudar Física, Matemáticas e Botánica na Universidade de Sidney. A súa carreira investigadora deu comezo xunto a William H. Love no laboratorio de cancro desta institución académica, pero a cúspide profesional chegoulle mentres traballaba para o Goberno australiano na Commonwealth Scientific and Industrial Research Organisation.

A científica realizou importantísimas contribucións á radioastronomía solar e formou parte do equipo de observación dunha explosión solar en 1946 en Dover.

Nunha época de enorme discriminación da muller na ciencia, Payne-Scott viuse obrigada nos anos corenta a manter o seu matrimonio en segredo para non perder o seu traballo no servizo público. Foi descuberta un lustro despois polo que perdeu o seu posto permanente como investigadora en 1949.



Ruby Payne-Scott/ Autor: Peter Gavin Hall/Wikimedia

Científica revolucionaria no campo da astronomía

Mary Astell

Filósofa, escritora, retórica e feminista do século xvii, Mary Astell foi unha das primeiras persoas en defender a alfabetización das mulleres nunha época na que estaban predestinadas a casar ou tomar os hábitos. A súa célebre reflexión “se todos os homes nacen libres, por que todas as mulleres nacen escravas?” levouna a ser considerada a primeira feminista de Inglaterra e unha das primeiras da historia.

Naceu en 1666 en Newcastle no seo dunha familia conservadora e monárquica, pero Astell pronto demostrou ser unha muller adiantada ao seu tempo. Mudouse a Londres, onde compartiu piso cunha amiga coa firme decisión de estudar e manter a súa independencia económica, algo insólito daquela.

Pronto forxou amizade con Lady Mary Chudleigh, Elizabeth Thomas, Judith Drake ou Elisabeth Hasting. O grupo apoiábase economicamente para manterse solteiras e decidiron empregar os seus recursos para axudar as persoas máis desfavorecidas. Financiaron a chamada Escola de Caridade para ensinalles a ler e escribir ás mulleres de clase baixa.

Un dos seus libros máis representativos é *A Serious Proposal to the Ladies, for the Advancement of their True and Greatest Interest* (1694), no que reivindica institucións educativas para mulleres. O que perseguían Astell e as súas compañeiras era promover un espazo no que as mulleres puidesen vivir de forma autosuficiente como alternativa ao matrimonio.



Filósofa e primeira defensora da alfabetización das mulleres

Elena García Armada

Elena García Armada é a enxeñeira industrial que desenvolveu o primeiro exoesqueleto biónico para nenas e nenos con atrofia muscular espinal a través dun equipo de investigación que dirixe o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e que foi recoñecido co Premio Inventor Europeo 2022 da Oficina Europea de Patentes.

García Armada naceu en Valladolid en 1971 e estudou Enxeñería na Universidade Politécnica de Madrid (UPM). Atraelle a robótica desde o primeiro momento pola súa capacidade para resolver problemas reais. En 1997 ingresou no Centro de Automática e Robótica (CAR), doutorouse nesta especialidade en 2002 e, cinco anos despois, accedeu ás escalas científicas do CSIC.

Inicialmente, especializouse no deseño de robots para a industria, pero en 2009 cruzouse no seu camiño Daniela, unha nena que por mor dun accidente de tráfico quedou nun estado severo de tetraplexía e contribuíu a reorientar o seu traballo cara a deseños que aumentasen a mobilidade de menores que sofren enfermidades neuromusculares dexenerativas.

A enxeñeira é fundadora de Marsi Bionics, empresa derivada do CSIC e a UPM, cuxo obxectivo é investigar e crear exoesqueletos pediátricos que lles axuden ás nenas e aos nenos a manterse en pé.



Experta en robótica e responsable do primeiro exoesqueleto biónico infantil

Cristina García Rodero

Cristina García Rodero (Puertollano, 1949) é medalla de ouro en Belas Artes, Premio Nacional de Fotografía, membro da Real Academia de Belas Artes de San Fernando e foi a primeira fotógrafa española en incorporarse á prestixiosa axencia Magnum. Como fotógrafa do folclore e das tradicións da España do século xx, está considerada unha das máximas expoñentes do documentalismo español.

Desde pequena destacou en danza, pintura e debuxo e fíxose coa súa primeira cámara con apenas dezaseis anos. Estudou Belas Artes na Universidade Complutense e o seu primeiro profesor foi o afamado pintor Antonio López. Con 23 anos conseguiu a bolsa que outorgaba a Fundación March para retratar as festas populares do país. Este sería o xerme do seu proxecto máis afamado, “España oculta”, que se convertería en libro 15 anos despois.

En 1985 recibiu o Premio Planeta de Fotografía polo valor do conxunto da súa obra, un galardón ao que se lle sumaría o premio da Fundación Eugene Smith de Nova York e tres World Press Photo Prize, en 1993, 1997 e 2008.

A desta mancha é unha traxectoria extraordinaria. Viaxou durante anos para completar o seu libro *Rituales en Haití*, traballou para a Unesco e Médicos sen Fronteiras e estivo na guerra de Kosovo como fotoperiodista. En 2010 publicou *Transtempo*, un libro sobre Galicia.



Foi a primeira fotógrafa española en incorporarse á axencia Magnum

Catherine Russell

Catherine Russell é a directora executiva de Unicef desde febreiro de 2022, co que se converte na cuarta muller que lidera a organización nos seus 75 anos de historia. Conta cunha dilatada experiencia no servizo público como traballadora da Casa Branca, onde dirixía a Oficina de Persoal Presidencial e exercía como embaixadora para Asuntos Globais da Muller do Departamento de Estado.

Nada en Jersey City en 1961, Russell é licenciada en Filosofía *magna cum laude* polo Boston College e ten un doutoramento en Dereito da Universidade George Washington.

Foi a responsable de integrar a perspectiva de xénero na política exterior dos Estados Unidos, a principal artífice da innovadora estratexia global do país norteamericano para apoderar as nenas adolescentes e, no seu día, participou de forma activa na lei de violencia contra a muller.

Comezou a traballar para o Partido Demócrata en 1984 e formou parte da primeira candidatura de Joe Biden, actual presidente. Tamén tivo unha participación determinante nas candidaturas á Corte Suprema da xuíza Ruth Bader Ginsburg e do maxistrado Stephen Breyer, ambos os dous progresistas.



Directora executiva de Unicef e defensora da igualdade no Partido Demócrata

María Vales Martínez

María Vales Martínez, mariscadora a pé e patroa maior da Confraría de Pescadores A Pastoriza de Vilanova de Arousa desde 2014, é unha firme defensora do importante papel da muller nos sectores pesqueiro e conserveiro en Galicia e unha das voces máis firmes na loita por un “mar inclusivo” na comunidade.

Tamén forma parte da directiva de Mulleres do Mar de Arousa, colectivo que agrupa profesionais de todas as disciplinas do mar, desde mariscadoras a empresarias, na procura de sinerxías que axuden a visibilizar o importante papel da muller no sector primario e a mellorar a súa formación.

Durante o seu primeiro mandato á fronte da confraría de Vilanova, Vales mellorou a xestión económica da entidade e conseguiu importantes logros no peirao de descargas de mexillón. Estas decisións posibilitaron que revalidase esta responsabilidade en 2018, ao buscar sempre cambios e proxectos que favorecesen a evolución do conxunto do sector e, particularmente, do marisqueo a pé.

A confraría ten un compromiso firme coa sostibilidade na extracción dos recursos. Vales foi a segunda muller en dirixila; no seu primeiro mandato unicamente había seis mulleres no total de 63 confrarías de Galicia.



Fotografía cedida por María José Vales Martínez

Mariscadora e defensora dun sector marisqueiro inclusivo

María Casares

María Casares foi unha talentosa actriz de teatro e cine española, nacionalizada francesa, que se converteu nunha das máis excepcionais intérpretes europeas da segunda metade do século xx. Integrou xunto a Edwige Feuillère e Madeleine Renaud o grupo de trácicas galas máis notable da súa xeración.

Nacida na Coruña en 1922, Casares tivo que exiliarse coa súa familia a Francia, onde estudou Arte Dramática no Colexio Victor Duruy de París; posteriormente, ingresou no Conservatorio Nacional de Música e Arte Dramática. Debutou no teatro en 1943, cando tiña vinte anos, e obtivo un recoñecemento unánime por parte da crítica, o que a levou a simultanear o teatro co cinema nos seguintes anos.

Só entre 1945 e 1951 participou nunha ducia de títulos, varios deles convertidos hoxe en clásicos. Recibiu o Premio César en 1988, pero sempre sentiu predilección polo teatro, o que ensombrecu os seus notables traballos na gran pantalla da man de importantes cineastas coma Robert Bresson, Marcel Carné ou Jean Cocteau.

Regresou temporalmente a España en 1976 para protagonizar a obra de teatro *El adefesio*, de Rafael Alberti. Foi galardoada co Premio Nacional do Teatro e coa Lexión de Honra en Francia e, en España, coa Medalla ao Mérito en Belas Artes.



Archivo: Casares Harcourt 1944.jpg , Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Unha das mellores actrices europeas de teatro do século xx

Este ano 2022 conmemórase o centenario do seu nacemento na Coruña.

Temple Grandin

Temple Grandin é unha doutora en Ciencias Animais, escritora e profesora de Comportamento Animal da Universidade Estatal de Colorado mundialmente coñecida pola divulgación que fai dos trastornos do espectro autista (TEA). Foi unha das primeiras persoas diagnosticadas con síndrome de Asperger que compartiu publicamente a súa experiencia persoal.

Grandin naceu en 1947 en Boston e cando tiña dous anos diagnosticáronlle un dano cerebral. Recibiu terapia personalizada desde unha idade temperá e o diagnóstico formal chegoulle case aos corenta anos. Licenciouse en Psicoloxía pola Universidade Franklin Pierce (1970) e anos despois realizou un mestrado e un doutorado en Zooloxía.

Inventou a máquina de abrazos, un dispositivo para calmar as persoas que padecen sobreestimulación e ansiedade ante o abrazo doutra persoa, algo habitual entre quen ten síndrome de Asperger. En 1986 escribiu a súa autobiografía titulada *Emergence: Labeled Autistic*.

Firme defensora do benestar animal, co seu traballo contribuíu a reformar as condicións dos matadoiros e das granxas nos Estados Unidos para conseguir unha morte máis digna para o gando. Chegou a ser nomeada unha das 100 persoas máis influentes do mundo pola revista *Time* e existe unha película sobre a súa vida, titulada *Temple Grandin* (2010).



Licencia no comercial. 2.0 Genérico (CC BY-NC-SA 2.0) a través de FLICKR

Referente en benestar animal e na divulgación da síndrome de Asperger

Ann Preston

Ann Preston foi unha das primeiras mulleres en obter o título de Medicina nos Estados Unidos e a primeira decana da Facultade de Medicina para Mulleres de Pensilvania (WMCP, polas súas siglas en inglés), posto no que loitou polos dereitos das mulleres e impulsou a creación dunha escola de enfermería. Deste centro feminino saíron as primeiras médicas afroamericanas do país e se formaron doutoras que logo participaron en misións humanitarias por todo o mundo.

Preston naceu en 1813 en Pensilvania, no seo dunha familia de abolicionistas cuáqueros. A precaria saúde da súa nai obrigouna a abandonar a escola para facerse cargo dos seus sete irmáns, o que lle fixo tomar consciencia das restricións ás que se vían sometidas as mulleres da súa comunidade.

Tras traballar como axudante dun médico cuáquero tratou de estudar Medicina, pero rexeitárona todas as universidades polo feito de ser muller ata que se puxo en marcha a WMCP. Preston graduouse en decembro de 1851, con 38 anos, e pelexou para que as mulleres recibisen formación clínica. A negativa sistemática das institucións da época motivouna a fundar un hospital en Filadelfia para a formación clínica de mulleres estudantes de Medicina.

Preston publicou artigos e varios ensaios sobre a educación médica da muller. Continuou dando clase, escribindo e traballando pola reforma social ata que faleceu en 1871.



Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Médica, escritora e defensora do dereito das mulleres a formarse nos hospitais


Soledad Cazorla Prieto

Soledad Cazorla Prieto foi a primeira muller fiscal de sala contra a violencia sobre a muller, ademais da responsable de conformar e dirixir a rede de fiscais especialistas en violencia contra a muller. Defensora da igualdade, ao longo da súa traxectoria sempre fixo especial fincapé na necesidade de protexer as nenas e os nenos que tiñan que convivir coa violencia nos seus fogares.

Nacida en Larache (Marrocos) en 1955, Cazorla ingresou na carreira fiscal en 1981 e o seu primeiro destino foi a Fiscalía de Girona. En 1985 trasladouse á Fiscalía da Audiencia Territorial de Madrid e, anos despois, á Fiscalía Xeral do Estado. Xa como fiscal do Tribunal Supremo, acadou certa notoriedade na segunda metade dos anos noventa ao asumir a acusación pública contra Mario Conde no caso Banesto.

Despois de que se aprobase a Lei contra a violencia de xénero en 2005, Cazorla foi proposta para deseñar e dirixir unha novidosa rede de especialistas con perspectiva de xénero que traballaban en todo o territorio nacional. Sempre defendeu unha maior dotación económica para a correcta aplicación da normativa e puxo o foco na protección da infancia.

Os seus artigos, traballos e ensaios sobre a violencia de xénero son un referente na materia. Ao longo da súa carreira recibiu diversos recoñecementos polo seu traballo a prol da igualdade e contra a violencia machista, e foi condecorada polo Ministerio de Igualdade.



Primeira muller fiscal de sala
contra a violencia de xénero

Licencia no comercial 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0). A través de Wikimedia Commons

Audrey Hepburn

Audrey Hepburn é un dos maiores mitos da historia do cinema. Actriz, bailarina e activista británica, é unha das poucas persoas que gañou un Óscar, un Emmy, un Grammy e un Tony. Dedicou gran parte da súa vida a traballar con Unicef nas comunidades máis desfavorecidas de África, América do Sur e Asia, esforzo polo que recibiu en 1992 a Medalla Presidencial da Liberdade en recoñecemento ao seu traballo como embaixadora de boa vontade da organización.

Hepburn naceu en 1929 en Bruxelas e en 1939 mudouse a Londres onde comezou a estudar danza e arte dramática na Marie Rambert School. Interpretou pequenos roles ata que en 1952 o director William Wyler lle ofreceu actuar en *Vacacións en Roma* (1953) con Gregory Peck, cinta coa que se converteu na primeira actriz en gañar por unha mesma película un Óscar, un Globo de Ouro e un BAFTA.

Desde mediados dos anos cincuenta a súa carreira foi en ascenso e converteuse en protagonista de títulos míticos como *Sabrina*, *Wait Until Dark* ou *Breakfast at Tiffany's*. Desde o primeiro momento a actriz, modelo e bailarina optou por papeis nos que interpretaba a mulleres fortes e con conviccións e aproveitou a súa fama para poñer o foco sobre numerosas causas sociais.

Con 38 anos, e no cumio da súa carreira, decidiu retirarse temporalmente para viaxar por todo o mundo e loitar contra a malnutrición infantil.



Actriz e activista de Unicef, un
dos maiores mitos da historia do
cinema

Paramount. Fotografía de Bud Fraker, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Ida Vitale

Ida Vitale (Montevideo, 1923) é unha poeta, tradutora, ensaísta, profesora e crítica literaria uruguaia. A súa obra lírica, que se caracteriza por unha fonda emoción expresada de maneira lúcida e privada de patetismos, convértena nunha das voces principais da chamada xeración do 45, ademais dunha destacada representante da poesía esencialista.

Lectora compulsiva desde nena, Vitale estudou Dereito e Humanidades e traballou como profesora de Literatura ata 1973, momento no que a ditadura a obrigou a exiliarse. Viviu en México durante unha década e a partir de 1989 instalouse de forma definitiva en Austin, Texas.

Vitale publicou o seu primeiro libro, *La luz de esta memoria*, en 1949, e o último saíu á luz cando xa tiña 98 anos de idade, *Tiempo sin claves* (2021). É autora dunha prolífica obra xornalística, crítica e literaria pola que recibiu unha morea de recoñecementos, coma o Premio Octavio Paz (2009), o Premio Raíña Sofía (2015), o Premio Internacional de Poesía Federico García Lorca (2016), o Premio Max Jacob (2017) e o Premio Cervantes (2018).

O xurado do Premio Cervantes recoñeceuna como “creadora dunha das linguaxes máis destacadas e recoñecidas da poesía”. Foi a quinta muller en obter o prestixioso galardón despois de María Zambrano, Ana María Matute, Dulce María Loynaz e Elena Poniatowska.



Poeta, tradutora, ensaísta e crítica literaria uruguaia, foi Premio Cervantes 2018

Paloma del Río

Paloma del Río, pioneira do xornalismo deportivo español, foi galardoada en 2015 coa medalla de ouro da Real Orde do Mérito Deportivo e foi redactora xefa e directora de programas en TVE, canle para a que cubriu nove xogos olímpicos de verán, seis de inverno e catro xogos mediterráneos. A súa voz estará sempre ligada aos grandes logros do olimpismo español e empregou a súa posición para actuar como altofalante dos deportes minoritarios.

Nada en Madrid en 1960, del Río estudou Xornalismo na Universidade Complutense e tras rematar co segundo mellor expediente puido optar a unha bolsa no Instituto RTVE. Aos poucos meses aprobou unha oposición e comezou a traballar nunha sección de deportes maioritariamente masculina na que ela sempre foi un verso solto.

A naturalidade, emotividade e espontaneidade son os trazos que definen as súas retransmisións: máis de sesenta mundiais e europeos de ximnasia, patinaxe e hípica, ademais de quince xogos olímpicos.

Del Río despediuse do público durante as olimpíadas de Tokio 2021. En 2015 converteuse na primeira xornalista que recibe a medalla de ouro da Real Orde do Mérito Deportivo do Consello Superior de Deportes e tamén conta cun Premio Ondas.



Pioneira do xornalismo deportivo e voz do olimpismo

Babe Didrikson Zaharias

Mildred Ella “Babe” Didrikson Zaharias está considerada unha das mellores deportistas da historia e tamén a máis polivalente, xa que logrou destacar en cada modalidade que practicou, desde o atletismo ao golf, o baloncesto ou o béisbol. Gañou dúas medallas de ouro en pista e campo nos xogos olímpicos de verán de 1932.

Nada en Texas en 1911, Didrikson logrou establecer marcas mundiais de lanzamento de xavelina e de oitenta metros valados, ademais de ser cofundadora da Asociación de Golf Profesional Feminino, deporte que descubriu en 1935 tras a súa etapa olímpica e no que acadou numerosos recoñecementos. Logrou competir no Aberto dos Ánxeles, un torneo masculino. Mantívose como a única muller capaz de superar o corte durante cinco décadas, ata 2006.

A prensa da época describíaa coma un fenómeno da natureza. Era unha persoa particularmente dotada para o deporte que unicamente freou a súa actividade despois de caer enferma. Pero tamén aproveitou a súa convalecencia para situarse como referente.

Babe Zaharias converteuse en portavoz da Asociación Americana contra o Cancro nunha época na que gran parte das e dos pacientes se negaban a recibir tratamento, o que lle valeu o recoñecemento público do presidente Eisenhower.



Domínio público. A través de Wikimedia

Deportista olímpica e unha das mellores deportistas da historia

Esperanza Mara

Esperanza Mara é unha soprano e instrumentista galega especializada en música medieval. Trátase dunha artista comprometida coa divulgación deste tipo de música que actuou nos principais escenarios europeos, ademais de participar no programa “Mulleres en acción. Violencia zero” da Deputación de Pontevedra contra a violencia machista e protagonizar a ópera *Papagena*.

Nada en Noia en 1989, o primeiro contacto de Mara coa música foi con oito anos nas clases do director da Coral Polifónica de Noia, Manuel González García. Con 15 anos ingresou no Orfeón Terra A Nosa e recibiu tamén clases de Fernando Balboa. Pertenceu ademais á Compañía Lírica de Galicia, ao Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia e ao Coro da Orquestra Sinfónica de Estremadura.

A intérprete finalizou o grao profesional de Canto e licenciouse en Interpretación na variante de Canto polo Conservatorio Superior de Música de Vigo. Como soprano quedou finalista nos concursos de canto do Círculo Bach en Madrid e do Festival de Música Antiga de Xixón.

Ademais, actuou nas mellores salas de concertos da nosa comunidade e nos países veciños e participou en diversos festivais de prestixio internacional. Forma o Dúo Mara coa pianista Paula Gago e tamén é instrumentista na especialidade de violonchelo.



Fotografía cedida por Esperanza Mara

Soprano e instrumentista galega especializada en música medieval

Decembro

Prudence Nobantu Mabele

Prudence Nobantu Mabele definíase como unha muller feminista e defensora dos dereitos humanos. A activista surafricana foi directora executiva de Positive Women's Network, unha organización que fundou en 1996 para abordar os problemas económicos, educativos e sanitarios das mulleres VIH positivas.

Nada en Xohanesburgo en 1971, Mabele foi unha das primeiras mulleres negras de Suráfrica en declarar publicamente a súa condición de seropositiva a comezos dos anos noventa, cando a enfermidade era aínda minoritaria. Tivo que loitar contra os prexuízos sociais e tamén o fixo contra o Goberno.

En pouco tempo Mabele converteuse nun dos rostros máis visíbles na loita polos antirretrovirais e axudou a fundar a Campaña de Acción polo Tratamento (TAC, polas súas siglas en inglés) en 1998. Traballou con ONUSIDA e recibiu o Premio Felipa de Souza en 1999, ademais de integrar o Consello Nacional de Suráfrica sobre a Sida.

Outra das súas causas foi a defensa dos dereitos das mulleres, incluída a saúde e os seus dereitos sexuais e reprodutivos. Morreu en 2017 e na súa memoria a Sociedade Internacional da Sida instituíu un premio anual para activistas a favor da igualdade de xénero.



Activista sudafricana polos dereitos das mulleres con VIH

AVDF - wikimujeres - CC BY-SA 4.0 - a través de Wikimedia Commons

Elizabeth Stern

Elizabeth Stern foi unha pioneira no estudo das células que preceden o cancro de colo do útero. O seu traballo axudou a identificar o proceso polo que unha célula se pasa a ser cancerosa e a definir os distintos estados do cancro de colo uterino, o que lle permitiu ás e aos médicos interpretar os resultados das citoloxías con precisión.

Naceu no Canadá en 1915 e graduouse en Medicina na Universidade de Toronto en 1939, especializándose en Patoloxía na Escola de Medicina da Universidade de Pensilvania e no Hospital Bo Samaritano dos Ánxeles. Foi en 1965, mentres traballaba como profesora de Epidemioloxía, cando realizou o seu pioneiro traballo co que impulsou a displasia como o primeiro signo histolóxico de desenvolvemento deste tipo de cancro.

En 1974 publicou o artigo no que detalla unha escala de cen puntos para a análise do cancro de colo do útero. Tamén investigou a relación entre os anticonceptivos orais e a prevalencia deste tipo de cancro en concreto. Os seus resultados foron publicados en *Science* en 1977 e impulsaron a reformulación da pílula anticonceptiva.

Os avances de Stern permitiron que esta variante de cancro pasase de ser considerada fatal a unha das máis sinxelas de diagnosticar e tratar.



Patóloga pioneira na prevención e diagnóstico do cancro de colo uterino

Elizabeth Stern. Imagen: Janet Williamson

Judith Heumann

Judith Ellen “Judy” Heumann é unha activista estadounidense referente na loita polos dereitos das persoas con discapacidade. O seu traballo desde a década dos setenta foi determinante na aprobación de leis e políticas de dereitos humanos que beneficien a infancia e as persoas adultas con discapacidade.

Nada en Filadelfia en 1947, Heumann tivo polio con 18 meses e usou unha cadeira de rodas a maior parte da súa vida, tendo que loitar desde nena para poder acceder en igualdade de condicións ao sistema educativo.

O seu compromiso social intensificouse durante a súa etapa universitaria para estudar Logopedia, na que organizou mitins e protestas, esixiu o acceso ás aulas por ramplas e o dereito para vivir na residencia das e dos estudantes. En 1970 negáronlle a licenza para dar clase co pretexto de que non sería capaz de escoltar o alumnado en caso de incendio, pero ela recorreu a decisión, gañou o xuízo e converteuse na primeira mestra en dar clase en cadeira de rodas na cidade de Nova York.

Heumann foi unha das primeiras en adoptar o Movemento de Vida Independente e cofundou o Instituto Mundial sobre Discapacidade con Ed Roberts e Joan Leon en 1983; ademais, exerceu como asesora especial para os dereitos internacionais das persoas con discapacidade entre 2010 e 2017.



Activista polos dereitos das
persoas con discapacidade

Ouka Leele

Bárbara Allende Gil de Biedma, máis coñecida polo seu nome artístico Ouka Leele, foi unha artista multifacética. Considerada a fotógrafa que inundou de cor a movida madrileña, tamén foi pintora, ilustradora, debuxante e Premio Nacional de Fotografía en 2005 polo seu estilo único.

Leele naceu en Madrid en 1957. Abandonou a carreira de Belas Artes en 1975 polos estudos de piano e fotografía na escola Photocentro, onde se publicaron as súas primeiras imaxes. Coas súas fotografías foi quen de crear un mundo irreal que se centra no instante no que se toma a foto.

As súas primeiras obras distínguense pola combinación de elementos pop e neodadaístas cunha gama de cores intensas. Tras publicar as súas primeiras imaxes no libro *Principio*, en 1978 comezou a expoñer en España, Europa, os Estados Unidos e o Xapón. O ano 1987 foi determinante para ela, ao participar na Bienal de Arte Contemporánea de São Paulo (Brasil) e protagonizar a súa primeira exposición retrospectiva no Museo Español de Arte Contemporánea (Madrid).

Leele quedará por sempre vencellada á Deputación de Pontevedra como creadora da imaxe corporativa da Escola de Igualdade María Vinyals. A súa última exposición data de xuño de 2021 no Círculo de Belas Artes e forma parte do festival PHotoEspaña.



Fotógrafa da movida madrileña,
foi Premio Nacional de Fotografía

Samantha Cristoforetti

Samantha Cristoforetti (Milán, 1977) é piloto de aviación, enxeñeira e a primeira astronauta europea comandanta da Estación Espacial Internacional desde setembro de 2022 como integrante da Expedición 67/68. Desde o seu nomeamento xa bateu outras metas, como a de ser a primeira europea en pasear polo espazo e desenvolver experimentos en microgravidade ao amparo da misión Minerva.

A enxeñeira que inspirou a moneca Barbie astronauta soñaba desde nena con tocar o ceo. Estudou Enxeñería Aeroespacial en varias universidades de distintos países. As súas investigacións céntranse nos combustibles sólidos para foguetes, as estruturas lixeiras e a aerodinámica.

En 2001 graduouse en Enxeñería Mecánica pola Universidade Politécnica de Múnic (Alemaña), coas especialidades en Propulsión Aeroespacial e Estructuras Lixeiras. Durante o seu adestramento na Academia da Forza Aérea Italiana completou unha diplomatura en Ciencias Aeronáuticas e formouse como piloto de caza no programa ENJJPT da OTAN.

Cristoforetti uniuse ao corpo de astronautas da Axencia Espacial Europea durante a última campaña de recrutamento dos anos 2008-2009. En 2019 participou como comandanta na misión NEEMO-23 no laboratorio submarino Aquarius, a única estación de investigación submarina do mundo.



NASA/Robert Markowitz, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira astronauta europea
comandanta da Estación Espacial
Internacional

Julia Sevilla

Xurista e feminista, Julia Sevilla (Valencia, 1940) está considerada unha precursora do feminismo constitucional en España. Foi profesora de Dereito Constitucional e Ciencia Política e da Administración na Universidade de Valencia, letrada das Cortes Valencianas e presidenta da Rede Feminista de Dereito Constitucional.

Licenciada e doutora en Dereito, converteuse por oposición en profesora de Teoría do Estado e en 1983 nomeárona letrada das Cortes Valencianas.

Muller comprometida coa sociedade valenciana e unha loitadora pola igualdade efectiva entre mulleres e homes. Foi fundadora da Federación de Mulleres Progresistas da Comunidade Valenciana, así como da Rede Feminista de Dereito Constitucional. Actualmente é membro da Coordinadora Española para o Lobby Europeo de Mulleres (CELEM).

A súa actividade investigadora centrouse na participación política das mulleres e na discriminación por razón de xénero e foi recoñecida como unha muller precursora nos estudos constitucionalistas con perspectiva de xénero. A súa contribución científica foi fundamental na consideración do xénero como categoría de análise xurídica e constitucional co obxectivo de avanzar cara a unha sociedade máis plural, democrática e igualitaria.



Fotografía cedida por Julia Sevilla

Xurista e precursora do
feminismo constitucional en
España

High Paw


Paula Herrero, coñecida artisticamente como High Paw, é unha cantante viguesa que mestura *reggae*, *roots* e *raggamuffin*. Ten unha voz singularísima influenciada polas grandes cantantes de música negra. Desde moza sentiuse atraída polos sons doutras épocas e lugares, o que fixo xurdir nela un especial interese pola música de raíz xamaicana e pola súa mensaxe e instrumentación.

Comezou a escribir con apenas quince anos para grupos de distintos estilos musicais e aínda hoxe a mensaxe dos temas é algo fundamental para esta *singjay* (Vigo, 1993). Feminismo, memoria e mestura de idiomas entre galego, castelán e inglés son algúns dos seus sinais de identidade.

Co paso dos anos foi adaptando as súas letras a unha selección de ritmos diversos e baixo a produción de Nuh Face Records compuxo o seu primeiro traballo, *Searching for the Recipe*, gravado no estudo vigués The Dub Yard.

En novembro de 2018 realizou unha xira con Ofer Selectah por México e coa súa banda, High Paw & Elephants Yard, actuou en festivais coma Minho Reggae Splash, International Dub Gatering, Reggaeboa, As Revenidas, Fiestizaje ou Verdoejo Rock en Portugal.

En abril de 2021 a banda presentou o vídeo de *Novas herbas*, canción coa que comezou a debullar o seu último traballo.



Fotografía obtida da web de Descúbreas

Prometedora cantante e
compositora viguesa de singular
voz

Esther F. Carrodegua

Esther F. Carrodegua é actriz, directora, produtora de espectáculos e escritora. O seu currículo profesional navega entre as letras, o audiovisual e o teatro. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais teñen moito que ver coas historias que lle interesan desde o punto de vista xornalístico.

Despois de traballar dez anos no sector audiovisual, Carrodegua (Rianxo, 1979) decidiu dar un xiro á súa traxectoria e comezou a estudar interpretación en Espazo Aberto e na Escola Internacional da Comicidade. A estas alturas suma unha decena de obras teatrais publicadas e os seus textos estreáronse da man de diversas compañías públicas e privadas.

Dirixiu durante algúns anos a compañía galega Teatro Airiños e, tras obter o Premio Abrente para textos teatrais en 2015, decidiu poñer en marcha ButacaZero xunto a Xavier Castiñeira, quen adoita asumir a dirección dos proxectos que fan en común.

Esta polifacética profesional tamén forma parte do consello de redacción da *Revista Galega de Teatro* e organiza con Santiago Cortegoso o Torneo Galego de Dramaturxia. Na actualidade compaxina a súa faceta como empresaria en ButacaZero coa de dramaturga, directora teatral, docente ou guionista de cinema. Acaba de dirixir a ópera moderna *Papagena*, coa que colabora a Deputación de Pontevedra.



Fotografía cedida por Esther F. Carrodegua

Actriz, directora e produtora
teatral, un talento polivalente

Luz del Carmen Ibáñez Carranza

A xuíza peruana Luz del Carmen Ibáñez foi designada en marzo de 2021 como a primeira vicepresidenta da Corte Penal Internacional (CPI). Entre 2000 e 2015 traballou na Fiscalía de Perú e chegou a exercer como fiscal nacional superior para a persecución de delitos coma o terrorismo, as violacións dos dereitos humanos e os crimes contra a humanidade.

Nada en Trujillo (Perú) en 1955, Ibáñez licenciouse en Dereito na Universidade Nacional de Trujillo e ten un doutoramento e un mestrado en Dereito Penal pola Universidade Inca Garcilaso de la Vega. Como fiscal participou no xuízo contra o líder de Sendero Luminoso, Abimael Guzmán, e foi a encargada de dirixir a investigación do grupo paramilitar Colina e a matanza en El Frontón.

Desde 1996 é catedrática e imparte dúas de cursos sobre procedemento penal e dereitos humanos. Foi delegada de Perú ante a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos, a Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (ACNUDH) e o Comité Interamericano contra o Terrorismo (CICTE).

Foi nomeada xuíza na Haya en 2018 para un mandato de nove anos e formou parte de dúas salas de apelación ata o seu nomeamento como vicepresidenta do tribunal que xulga graves crimes internacionais en marzo de 2021.



Xuíza peruana nomeada vicepresidenta da Corte Penal Internacional

Inmaculada Montalbán Huertas

Inmaculada Montalbán Huertas é maxistrada do Tribunal Constitucional desde o ano 2021. Experta en igualdade, violencia de xénero e trata de mulleres, ao longo da súa traxectoria destacou por ser unha pioneira na aplicación da perspectiva de xénero como criterio para interpretar as normas. Entre outros moitos recoñecementos, recibiu o Premio Ministerio de Igualdade 2009.

Natural de Granada (1959), Montalbán Huertas estudou Dereito na universidade da súa cidade natal e ingresou na carreira xudicial en 1985. En 1988 materializou o seu ascenso á categoría de maxistrada con destino na entón denominada Audiencia Territorial de Valencia.

Elixida vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial en 2008 a proposta do Senado, foi a primeira maxistrada andaluza en formar parte do órgano de goberno de xuíces e maxistrados. Foi tamén presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero e da Comisión de Igualdade.

Cun marcado carácter progresista, foi a primeira persoa da carreira xudicial e a primeira muller en recibir o premio Rafael Martínez Emperador pola súa investigación sobre a perspectiva de xénero na epistemoloxía xurídica. Formou parte de tribunais que emitiron sentenzas de gran relevancia sobre os dereitos das mulleres, a discriminación durante o embarazo ou a prostitución.



Maxistrada do Constitucional e pioneira na aplicación da perspectiva de xénero

Patricia Billings

Patricia Billings é unha escultora de profesión que en 1997 patentou unha das substancias máis revolucionarias na historia da industria moderna: o Geobond, un material de construción indestrutible e incombustible que por primeira vez permitiu substituír o amianto e previr así as graves enfermidades que este provocaba.

Nada en Missouri en 1926, Billings estudou arte no Amarillo College de Texas e durante anos dedicouse á escultura. En 1964 abriu unha tenda en Kansas City e, consciente da fragilidade do material co que traballaba, o xeso, decidiu investigar co propósito de lograr unha substancia máis resistente.

Tardou nada menos que oito anos en descubrir o que logo bautizaría como Geobond, un aditivo co que creou un xeso moi resistente ao calor e que non era tóxico, polo que traspasou as fronteiras da arte e demostrou ser útil tamén na construción de edificios, pontes e avións. Sen pretendelo, inventou o primeiro reemprazo viable para o amianto.

Tal foi o éxito acadado por esta artista e inventora que fundou a compañía Geobond International Inc. para a explotación do seu descubrimento.



Inventora do primeiro material resistente substituto do amianto

Grich004, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Gema Filgueira Garrido

A viguesa Gema Filgueira Garrido leva case dúas décadas directamente vencellada ao terceiro sector a través de Médicos do Mundo, organización na que comezou como vogal de Incidencia Política e Dereitos Humanos e rematou como presidenta no ano 2021. Así mesmo, desde hai máis dunha década xoga un papel moi activo na Coordinadora Galega de ONGD.

Filgueira estudou Farmacia e Dietética e Nutrición, pero nunca exerceu. A través dunha traballadora entrou en contacto co importante labor que realiza Médicos do Mundo en Galicia; así, integrouse en 2005 na xunta directiva da organización, onde adquiriu experiencia na xestión interna, na toma de decisións operativas e no establecemento de prioridades á hora de actuar.

Tamén foi presidenta da Coordinadora Galega de ONGD de 2011 a 2017 e vicepresidenta da Coordinadora de ONGD de España ata 2018. Durante ese período traballou en proxectos de cooperación, fundamentalmente con América do Sur, e na actualidade unha das prioridades da coordinadora é acadar cobertura sanitaria para as persoas migrantes.

Filgueira leva anos traballando con colectivos vulnerables e mulleres prostituídas e acaban de aprobarlle un proxecto de inserción laboral para ofertar ferramentas e unha saída digna a vítimas de tráfico de seres humanos. Ademais, é membro do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.



Presidenta de Médicos do Mundo en Galicia

Fotografía cedida por Gema Filgueira Garrido

Cayetana Guillén Cuervo

Cayetana Guillén Cuervo é actriz, xornalista, escritora e desde xaneiro de 2022 exerce como presidenta da Academia das Artes Escénicas de España, co que é a primeira muller en ocupar esta responsabilidade. No mundo do cinema interpretou máis de vinte papeis en películas de directores coma José Luis Garci, Pedro Almodóvar, José Luis Cuerda ou Montxo Armendáriz.

Nada en Madrid en 1969, Guillén Cuervo é licenciada en Xornalismo pola Universidade Complutense e en Arte Dramática pola Escola de Cristina Rota. Iniciou a súa actividade audiovisual aos 15 anos en Televisión Española. Desde entón traballou como actriz en numerosas series de televisión e debutou no teatro en 1987 con *Coqueluche*.

Forma parte da célebre saga de actores e actrices encabezada polo seu pai, Fernando Guillén, e a súa nai, Gemma Cuervo, e que continuaron ela e o seu irmán, Fernando Guillén Cuervo. En 1999 foi nominada aos Premios Goya pola cinta *El abuelo*, e xa de forma recente recibiu o Premio de Cultura da Comunidade de Madrid na categoría de cine e o Premio á Comunicación na 40.ª Semana de Cine Español de Carabanchel.

Guillén Cuervo destaca tamén pola súa faceta de divulgadora cultural, conferenciante e presentadora do programa *Versión Española* sobre cinema desde 1998.



Actriz e primeira muller que
preside a Academia das Artes
Escénicas de España

Mónica Alonso

A artista lucense Mónica Alonso (A Fonsagrada, 1970) aborda a creación desde un punto de vista investigador e pedagóxico e céntrase no estudo dos espazos arquitectónicos. A súa obra está presente nos principais museos galegos e en importantes coleccións particulares coma o Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa ou a Colección Abanca.

Estudou Belas Artes en Salamanca (1994) na especialidade de Escultura e realizou o seu doutoramento en Vigo coa tese titulada *O espazo doméstico na escultura contemporánea. 1985-1995*. Iniciou a súa traxectoria artística en 1997 cunha exposición na prestixiosa sala Montcada da Fundación La Caixa de Barcelona, baixo o título “Despertar a la meva habitació”.

En 2002 o Centro Galego de Arte Contemporánea dedícalle unha exposición e, tras diversas estancias en Nova York, Chile, Roma, O Cairo, Oslo ou o Sáhara, en 2011 realiza unha retrospectiva do seu traballo co título “Mónica Alonso. Obras (1994-2011)”, no Museo Provincial de Lugo.

O seu interese pola arquitectura e pola psicoloxía lévana a crear a disciplina do psicoespazo e das súas teorías. Baseándose na experimentación intenta determinar as propiedades terapéuticas da arte. En 2022 foi Premio da Crítica de Galicia.



Artista plástica que estuda as
propiedades terapéuticas da arte

Nieves Concostrina

Xornalista, divulgadora e escritora, Nieves Concostrina é unha das voces máis recoñecibles do panorama radiofónico nacional, ademais dunha profesional agraciada co Micrófono de Ouro da Federación Española de Asociacións de Radio e Televisión e co Premio Ondas 2016 ao mellor tratamento informativo pola sección “Las concostorias cervantinas”, do programa *No es un día cualquiera* de RNE.

Concostrina (Madrid, 1961) estudou Ciencias da Información na Universidade Complutense e comezou no xornalismo no desaparecido *Diario 16* entre 1982 e 1997; posteriormente traballou en Antena 3 con Jesús Hermida e Mercedes Milá. Tamén colaborou en varias revistas e en suplementos dominicais de diarios nacionais.

En 2005 foi galardoada co Premio Andalucía de Xornalismo na modalidade de radio e en 2010 recibiu o Premio Internacional de Periodismo Rey de España. Forma parte do Consello de Dirección do Instituto Quevedo do Humor e é vicepresidenta da Fundación Inquietarte.

Conduce o espazo de divulgación histórica *Acontece que no es poca*, na Cadena Ser. É autora, entre outros libros, de *Polvo eres, ... Y en polvo te convertirás*, *Menudas historias de la Historia*, *Muertes ilustradas de la humanidad*, *Se armó la de San Quintín* e da novela *Antonia*.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Unha das voces máis reputadas
do panorama radiofónico
nacional

Catherine D'Ignazio

Catherine D'Ignazio é profesora asociada de Ciencias Urbanas e Planificación do Massachusetts Institute of Technology (MIT) e unha experta en software e alfabetización de datos. Actualmente dirixe o laboratorio Data+Feminism do MIT, que emprega datos e métodos computacionais para traballar pola equidade racial e de xénero, particularmente no que se refire ao espazo e ao lugar.

D'Ignazio naceu en Carolina do Norte e graduouse en Relacións Internacionais na Universidade de Tufts, antes de realizar un mestrado en Belas Artes (MFA) e outro en Ciencias no MIT (2014). Desde entón publicou numerosos traballos e o exitoso libro *Data Feminism*, no que critica o machismo oculto na maioría das narrativas en torno á intelixencia de datos.

Na actualidade é unha das principais referentes do denominado feminismo de datos, que xorde para frear o machismo, o racismo e o clasismo que fomentan os nesgos de xénero que consolidan os algoritmos de intelixencia artificial e intelixencia de datos. O seu traballo céntrase en empregar esa mesma ciencia para desafiar a actual distribución de poder e loitar contra a discriminación nas súas distintas variantes.

Traballa por unha tecnoloxía sen nesgos de xénero e demostrou sempre un forte compromiso cívico co deseño de sistemas de recomendación de noticias, coa creación de esculturas de calidade da auga e coa dirección de traballos para visualizar o aumento do nivel do mar no futuro.



Catherine D'Ignazio / Diana Levine / MIT

Experta en software e un
referente internacional no
feminismo de datos

Azucena Arias Correa

Azucena Arias Correa é unha reputada mestra e investigadora, integrante da asociación de renovación pedagóxica Colectivo Ollo de Sapo, autora de literatura infantil e xuvenil e de textos sobre pedagogía con perspectiva de xénero. Nos últimos anos o seu traballo céntrase en innovar a competencia científica no ámbito educativo.

Filla de emigrantes galegos no Brasil, Arias naceu en São Paulo pero xa estudou primaria en Cerdedo-Cotobade. Licenciada en Ciencias da Educación e Psicoloxía e diplomada en Profesorado de Educación Primaria, na especialidade de Ciencias, Correa é xefa do Departamento de Orientación no CEIP Vilaverde e profesora asociada da Universidade de Vigo no Departamento de Didácticas Especiais, na Área de Ciencias Experimentais.

Entre os seus proxectos de investigación destacan: *Violencia contra as adolescentes no sistema educativo*; *Elección de estudos de enxeñería: establecemento dun sistema de indicadores con perspectiva de xénero en ciencia, tecnoloxía, psicoloxía e educación*; e *Avaliación dun modelo matemático estatístico predictivo da elección de estudos de enxeñería con perspectiva de xénero*.

Como autora de literatura infantil e xuvenil publicou *A cirurxiá* (1998), *A casa do grilo e da chicharra* (2000), *A cadela e o óso* (2001), *Debaixo dun parasol* (2017), e *A chave no peitoril* (2019), e tamén algúns poemas en obras colectivas.



Fotografía cedida por Azucena Arias

Mestra, escritora e investigadora centrada na pedagogía con perspectiva de xénero

María Cadaval

María Cadaval é doutora en Economía con mención europea e directora da Cátedra Iberoamericana da Universidade de Santiago de Compostela (USC), integrante da Rede Internacional de Economía Pública Local, analista de actualidade e colaboradora en diversos medios de comunicación sobre algúns dos seus temas de especialización, coma facenda local e orzamentos públicos.

Nada en Ribeira en 1977, Cadaval é profesora titular na Facultade de Ciencias Económicas da USC, codirectora executiva da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, integrante do Foro Económico de Galicia e subdirectora da Rede de Investigadores en Financiamento Autonómico e Descentralización Financeira en España (RIFDE), e tamén forma parte do Observatorio Internacional da Regulación das Entidades do Sector Público (OIRESP).

Así mesmo, Cadaval pertence á Cross-Research in Environmental Technologies (CRETUS) para o desenvolvemento de tecnoloxías ambientais sostibles e, entre as súas liñas de investigación, destacan o federalismo fiscal, a descentralización, o goberno multinivel, a facenda local, a facenda autonómica, o gasto público, a imposición, o orzamento público e a eficiencia.

Entre as súas múltiples ocupacións académicas, a economista coordina o programa ERASMUS para Noruega, Alemaña e Portugal, e de intercambio bilateral entre a USC e América Latina. É coautora, xunto co xornalista José Luis Gómez, do libro *Cómo salir de esta* (2021), que analiza a segunda gran crise económica do século xxi.



Fotografía cedida por María Cadaval

Doutora en Economía e integrante da Rede Internacional de Economía Pública Local

Fátima Anllo

Fátima Anllo é unha investigadora experta en políticas culturais e unha das pioneiras en introducir a xestión cultural en España e aplicar as novas tecnoloxías na xestión das artes escénicas e da música coa creación en 1997 do Mapa Informatizado de Recintos Escénicos e Musicais (MIREM).

Anlló (Madrid, 1958) estudou Medicina e posteriormente especializouse en Anatomía Patolóxica no Hospital Universitario Río Hortega de Valladolid. Pero o seu interese pola cultura levouna a reorientar a súa traxectoria, polo que abandonou o sector sanitario para centrarse no ámbito cultural e realizar un mestrado en Xestión de Artes Visuais e Artes Escénicas na Universidade de Nova York.

No campo da xestión cultural traballou en diversas organizacións, coma o Departamento de Institucións Culturais do Concello de Nova York, La Mama, a Experimental Theater Company, a Margarita Guergué Dance Company ou a galería Scott Allan.

Xa de volta en España, Alló deseñou e desenvolveu en 1992 o mestrado en Xestión Cultural de Música, Teatro e Danza da Universidade Complutense de Madrid e puxo en marcha en 1997 o Departamento de Estudos e Formación da Fundación Autor (agora denominado SGAE). Actualmente, dirixe o Observatorio de Creación e Cultura Independente (OCI), do que é fundadora, e é recoñecida, ademais, pola súa defensa do feminismo.



Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Investigadora cultural e pioneira
en introducir a xestión cultural
en España

Louisa May Alcott

Louisa May Alcott foi a escritora responsable de darlle vida a *Mociñas* (1868), unha obra reivindicativa e de grande influencia no mundo da arte que se adaptou para cinema, televisión, musicais e obras de teatro.

Naceu en Pensilvania en 1832 no seo dunha familia con poucos recursos, polo que comezou a traballar desde moza ata que puido empezar a vivir do que escribía. Na súa obra distínguense dúas grandes liñas ou estilos: unha destinada a mulleres novas, que resaltaba os valores tradicionais e na que se enmarcan *Mociñas* e *Jo's Boys*, e outra máis adulta de novelas románticas, que publicaba baixo o pseudónimo de A. N. Barnhard.

Alcott foi unha entregada defensora dos dereitos da muller e do dereito ao voto; e ao final da súa vida apoiou tamén a causa abolicionista.

O éxito chegoulle en 1868 con *Mociñas*, unha obra escrita por encargo do seu editor e na que aborda un dos temas máis importantes do seu traballo: a educación das mulleres na súa mocidade. A novela pode verse como unha versión idealizada da súa propia vida familiar. As persoas expertas na súa obra vén na personaxe de Jo March tintes autobiográficos, aínda que Alcott nunca casou nin tivo descendencia.



Dominio público a través de Flickr

Escritora feminista e autora de
Mociñas

Catalina Fernández de Ana Portela

Catalina Fernández de Ana Portela é fundadora e directora xeral de Hifas da Terra, un centro de biotecnoloxía líder no desenvolvemento de produtos baseados en fungos medicinais para a saúde humana. A firma pontevedresa exporta os seus produtos a toda España, gran parte de Europa, á China e proximamente a Oriente Medio, os Estados Unidos e países emerxentes.

Fernández de Ana Portela estudou Bioloxía e foi un proxecto en quinto de carreira en Microbioloxía Aplicada o que acabou de orientar o seu futuro profesional. Esa idea de empresa que perfilou en 1997 sería o xermolo da actual Hifas da Terra, o centro de biotecnoloxía máis grande de Europa en investigación e desenvolvemento sobre fungos cunha elevada presenza a nivel internacional.

Fernández de Ana Portela é bióloga, micóloga, micoterapeuta e doutora en Medicina en Oncoloxía Clínica, coa especialidade en Micoloxía Aplicada en Oncoloxía Integrativa. Coordina e supervisa as áreas de xestión, o desenvolvemento de novos produtos fúnxicos e o establecemento de novas cepas de fungos, así como a creación, a produción e o desenvolvemento de programas formativos sobre cultivo de fungos a nivel universitario.

As áreas de investigación máis relevantes en Hifas da Terra son os estudos sobre cancro, saúde cardiovascular e enfermidades autoinmunes. O proxecto dirixido por Fernández de Ana Portela ten por obxectivo axudar ao coidado da saúde a partir das substancias bioactivas de fungos medicinais que investigan, producen, extractan e purifican. Colabora con centros de investigación nacionais e internacionais e realiza ensaios clínicos nas áreas gastrointestinal, inmunolóxica, oncolóxica, músculo-esquelética e da saúde mental-emocional.



Fotografía cedida por Catalina Fernández

Directora xeral de Hifas da Terra,
centro de referencia en Europa na
investigación sobre fungos

Margarita Ledo

A xornalista, escritora, cineasta e investigadora Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951) é unha das máximas referentes do cinema galego e unha figura fundamental da cultura contemporánea de Galicia. É catedrática de Comunicación, numeraria na Real Academia Galega, premio nacional da cultura galega e a primeira muller en recibir o Premio Otero Pedrayo.

Estudou Xornalismo na Escola Oficial de Xornalismo de Barcelona e en 1974 entrou a traballar na redacción de *El Ideal Gallego*, pero viuse obrigada a marchar a Portugal como consecuencia do seu activismo político. Fundou o xornal semanal *A Nosa Terra*, creou a revista *Escrita*, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e a revista feminista *Festa da Palabra Silenciada*.

En 1970 publicou o seu primeiro libro, *Parolar cun eu, cun intre, con inseuto*. Na década dos oitenta publicou textos e poemas en diferentes medios e regresou a Galicia en 1991 para poñer en marcha a Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela, da que é a súa primeira decana.

Na actualidade é catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade e dirixe o Observatorio do Audiovisual Galego. O seu ámbito de investigación é o da imaxe documental e o das televisións públicas dos pequenos países. Autora de poesía, narrativa e ensaio, conta tamén cunha dilatada carreira audiovisual na que recupera as voces de persoas exiliadas, revolucionarias e mulleres migrantes. Co seu último traballo, *Nación*, acadou o Premio do Festival de Cine Europeo de Sevilla en 2020.



Fotografía : Deputación de Pontevedra

Figura fundamental da cultura
contemporánea galega e primeira
muller co Premio Otero Pedrayo

Barbra Streisand

Cantante, compositora, actriz, produtora, guionista e directora de cinema estadounidense. Os logros de Barbra Streisand (Nova York, 1942) na música, no cine e no teatro convertérona nunha icona global. Ao longo da súa carreira, conseguiu 52 discos de ouro, 31 de platino e 13 de multiplatino.

Debutou en Broadway en 1962 e durante a década dos sesenta consolidou unha exitosa carreira como cantante que a levou a actuar en directo ante 135.000 persoas en 1967, a maior audiencia da historia para ver unha artista en solitario. Saltou á pantalla grande co musical *Funny Girl* (1968), que a catapultou como unha prometedora actriz e brindoulle o seu primeiro Óscar.

Vendeu máis de 600 millóns de discos e é unha das únicas seis mulleres da historia en gañar todas as máximas distincións da industria do entretemento. Ten dous premios Óscar, cinco Emmy, oito Globos de Ouro, dez Grammy e un galardón máis en 1995 en recoñecemento a toda a súa carreira.

Streisand destaca, ademais, polo seu activismo e compromiso social. Negouse a pasar polo quirófano para operar o nariz e a aparecer espida en *Playboy*, en 1977, aínda así, dedicáronlle a portada. Streisand é tamén unha referente na loita polos dereitos das persoas LGTBI e recadou fondos en apoio a causas, coma a educación infantil, o coidado de minorías étnicas ou a atención a persoas con SIDA.



Alguns dereitos reservados por JCT(Loves)Streisand. A través de FLICKR

Lenda da música e do cinema
e unha referente na loita polos
dereitos LGTBI

Frances Wright (Fanny Wright)

Frances Wright foi unha escritora, librepensadora, feminista, reformadora social, filósofa e abolicionista nada en Escocia en 1795. Ao longo da súa vida implicouse en numerosas causas sociais: loitou pola abolición da escravitude, pola universalización da educación e polos dereitos da muller. Será lembrada tamén como a primeira muller nos Estados Unidos que deu unha conferencia dirixida a un público mixto o Día da Independencia de 1828.

Wright quedou orfa aos tres anos polo que estivo baixo a custodia dun tío materno en Inglaterra ata a maioría de idade, cando retornou á súa Escocia natal, onde pasaba os invernos e os veráns. Os seus primeiros libros foron *Views of Society and Manners in America* (1821), no que relata a súa primeira visita aos Estados Unidos, onde acabou instalándose de maneira definitiva, e *A Few Days in Athens* (1822), unha defensa da filosofía de Epicuro.

Tras pasar un tempo na casa do expresidente Thomas Jefferson en Virxinia e coñecer o asentamento utópico de Robert Owen en New Harmony, Wright fundou a Comuna Nashoba, que se propoñía educar as persoas escravas para facilitarlles a súa vida en liberdade, pero que pechou un lustro máis tarde.

Wright avogou pola educación universal, pola emancipación das persoas escravas, pola igualdade de dereitos, pola liberdade sexual e polas leis liberais de divorcio. Tamén se pronunciou contra a relixión organizada e a pena capital. Cofundou o xornal *Free Inquirer* e foi unha activista do Movemento Popular pola Saúde, entre 1830 e 1840.



John Chester Buttre, after J. Gorbitz, dominio publico, a través de Wikimedia Commons

Escritora, reformadora social,
filósofa e feminista que loitou
contra a escravitude

Marie Lavoisier

Marie-Anne Pierrette Paulze (Francia, 1758), que pasou á historia como Marie Lavoisier, está considerada a nai da química moderna pola súa implicación no desenvolvemento dos postulados que permitiron avanzar desde a alquimia tradicional a unha ciencia moderna, racional e exacta.

Orfa de nai, criouse nun convento, circunstancia que lle deu acceso a unha educación culta e ilustrada. Aprendeu varios idiomas e formouse en pintura e debuxo ata que entrou en contacto con renomeados químicos da época, o que fixo que se convertera, debido á súa enorme intelixencia, na compañeira de traballo do seu marido, o científico Antoine Laurent Lavoisier.

Grazas aos seus coñecementos de latín e inglés, Lavoisier traduciu obras fundamentais coma *Ensaio sobre Flogisto* de Richard Kirwan, libro no que ademais introduciu notas nas que puntualizaba os erros químicos deste volume. O seu traballo foi determinante para a modernización da química e para desenvolver unha nomenclatura sistemática para referirse ás substancias químicas e aos seus compostos.

Durante a Revolución Francesa, Marie-Anne perdeu o seu pai e o seu marido malia a súa loita pola liberdade destes, na que apelaba á importancia que as investigacións que realizaban tiñan para Francia. Na práctica eran socios pero, a pesar da súa incuestionable contribución á química moderna e aos avances realizados polo matrimonio, o nome dela nunca se incorporou nas publicacións.



Jacques-Louis David, Public domain, via Wikimedia Commons

Nai da química moderna

Édith Piaf

Edith Piaf é considerada un tesouro nacional de Francia. A intérprete de himnos xeracionais coma *Non, je ne regrette rien* ou *La vie en rose*, triunfou sobre os escenarios de teatros e óperas e tamén como actriz de cinema e teatro. Pese a que a súa foi unha vida marcada pola traxedia, a súa imponente voz foi un consolo durante a Segunda Guerra Mundial e foi mentora de novos artistas de fama internacional.

Nada en París en 1915 como Édith Giovanna Gassion, foi criada pola súa avoa paterna e con quince anos comezou a gañar a vida cantando en pequenos cafés parisiños e na rúa. Foi unha muller miúda pero de gran carácter, capaz de superar a máis crúa miseria e converterse en musa de artistas e nunha inspiración para millóns de persoas no mundo.

En 1935 foi descuberta na rúa por Luis Leplée, entón propietario dun dos cabarets máis importantes da capital gala e o responsable do seu alcume como Môme Piaf, Mamá Gorrión, en alusión á potencia da súa voz desgarradora.

A súa consagración chegou tras a Segunda Guerra Mundial, cando se converteu na musa de poetas e intelectuais do París existencialista dos anos cincuenta e gañou a admiración incondicional do público. Triunfou nos mellores escenarios de Europa e América. En 1956 sufriu un accidente de tráfico que a deixou con dores crónicas, polo que tivo que facer esforzos titánicos por manterse nos escenarios durante un lustro máis.



Estudio Harcourt, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Cantante e actriz, está considerada un tesouro nacional de Francia

Gertrude Ederle

Gertrude Caroline Ederle foi a primeira muller en cruzar a nado os 560 quilómetros da canle da Mancha. Destacou como nadadora especializada en probas de estilo libre e foi campioa olímpica en París (1924) en 400 metros libre por relevos e bronce en dúas probas individuais. Puxéronlle o alcume de Raíña das Ondas e a súa gran xesta converteuna na persoa máis relevante do deporte norteamericano da época e nunha das nadadoras máis lembradas do século XX.

Ederle naceu en Nova Jersey en 1905 e con doce anos xa despuntaba gañando competicións júnior nas que tiña que medirse con mulleres moito máis experimentadas. Con quince anos comezou a bater récords e durante o seguinte lustro conseguiu 29 marcas nacionais e mundiais, polo que entrou no equipo olímpico de París.

Tras as medallas olímpicas especializouse en natación en augas abertas e decidiu trasladarse a Europa para adestrar co escocés Jabez Wolffe. Tras un primeiro intento de cruzar a canle da Mancha en 1925, finalmente completou a distancia que separa Francia de Inglaterra en 14 horas e 31 minutos o 6 de agosto de 1926.

Retirouse moi nova do deporte profesional por mor da xordeira que de nena lle ocasionou o sarampelo e polas lesións dunha caída posterior, pero decidiu axudar a comunidade e compartir a súa experiencia vital co alumnado dunha escola de xordos de Nova York.



Servicio de noticias Bain, editor , Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira nadadora en cruzar a canle da Mancha

Margaret Bourke-White

Margaret Bourke-White foi unha fotógrafa e documentalista norteamericana coñecida como Maggie a Indestrutible dentro da súa profesión. Foi a primeira fotógrafa estranxeira autorizada para facer fotos da industria soviética, a primeira muller fotógrafa da revista *Life* e a primeira correspondente de guerra. Estamos ante unha figura clave do fotoxornalismo americano.

Naceu en 1904 en Nova York e desde nena destacou pola súa intelixencia. En 1927 titulouse en Bioloxía e despois estudou fotografía na Universidade de Columbia. Bourke-White tiña interese en captar calquera acción importante, desde novas construcións ata persoas ou acontecementos desde ópticas moi distintas, e foi testemuña dalgúns dos momentos máis importantes da historia do século xx.

Esta intrépida profesional fotografou a barbarie dos campos de concentración nazis en 1945 e pasou á historia como a autora da fotografía da primeira portada da revista *Life*, cunha reportaxe sobre a construción dunha presa que sentou as bases dun novo xénero no fotoxornalismo: o ensaio fotográfico.

Outra das súas imaxes máis icónicas é a de Gandhi cunha roca, dentro da reportaxe que lle fixo horas antes de que o asasinaran, que está considerada unha das fotografías máis importantes do último século.



Licencia no comercial. Algunos derechos reservados por amphalon

Unha figura clave do fotoxornalismo americano

Dominique Crenn

Defensora da comida saudable e sostible, o restaurante da xefa de cociña francesa Dominique Crenn é o primeiro dunha muller nos EUA con tres estrelas Michelin. Autora dunha cociña emocional e poética, a súa honesta reinterpretación da tradición culinaria francesa converteuna nunha icona global da gastronomía tras ser nomeada en 2016 mellor cociñeira do mundo pola prestixiosa lista The World's 50 Best.

Crenn (Francia, 1965) comezou a súa formación na Academia de Comercio Internacional en París antes de viaxar a San Francisco para formarse con Jeremías Torre e coller experiencia nos mellores restaurantes da cidade. En 1997 viaxou a Indonesia, onde fixo historia por primeira vez ao converterse na primeira muller xefa de cociña executiva do país, no Hotel Intercontinental de Jakarta.

O seu restaurante Atelier Crenn de San Francisco foi o primeiro galardoado con dúas estrelas Michelin nos EUA e actualmente conta con tres, polo que é a única xefa de cociña do país con tal recoñecemento. Foi pioneira na aposta pola sostibilidade aínda hoxe gran parte dos produtos que emprega en cociña proceden da súa granxa en Sonoma, Bleu Belle Farm. Desde 2019 ningún dos seus tres restaurantes serve carne.

Compaxina o seu papel como unha das persoas máis influentes da alta cociña mundial co seu activismo en defensa dos dereitos das mulleres, do persoal de hostalaría ou da comunidade LGTBI.



Primeira xefa de cociña dos EUA
cun restaurante con tres estrelas
Michelin

Hannah Arendt

Hannah Arendt foi unha teórica política alemá considerada hoxe unha das filósofas máis influentes do século xx. Escribiu sobre o poder e a democracia e investigou as orixes do totalitarismo. O seu traballo máis relevante é *A condición humana*, onde analiza a acción política como un medio para obter a liberdade.

Naceu en 1906 en Hannover no seo dunha familia hebrea asimilada e desde moi nova demostrou ter unha intelixencia clara e precoz; na adolescencia leu a Kant e a Karl Jaspers, quen anos despois dirixiría a súa tese *O concepto de amor en Santo Agustín* (1929).

Tras a Segunda Guerra Mundial instalouse nos EUA, onde se consagrou á reflexión política, e plasmou o seu traballo nalgunhas das súas obras máis importantes: *As orixes do totalitarismo* (1951), *A condición humana* (1958), *Sobre a revolución* (1963), *Homes en tempos de escuridade* (1968) e *Sobre a violencia* (1970).

Foi catedrática na Universidade de Chicago e deu clases nas institucións académicas máis prestixiosas do país: Columbia, Princeton e Berkeley. A vixencia das súas ideas faise patente pola gran cantidade de estudos que se publicaron e seguen a publicarse sobre ela. O seu ensaio máis coñecido probablemente sexa *Eichman en Xerusalén. Un estudo sobre a banalidade do mal*.

A filósofa buscou crear e manter un espazo público de aparición que garanta o dereito a ter dereitos.



Unha das filósofas máis
influentes do século xx

María Soliña

María Soliña, María Soliño ou María Solinha (Cangas, 1551) foi unha muller galega xulgada por bruxería pola Inquisición e torturada ata confesar para evitar o martirio. A súa historia é un símbolo dos abusos que historicamente se cometeron contra as mulleres que se atrevían a desafiar as normas, costumes ou estereotipos da época na que lles tocou vivir.

O seu caso non é único no Morrazo. Entre 1619 e 1628 ducias de mulleres da zona foron vítimas dunha auténtica caza de bruxas e acabaron por confesar atrocidades a forza de espantosos tormentos. Os nobres que as denunciaban repartíanse posteriormente as súas terras co Santo Oficio, nun tempo de importante declive económico.

De entre todas estas desgraciadas historias, a de María é das poucas que transcendeu e pasou de xeración en xeración a través de cantigas, coma *Ai que soliña quedaches, María, María Soliña*. O seu interese para a Inquisición radicou nos seus dereitos de presentación na colexiata de Cangas e na igrexa de San Cibrao de Aldán.

No proceso contra ela foi acusada de ter poderes demoníacos e no ano 1621 entrou nos cárceres secretos da Inquisición. Un ano despois chegou a sentenza, e todo parece indicar que faleceu aos poucos meses, aos 70 anos de idade. Así e todo, a súa acta de defunción non foi localizada e aínda hoxe se especula sobre onde descansa o seu corpo e a súa posible descendencia.



Acusada de bruxería pola Inquisición e símbolo dos abusos contra as mulleres

Xaneiro

Luz Darriba

Luz Darriba é unha artista de orixe uruguaia afincada en Lugo desde 1990. Cultiva diversas disciplinas, coma a pintura ou a escritura, pero é coñecida internacionalmente polas súas accións que ocupan o espazo público. A primeira, e das máis significativas, foi *CUMULUM* (2000), un proxecto que consistiu en envolver con libros os 2.300 metros de perímetro da muralla de Lugo para apoiar a súa declaración como Patrimonio da Humanidade.

Nada en Montevideo en 1954, Darriba trasladouse a Bos Aires (Arxentina) para estudar Belas Artes e Filosofía e Letras e demostrou ser unha cidadá do mundo cando nos anos noventa decidiu instalar a súa residencia en Lugo, aínda que con estancias temporais en Bruxelas ou Bos Aires.

Participou en máis de 250 exposicións colectivas por todo o mundo, desde América do Norte ata Asia, pasando por Europa, e máis de 50 mostras individuais internacionais. Compaxina o seu traballo co seu activismo social e o seu forte compromiso feminista, e saca á rúa problemas e demandas das mulleres.

En 2005, dentro do proxecto “As mulleres tomamos as rúas”, mudou o nome das rúas do casco histórico de Lugo por outros de mulleres célebres e esquecidas da historia.

Darriba suma máis dunha trintena de premios literarios e artísticos, entre os últimos o Premio da Cultura Galega de Artes Plásticas (2018).



Artista plástica, escritora e activista comprometida coa igualdade

Nadine Gasman Zylbermann

Nadine Gasman Zylbermann é doutora en Saúde Pública pola Universidade Johns Hopkins, mestra en Saúde Pública pola Universidade de Harvard e médica cirurxiá polas universidades de La Salle e a Nacional Autónoma de México.

Gasman é unha médica, activista, diplomática e funcionaria franco-mexicana. Leva máis de tres décadas traballando en política pública en prol dos dereitos da muller, dos dereitos humanos e da interculturalidade.

Entre 2005 e 2010 foi representante en Guatemala do Fondo de Poboación das Nacións Unidas e os seguintes tres anos exerceu como vicedirectora en América Latina e no Caribe da campaña da organización para erradicar a violencia contra a muller. Foi representante de ONU Mulleres no Brasil a partir de 2013, onde facilitou o acceso feminino a Internet, e traballou como representante do Fondo de Poboación das Nacións Unidas (UNFPA, polas súas siglas en inglés) en Guatemala, onde promoveu políticas de saúde reprodutiva, atención á violencia sexual e apoderamento das adolescentes.

É a actual directora do Instituto Nacional das Mulleres de México (Inmujeres) desde 2019 e avoga por un maior acceso ao aborto legal no país. Tamén tivo un papel determinante para fortalecer os servizos de emerxencias fronte ao aumento da violencia machista durante a pandemia.



Médica e diplomática que loita desde o ámbito público pola igualdade

Sophia Loren

Sophia Loren foi a primeira muller en gañar o Óscar á mellor actriz por un papel en lingua non inglesa coa película *Dúas mulleres* (1960). É unha das intérpretes máis icónicas da historia do cinema, participou en máis de cen longametraxes e en 2021 fixo de novo historia ao converterse na persoa de maior idade en gañar o David di Donatello á mellor actriz con 86 anos e 232 días.

Naceu en Roma en 1934 e a súa infancia e adolescencia estiveron marcadas polo abandono do seu pai e polas dificultades económicas da familia. Cursou estudos de Maxisterio e participou en concursos de beleza desde nova como plataforma para darse a coñecer. Empregou o seu primeiro salario no sector do cinema, por participar na película *Quo Vadis?* (1951), en lograr a autorización para que a súa irmá puidese asistir á escola.

A mediados dos 50, Loren coñeceu a Marcelo Mastroianni, artífice do neorrealismo italiano con quen filmou unha ducia de películas. A súa época dourada chegou a finais desa década e na seguinte, cando obtivo recoñecemento internacional.



Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Galardoada actriz e unha lenda na historia do cinema

Laura Lamontagne

Laura LaMontagne (Lugo, 1993) é unha cantante, poeta e artista audiovisual galega. Asidua dos recitais santiagueses de Caldeirería 26, do laboratorio de creación Serpes na Cachola, dos *slam poetry* de Santiago de Compostela e, máis recentemente, da Noite Poética de Lugo, descubriu moi nova a inmensa capacidade expresiva e creativa dos recitais. Cos seus sons futuristas e tecnolóxicos é quen de rescatar a tradición da música galega a través de bases de trip hop.

Desde que en 2019 iniciou unha exitosa colaboración con PicoAmperio, teñen levado a súa singular proposta aos Ciclos de Música no Museo de Belas Artes de Granada (MUBEA), ao Mercado de Música Viva de Vic, a VanGal ou á Alhambra Monkey Week. O seu talento foi recoñecido co Premio Martín Códax da Música ao mellor proxecto de “músicas urbanas” en 2020, e en 2019 conseguiron o primeiro posto nas listas demoscópicas de MondoSonoro.

O seu recente encargo como protagonistas do concerto oficial do Día das Letras Galegas 2021, dedicado á poeta Xela Arias, e a súa presenza en festivais coma BAM, Cantos na Maré, Periferias, Sinsal ou Revenidas demostran o seu imparable ascenso e a boa acollida da súa música por parte do público.

Na súa proposta mesturan composicións medievais galaico-portuguesas, ambientes hip-hop e poesía, e nos seus temas pódense recoñecer versos de Martín Codax, Airas Nunes, Rosalía de Castro ou Fernando Pessoa. Melodías suaves, bucles vocais e percusións marcadas son algúns dos piares do seu particular universo sonoro.



Fotografía cedida por Laura Lamontagne

É unha cantante e poeta capaz de rescatar a tradición da música galega a través do trip hop

Laura Seara

Laura Seara (Allariz, 1975) foi directora xeral do Instituto da Muller e, a partir de 2011, secretaria de Estado de Igualdade no Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero. Da política activa deu o salto á consultoría e actualmente dirixe Red Talento Consultoras, unha firma que orienta administracións públicas e empresas para implantar medidas e campañas en materia de igualdade e diversidade funcional.

Licenciada en Dereito e cun mestrado en Calidade dos Servizos, Seara saltou á política autonómica ao saír elixida deputada en 2001, e revalidou o seu cargo en dúas ocasións. Antes de entrar de cheo na política nacional foi portavoz de Medio Ambiente e de Igualdade e Benestar no Parlamento galego polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Seara é unha das voces máis fundamentadas do feminismo no socialismo español. Nos últimos anos intensificou o seu labor como conferenciante e espallou por todo o territorio nacional a necesidade desta cuarta onda do feminismo e os argumentos a prol da loita pola igualdade, que ela interpreta coma unha cuestión de “dereitos humanos”.

Retirada da política nacional polo de agora, nos últimos tempos centrouse no seu traballo de consultoría a través de Red Talento Consultoras, firma que colabora coa Deputación de Pontevedra nas súas campañas a favor dos xoguetes igualitarios e non sexistas para formar nenas e nenos en igualdade e sen estereotipos de xénero que os limiten.



Fotografía cedida por Laura Seara

É unha das voces fundamentais do feminismo no socialismo. Foi directora do Instituto da Muller

Jerrie Mock

Geraldine Mock, máis coñecida como Jerrie Mock, marcou un antes e un despois na historia da aviación feminina ao converterse na primeira muller en completar en solitario a volta ao mundo a bordo dun avión. A súa viaxe no Spirit of Columbus comezou o 17 de abril de 1964; o avión regresou á cidade de Columbus (Ohio, Estados Unidos) en 29 días e tras realizar 21 paradas. En total percorreu máis de 35.000 quilómetros.

Nacida no Medio Oeste americano en 1925, foi seu pai quen espertou nela o interese pola aviación ao levala a voar nun Ford Trimotor cando tiña sete anos. Unha vez finalizada a súa formación básica, matriculouse en Enxeñería Aeronáutica na Universidade Estatal de Ohio en 1943, pero, despois de casar, os costumes da época levárona a deixar en pausa as súas aspiracións profesionais.

Seguiu tomando clases de voo de forma privada e adquiriu de segunda man un Cessna 180 de catro prazas. Pasaran case dúas décadas cando lle comunicou á súa familia a súa decisión de dar a volta ao mundo.

A súa fazaña situouna como unha das mulleres máis importantes do mundo da aviación. Recibiu a Medalla de Ouro da Axencia Federal de Aviación e a Medalla Louis Blériot, outorgada pola Federación Aeronáutica Internacional, por conseguir un récord de velocidade durante a súa travesía.



Autor descoñecido, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller en completar en solitario a volta ao mundo a bordo dun avión en 1964

Hellen Keller

Helen Keller foi unha activista e filántropa norteamericana que promoveu o sufraxio feminino e os dereitos laborais. A súa é unha historia de superación increíble, xa que con apenas dezanove meses perdeu a vista e o ouvido e tivo que aprender pola súa conta a comunicarse mediante xestos.

Nacida en 1880 en Alabama (Estados Unidos), Keller foi quen de sobrepoñerse ás dificultades e con sete anos empezou a estudar o sistema braille e a escribir cunha máquina construída para ela. En 1900 entrou na Universidade de Radcliffe, onde se graduou con honras, co que se converteu na primeira persoa xordocega en obter un título universitario.

“Difícil ser muller, universitaria e discapacitada nos Estados Unidos a comezos do século xx, e máis aínda sendo socialista”, reflexionaba esta moza de mente brillante antes de participar na fundación da Unión Americana de Liberdades Cívicas (ACLU, polas súas siglas en inglés) en 1920. Recadou diñeiro para a Fundación Americana para Cegos, defendeu o sufraxio feminino e foi unha figura activa na ACLU.

En 1924 retirouse da vida política para centrarse na loita polos dereitos das persoas con discapacidade e ata 1957 viaxou polo mundo dando conferencias. En 1964 Helen recibiu a Medalla Presidencial da Liberdade, a máis alta distinción civil outorgada polo presidente dos Estados Unidos na altura, Lyndon B. Johnson.

A súa vida foi retratada na película *The Unconquered: Helen Keller in Her Story* e na obra de teatro *O milagre de Anna Sullivan*, da que tamén se rodou posteriormente unha versión cinematográfica.



Los Angeles Times, CC BY 4.0, a través de Wikimedia Commons

Activista e filántropa, foi a primeira persoa xordocega en obter un título universitario

Anna Thynne

A zoóloga mariña Anna Thynne (Irlanda, 1806) pasou á historia por construír en 1846 o primeiro acuario mariño equilibrado, o cal foi capaz de conservar durante un período de aproximadamente tres anos. Esta creación naceu do seu interese pola ciencia, que medrou cando atopou a súa primeira madrépora.

Thynne ideou un sistema para trasladar os corais que tanto lle fascinaron ata Londres, país onde residía. Posteriormente engadiulles plantas mariñas para crear o devandito acuario. O depósito de Thynne serviu como fonte de inspiración da Fish House do Zoolóxico de Londres, o primeiro acuario público do mundo, posto en marcha polo naturalista Philip Henry Gosse.

Ademais, o interese de Anna Thynne polas madréporas levouna a publicar *On the increase of Mandrepores* (1859), un artigo no que a zoóloga mariña deu a coñecer parte das súas investigacións sobre estes corais. O traballo realizado por Thynne recolleuse na obra doutra muller, a escritora Rebecca Stott, quen contou a historia da zoóloga e dos seus descubrimentos nun libro titulado *Theatres of Glass: The Woman Who Brought the Sea to the City*.



Richard James Lane, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Construíu o primeiro acuario mariño durante case tres anos

Soledad Penalta

Artista, creadora en ferro e metal e en gran formato, Soledad Penalta (Noia, 1943) converteuse nun referente imprescindible na arte galega, cuxa pegada se estende ao longo de toda Galicia: desde o parque escultórico da torre de Hércules, na Coruña, ata o paseo marítimo de Baiona. O seu traballo caracterízase polo peso da linguaxe abstracta.

Tras realizar os seus primeiros estudos como escultora na Escola de Oficios Artísticos da Coruña, onde se centrou na cerámica, participou en distintos obradoiros e acadou bolsas de estudos que a levaron a desenvolver o seu labor no Obradoiro de Investigación Cerámica de Emidio Galassi, en Faenza (Italia), ou no castelo de Soutomaior, cunha bolsa da Deputación de Pontevedra.

Soledad Penalta cruzou o Océano Atlántico e continuou a súa formación no Studio Art da Universidade de Minnesota. Foi precisamente nos Estados Unidos onde tomou contacto co metal, no que se especializou fundindo diferentes materiais, coma bronce, ferro ou aceiro. O emprego destes elementos convertérona nunha das poucas mulleres artistas da súa xeración en Galicia que traballou na obra pública, xunto con Elena Colmeiro, en cerámica. Nos últimos tempos incluíu caligrafías e textos nas súas esculturas, coas que deixa o seu testemuño.

Tras preto de corenta anos de traxectoria artística, Soledad Penalta ten exposto as súas creacións en diversas exposicións, tanto individuais coma colectivas, sobre todo en Galicia, mais tamén noutros puntos do Estado e incluso do estranxeiro.



Fotografía cedida por Soledad Penalta

É un referente da escultura en Galicia. Especializada no uso do metal

Laia Sanz

A vida de Laia Sanz (Corbera de Llobregat, 1985) está marcada pola súa gran paixón: o trial. A súa relación con este deporte vén desde cativa, xa que con só catro anos subiu a unha moto. A partir dese intre todo cambiou, pois comezou a participar en probas, en moitas ocasións era a única rapaza, nas que despuntou, e en 1997 logrou a súa primeira vitoria en categorías masculinas, cunha moto de 80 cc.

Pouco a pouco o trial feminino foi medrando e con el o palmarés de Laia, que se alzou vencedora no primeiro campionato de Europa con tan só trece anos. Dous anos máis tarde, no 2000, gañou o nacional na categoría de cadete masculino e, ao ano seguinte, o mundial feminino, e quedou segunda no europeo, dous campionatos nos que subiu ao máis alto do podio en moitas outras temporadas. Todos os seus esforzos levárona a acadar o seu gran soño: competir no Rally Dakar, no que en 2011 gañou o Trofeo Feminino e rematou na 39.^a posición absoluta.

A traxectoria de Laia continuou en ascenso e en 2012 acadou un fito histórico ao alzarse campioa feminina no Dakar, no mundial de trial e na modalidade de enduro. A día de hoxe Laia Sanz conta con catorce mundiais de trial, seis mundiais de enduro e dez europeos de trial. Tamén é sete veces vencedora do Trial das Nacións e posúe once vitorias no Trofeo Feminino do Rally Dakar, onde acadou a novena posición en 2015. Ademais, alzouse con catro medallas de ouro e unha de prata no Enduro X Feminino dos X Games.

O talento, o esforzo e a dedicación de Laia Sanz reflíctense neste extenso palmarés e foron merecedores de múltiples recoñecementos, pois foi nomeada Premio Reina Sofía á mellor deportista española (2006), Muller do Ano pola Federación Internacional de Motociclismo (2011) e Premio Fair Play (2016) da mesma Federación.



Generalitat de Catalunya, a través de Wikimedia Commons

Piloto de trial cun amplo palmarés a nivel mundial e múltiples recoñecementos

Zaha Hadid

A arquitecta iraquí Zaha Hadid foi a primeira muller en gañar o prestixioso Premio Pritzker en 2004 e está considerada unha figura nuclear da arquitectura contemporánea e da evolución experimentada por esta no século xxi. Intentou romper os límites desta disciplina a través da conexión de edificios e cidades e de abrir portas a formas máis expresivas de construír.

Zaha Mohammad Hadid naceu en 1950 en Bagdad. Comezou estudando Matemáticas na Universidade Americana de Beirut, na que se graduou en 1971 coa máxima cualificación. Con vinte anos de idade mudouse a Londres para estudar Arquitectura. Tras graduarse, a deseñadora deu os seus primeiros pasos no estudio dos seus antigos profesores, o OMA de Rotterdam, pero as súas ansias de innovar e probar camiños diferentes animárona a montar o seu propio estudio en Londres en 1980.

Hadid labrouse un prestixio incontestable nun mundo dominado absolutamente por homes nos anos oitenta. Non sen esforzo, fíxose mundialmente coñecida polos seus edificios neofuturistas de formas abstractas e cheos de dinamismo e forza, pero tamén destacou como pintora e deseñadora de interiores, mobiliario e produtos de consumo.

A meirande parte da súa vida compaxinou a docencia nas máis prestixiosas universidades do mundo (Harvard, Illinois, Hamburgo ou Nova York) co deseño de proxectos que redefiniron a historia da arquitectura moderna. Hadid recibiu o Premio Pritzker (2004), o Mies van der Rohe (2010) e o Stirling (2011).



Dmitry Ternovoy, FAL, a través de Wikimedia Commons

Figura nuclear da arquitectura contemporánea e primeira muller en gañar o Premio Pritzker

Ana Belén

María del Pilar Cuesta Acosta, máis coñecida como Ana Belén, é unha artista total. Unha referente da música, do teatro e do cinema tanto en España coma en América Latina. O seu nome é sinónimo de éxito en cada unha das súas facetas profesionais. Entre outros moitos recoñecementos ao seu talento, recibiu o Goya de Honra en 2017 e o Premio Grammy Latino á excelencia musical en 2015.

Naceu no madrileño barrio de Lavapiés en 1951 e con case trece anos gañou un concurso infantil que lle permitiu gravar as súas primeiras cancións e converterse na nena prodixio da música española. O seu éxito musical abriulle as portas da interpretación. En 1964 protagonizou a súa primeira película, *Zampo y yo*, e apenas dous anos despois debutou no Teatro Español coa obra *Numancia* de Miguel de Cervantes.

En 1970 rodou a súa segunda película, *Españolas en París*, á que lle seguiría *Aunque la hormona se vista de seda* e *Morbo*, traballo que uniría o seu destino vital e profesional con Víctor Manuel. Muller comprometida e de esquerdas, en 1975 participou na primeira folga de actrices e actores do teatro español e publicou o seu disco *De paso*, con cancións de Luis Eduardo Aute e Pablo Milanés e poemas de Fanny Rubio, Nicolás Guillén e Rafael Alberti.

Consolidada xa como intérprete e cantante, estreouse como directora en 1991 coa película *Como ser mujer y no morir en el intento*, a da recadación máis alta daquel ano. En 1995 fixo historia ao converterse na primeira actriz distinguida coa medalla de ouro da Academia de Cine.



Ruben Ortega, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Referente da música, do teatro e do cinema tanto en España coma en América Latina

Federica Montseny

Dirixente anarquista española e unha das figuras máis emblemáticas do movemento obreiro español. Foi a primeira muller que se puxo á fronte dun ministerio do Goberno de España, pero tamén destacou como brillante oradora e talentosa escritora, con case cincuenta novelas curtas publicadas, ademais de escritos políticos, éticos e autobiográficos.

Federica Montseny naceu en Madrid en 1905 e a súa traxectoria vital e ideolóxica estivo moi influenciada pola súa familia. A súa nai, Teresa Mañé, foi mestra e xornalista referente do anarquismo, pioneira feminista e defensora da pedagogía laica. Liberdade persoal, poder de decisión e elección da súa forma de vida foron as ideas sobre a muller nas que se criou a que sería unha das primeiras ministras da Europa occidental.

Montseny foi unha escritora precoz. Aos 16 anos escribiu a súa primeira novela, *Horas trágicas*, un drama que trataba as problemáticas da clase obreira catalá. As súas novelas *La victoria*, *El hijo de Clara* ou *La indomable* axitaron o debate social ao tratar temas coma a liberación da muller ou o rexeitamento da institución do matrimonio.

Nos anos trinta consolidou a súa faceta pública e comezou a intervir en mítins e conferencias. En 1936 foi nomeada ministra de Sanidade e Asistencia Social no segundo goberno de Largo Caballero e tratou de implantar, sen éxito, unha pioneira lei de interrupción voluntaria do embarazo.



Anarquista e escritora. Unha das primeiras mulleres ministras en Europa

Mary Leakey

A arqueóloga e antropóloga Mary Leakey conseguiu grandes achados para o mundo da investigación das orixes do ser humano. Descubriu o primeiro cranio de simio fósil, o *Proconsul africanus*, restos do *Australopithecus boisei* e do *Homo habilis*, o *Homo erectus* e as pegadas de Laetoli. As súas investigacións foron determinantes para abordar os estudos sobre a evolución humana dun xeito diferente.

Mary Douglas Nicol naceu en 1913 en Londres; debido á profesión do seu pai, que era pintor, pasou boa parte da súa infancia percorrendo os Estados Unidos, Italia e Exipto, terra na que despertou o seu interese pola arqueoloxía. Moza rebelde, non puido entrar na universidade pero logrou iniciarse no mundo da arqueoloxía como ilustradora do libro da doutora Gertrude Caton-Thompson *The Desert Fayum*.

A primeira escavación na que participou foi Forte Hembury en Devon (1934); ese mesmo ano realizou a súa propia escavación en Jaywick Sands e tamén publicou o seu primeiro ensaio científico.

A través de Caton-Thompson coñeceu a Louis Leakey, que sería o seu marido e compañeiro de investigacións. Xuntos emprenderon diversos proxectos e como equipo fixeron importantes descubrimentos que obrigaron a modificar algunhas teorías sobre a evolución do ser humano.

Mary Leakey dirixia as escavacións da garganta de Olduvai, en Tanzania, en 1961 cando se descubriu un fósil de homínido, cunha antigüidade duns dous millóns de anos, que sería bautizado como *Australopithecus*.



Arqueóloga e antropóloga que
descobriu o primeiro crânio de
simio fóssil

Isabel Steva Hernández, Colita

Isabel Steva Hernández, máis coñecida como Colita, é unha das fotógrafas españolas máis importantes do século xx. Coa súa cámara inmortalizou a Barcelona dos anos sesenta e setenta, a súa evolución e o cambio cultural e social da cidade ao longo das décadas. Tamén retratou con esmero o mundo do flamenco e as figuras máis importantes da escena daquel momento.

Naceu en Barcelona en 1940 e ao rematar o preuniversitario de letras trasladouse a París para estudar Civilización Francesa na Universidade da Sorbona. De regreso á Cidade Condal encamiñou o seu traballo cara á fotografía e especializouse en retratos.

Formou parte dos movementos artísticos e intelectuais progresistas e nos últimos anos da ditadura franquista realizou innumerables retratos para prensa, así como para publicacións e exposicións diversas. Colita tamén destacou como unha activa defensora da liberdade e do feminismo.

En máis de catro décadas de profesión realizou corenta exposicións e publicou máis de trinta libros de fotografía. En 2014 recibiu o Premio Nacional de Fotografía e en 2021 foi recoñecida coa Medalla de Ouro ao Mérito en Belas Artes.



Colita é unha das fotógrafas españolas máis importantes do século xx

Juditha, CC BY-SA 3.0, a través de Wikimedia Commons

Alexia Putellas

Alexia Putellas é a mellor xogadora de fútbol de España e unha das figuras máis grandes deste deporte a nivel mundial. A capitana do F. C. Barcelona e internacional absoluta coa selección española feminina desde 2013 logrou hai un ano o segundo Balón de Ouro en París, co que se converteu na primeira futbolista en gañalo dúas veces.

Putellas (Barcelona, 1994) soñou desde nena con ser futbolista, tiña alma de líder e con apenas sete anos a súa familia inscribiuna no equipo feminino do C. E. Sabadell. Cumpriu o seu soño de debutar en primeira división con dezaseis anos co Español e tamén xogou no Levante ata que en 2012 se produciu a chamada que tanto ansiaba e fichou polo F. C. Barcelona feminino, onde fixo historia.

Coa camiseta *azulgrana* gañou cinco campionatos de liga, seis copas da Raíña e unha Liga de Campións Feminina da UEFA. Na temporada 2020-2021 tivo un papel destacado ao conseguir o triplete continental por primeira vez na súa carreira, o que lle facilitou o camiño para ser recoñecida como mellor xogadora do mundo co seu primeiro Balón de Ouro, ao que lle seguiría un segundo.

Coa selección española feminina gañou dous campionatos europeos Sub-7 (2010 e 2011). Pero máis alá dos récords e do seu impresionante palmarés, Putellas é unha lenda do fútbol feminino mundial, un referente para milleiros de nenas que soñan co balón e unha voz autorizada na defensa do deporte feminino.



Mellor futbolista do mundo e a única en lograr dúas veces o Balón de Ouro

Steffen Proßdorf, crop by Someinfo, CC BY-SA 4.0, através de Wikimedia Commons

Yolanda Besteiro de la Fuente

Yolanda Besteiro de la Fuente é unha avogada feminista española, experta en xénero, política e profesional cunha ampla traxectoria que colabora en organizacións non gobernamentais e no sindicato UGT. A súa actividade sempre se centrou na defensa da igualdade e desde 2007 preside a Federación de Mulleres Progresistas, onde puxo o foco na atención no colectivo de mulleres migrantes.

Besteiro foi asesora xurídica da Unión Estatal de Xubilados e Pensionistas de UGT, xerente da Fundación UNIATE e coordinadora do Programa de Malos Tratos a Persoas Maiores da Unión Democrática de Pensionistas e Xubilados de España (UDP).

Actualmente é presidenta da Plataforma de ONG de Acción Social (POAS) e vicepresidenta da Plataforma do Terceiro Sector (PTS), do Consello Estatal da Muller e do Observatorio Estatal contra a Violencia de Xénero.

Besteiro é tamén unha activa conferenciante. Participou en ducias de congresos, xornadas e simposios nos que defende que a prostitución e os ventres de alugueiro son unha forma de exercer a violencia contra as mulleres máis vulnerables. As súas fundamentadas opinións están publicadas de forma periódica en medios e revistas académicas.

Recibiu os premios Igualdade 2019 do concello de Manzanares, o María Miaja e o Emilio Castelar.



Avogada feminista española e presidenta da Federación de Mulleres Progresistas

Montserrat Boix-Capósa 4.0, a través de Wikimedia Commons

Amparo Alonso Betanzos

Amparo Alonso Betanzos é unha enxeñeira química española, investigadora e presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial. Actualmente coordina o grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de I+D en Intelixencia Artificial) no Departamento de Ciencias da Computación da Universidade da Coruña (UDC).

Nada en Vigo en 1961, licenciouse en Química coa especialidade de Química Industrial (1984), doutorouse en Física (1988) na Universidade de Santiago de Compostela e completou a súa formación posdoutoramento no Medical College de Xeorxia (os Estados Unidos). Foi a primeira española en obter unha bolsa do programa L'Oreal UNESCO For Women in Science.

Ocupou diversos cargos na Facultade de Informática da UDC. Foi vicedecana (1999 a 2005), directora de Computación (2007 a 2009) e coordinadora do Mestrado de Bioinformática para Ciencias da Saúde, entre outras responsabilidades. En 2020 comezou a formar parte do Consello Asesor de Intelixencia Artificial do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Co paso dos anos centrou o seu labor científico nas aplicacións de intelixencia artificial en ámbitos tan distintos coma o medio, a saúde, a industria 4.0 e tamén nos avances en algoritmos de aprendizaxe automática. Na xornada sobre Emprendemento Feminino e Innovación da Escola de Igualdade María Vinyals da Deputación de Pontevedra defendeu precisamente a necesidade de incluír a perspectiva de xénero na creación dos algoritmos.



Enxeñeira química e presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial

Fotografía: Raía Estévez. Deputación de Pontevedra

Lou Andreas-Salomé

Lou Andreas-Salomé foi unha das intelectuais máis brillantes da xeración de finais do século XIX. A filósofa, escritora, psicanalista e ensaísta rusa foi unha das primeiras mulleres en exercer a psicanálise e a autora de *Henrik Ibsen Frøen-Gestalten* (1892), unha obra sobre a loita das mulleres polo dereito a desenvolver a súa propia personalidade.

Salomé naceu en 1861 en San Petersburgo (Rusia) nunha familia de expatriadas e expatriados alemáns protestantes, con profundas crenzas relixiosas. Nena sagaz e inqueda, non atopaba respostas na educación que lle proporcionaban e, tras negarse a un matrimonio concertado, decidiu deixar Rusia para estudar Teoloxía, Filosofía e Historia da Arte na Universidade de Zúric, unha das poucas nas que aceptaban mulleres.

Con apenas vinte anos escribiu o seu famoso poema *Geben an das Leben* e, xunto co filósofo positivista e médico Paul Rée e co pensador Friedrich Nietzsche, integrou o grupo autobautizado como “a santísima trinidad”.

Nietzsche definiuna como “a persoa máis intelixente que coñecín”. No libro *Lou Andreas-Salomé: en tate liberté*, Isabelle Mons fala dela con estas palabras: “unha muller moderna que gañou a súa liberdade (...) sen preocuparse por nada que non fose atopar o camiño que conduce a unha mesma”.



Fotografía: Ateller Elvira

Brillante filósofa, escritora,
psicanalista e ensaísta rusa

Mireia Belmonte

Mireia Belmonte é unha das mellores nadadoras da historia. Campioa olímpica, europea e mundial, a catalá leva conquistadas un total de dezaseis medallas mundiais, vinte e catro europeas e catro olímpicas. Fixo historia en Río 2016 ao converterse na primeira nadadora española en obter unha medalla de ouro.

Naceu en Badalona en 1990 e lanzouse á piscina con apenas catro anos por prescrición médica, tras diagnosticárselle escoliose. Pese a ser alérxica ao cloro, Belmonte amosou moi cedo o seu enorme potencial e con doce anos conseguiu seis ouro no seu primeiro campionato nacional, o que lle deu acceso a unha bolsa da Federación Catalá de Natación.

En 2003 comezou a adestrar no Centro de Alto Rendemento de Sant Cugat e tres anos despois proclamouse campioa do Mundial Júnior nos 400 metros libres e nos 400 metros estilos. A partir dese momento o seu palmarés non deixou de medrar. Nos Xogos de Pekín 2008 cumpriu o soño de ser nadadora olímpica con dezasete anos, o que supuxo un récord para España.

En Londres 2012 acadou dúas medallas de prata e catro anos despois fíxose co ouro en 200 metros bolboreta e bronce en 400 metros estilos. Como unha das grandes figuras da historia do deporte español, foi seleccionada como abandeirada da delegación xunto a Saúl Cravioto nos Xogos Olímpicos de Tokio 2020.



Harpagornis, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Unha das mellores nadadoras
da historia. Campioa olímpica,
europea e mundial

Natalia Rodríguez Estévez

Natalia Rodríguez Estévez é a propietaria de Corisca, a primeira bodega ecolóxica da Denominación de Orixe Rías Baixas. Foi unha das primeiras firmas en recuperar as prácticas da agricultura ecolóxica na provincia de Pontevedra e hoxe elabora un albariño 100 % ecolóxico criado en lías durante tres meses.

A súa historia está marcada polo amor e polo respecto pola terra. Rodríguez Estévez deixou atrás o seu traballo como avogada en Vigo e non dubidou en darlle un xiro radical á súa vida para facerse cargo dos viñedos familiares no condado do Tea cun proxecto baseado na excelencia e na calidade.

Desde o primeiro momento a súa intención foi mudar as prácticas tradicionais que ela coñecera desde nena e apostar pola produción ecolóxica e sostible, respectar os tempos que marca a viña e evitar os produtos fitosanitarios. Esta transformación de modelo supuxo varios anos duros sen colleita ata que a terra se fortaleceu e puido elaborar o seu albariño Corisca, o primeiro viño ecolóxico de Rías Baixas.

Os viños de Rodríguez Estévez son sinónimo de exclusividade e respecto pola biodiversidade do medio. As parcelas da bodega, amparadas por montañas no curso baixo do río Miño, trabállanse de forma manual co fin de garantir a salubridade dos predios.



Fotografía: Rafa Estévez. Deputación de Pontevedra

Viticultora e artífice do primeiro
viño 100 % ecolóxico de Rías
Baixas

Sheila Blanco

Sheila Blanco é cantante, compositora, comunicadora e promotora cultural, coñecida por fusionar textos con diversos estilos musicais para crear unha proposta artística absolutamente singular. Amais da mestura de linguaxes artísticas, outro dos trazos que define o traballo da salmantina é a reivindicación e recuperación da figura das poetas e intelectuais españolas.

Blanco (Salamanca, 1982) estudou Piano Clásico e Bel Canto no Conservatorio Profesional de Música de Salamanca e posteriormente licenciouse en Comunicación Audiovisual na Universidade Pontificia. Unha vez que rematou os seus estudos trasladouse a Madrid e durante os primeiros anos combinou o seu traballo de xornalista coa música.

O ano 2009 marcou un punto de inflexión na súa traxectoria ao dedicarse de cheo a cantar, tocar e compoñer temas propios mentres estudaba un posgrao de Especialización e Rehabilitación da Voz Profesional.

Co grupo Toch empezou a tocar no circuito de salas madrileñas, co que gañou o premio á mellor banda novel da Sala El Juglar, e xunto con eles grava o seu primeiro disco de estudo, *Sheila Down*, no que xa está presente a fusión de pop, rock, folk e jazz que marca a traxectoria desta artista.

Tras ser vocalista de diversos grupos e participar en programas de televisión e radio, Blanco cae rendida aos pés das mulleres da xeración do 27. Despois de tres anos de investigación, en 2020 publicou o seu traballo *Cantando a las poetas del 27*, no que transforma en cancións unha selección dos textos que máis influíron nela.



Garabata, CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Cantante e compositora que
recupera letras de poetas da
xeración do 27

Anaïs Nin

A escritora vangardista Anaïs Nin destacou como autora de novelas e contos con matices surrealistas, amais de ser unha pioneira da literatura erótica. Acadou fama mundial a raíz da publicación en 1966 dos seus diarios e, na segunda onda do feminismo, converteuse nunha icona feminista e foi convidada a impartir conferencias en universidades de varios países.

Naceu en 1903 nunha familia de artistas de Neuilly-sur-Seine, unha cidade da área metropolitana de París, pero a súa infancia e adolescencia transcorreron entre Barcelona e Nova York despois de que seu pai as abandonara. Doutorouse na Philadelphia College of Art (1973) e foi elixida para o Instituto Nacional de Artes e Letras dos Estados Unidos (1974). En 1976 gañou o premio Muller do Ano de *Los Angeles Times*.

Avanzada a década dos anos vinte trasladouse a París, onde puido dedicarse integramente á escritura para completar o seu primeiro libro, *A intemporalidade perdida*, pero o primeiro traballo que publicou foi *D. H. Lawrence: Un estudo non profesional*, breve ensaio crítico sobre a obra do escritor inglés.

De volta en Nova York, e por encargo, comezou a escribir os relatos eróticos que completarían o volume *Delta de Venus* e *Paxariños*. Nin destaca por indagar con profundidade no seu interior e cuestionarse continuamente, o que lles dá forma a uns diarios persoais que publicou en 1966 baixo o título de *O diario de Anaïs Nin*.



Elsa Dorfman (1937–2020) CC BY-SA 3.0, a través de Wikimedia Commons

Anaïs Nin, escritora vangardista
pioneira na literatura erótica

Ebbaba Hameida Hafed

Ebbaba Hameida Hafed é unha xornalista española de orixe saharai que forma parte desde 2020 da Xunta Directiva de Reporteiros Sen Fronteiras España. Actualmente traballa en RTVE e destaca o seu traballo sobre a problemática da migración e dos dereitos humanos.

Nada nos campos de refuxiados de Tinduf en 1992, criouse en Roma cunha familia de acollida e, tras regresar temporalmente ao deserto, por motivos de saúde saíu cara a España en 2008, onde estableceu a súa residencia cunha familia de acollida de Badaxoz.

Hameida decidiu estudar Xornalismo porque a radio foi durante os seus primeiros anos de vida o principal elemento de conexión co exterior desde o campamento no que residía. Foi a primeira muller saharai en obter un doutoramento *cum laude* na citada disciplina e, en marzo de 2019, exerceu como unha das voceiras do movemento de mulleres xornalistas que reclamou en España o exercicio da profesión con perspectiva de xénero.

O seu compromiso social recoñeceuse en diversas ocasións. En 2021 foi galardoada polo Injuve co Premio Xornalismo Dixital por un especial que abordaba a crise migratoria desde diferentes puntos de vista. Ese mesmo ano recibiu o Premio Desalambre pola reportaxe dunha nai tunisiana sen noticias do seu fillo desaparecido no seu intento de atravesar o Mediterráneo.



Montserrat Boix, CC BY-SA 4.0, via Wikimedia Commons

Xornalista española de orixe
saharai premiada polo seu
traballo sobre migración

Paula Cons

Paula Cons (A Coruña, 1976) é xornalista, documentalista, guionista e directora de cinema. Foi galardoada pola súa traxectoria profesional na II Edición dos Premios Mulleres no Foco da Deputación de Pontevedra. Actualmente é produtora executiva e directora de Contidos de Agalla Films.

Licenciouse en Xornalismo na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela (1994-1998). Iniciou a súa carreira no xornalismo deportivo e informativo en RNE e despois pasou á televisión, onde estivo oito anos na Canle Internacional de TVE antes de dar o salto a Cuatro TV e Atresmedia con reportaxes de contido social.

En 2004 entrou na ficción tras gañar o Concurso Interacción de Guión Camiño do Xacobeo con *Ideas peregrinas*, unha miniserie para a produtora CTV. A continuación, desenvolveu o telefilme *Eduardo Barreiros, o Henry Ford español*.

En 2009 cofundou Agallas Films, unha firma galega coa vontade de traspasar fronteiras, situar as mulleres en primeiro plano e darlles oportunidades ás novas creadoras e creadores.

Cons rodou en 2019 a súa primeira longametraxe como directora, *A illa das mentiras*, e tras dirixir o docudrama *O caso Diana Quer*, dirixiu para Netflix de forma máis recente a docuserie *¿Dónde está Marta?*



Fotografía cedida por Paula Cons

Directora de cinema. A súa primeira longametraxe foi *A illa das mentiras*

Berta Cáceres

Berta Cáceres foi unha prominente líder indíxena hondureña asasinada en 2016 pola súa oposición pública á construción dunha represa no río Gualcarque, lugar sacro e vital para a supervivencia das comunidades nativas desa zona do noroeste do país. O 25 de maio de 2022 foi declarada heroína nacional polo Congreso Nacional de Honduras en recoñecemento ao seu compromiso social.

Nada na localidade hondureña de La Esperanza en 1971, involucrouse desde nena na loita polos dereitos do seu pobo, o que rematou cun irmán asasinado e continuas ameazas sobre o conxunto da familia. Foi perseguida durante anos ata o punto de ter que durmir cada noite nun lugar diferente para evitar un secuestro.

En 1993 cofundou o Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas de Honduras para defender o medio, rescatar a cultura lenca e mellorar as condicións de vida na rexión. Implicouse particularmente contra a privatización dos ríos, polo que se converteu nunha das activistas máis importantes do mundo.

Cáceres recibiu en 2015 o Premio Goldman, o maior recoñecemento do mundo para medioambientalistas e en 2021, a título póstumo, o Parlamento Europeo outorgoulle o Premio Sájarov á Liberdade de Conciencia. O seu legado de resistencia contra a privatización, a colonización e o capitalismo segue hoxe vivo.



UN Environment, CC BY 3.0, a través de Wikimedia Commons

Líder indíxena hondureña contra a privatización dos recursos naturais

María Pujalte

María Pujalte é unha actriz galega cunha longa traxectoria en cine, teatro e televisión. Acadou fama pola súa interpretación de Mamen na serie *Periodistas* (1998-2001) e Mónica en *7 vidas*. Nos últimos anos protagonizou *Los misterios de Laura* e traballou nalgúns dos mellores filmes do país.

Nada en 1966 na Coruña, realizou cursos de interpretación en la Scuola Internazionale dell'Attore Comico, en Italia, e completou a súa formación en Santiago de Compostela nas disciplinas de Canto e Expresión Corporal.

Pujalte deu os seus primeiros pasos como actriz nun teatro. Formou parte do Centro Dramático Galego e de grupos como Moucho Clerc e Compañía de Marías, que fundou coa tamén actriz galega María Bouzas.

En 1989 estreouse na pantalla grande con películas en galego como *Sempre Xonxa* e *As xoias da señora Bianconero*. Na súa filmografía figuran prestixiosos traballos como *Libertarias*; *Perdona bonita, pero Lucas me quería a mí*; *O lapis do carpinteiro* ou *Rivales*.

Entre outros recoñecementos, Pujalte conta co Premio Actriz Revelación da Unión de Actores e Actrices, cun Mestre Mateo pola interpretación en *O lapis do carpinteiro*, e en 2011 entregáronlle o Premio Pedigree de Honra no Festival de Cans.



Angel Galan Comunicación (youtube), CC BY 3.0, a través de Wikimedia Commons

Actriz galega cunha longa
traxectoria en cine, teatro e
televisión

Severn Cullis-Suzuki

Severn Cullis-Suzuki é unha bióloga, ecóloga, escritora de contos infantís e activista medioambiental. Defensora da xustiza interxeracional, aos nove anos fundou unha organización en defensa do planeta coa que iniciaría unha loita pública que a levaría anos despois a pronunciar un histórico discurso de seis minutos no Cumio da Terra de Río (1992), co que enmudeceu o auditorio cos seus argumentos.

Cullis-Suzuki (Vancouver, 1979) creou coas súas amigas da escola primaria a Organización Infantil do Medio Ambiente, unha iniciativa coa que recadaron fondos durante máis dun ano para acudir á reunión do Brasil e poder alertar as potencias mundiais da urxencia de protexer o medio.

A activista, licenciada en Yale en Ciencias Ecolóxicas e Bioloxía Evolutiva, é moi crítica coas medidas que se adoptaron durante os últimos trinta anos, nos que considera que a situación global non fixo máis que empeorar.

En 1993 foi recoñecida no programa das Nacións Unidas para o Medio “Global 500 Roll of Honour” e ese mesmo ano publicou o seu libro *Decidle al mundo*, que contén medidas ambientais para as familias. Actualmente Cullis-Suzuki traballa como divulgadora e conferenciante contra o quecemento global e a favor da xustiza interxeracional e do desenvolvemento sostible.



Dominio público. A través de Wikipedia

Bióloga e activista
medioambiental que enmudeceu
o Cumio de Río con doce anos

Nuria Novelle Zabaleta

Nuria Novelle é unha das voces máis representativas das mulleres do sector do mar. Mariscadora de Cesantes, é a vicepresidenta da agrupación de mariscadoras da Confraría San Xoán de Redondela e presidenta da Asociación de Turismo Mariñeiro (Amarturmar), que trata de poñer en valor os recursos naturais da provincia de Pontevedra e o traballo artesanal na enseada de San Simón.

Novelle deixou o seu traballo de directiva nunha empresa para recoller ameixas. No entanto, sempre en busca de novas motivacións, decidiu compatibilizar o seu traballo no sector primario con excursións guiadas para divulgar o gran valor medioambiental que realizan as mariscadoras.

Actualmente compatibiliza o seu traballo no mar coas visitas guiadas para turistas de toda Europa, ademais de impartir charlas nas que defende o enorme potencial do turismo mariñeiro e a necesidade de impulsar iniciativas turísticas sostibles e respectuosas co territorio que dá de comer a milleiros de familias en Pontevedra.

Esta nova faceta profesional non foi nunca impedimento para continuar co seu traballo a prol dos dereitos das mulleres do mar e do recoñecemento das enfermidades profesionais que lles afectan. Novelle foi unha das portavoces das mulleres do mar que participaron nun foro internacional sobre a pesca no Parlamento Europeo a comezos de 2020.

O seu traballo para garantir boas condicións no sector do marisqueo fixo que a seleccionasen como un dos rostros da campaña da Deputación de Pontevedra a favor do sector primario “Elas son a forza do Nadal”.



Fotografía: Deputación de Pontevedra

Vicepresidenta da Confraría San Xoán de Redondela e defensora dos dereitos das mariscadoras

Tawakkul Karman

Tawakkol Karman é sinónimo da loita polos dereitos das mulleres no mundo árabe. Converteuse no rostro internacional dos levantamentos iemenís en 2011 e pasará á historia como unha figura fundamental na mobilización social coñecida como a Primavera Árabe. En 2011 foi recoñecida, xunto con outras dúas compañeiras, co Premio Nobel da Paz pola súa batalla non violenta pola seguridade das mulleres e polo seu pleno dereito a participar na construción da paz.

Karman (Iemen, 1979) obtivo un título en Comercio e outro en Ciencia Política pola Universidade de Sana'a. En 2012 doutorouse *honoris causa* en Dereito Internacional no Canadá e, unha vez que completou a súa formación, a activista iniciou a súa carreira como xornalista, momento no que empezou a decatarse das restricións do Goberno iemení e a recibir ameazas.

En 2005 fundou cun grupo de compañeiras a asociación Mulleres Xornalistas Sen Cadeas para defender os dereitos das mulleres, os dereitos civís e a liberdade de expresión. Desde este momento adquire un perfil máis público e no 2007 pon en marcha as súas sentadas semanais para esixir reformas democráticas no seu país.

A partir de aquí comezan as detencións e ameazas contra a súa vida por participar nas mobilizacións contra o Goberno iemení e reclamar respecto polos dereitos humanos no país. Polo seu destacado papel nas protestas, Karman converteuse na primeira muller árabe, na persoa máis nova e na segunda muller musulmá en recibir un Premio Nobel.



Jindrich Nosek (Nolin), CC BY-SA 4.0, a través de Wikimedia Commons

Activista iemení que recibiu o Premio Nobel da Paz

Sara García

Sara García Alonso (León, 1989) é unha bióloga molecular que investiga novos tratamentos contra o cancro e a primeira muller española candidata a viaxar ao espazo. En novembro de 2022 foi seleccionada pola Axencia Espacial Europea (ESA, polas súas siglas en inglés) para o seu corpo de astronautas para as próximas misións espaciais como integrante de reserva.

Licenciada e cun mestrado en Biotecnoloxía pola Universidade de León, realizou a súa tese de doutoramento no Centro de Investigación do Cancro de Salamanca e actualmente traballa como investigadora posdoutoramento no Centro Nacional de Investigación do Cancro (CNIO), a maior organización de investigación do cancro de España, onde lidera un proxecto sobre novos fármacos para tratar cancros de pulmón e páncreas.

Poucos intuían o seu soño de viaxar á Lúa, pois ata o momento a súa excelente traxectoria vital estivo moi ligada á Asociación Española Contra o Cancro, primeiro a través dunha bolsa de prácticas de laboratorio e na actualidade cunha axuda posdoutoramento, que lle permitiu incorporarse ao equipo de traballo de Mariano Barbacid.

Acaba de realizar unha publicación na revista *Molecular Cell*, sobre a estrutura dunha proteína clave no cancro de pulmón. Suma xa varios premios á excelencia, pero está a experimentar un xiro radical tras a súa incorporación á ESA como integrante dun equipo de 17 futuras exploradoras e exploradores espaciais.



Primeira española candidata para viaxar ao espazo

Febreiro

Jane Cooke Wright

Jane Cooke foi unha investigadora e cirurxía pioneira no estudo e tratamento do cancro. Está considerada a persoa responsable de converter a quimioterapia nun tratamento viable e, polo tanto, de ofrecer esperanza de cura a unha parte importante das persoas enfermas.

Nada en 1919 no seo dunha prestixiosa familia que fixo carreira en Medicina, os seus inicios estiveron ligados á Fundación de Investigación do Cancro do Hospital de Harlem de Nova York, que dirixiu o seu pai durante máis de tres décadas. Comezou graduándose en Belas Artes en 1942 e dedicou os tres anos seguintes a estudar Medicina na Universidade de Nova York.

Comezou a súa carreira investigadora en 1949 e desde o primeiro momento centrouse no desenvolvemento da quimioterapia, que daquela era toda unha novidade científica. Atribúeselle o desenvolvemento da técnica de usar cultivo de tecidos humanos en lugar de ratos de laboratorio para probar os efectos de posibles fármacos sobre células cancerixenas. Tamén foi pioneira no uso do metotrexato para tratar o cancro de mama e a micose.

En 1964 foi a única muller que axudou a fundar a Sociedade Estadounidense de Oncoloxía Clínica. Na década dos sesenta era a médica afroamericana de maior rango nas facultades do país e dirixiu delegacións de oncoloxía na China, Unión Soviética, África e Europa do Este.



Investigadora e cirurxía que axudou a desenvolver a quimioterapia

Mulleres con ciencia. Baixo unha licenza Creative Commons Reconecemento-NoComercio/ShareAlike 4.0 Internacional

Vanesa Redondo

Vanesa Redondo é a promotora de ProPlantae, un laboratorio biotecnolóxico con diversas liñas de investigación na área de sanidade vexetal que inclúen a detección e o illamento de fungos e de microorganismos beneficiosos, bioensaios e a valorización de residuos.

Natural de Nigrán, desde 2019 Redondo é doutora en Bioloxía polo programa de doutoramento de Biotecnoloxía Avanzada das universidades de Vigo e da Coruña, e conta co Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible. Tamén é técnica superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos. Os fungos do xénero *Trichoderma*, que estudou na súa tese de doutoramento, son aínda hoxe o único produto rexistrado en España para controlar os fungos causantes de enfermidades da madeira en vide.

Redondo conta con máis de 14 anos de experiencia no mundo da investigación, a maioría deles centrada na sanidade vexetal; traballou, entre outros, no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, na Estación Fitopatolóxica Areeiro e en centros internacionais coma The James Hutton Institute en Dundee, no Reino Unido.

A busca de métodos sostíbles de biocontrol animárona a poñer en marcha ProPlantae, que recibiu o premio á mellor iniciativa de emprendemento rural nos I Premios Anuais de Emprendemento da Deputación de Pontevedra.



Promotora de ProPlantae, un laboratorio biotecnolóxico de referencia situado en Nigrán

Fotografía cedida por Vanesa Redondo

Rosa Montero

Rosa Montero é unha das mellores xornalistas da súa xeración e unha escritora cunha consolidada traxectoria marcada por temas fundamentais para a sociedade, coma a memoria, a identidade, a morte ou o amor. Brilla en todas as facetas que cultiva. Recibiu o Premio Nacional de Xornalismo en 1981, o Premio Nacional das Letras Españolas en 2017 e a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes en 2022, e goza de forma simultánea do aplauso de crítica e público.

Montero naceu en Madrid en 1951, estudou Psicoloxía e Xornalismo, e con apenas dezanove anos comezou a escribir para diversos medios informativos, entre eles, *Pueblo*, *Fotogramas* e *Posible*. Case desde a súa fundación, en 1976, colabora con *El País* como autora de columnas cun estilo único e persoal.

É, ademais, unha das grandes entrevistadoras do xornalismo contemporáneo en lingua castelá; sentou con figuras clave da política, da economía ou das letras dos séculos xx e xxi, coma o Ayatolá Jomeini, Yassir Arafat, Olof Palme, Indira Gandhi, Richard Nixon, Julio Cortázar ou Malala, entre centos de personaxes de relevancia.

Debutou na literatura en 1979 con *Crónicas del desamor*, onde amosa a experiencia das mulleres españolas na Transición. Tras unha ducia de novelas, en 1997 gañou o Premio Primavera con *La hija del caníbal*, o libro máis vendido dese ano. O seu último traballo é *El peligro de estar cuerda* (2022).



Gran xornalista e escritora,
e tamén unha das mellores
entrevistadoras da súa xeración

Rebeca Rods

A viguesa Rebeca Rods é unha cantante e compositora de *soul*, *funk* e *gospel*, modalidade na que está considerada unha das maiores referentes de España. Leva máis de 20 anos de carreira musical nos que publicou catro discos e realizou colaboracións con artistas importantes coma Alejandro Sanz, Raphael, Miguel Ríos, Laura Pausini, Patti Austin, Pastora Soler, Marta Sánchez ou Malú.

Rods formouse en Linguaxe Musical e Canto no Conservatorio Superior de Música de Vigo; con tan só un ano xa cantaba e iniciou a súa carreira musical con oito anos. En 2001 trasladouse a Madrid para converterse en mestra de música na Universidade Complutense. Durante seis anos deu clase na Escola Coral de Madrid.

En 2009 creou o seu propio coro de *gospel* e en 2011 publicou o seu primeiro disco *Black Light Gospel Choir*, que se converteu no coro oficial de programas como *Factor X*, *La Voz* e *La Voz Kids*. En 2021 saíu o seu último traballo, *Gospel Symphony*, no que fusiona *gospel*, *rock* e temas propios coa música sinfónica.

Unha das curiosidades da súa dilatada traxectoria é a de ser a única artista española que participou en tres ocasións en Eurovisión como directora dos coros. Na actualidade dirixe dous proxectos: Vigo Gospel Project e The Rock Choir Vigo, o primeiro coro de *rock* de Galicia.



Unha das principais referencias
en España da música *gospel*

Alda Facio

Alda Facio (Costa Rica, 1948) é unha xurista feminista, escritora, docente e experta internacional en xénero e dereitos humanos. É unha das fundadoras da Asemblea de Mulleres por unha Xustiza de Xénero na Corte Penal Internacional. En xuño de 2022 participou no II Encontro Nacional de Políticas Públicas organizado pola Escola María Vinyals da Deputación de Pontevedra.

Realizou un Mestrado en Xurisprudencia Comparada e Dereito Internacional na Universidade de Nova York e foi entón cando entrou en contacto co movemento feminista e pasou a involucrarse activamente nas manifestacións pacifistas contra a guerra do Vietnam. Tras residir en Xenebra e Italia, Facio regresou a Costa Rica en 1976 para licenciarse en Dereito coa primeira tese con perspectiva de xénero que saía da súa facultade.

Nos anos oitenta comezou a exercer sen abandonar a súa militancia activa a favor dos dereitos das mulleres. En 1981 organizou o I Seminario de Violencia Contra as Mulleres, as xornadas de igualdade e formou parte do equipo coordinador do tribunal sobre violencia contra as mulleres que se realizou durante a conferencia de Viena.

Desde 1991 é directora do programa “Muller, xustiza e xénero”, do Instituto Latinoamericano das Nacións Unidas para a Prevención do Delito, e en 2005 Facio pasou a ser mando do comité asesor para o estudo en profundidade da violencia contra as mulleres realizado polo secretario xeral da ONU.



Fotografía: Rafa Estévez. Deputación de Pontevedra

Xurista, escritora, docente e experta internacional en xénero en América Latina

Antonina Sanjurjo

Antonina Sanjurjo foi unha pioneira do deporte feminino en Galicia e está considerada a nai do hóckey sobre herba en Galicia. Fundadora en 1932 do Atlántida Hóckey Club de Vigo, foi tamén unha profesional comprometida coa súa terra no plano político e laboral e en 1931 firmou un manifesto de mulleres universitarias no que solicitaba o voto para o Partido Galeguista.

Sanjurjo, nada en Santiago de Compostela en 1910, estudou Peritaxe Mercantil en Vigo e obtivo o título na Escola Profesional de Comercio en 1929. Posteriormente trasladouse a Madrid para iniciar estudos de Dereito e no curso 1935-1936 obtivo unha bolsa para estudar Xeografía na Clark University.

Durante a súa estancia na Residencia de Señoritas madrileña comezou a xogar a hóckey e a partir dese momento compatibilizou a súa formación académica co deporte, ata que no verán de 1932 creou en Vigo o Atlántida Hóckey Club, un dos mellores clubs de Galicia e de España.

Sanjurjo era coñecida na prensa da época como a impulsora do hóckey galego. Cando en 1933 naceu a Federación Galega de Hóckey ela incorporouse como tesoureira e recibiu o título de presidenta de honra. Convencida dos beneficios do deporte, pronunciouse publicamente a favor de que as mulleres realizasen actividades deportivas nunha época na que era unha excentricidade.



Arquivo de Santiago González Sanjurjo, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Unha pioneira do deporte feminino e nai do *hóckey* sobre herba en Galicia

Manane Rodríguez

Manane Rodríguez é unha cineasta uruguaia afincada en Galicia. Directora, guionista e produtora, no ano 1994 fundou con Xavier Bermúdez a produtora Xamalú Filmes.

A creadora naceu en 1955 en Montevideo, pero a súa carreira cinematográfica desenvolveuna en España. Aos vinte anos de idade tivo que exiliarse en Bos Aires e logo do golpe de Estado en Arxentina saíu do país con destino a España, onde reside. Vivir nas súas propias carnes a detención e a desaparición de familiares e amizades marcou o seu carácter comprometido.

Iniciouse no cinema como axudante en películas de Carlos Serrano, Julio Sánchez Valdés e Luis Berlanga, ata que en 1990 dirixiu a súa primeira curtametraxe de ficción, *Juego de café*, que logrou o Premio Luis Buñuel. A súa primeira longametraxe, *Retrato de mujer con hombre al fondo* (1996), obtivo o premio Calabuch. A este traballo sucedeuno *Los pasos perdidos* (2001), que logrou unha mención especial do xurado da prensa internacional na Seminci e varios recoñecementos nos festivais de Toulouse e Turín.

En 2016 dirixiu *Migas de pan*, seleccionada por Uruguai para competir polo Premio Óscar á mellor película de fala non inglesa. Directora e guionista da longametraxe documental sobre violencia vicaria *Donde más duele* (2022), na actualidade traballa no desenvolvemento de tres proxectos: *Las esclavas de la Casa Salvañach*, *La madre* e *Sombras de agosto*.



Fotografía cedida por Manane Rodríguez

Cineasta uruguaia afincada en Galicia que en 1994 cofundou a súa propia produtora

Enriqueta Otero

Enriqueta Otero Blanco, máis coñecida coma María das Dores, foi unha mestra, feminista e guerrilleira comunista española que durante a Guerra Civil desempeñou o cargo de secretaria de Dolores Ibárruri (Pasionaria).

Nada en Castroverde (Lugo) en 1910, tras finalizar os seus estudos exerceu como profesora na escola de San Cosme de Barreiros, onde puxo en marcha a compañía de teatro O Punteiro do Carrinho, coa que levou a cultura por toda Galicia. Despois duns intensos anos como mestra, a actriz e directora aprobou as oposicións de Maxisterio e destinárona a Madrid.

Militante comunista, cando se declarou a guerra alistouse na división El Campesino, onde obtivo o grao de comandanta, traballou como coordinadora no hospital de Carabanchel, foi secretaria da Pasionaria, loitou como miliciana e, tras o golpe de Casado, detivérona e encadeárona. Fuxiu e uniuse aos maquis ata ser novamente encadeada para cumprir 19 anos de prisión.

O réxime despois a do título de mestra, que se lle restituíu en 1966, só un ano antes de xubilarse, tempo suficiente para crear en Lugo o proxecto cultural O Carriño, ao que ela chamaba universidade popular, coa que se lles transmitían coñecementos a persoas que non podían acceder a ese nivel da ensinanza.



Xosé Casil Lamelas, CC BY-SA 2.0, via Wikimedia Commons

Foi unha mestra, feminista e guerrilleira comunista española

Helen Mirren

Helen Mirren é unha das poucas actrices que gañou os catro grandes premios da industria do cinema por unha soa película, *The Queen* (2006): o Oscar, o BAFTA, o Globo de Ouro e o Screen Actors Guild Award. O seu impresionante palmarés tamén conta con dous premios á mellor interpretación feminina no Festival de Cannes, a Copa Volpi en Venecia, o Oso de Ouro de Honra do Festival de Cine de Berlín e un Premio Tony como mellor actriz de teatro.

Mirren (Londres, 1945) estudou interpretación na Middlesex University de Londres antes de debutar como actriz teatral a mediados dos anos sesenta e afianzar unha sólida traxectoria sobre as táboas que a levou de xira polo norte de África con Peter Brook. En 1967 rodou a súa primeira película, *Herostratus*, e realizou varios traballos para televisión ata que finalmente se decantou pola gran pantalla.

Desde os comezos o seu nome está vencellado ao de personaxes femininas con carácter e un importante protagonismo na historia. En 1976 realizou o dobre papel de Ofelia e Gertrudis en *Hamlet*, en 1979 protagonizou *Calígula* e, tras participar en *Excalibur*, compartiu pantalla con Harrison Ford en *The Mosquito Coast*.

Soubo escoller moi ben os seus traballos, mantivo sempre un gran control sobre a súa carreira e co paso dos anos converteuse nunha das grandes referentes da industria cinematográfica e no espello no que mirarse para moitas actrices máis novas, que carecían de referentes consolidadas que ademais se mantiñan en primeira liña co paso dos anos. En 2003 nomeárona Dama Comendadora da Orde do Imperio Británico e actualmente leva case cinco décadas en activo.



Brillante actriz de teatro e cinema, gañadora dos “catro grandes” do sector

Rósa Politzer

Rósa Politzer, máis coñecida coma Rozsa Péter, foi unha eminente matemática e unha figura nuclear no desenvolvemento da teoría das funcións especiais recursivas, en particular definiu unha función de Ackermann, variante da función orixinal. En 1973 foi a primeira muller matemática integrante da Academia Húngara de Ciencias.

Nada en Budapest en 1905, Péter entrou na universidade para estudar Química, pero pronto descubriu que a súa vocación eran as matemáticas, polo que se graduou en 1927 como profesora desta materia en ensinanza secundaria. En 1932 presentou no Congreso Internacional de Matemáticas de Zurich o seu traballo sobre a teoría das funcións especiais recursivas e en 1935 doutorouse e comezou a colaborar en diversas revistas especializadas.

Ante o acoso das autoridades mudou o seu apelido por Péter. Cando estalou a Segunda Guerra Mundial estivo confinada nun gueto de Budapest e sobreviviu dando clase e traballando no seu célebre libro *Playing with Infinity: Mathematical Explorations and Excursions*, que se traduciu a catorce linguas.

A mediados dos anos cincuenta, Péter aplicou a teoría da función recursiva ás computadoras. Á marxe das súas investigacións, tiña un xenuíno interese por mellorar a ensinanza das Matemáticas para que nenas e nenos as visen como algo divertido. Tamén loitou para incrementar as oportunidades profesionais das mulleres no eido das matemáticas.



Eminente matemática que desenvolveu a teoría das funcións especiais recursivas

Ann Druyan

En 1988 bautizouse co nome de Druyan o asteroide 4970, en recoñecemento á contribución de Ann Druyan á comprensión pública da exploración planetaria e polo seu traballo como directora creativa do proxecto “Voyager”.

A divulgadora científica, escritora e produtora especializada en cosmoxía e ciencia popular naceu en Queens en 1949. Participou no proxecto da NASA para crear un disco recompilatorio para extraterrestres, que na actualidade segue a viaxar polo espazo a bordo de dúas sondas espaciais robóticas.

Xunto a Carl Sagan coescribiu *Murmurs of Earth* (1978), *Comet* (1985), *Shadows of Forgotten Ancestors* (1993) e seccións de *The Demon-Haunted World* (1995).

Entre outros recoñecementos, gañou o Premio Richard Dawkins en 2004 e un Emmy xunto con Steven Soter en 2014 ao mellor guión nunha serie de non ficción pola serie documental *Cosmos: A Spacetime Odyssey*, proxecto que comezou con Sagan co obxectivo de difundir entre a poboación a historia da astronomía e da ciencia e de indagar na orixe da vida.

É cofundadora executiva principal de Cosmos Studios, produtora que puxo en marcha co fin de realizar documentais de ciencia e relativos á carreira aeroespacial. Co seu traballo de divulgación inspirou xeracións de astrónomas e astrónomos profesionais e persoas afeccionadas.



Divulgadora científica, escritora e produtora especializada en cosmoxía e ciencia

Julia Alcayde y Montoya

Julia Alcayde y Montoya foi unha das mellores pintoras españolas de finais do século XIX e principios do XX, unha das primeiras artistas asturianas de relevancia e unha das máximas representantes do bodegón burgués. Actualmente a súa obra pódese atopar en centros expositivos de primeiro nivel coma o Museo Nacional de El Prado e en coleccións privadas en España, Múnic, Berlín, Berna, Zúric, Chicago ou Bos Aires, onde no seu momento participou en exposicións internacionais.

Nada en Xixón en 1855, Alcayde y Montoya criouse en Madrid e a súa formación artística comezou na Escola de Artes e Oficios da capital, onde moi cedo destacou pola súa capacidade para plasmar emocións sobre o lenzo. Durante esta primeira etapa mantivo unha intensa relación con destacadas figuras da política e da cultura do momento, desde Emilia Pardo Bazán ata Benito Pérez Galdós.

Participou nas exposicións nacionais de Belas Artes e galardoárona en cinco anualidades. Tamén participou nas exposicións internacionais de Chicago (1893), Bruxelas (1910), Bos Aires e Roma (1911) e Múnic (1913).

A súa obra abarca un gran número de xéneros temáticos, desde o retrato ata a paisaxe e desde a escena costumista ata o bodegón, do que é unha das súas máximas figuras. Entre as súas obras máis significativas están: *Bodegón de caza* (1897), *El puesto de mi calle* (1899), *Autorretrato* (1903), *Bodegón de fruta* (1897) ou *La ermita de san Saturio*.



Julia Alcayde y Montoya, Dominio público, a través de Wikimedia Commons

Unha das mellores pintoras españolas de finais do século XIX e principios do XX

Desiré Vila

A de Desiré Vila é unha historia excepcional. A atleta paralímpica natural de Gondomar (1995) é un exemplo dentro e fóra das pistas. É récord de España, diploma nos seus primeiros Xogos Olímpicos, autora do libro autobiográfico *Lo único incurable son las ganas de vivir* e todo un exemplo de forza de vontade, superación e optimismo vital.

Comezou a practicar ximnasia acrobática co Club Flic Flac de Vigo en 2012 e en poucos meses proclamouse campioa de Galicia. Ao ano seguinte quedou subcampioa de Galicia e en 2014 volveu ser campioa de España antes de quedar en décimo novena posición na categoría de 11 a 16 anos no Campionato do Mundo en París.

O seu soño como ximnasta acrobática rachou de forma abrupta con 16 anos. Unha fractura de tibia e peroné durante un adestramento e unha negligencia médica posterior remataron coa amputación da súa perna dereita. Era moi nova para afrontar unha situación tan complicada a nivel persoal e profesional, pero Vila demostrou unha grande enteiraza e foi quen de ver oportunidades na desgraza e reinventar o seu futuro.

A pontevedresa é unha referente deportiva e humana para as novas xeracións e unha muller comprometida coa visibilización da discapacidade. A nivel deportivo, nos Xogos de Tokio acadou o récord de España na categoría T63 (para atletas con amputación de xeonllo) e obtivo un diploma olímpico en salto de lonxitude e un sétimo posto nos 100 m lisos. Ten a vista posta en París 2024.



Diploma nos seus primeiros Xogos Olímpicos e axuda a visibilizar a discapacidade

Marta Larralde

A viguesa Marta Larralde está nun dos seus mellores momentos profesionais e sen dúbida consolidouse como unha das actrices galegas máis relevantes dos últimos anos. Formou parte dos equipos dalgunhas das ficcións televisivas españolas máis importantes deste último lustro, coma *Fariña*, *Hit*, *Caronte* ou *Vivir sin permiso*.

Larralde estudou o Ciclo Superior de Realización na Escola Superior de Imaxe e Son de Vigo e comezou a traballar tras a cámara como guionista, directora e axudante de dirección na premiada *Los lunes al sol*, de Fernando León de Aranoa. Foi entón cando lle colleu o gusto á interpretación e se formou como actriz, ao tempo que realizaba estudos de Danza e Técnica Vocal.

Debutou como actriz protagonizando a película *Lena* en 2001. Por este papel recibiu o premio á mellor actriz no Festival de Cine de Tudela e o Premio Chano Piñeiro do audiovisual galego. Tamén foi moi aplaudido o seu traballo en *León y Olvido* (2004), polo que foi galardoada no Festival de Cine Español de Toulouse, no Festival Internacional de Cine de Ourense e no Festival Internacional de Cine Independente PÖFF de Estonia.

Despois de participar en *Mar adentro*, de Alejandro Amenábar, decide dedicarse exclusivamente á interpretación e fórmase no estudio de Juan Carlos Corazza. Ademais dunha consolidada carreira televisiva, tamén participou nunha vintena de curtametraxes, entre as que destacamos *Respirando*, *Pornobrujas*, *Non fai falta que mo digas*, *Esquioper*, *Os ósos do frío*, *Dinsey* e *Restart*. En teatro traballou en obras coma *Pericles, príncipe de Tiro* ou en *Tres hermanas*, de Antón Chejov e dirixida por Raúl Teixeiro.



Unha das actrices galegas máis relevantes dos últimos anos na ficción española

Helia Bravo

Helia Bravo foi a primeira bióloga certificada en México e a pioneira por excelencia da botánica no seu país. Dedicou gran parte da súa vida ao estudo e divulgación dos cactos. A súa extraordinaria obra científica inclúe 160 publicacións, 60 descrições taxonómicas e 59 cambios de nomenclatura que a levaron a presidir a Sociedade Mexicana de Cactoloxía.

A científica naceu en Cidade de México en 1901 e desde nena interesoulle a natureza. Estudou bacharelato na Escola Nacional Preparatoria de San Ildefonso e tivo que matricularse en Medicina ata que a Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM) comezou a ofertar Bioloxía cando ela xa tiña 23 anos.

En 1931 graduouse como mestra en Bioloxía na UNAM, institución á que está vencellada a meirande parte da súa carreira científica. En 1937 publicou o libro *Las cactáceas de México*, que se situou na vangarda da botánica en todo o mundo, e cando se fundou a Sociedade Mexicana de Cactoloxía fíxoo con ela como presidenta.

Xubilouse con noventa anos tras xogar un papel determinante na inclusión da muller na comunidade de investigación científica en México e loitar por reducir as diferenzas sociais a través da educación. Distinguírona cos títulos de investigadora emérita e doutora *honoris causa* da UNAM.



Precursora da botánica mexicana
e unha experta mundial en
cactos

Concepción Arenal

En 2020 cumpríronse dous séculos do nacemento de Concepción Arenal, intelectual brillante e comprometida, unha das mentes máis lúcidas da historia de España, excelente escritora e unha precursora do feminismo. Loitou de xeito incansable por mellorar as condicións de vida dos colectivos máis desfavorecidos da sociedade.

Nada en 1820 en Ferrol, no seo dunha familia ilustrada, Arenal tivo que sortear as limitacións da época para poder estudar Dereito, Socioloxía, Historia, Filosofía e idiomas en Madrid. Nos anos cincuenta e sesenta escribiu algunhas composicións poéticas, tres obras de teatro, unha novela que non se conservou e as *Fábulas en verso* (1851), libro que foi declarado de lectura obrigatoria no ensino primario.

En 1870 fundou *La Voz de la Caridad*, un xornal no que denunciaba inmoralidades en hospicios e cárceres. Foi a primeira muller premiada pola Academia de Ciencias Morais e Políticas pola súa obra *La beneficencia, la filantropía y la caridad* e foi tamén a primeira muller nomeada visitadora de cárceres de mulleres. O seu compromiso social levouna ademais a organizar en España a Cruz Roja del Socorro para as persoas feridas nas Guerras Carlistas.

Foi unha muller adiantada ao seu tempo que non se deixou avasalar polos prexuízos e estereotipos dunha sociedade eminentemente agrícola e moi relixiosa; pola contra está considerada unha das fundadoras do feminismo en España. Negou a inferioridade da muller para exercer calquera actividade, e por medio de traballos coma *La mujer en su casa* (1881) ou *Estado actual de la mujer en España* (1884) reivindicou a súa capacidade intelectual e reclamou o seu dereito á educación.



Intelectual brillante, muller
comprometida e precursora do
feminismo en España

Nélida Piñón

A escritora Nélida Piñón foi a primeira muller en presidir a Academia Brasileira das Letras e tamén en ser recoñecida cos principais premios de literatura iberoamericana, coma o Juan Rulfo ou o Menéndez Pelayo. Firme defensora dos dereitos humanos, a súa obra representa un diálogo intelixente entre as diversas tradicións que conviven no corpo cultural latinoamericano.

Nada no Río de Xaneiro en 1937, Piñón era filla de emigrantes galegos e sempre contou que desde nena se sentiu atraída polo mundo das letras. Estudou Xornalismo na Facultade de Filosofía da Universidade Pontificia do Río de Xaneiro e completou a súa formación na Universidade de Columbia (Nova York).

Piñón debutou no sector editorial en 1961 con *Guía-mapa de Gabriel Arcanjo*. Ata o seu falecemento, en decembro de 2022, publicou 25 libros que inclúen novelas, contos, ensaios e memorias, entre os que destaca *La república de los sueños* (1984), que narra o éxodo masivo da emigración galega a América Latina.

Os seus libros están traducidos a máis de vinte idiomas. En 2005 recibiu o Premio Príncipe de Asturias das Letras “pola súa incitante obra narrativa, artisticamente sustentada na realidade e na memoria, e tamén na fantasía e nos sonhos” e dous anos despois foi elixida para ingresar na Academia Mexicana da Lingua.



Primeira muller en presidir a Academia Brasileira das Letras

Lidia Cao

Lidia Cao (1997) é unha ilustradora e muralista galega cunha consolidada traxectoria que a converteu nos últimos anos nunha das artistas nacionais máis relevantes dentro do seu campo. Os seus murais tiveron presenza en festivais de arte urbana de dentro e fóra de España.

Cao é técnica superior en Ilustración pola Escola de Arte Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña. En 2016 participou nunhas clases con Cestola na Cachola, que organizou o colectivo Mutante Creativo, e desde entón o seu interese centrouse na pintura mural, que considera unha potente ferramenta de comunicación e transmisión de historias.

A súa primeira obra en solitario foi un traballo académico, un mural na súa vila natal, Ordes, en homenaxe á “Maruxaina”, unha lenda da Mariña lucense. Foi tamén aquí, grazas ao festival de arte urbana DesOrdes Creativas, onde tivo ocasión de coñecer máis a fondo novas formas de expresión e creatividade.

A artista coruñesa é unha apaixonada dos retratos cun solvente traballo a grande escala, no que destacan as figuras femininas de mirada intensa e que, sen dúbida, agochan unha historia detrás. En 2022 foi seleccionada entre cen candidaturas internacionais para competir polo mellor mural do ano na plataforma Street Art Cities.



Ilustradora e muralista galega de traxectoria internacional

María Lejárraga

María Lejárraga foi unha notable escritora e pioneira do feminismo en España. Mestra, pedagoga, novelista, dramaturga, libretista, articulista, editora, tradutora, feminista e deputada. Foi unha das figuras máis relevantes do teatro español e tivo que ocultar a súa sinatura e empregar un pseudónimo para ver triunfar os seus brillantes textos sobre escenarios de medio mundo.

Nada como María de la O Lejárraga García na Ríoxa en 1874, criouse en Madrid, onde finalizou os seus estudos de Comercio e Maxisterio. En 1899 debutou no mundo editorial con *Cuentos breves*, unha obra acollida con frialdade pola súa contorna e polo sector, o que a levou a adoptar os apelidos do seu marido e a ocultar a súa sinatura.

Muller de gran cultura, dominaba varios idiomas e traduciu obras de Shakespeare, Musset, Dante e Maurice Maeterlinck. Participou na fundación de revistas modernistas, foi a dramaturga máis prolífica das letras españolas e, tras consolidar a súa carreira como escritora e tradutora, a partir de 1931 incorporouse á vida pública a través do asociacionismo e da participación en política.

Tiña un gran compromiso social e político e participou xunto a Clara Campoamor en actividades en defensa do sufraxio universal e da igualdade entre sexos. Fundou a Asociación Feminina de Educación Cívica La Cívica. En 1933 foi elixida deputada por Granada ao Congreso da II República. Morreu exiliada, case centenaria, en Bos Aires e traballando ata o final.



Brillante escritora, prolífica dramaturga e unha precursora do feminismo español

Dominio público


Graciela Iturbide

Graciela Iturbide é unha das fotógrafas mexicanas máis relevantes das últimas décadas e unha das máis influentes de toda América Latina. Gañou o Premio Nacional de Ciencias e Artes de México e é autora dun dos autorretratos femininos máis coñecidos da historia da fotografía mexicana do século xx.

Nada en Cidade de México, en 1942, Iturbide graduouse en 1969 como directora de cinema, pero moi cedo sentiuse atraída pola maxia da fotografía e, a comezos dos anos setenta, púxose a traballar como asistente de Manuel Álvarez Bravo. En 1978 foi comisionada polo Arquivo Etnográfico do Instituto Nacional Indíxena de México para documentar a poboación indíxena do país.

Gústalle definirse como fotógrafa do asombro no cotián fronte ás etiquetas habituais do realismo máximo coas que se adoitan asociar as súas imaxes. Realizou exposicións individuais no Centro Pompidou en París e no Museo de Arte Moderno de San Francisco, e unha das súas series fotográficas máis coñecida é *Juchitán de las mujeres*, onde mostra a convivencia coa comunidade zapoteca, na que os sacrificios animais e a celebración da vida se mesturan.

Entre outros recoñecementos, a fotógrafa mexicana recibiu o Premio Nacional de Ciencias e Artes de México e o Hasselblad (2008), e foi nomeada doutora *honoris causa* en Fotografía polo Columbia College de Chicago e en Artes polo San Francisco Art Institute.



Fotógrafa mexicana e unha das máis influentes de toda América Latina

Atribución no comercial. Compartir igual 2.0 (CC BY-NC-SA 2.0)

Silvia Cernadas

Silvia Cernadas, historiadora e guía de turismo, é experta no castelo de Soutomaior e nas figuras de María Vinyals e Emilia Pardo Bazán. Tamén destaca na súa faceta de divulgadora, primeiro a través do seu blog *Cartas e ameas*, sobre a historia e o patrimonio galegos, e de forma máis recente con charlas en centros escolares.

Nada en Soutomaior en 1988, Cernadas é licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e ten un mestrado en Historia Medieval, ademais de ser guía oficial de turismo. A súa tese *O castelo de Soutomaior. Análise histórico-artística dunha fortaleza-palacio (séculos XII-XXI)* xa dá pistas dabondo sobre a súa especialidade.

Con experiencia como docente e guía turística para diversas axencias de viaxes, no ámbito investigador as súas principais liñas de traballo son a historia dos castelos e das fortificacións, a historia social da nobreza, a historia da fronteira castelán-portuguesa na Idade Media e as mulleres na historia. En 2018 encargouse da revisión histórica do libro da Deputación de Pontevedra *María Vinyals. Un talento rebelde*.

Froito da súa experiencia persoal xorde a empresa Turismo de Historias, que organiza rutas turísticas nas que mestura enoturismo, turismo mariñeiro e cultura. Unha aposta polas persoas reais do territorio e polas experiencias auténticas.



Fotografía cedida por Silvia Cernadas

Historiadora, guía de turismo
experta en castelos e creadora da
empresa Turismo de Historias

Lopa Banerjee

Lopa Banerjee é coordinadora executiva do Foro Xeración Igualdade de ONU Mulleres, a iniciativa global máis importante para impulsar a igualdade de xénero de forma transversal. O seu traballo céntrase na alianza con diversos actores da sociedade para influír na construción dunha sociedade máis igualitaria, en particular para establecer normas, discutir políticas e render contas.

Experta en temas de xénero e dereitos humanos, Banerjee conta cunha longa traxectoria no desenvolvemento internacional. Antes de unirse a Nacións Unidas, traballou na India no sector privado no ámbito da comunicación, no que investigaba sobre a presenza das mulleres nos medios do país. Viviu na India, na República de Suráfrica, en Irán e en Bangladesh, onde traballou con UNICEF na prevención do matrimonio concertado de nenas e do castigo corporal.

Banerjee dirixe as iniciativas estratéxicas de ONU Mulleres con grupos feministas e de dereitos humanos e redes da sociedade civil, así como con actores destacados na loita pola xustiza social.

De forma máis recente, pasou a dirixir a Coalición Internacional en Favor da Igualdade de Remuneración entre mulleres e homes (EPIC, polas súas siglas en inglés). O seu obxectivo é lograr o pleno emprego e o traballo digno para todas as mulleres e homes, ademais da igualdade de remuneración por un emprego de igual valor.



Atribución non comercial. Sen obras derivadas. Algúns dereitos reservados por UN Women Gallery

É directora da Coalición
Internacional en Favor da
Igualdade de Remuneración

Luísa Villalta Gómez

Luísa Villalta Gómez foi filóloga, tradutora, prolífica escritora e muller comprometida que formou parte activa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), do Foro da Cultura Galega e da Mesa pola Normalización Lingüística. Tamén foi violinista na Orquestra de Santiago de Compostela e na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia.

Naceu na Coruña en 1957 e licenciouse en Filoloxía Galego-Portuguesa e Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela; ademais é titulada superior en Violín. Villalta pasou á historia como unha escritora versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas e textos xornalísticos, e tradutora de varias pezas dramáticas do italiano.

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural e participou en seminarios, recitais e conferencias, e colaborou en publicacións coma *Man Común*, *A Nosa Terra*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Agália*, *Boletín Galego de Literatura*, *A Trabe de Ouro*, *Enclave* ou *Página abierta*.

Villalta faleceu prematuramente aos 46 anos por un paro cardíaco. De forma póstuma publicouse *As palabras ingravidas*, un poemario inédito no que traballaba cando finou e que se considera unha especie de testamento literario.



AELG, CC BY-SA 3.0, a través de Wikimedia Commons

Tradutora, prolífica escritora e muller comprometida co galego

Ana Ulla Miguel

Ana Ulla Miguel (Vigo, 1965) converteuse en 2022 na primeira catedrática de Astrofísica da Universidade de Vigo (UVigo) e na terceira persoa en Galicia en acadar este nivel. Compaxina a docencia co seu traballo investigador no campo dos exoplanetas, das formas de vida e do estudo científico do universo.

Doutora en Ciencias Físicas pola Universidade de La Laguna, coa especialidade de Astrofísica, Ulla é tamén profesora titular do Departamento de Física Aplicada da UVigo desde xaneiro de 2001 e desempeñou con anterioridade diversos postos de investigación e docencia en centros nacionais e estranxeiros.

A viguesa é integrante da Unión Astronómica Internacional, da Sociedade Española de Astronomía, da Real Sociedade Española de Física e da Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas, e tamén do padroado da Fundación Ceo, Ciencia e Cultura, que xestiona o Observatorio Astronómico de Forcarei.

Acumula máis de 25 anos de experiencia, nos que publicou numerosos traballos de investigación especializados e varios libros científicos ou divulgativos. En 2009 participou na obra colectiva *Contos e coplas de estrelas*, en 2010 foi coautora de *La ciencia del cielo* e en 2014 editou *Os contos da Astronomía na paleira*.



Fotografía cedida por Ana Ulla

Primeira catedrática de Astrofísica da Universidade de Vigo

Gro Harlem Brundtland

Gro Harlem Brundtland é unha política norueguesa que ocupou o cargo de primeira ministra en tres períodos diferentes e exerceu como enviada especial das Nacións Unidas (ONU) para o Cambio Climático. Está considerada a creadora do concepto de “sostibilidade” que aparece no seu informe de 1987 *O noso futuro común*.

Naceu en Oslo en 1939 nunha familia de tradición laborista. Na súa adolescencia militou nas xuventudes socialdemócratas antes de facelo no Partido Laborista Noruego. Estudou Medicina na Universidade de Oslo (1963) e obtivo un mestrado en Saúde Pública en Harvard (1965). Comezou traballando como asesora da Dirección Xeral Noruega de Saúde e de 1968 a 1974 serviu no Consello de Sanidade de Oslo en calidade de directora médica adxunta.

Foi ministra de Medio Ambiente a mediados dos setenta e en 1981 converteuse na primeira muller en ocupar o cargo de primeira ministra de Noruega, no que afrontou unha severa crise económica no país. A partir de 1983 presidiu a Comisión da ONU para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento e fíxose internacionalmente coñecida por acuñar o concepto de desenvolvemento sostible no que hoxe se coñece como *Informe Brundtland*, de 1987.

No ámbito internacional exerceu como directora xeral da Organización Mundial da Saúde e posteriormente como enviada especial do secretario xeral sobre o cambio climático. Tamén foi vicepresidenta primeira da Internacional Socialista (ata 1999) e membro do Equipo Especial Internacional para a Imposición da Paz.



Primeira ministra de Noruega en tres períodos diferentes, foi a creadora do termo “sostibilidade”

Soledad Bravo

A cantante e compositora Soledad Bravo está considerada unha das máis importantes voces da América Latina. Ao longo das súas máis de catro décadas de traxectoria musical publicou máis de corenta discos con grande amplitude de rexistros, desde o cancionero popular e a canción protesta ata as cantigas sefardís, pasando polos boleros, polas rancheiras e mesmo pola canción urbana contemporánea.

Bravo é española de nacemento (Logroño, 1943), pero a súa familia emigrou a Venezuela cando ela era unha nena. Iniciouse na música interpretando poemas e temas típicos do folclore venezolano. A través das súas cancións tamén deu a coñecer os poetas españois da xeración do 27.

Foi unha das principais representantes de movementos coma a Nova Canción Latinoamericana e a Nova Trova Cubana, xunto con Mercedes Sosa, Violeta Parra, Chico Buarque, Silvio Rodríguez ou Pablo Milanés.

Dotada dunha potente voz, tras a morte de Franco viviu uns anos de grande éxito en España e converteuse nunha das cantantes máis relevantes da Transición ata que en 1981 regresou a Venezuela, onde non deixou de traballar. O seu maior éxito chegoulle da man de Willie Colón co disco *Caribe*, do cal se venderon 300.000 copias.



Cantante e compositora, unha das máis importantes voces da América Latina

Margaret Hutchinson Rousseau

Margaret Hutchinson Rousseau foi a enxeñeira química responsable do deseño do proceso de fermentación que permitiu producir penicilina a grande escala, co que se creou a primeira planta de produción comercial. Foi a primeira muller en obter un doutoramento en Enxeñería Química polo Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts (MIT, polas súas siglas en inglés).

Naceu en Houston en 1910, graduouse en Ciencias no Instituto Rice en 1932 e cinco anos despois obtivo un doutoramento no MIT. Comezou traballando na firma de deseño industrial E. B. Badger, nun ambiente prebélico no que os esforzos en investigación se centraban nas aplicacións militares.

Durante a II Guerra Mundial, Hutchinson supervisou o deseño de plantas de produción para dous materiais estratexicamente importantes: a penicilina e o caucho sintético. O seu desenvolvemento da fermentación de mofo de *penicillium* permitiu producir penicilina a grande escala, un dos grandes achados do século XX.

A enxeñeira foi a primeira muller en ingresar no American Institute of Chemical Engineers e tamén traballou no desenvolvemento de gasolina de alta octanaxe para combustible de aviación e no deseño da columna de destilación e das plantas para producir etilenglicol e ácido acético glacial.



Enxeñeira química que permitiu producir penicilina a grande escala

María Xosé Díaz

María Xosé Díaz (Catoira, 1949) é unha artista multifacética, pintora, escultora e unha pioneira na instalación. En 1997 recibiu o premio da Asociación de Críticos de Arte de Galicia co seu traballo *Perdurables*.

Estudou Belas Artes en Barcelona na época do despegue da arte informalista en España. A súa formación académica foi eminentemente pictórica, pero a artista sempre deu mostras de sentirse cómoda ocupando o espazo e explorando as posibilidades expresivas de múltiples materiais da natureza. Ela mesma ten explicado que o seu traballo nace da observación da luz, do movemento ou da paisaxe.

Nestes primeiros anos sentiuse atraída pola cerámica, que a conectaba coas orixes e coas formas primixeneas. Para ela non existía a dicotomía entre arte e artesanía. Realizou a súa primeira exposición na Sala Capitular do mosteiro de San Cugat (Barcelona) en 1980. Co paso dos anos as súas obras adquiriron maior tamaño e nelas priorizou os compoñentes estéticos sobre a súa utilidade.

Foi seleccionada para a Expo'92 na categoría de Novos Valores. Xunto a Christian Villamide participou no III Foro Atlántico de Arte Contemporánea. A partir de 1999 comezou a suprimir os materiais de orixe natural e concentrouse na investigación espacial. Os seus traballos están presentes en museos e coleccións públicas e privadas.



Escultora galega pioneira no campo da instalación

Marzo

Anne Githuku-Shongwe

Anne Githuku-Shongwe é directora do equipo de apoio rexional do Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/sida (ONUSIDA) para África oriental e meridional. Previamente traballou na oficina multinacional de ONU Mulleres en Suráfrica, que é a responsable de apoderar a poboación e loitar pola igualdade de xénero en Botswana, Lesotho, Swazilandia e Namibia.

Githuku-Shongwe ten un mestrado en Desenvolvemento Internacional, un certificado en Innovación Social da Universidade de Cidade do Cabo, outro de Emprendemento Social da Universidade de Harvard e un máis en Xestión da Universidade Internacional Jones.

Con máis de dúas décadas de experiencia en organizacións sen fins de lucro, responsabilidade social corporativa, relacións internacionais e planificación estratéxica, tamén é fundadora e directora executiva de Afroes Transformational Games, unha empresa cuxo obxectivo é revolucionar o coñecemento en África para crear plataformas de aprendizaxe baseadas en xogos móbiles.

Githuku-Shongwe recibiu, entre outros, o galardón de Empresaria Social do Ano 2013, da Fundación Schwab para o Emprendemento Social, en colaboración co Fondo Económico Mundial, e a Orde do Gran Guerreiro, outorgada polo presidente de Kenya. É, ademais, autora e colaboradora de varios libros, coma *Write to Speak: a Collection of Stories by African Women Leaders*, *Kenya@50* e *Turning a Crisis into an Opportunity: Strategies for Scaling Up the National Response to the HIV/AIDS Pandemic in Lesotho*.



É a directora de ONUSIDA para África oriental e meridional

Rexina Vega

Rexina Rodríguez Vega, nada en Vigo en 1966, é unha escritora, profesora de Filoloxía da Universidade de Vigo (UVigo) e investigadora de literatura galega. Sobresae por riba de todo como unha destacada especialista na obra de Álvaro Cunqueiro, autor sobre o que publicou numerosos estudos e artigos que a fixeron merecedora do nomeamento de Cunqueiriana de Honra en 2021.

Doutora en Filoloxía Románica cunha tese titulada *Bilingüismo e autotradución en Álvaro Cunqueiro*, durante os anos noventa traballou como docente na Área de Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade Autónoma de Barcelona e despois foi profesora de Lingua Española na UVigo.

A viguesa exerceu a crítica literaria en diversas publicacións especializadas e no campo da lexicografía formou parte do equipo de redacción dos dicionarios bilingües español-francés da editorial Larousse e do *Diccionario bilingüe esencial galego-castelán/castellano-gallego* de Vox.

Vega gañou en 2007 o Premio Xerais coa súa primeira novela, *Cardume*, ambientada no Vigo máis industrial e coa que reivindica a memoria como conformación da identidade do presente. En 2017 publicou *Nadie duerme*. É premio Stendhal e finalista do Premio Nacional de Tradución pola obra de Georges Perec *El secuestro* (*La disparition*).



Escritora, investigadora e unha grande experta na obra de Álvaro Cunqueiro

Karen Spärck Jones

Karen Spärck Jones foi unha científica británica especializada en lingüística computacional. Está considerada a pioneira na recuperación de información (IR, polas súas siglas en inglés) e no procesamento da linguaxe natural (NLP).

Naceu en 1935 en Yorkshire e estudou Historia e un ano adicional sobre Ciencias Morais (Filosofía) antes de poñerse a traballar como mestra. A súa carreira investigadora comezou en 1950 na Unidade de Investigación da Linguaxe de Cambridge, onde participou na elaboración dun tesouro para o procesamento da linguaxe.

A tese de doutoramento de Spärck Jones, traducida como *Sinonimia e clasificación semántica*, foi valorada como un traballo adiantado ao seu tempo na exploración de técnicas simbólicas e estatísticas combinadas para o procesamento da linguaxe natural. Desenvolveu, xunto con Stephen E. Robertson, modelos probabilísticos de recuperación de información, coma o modelo de independencia binaria (BIR, polas súas siglas en inglés).

Os seus traballos teñen unha gran relevancia e importantes aplicacións prácticas. Liderou o desenvolvemento da indización automatizada e creou un indicador capaz de avaliar a importancia informativa dunha palabra para un documento. En 1995 ingresou na Academia Británica e na súa traxectoria recibiu importantes recoñecementos, coma o Premio Gerard Salton, o ASIST ao mérito académico ou a Medalla Lovelace en 2007.



University of Cambridge, CC BY 2.5, via Wikimedia Commons

Foi pioneira na recuperación de información e no procesamento da linguaxe natural

Marcia Vázquez

Bailarina, creadora e xestora cultural viguesa (1994). Marcia Vázquez foi seleccionada en agosto de 2022 para competir nun dos festivais internacionais con máis historia de España, o Masdanza, no que presentou a peza *Onde pousa a humidade*, un só no que a artista afonda na relación do corpo co tempo pasado e presente, que recibiu dous premios no certame e unha mención especial por “levar o local lonxe”.

Graduada en Publicidade e Relacións Públicas, Vázquez defínese como fotógrafa, bailarina e profesora de danzas urbanas. Comezou na danza pola cultura urbana e formouse con importantes referentes coma Karol Galindo e Diana Ballesteros, pero en 2016 decantouse finalmente pola danza contemporánea. Foi seleccionada pola Red Acieloabierto na bolsa de itinerarios formativos en 2019.

É parte da terceira e da cuarta xeración da formación internacional de La Faktoria Choreographic Center en Pamplona. Foi parte de dúos coma Cardumen ou El Lavadero e tamén traballa en proxectos híbridos no ámbito do audiovisual.

Entre as súas últimas colaboracións figura *Neuronas a ceo aberto*, un videopoema de Lucía Estévez creado para a exposición “*Galicia futura: todo o que imos ser*”, da Cidade da Cultura. Vázquez é unha artista inseparable da súa reivindicación persoal, corpo-comunidade, territorio-identidade.



Fotografía cedida por Marcia Vázquez

Bailarina de danzas urbanas, creadora e xestora cultural

Elizabeth Blackwell

Elizabeth Blackwell (Bristol, 1821) foi a primeira muller nos Estados Unidos que recibiu o título de Medicina e que se inscribiu no Rexistro Médico do Consello Médico Xeral. A médica británica desempeñou un destacado papel na defensa da educación universal e facilitou o acceso das mulleres a estudos de ciencias.

Alumna brillante desde nena, Blackwell revelouose co tempo como unha muller de carácter férreo que soportou estoicamente os menosprezos e reparos de colegas e profesorado da Escola de Medicina de Xenebra, onde era a única universitaria matriculada. Inicialmente interesouse pola Filosofía e pola Historia, pero conta na súa biografía que a enfermidade dunha íntima amiga acabou por decantar o seu futuro.

Foi rexeitada por unha ducia de facultades ata que a aceptaron en Xenebra, no Estado de Nova York, nunha escola de recente creación na que ingresou en 1847. Tras licenciarse embarcou rumbo a París, onde ingresou en La Maternité para formarse como parteira. En 1850 comezou a traballar no Hospital St. Bartholomew de Londres, onde trabou amizade con Florence Nightingale, precursora da enfermería profesional.

De regreso a Nova York, os hospitais negábanse a contratala a pesar da súa experiencia e tivo que abrir unha consulta privada para poder exercer, labor que compaxinaba coa redacción de conferencias e manuais sobre sanidade. En 1868, ao rematar a guerra de Secesión, fundou unha universidade de medicina para mulleres.



Autor descoñecido, dominio público, a través de Wikimedia Commons

Primeira muller que recibiu o título de Medicina nos Estados Unidos

María Jesús Cantos

En 2020 María Jesús Cantos Cebrián foi designada responsable da Área de Violencia de Xénero, Estudos e Formación do Ministerio do Interior. É experta en igualdade e novas tecnoloxías, e ten experiencia en misións internacionais e en investigación.

Cantos licenciouse en Psicoloxía en 1986 pola Universidade de Murcia e en Ciencias Políticas pola de Salamanca. Ingresou na Policía Nacional en 1988, e tras varios destinos operativos en Barcelona e Madrid, en 2013 ascendeu a comisaria. Foi xefa do Instituto de Estudos de Policía e desempeñou a xefatura da Área de Publicacións na Dirección Xeral da Policía.

Así mesmo, conta cunha dilatada experiencia internacional, pois recibiu formación directiva durante un ano en París, traballou en Perú como experta en Igualdade da Unión Europea e realizou diversos cursos coa Organización das Nacións Unidas en Xordania e Etiopía.

Como responsable de VioGén sitúase á fronte da elaboración, actualización e mellora dos protocolos de valoración policial do risco que corren as mulleres ameazadas pola violencia machista. Entre as súas responsabilidades están coordinar o labor de protección ás vítimas por parte das forzas de seguridade do Estado.

Cantos foi distinguida con dúas cruces ao Mérito Policial con distintivo branco e cunha Cruz ao Mérito da Garda Civil con distintivo branco.



Comisaria e responsable da Área de Violencia de Xénero do Ministerio do Interior

Maruja Torres

Maruja Torres (Barcelona, 1943) é unha escritora e xornalista española especializada durante décadas nos conflitos internacionais e testemuña dalgúns dos sucesos máis transcendentais da historia de España e do mundo. Falamos dunha muller transgresora, libre e sen complexos, activista feminista e capaz de triunfar, nos anos setenta e oitenta, nun sector dirixido por homes.

De formación autodidacta, a escritora catalá comezou a traballar en medios de comunicación en 1964 como secretaria de redacción en *La Prensa*, e en pouco tempo logrou colaborar coas revistas *Garbo*, *Fotogramas*, *Por Favor* ou *La Calle*, e en cabeceiras da época coma *Tele/Expres* e *Mundo Diario*.

Nos anos oitenta mudouse a Madrid e comezou unha produtiva colaboración con *El País* e TVE. O seu debut literario produciuse en 1986 con *¡Oh, es él! Viaje fantástico hacia Julio Iglesias*, unha novela na que aborda a figura do artista con ton humorístico. Foi Premio Planeta no ano 2000 coa súa segunda novela, *Mientras vivimos*, e gañou o Premio Nadal en 2009 co libro *Esperadme en el cielo*.

Torres tamén relatou o día a día do seu traballo como correspondente de guerra no Líbano, en Panamá e en Israel no volume *Mujer en guerra* (1999). Ao longo da súa traxectoria xornalística cultivou con éxito todos os xéneros, se ben destaca como reporteira, e nos últimos anos como unha das columnistas máis lúcidas deste país.



Excepcional xornalista, escritora e activista feminista

María Luisa Balaguer

María Luisa Balaguer é unha xurista e escritora española, catedrática de Dereito Constitucional desde 2003, profesora de Dereito e Xornalismo na Universidade de Málaga e experta en igualdade. En marzo de 2017 foi nomeada maxistrada do Tribunal Constitucional, a proposta do Senado, e nos últimos meses disputoulle a presidencia do alto tribunal español a Cándido Conde-Pumpido.

Natural de Almería, Balaguer licenciouse en 1976 e doutorouse en 1983 en Dereito pola Universidade de Granada. Exerceu a avogacía ata 1983 e, antes de ingresar no Tribunal Constitucional, colaborou co Instituto Andaluz da Muller e formou parte do Consello Consultivo de Andalucía. Tamén participou no Comité de Ética da Consellería de Saúde, no Observatorio de Publicidade e no Consello Asesor para a Modernización do Estado das Autonomías da Junta de Andalucía.

Balaguer responde a un perfil progresista, é unha firme defensora da necesidade de modernizar a Constitución para responder aos novos problemas sociais, coma a protección do medio ou o acceso a unha vivenda digna.

A catedrática tamén é unha estudosa das políticas de xénero. Publicou diversos textos sobre o movemento feminista e defendeu a paridade obrigatoria no Consello Xeral do Poder Xudicial e no Tribunal Constitucional.



É maxistrada do Tribunal Constitucional desde 2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030